



Concello de Vigo

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 21 de febreiro de 2018**

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez.
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira.
D. Carlos López Font.
M^a José Caride Estévez.
D. Cayetano Rodríguez Escudero.
D^a. Olga Alonso Suárez.
D^a. Nuria Rodríguez Rodríguez.
D^a. M^a. Isaura Abelairas Rodríguez.
D. Jaime Aneiros Pereira.

NON ASISTEN:

D^a M^a. Carmen Silva Rego.

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas do día vinteun de dous mil dezanove e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Rodríguez Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(120).- ACTA ANTERIOR. Apróbase a acta da sesión da sesión ordinaria do 14 de febreiro de 2019. Deberá incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde-presidente.

2(121).- REVISIÓN DE PREZOS DO CONTRATO MAIOR “SERVIZO INTEGRAL DE COMUNICACIÓNS”.EXPTE. 5896/113.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de data 13/12/18 e o informe de fiscalización do 12/02/19, dáse conta do informe-proposta do 28/11/18, asinado polo xefe do Servizo de Administración Electrónica, o técnico responsable de seguridade informática, o concelleiro delegado de Administración Electrónica e o concelleiro delegado de Economía e Facenda, que di o seguinte:

Transcorrido o quinto ano do inicio do contrato do “Servizo Integral de Comunicacións do Concello de Vigo” , aprobada a segunda prórroga do mesmo e en aplicación da cláusula 30 PCAP:

“CLÁUSULA 30.- REVISIÓN DE PREZOS

Os prezos da presente contratación serán obxecto de revisión. Procederá a primeira revisión de prezos transcorrido un ano dende a data de formalización do contrato, e sempre e cando este se tivese executado alomenos no 20 % do seu importe, e recollerá o 85% da variación experimentada polo IPC nacional no grupo comunicacións no período que medie entre a data de revisión e a data de adxudicación do contrato, sempre que esta se produza no prazo de tres meses dende a finalización do prazo de presentación de ofertas ou respecto da data en que termine o dito prazo de tres meses se a adxudicación se produce con posterioridade.

O importe das revisións que procedan faranse efectivas mediante o correspondente aboamento ou desconto nos pagos parciais ou na liquidación do contrato.

As revisións de prezos deberán ser aprobadas expresamente polo órgano de Contratación.”

Tendo en conta as datas seguintes:

data de finalización de presentación de ofertas: 11-03-2013

data de adxudicación do contrato: 07-06-2013

data de formalización do contrato: 27-06-2013

data de inicio do contrato: 01-07-2013

data da 1ª revisión do prezo: 01-07-2014

data da 2ª revisión do prezo: 01-07-2015

data da 3ª revisión do prezo: 01-07-2016

data da formalización da primeira prórroga (1 ano) 04-05-2017

data da 4ª revisión do prezo: 01-07-2017

data da formalización da segunda prórroga (1 ano) 26-04-2018

data da 5ª revisión do prezo: 01-07-2018

unha vez transcorrido o quinto ano de execución do contrato (primeira prórroga), e dada a aprobación da segunda prórroga pola XGL en data 26-04-2018, procede a revisión de prezos prevista na citada cláusula 30ª, para o que terá en conta a variación do “IPC nacional do grupo comunicacións” entre a data de finalización do quinto do contrato (xuño de 2017) e a data do remate da primeira prórroga (xuño de 2018). Consultados os datos publicados polo INE para o período xullo 2017 - xuño 2018, o IPC de comunicacións é dun **2,2%** (valor positivo, incrementa o prezo), polo que en aplicación da citada cláusula, os prezos deberán actualizarse no 85% do índice, en este caso, nun **1,87%**

Incorporase ao expediente a información do INE sobre o dato de variación do IPC do grupo comunicacións.

A continuación achéganse o detalle dos prezos actualizados para o período 01/07/2018 a 30/06/2019 calculados tras a aplicación da cláusula de revisión de prezos naqueles ítems non regulados susceptibles de actualización.



Concello de Vigo

Custes variables. Tráfico								
Orixe móbil -Tipo de tráfico	Chamadas	Minutos	Prezo 1º ano (sen iva)	Prezo 2º ano (sen iva)	Prezo 3º ano (sen iva)	Prezo 4º ano (sen iva)	Prezo 1ª prórroga (sen iva)	Prezo 2ª prórroga (sen iva)
TRAFICO INTERNO Móviles CORPORATIVO S (fx-mb)	77.118	125.452	839,06	796,94	784,75	796,76	810,98	826,15
TRAFICO NACIONAL A Móviles (fx-mb)	164.112	409.380	12.124,79	11.516,13	11.339,93	11.513,43	11.718,94	11.938,08
TRÁFICO INTERNO Móviles CORPORATIVO S	237.992	403.217	2.637,60	2.505,19	2.466,86	2.504,60	2.549,31	2.596,98
TRAFICO NACIONAL A Fijos	68.974	142.542	4.234,91	4.022,32	3.960,78	4.021,38	4.093,16	4.169,70
TRAFICO NACIONAL A Móviles	307.022	699.155	20.731,72	19.692,99	19.391,69	19.688,38	20.039,82	20.414,56
RESTO DE TRAFICO NACIONAL	5.659	12.081	3.670,23	3.485,98	3.432,64	3.485,16	3.547,37	3.613,71
(2) TRAFICO INTERNACIONAL/ITINERANCIA	2.122	5.049	2.415,07	2.293,83	2.258,73	2.293,29	2.334,23	2.377,88
SMS OPERADORES NACIONALES	189.309	0	9.269,88	8.804,53	8.669,82	8.802,47	8.959,59	9.127,14
(2) SMS INTERNACIONAL/ITINERANCIA	1.089	0	282,82	268,62	264,51	268,56	273,35	278,47
Custos Fixos								
Servizos de voz fixa	Prezo unit. 1ºano (sen IVE)	Prezo unit. 2ºano (sen IVE)	Prezo unit. 3ºano (sen IVE)	Prezo unit. 4ºano (sen IVE)	Prezo unit. 1ª prórroga (sen IVE)	Prezo unit. 2ª prórroga (sen IVE)		
Equipamento: Terminais (1)								
Cliente Softphone	67,50	64,11	63,13	64,10	65,24	66,46		
Terminal IP	172,08	163,44	160,94	163,40	166,32	169,43		

Básico								
Terminal IP medio	341,42	324,28	319,32	324,21	330	336,17		
Terminal IP avanzado	498,00	473,00	465,76	472,89	481,33	490,33		
Terminal NON IP	36,00	34,19	33,67	34,19	34,8	35,45		
Servizo de comunicación de datos								
Equipamento de datos (2)								
Switches de LAN	420,40	399,32	393,21	399,23	406,36	413,96		
Servizo de acceso a Internet								
Centralizado								
20 M simétricos adicionais	83,70	79,50	78,28	79,48	80,9	82,41		
Non Centralizado (asimétricos)								
1M<X<4M	133,56	126,86	124,92	126,83	129,09	131,51		
4M<X<8M	147,96	140,53	138,38	140,5	143,01	145,68		
8M<X<20M	328,56	312,07	307,3	312,00	317,57	323,51		
>20M	394,27	374,48	368,75	374,39	381,07	388,2		
Servizos móviles								
Equipamento: Terminais (1)								
Terminal móvil Básico	64,00	60,79	59,86	60,78	61,86	63,02		
Terminal móvil avanzado (smartphone)	165,50	157,19	154,78	157,15	159,96	162,95		
Terminal móvil gama alta (smartphone)	471,00	447,36	440,52	447,26	455,24	463,76		
Modem Datos (USB/PCMCIA)	31,00	29,44	28,99	29,43	29,96	30,52		
Acceso a datos (tarifas planas) (3)								
Acceso a datos Smartphone	108,00	102,58	101,01	102,56	104,39	106,34		
Acceso a datos PC	156,00	148,17	145,9	148,13	150,77	153,59		



Concello de Vigo

Fixación do importe da facturación concertada para o período 01/07/2018 – 30/06/2019

A facturación do presente servizo ten unha compoñente fixa e outra variable, en función dos consumos, polo que a cifra real do gasto anual non pode coñecerse con exactitude ao inicio de cada unha das anualidades do contrato.

A modalidade de facturación elixida foi a de factura con importe fixo concertado regularizable anualmente por mor das variacións nos consumos (cláusula 42 do PCAP, e cláusula 5.5.7 do apartado 8 do PPT).

Unha vez rematado o quinto ano de execución do contrato (período 01/07/2017 ao 30/06/2018) tramitouse ante a Xunta de Goberno Local a aprobación da correspondente regularización do custo do contrato, co seguinte resultado:

Ano 2017-2018	Custo base	IVE 21%	Total (IVE incluído)
Facturación anual concertada abonada	274.907,07 €	57.730,48 €	332.637,55 €
Custo real anual	286.035,77 €	60.067,51 €	346.103,28
Diferencia	11.128,70 €	2.337,03 €	13.465,73

Con data 26-04-2018 aprobouse a segunda prórroga por un ano, que conforme a cláusula administrativa 7 do prego

“O presente contrato poderá ser obxecto de dúas prórrogas de un ano de duración cada unha delas, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo, e que o contratista non se opoña a mesma cunha antelación de dez meses á data de vencemento do contrato ou de calquera das súas prórrogas.

No suposto de facerse efectiva a/s prórroga/s, do prezo do contrato para cada nova anualidade deberá deducirse o custo da amortización das inversións, por estar totalmente recuperado.”

aprobou unha cantidade anual de 274.907,07 € máis 57.730,48 correspondente o 21% do IVE, facendo un total de 332.637,55 €.

Toda vez que, como xa indicouse que non pode concretarse a priori o gasto anual do contrato para cada unha das anualidades do contrato, aos efectos da operatoria orzamentaria e para facilitar o proceso de seguimento de información e de facturación do servizo, propónse deixar constante a estimación do gasto anual do contrato, fixando como cifra estimada de gasto anual, a ofertada para a primeira anualidade da prórroga (332.637,55 euros IVE incluído), e polo tanto manter constante a cifra de facturación fixa mensual concertada (27.719,80 euros/mes IVE incluído). Gasto que será obxecto da correspondente regularización anual en función dos consumos reais.

Por todo o exposto, e no uso da delegacións competencias recollidas na Resolución de Delegación de Alcaldía de 19 de xuño de 2015, e acordo da Xunta de Goberno Local do 22



Concello de Vigo

fixa	unit. 1ºano (sen IVE)	unit. 2ºano (sen IVE)	unit. 3ºano (sen IVE)	unit. 4ºano (sen IVE)	unit. 1ª prórroga (sen IVE)	unit. 2ª prórroga (sen IVE)		
Equipamento: Terminais (1)								
Cliente Softphone	67,50	64,11	63,13	64,10	65,24	66,46		
Terminal IP Básico	172,08	163,44	160,94	163,40	166,32	169,43		
Terminal IP medio	341,42	324,28	319,32	324,21	330	336,17		
Terminal IP avanzado	498,00	473,00	465,76	472,89	481,33	490,33		
Terminal NON IP	36,00	34,19	33,67	34,19	34,8	35,45		
Servizo de comunicación de datos								
Equipamento de datos (2)								
Switches de LAN	420,40	399,32	393,21	399,23	406,36	413,96		
Servizo de acceso a Internet								
Centralizado								
20 M simétricos adicionais	83,70	79,50	78,28	79,48	80,9	82,41		
Non Centralizado (asimétricos)								
1M<X<4M	133,56	126,86	124,92	126,83	129,09	131,51		
4M<X<8M	147,96	140,53	138,38	140,5	143,01	145,68		
8M<X<20M	328,56	312,07	307,3	312,00	317,57	323,51		
>20M	394,27	374,48	368,75	374,39	381,07	388,2		
Servizos móviles								
Equipamento: Terminais (1)								
Terminal móbil Básico	64,00	60,79	59,86	60,78	61,86	63,02		
Terminal móbil avanzado (smartphone)	165,50	157,19	154,78	157,15	159,96	162,95		
Terminal móbil	471,00	447,36	440,52	447,26	455,24	463,76		

gama alta (smartphone)								
Modem Datos (USB/PCMCIA)	31,00	29,44	28,99	29,43	29,96	30,52		
Acceso a datos (tarifas planas) (3)								
Acceso a datos Smartphone	108,00	102,58	101,01	102,56	104,39	106,34		
Acceso a datos PC	156,00	148,17	145,9	148,13	150,77	153,59		

- Autorizar o gasto do contrato para o período 01/07/2018 a 30/06/2019, por importe total de 332.637,55 € (base imponible 274.907,07 €, tipo IVE 21%, importe IVE 57.730,48 €) a prol da empresa adxudicataria UTE Telefónica de España S.A.U – Telefónica Móviles S.A.U.(CIF: U86740305), ascendendo a facturación fixa mensual concertada a 27.719,80 euros, que se imputara á aplicación orzamentaria 9200.2220000 “gastos telefónicos dependencias municipais”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(122).- MODIFICACIÓNS E REGULARIZACIÓN DO CONTRATO MAIOR “SERVIZO INTEGRAL DE COMUNICACIÓNS”. EXPTE. 5896/113.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de data 13/12/18 e o informe de fiscalización do 12/02/19, dáse conta do informe-proposta do 28/11/18, asinado polo xefe do Servizo de Administración Electrónica, o técnico responsable de seguridade informática, o concelleiro delegado de Administración Electrónica e o concelleiro delegado de Economía e Facenda, que di o seguinte:

Unha vez finalizado quinto ano do contrato, primeiro de prórroga, do “Servizo integral de Comunicacóns do Concello de Vigo, entre o 1 de xullo de 2017 e o 30 de xuño de 2018 procede dar conta a Xunta de Goberno Local das modificacións aprobadas, así como propoñer a regularización económica correspondente ao citado período.

1. Informe. Modificacións do contrato.

Segundo a cláusula 32 do PCAP de data 28/12/2012, que rexe o presente contrato, reproducida a continuación, achéganse as modificacións aprobadas polo Concelleiro do Area durante o período 1/07/2016 a 30/06/2017, segundo delegación acordada en XGL de data 18/01/2013, resolución de Delegación de Alcaldía de 19 de xuño de 2015, e acordo da Xunta de Goberno Local do 19 de xuño de 2015

CLÁUSULA 32 DO PCAP.- MODIFICACION DO CONTRATO

O Órgano de Contratación poderá modificar os seguintes aspectos do contrato:

- Incorporación de novos servizos e equipos **(1)**
- O número de enlaces e servizos **(2)**
- O incremento de centros e instalacións municipais **(3)**



Concello de Vigo

As CIRCUNSTANCIAS QUE DETERMINAN A MODIFICACIÓN son as seguintes:

- Aumento do consumo variable respecto ó estimado **(4)**
- Incorporación de novos servizos respecto os solicitados no prego, ben por modificación das necesidades municipais ou ben pola aparición de novas tecnoloxías durante a vixencia do contrato ou ben pola apertura de novas sedes ou centros municipais **(5)**
- Situacións de urxencia que poidan requirir necesidades adicionais de servizos **(6)**

O contrato poderase modificar ata un 20% do prezo do contrato en todo caso, dos límites e con suxeición ós requisitos e efectos sinalados na normativa de contratación. En particular será de aplicación o disposto nos artigos 108, 211 e 219 do TRLCSP.

As modificacións acordadas terán, no seu caso, a correspondente repercusión –en máis ou en menos- sobre o prezo do contrato, que se calculará atendendo ós importes ofertados polo contratista e que serviron de base para a adxudicación.

As modificacións se aprobarán por resolución do concelleiro de Area e se dará conta das mesmas a Xunta de Goberno en informes trimestrais

ACORDO DA XGL DE DATA 18 DE XANEIRO DE 2013, DE APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE COMUNICACIÓN DO CONCELLO DE VIGO (EXPT 65896/113):

Terceiro.- Delegar a competencia de aprobación de modificacións para o contrato do servizo integral de comunicacións, expediente 5896/113, no Concelleiro-delegado da área de Fomento, das que deberá dar conta trimestralmente na Xunta de Goberno Local

Os custos do contrato están divididos en custos fixos, que son os custos coñecidos a priori dos servizos, tales como altas, cotas, mantementos, tarifas planas etc e os custos variables que son os custos descoñecidos previamente, e que son fundamentalmente as chamadas voz, mensaxes e datos. A alta dun servizo inclúe os dous tipos de custos, fixo e variable. A continuación detállanse o listado de modificacións aprobadas cos custos fixos anuais estimados e as circunstancias que posibilitan a modificación segundo a cláusula 32 do PCAP.

Listado de modificacións (altas) aprobadas entre o 1 de xullo de 2017 e o 30 de xuño de 2018 que afectan os custos de tipo fixo

Nº.EXPEDIENTE	SERVIZO	CONCEPTO	CUSTOS FIXOS ESTIMADOS ANUAIS SEN IVE	Tipoloxía cláusula 32
15771/101	ALCALDÍA (101)	SOLICITUDE DE TELÉFONO MÓBIL SMARTPHONE	336,68 €	1,5
6865/104	SERVIZO DE TURISMO (104)	SOLICITUDE DE TELÉFONO MÓBIL SMARTPHONE	336,68 €	1,5
10392/111	ASESORIA XURIDICA (111)	SOLICITUDE DE TELÉFONO MÓBIL SMARTPHONE	336,68 €	1,5
8348/113	ADMINISTRACION ELECTRONICA (113)	SOLICITUDE DE TELÉFONO MÓBIL SMARTPHONE	336,68 €	1,5
101680/210	SEGURIDADE E MOBILIDADE (210)	SUBMINISTRO DE DÚAS TARXETAS SIM PARA SMARTPHONE	291,80 €	1,5
104477/210	SERVIZO SEGURIDADE	SOLICITUDE DE TELÉFONO MÓBIL SMARTPHONE	336,68 €	1,5

	E MOBILIDADE (210)			
56021/212	POLICIA LOCAL (212)	SOLICITUDE DE 7 TARJETAS SIM CON TARIFA DE DATOS P	583,60 €	1,5
881/214	SERVIZO PROTECCION CIVIL (214)	SOLICITUDE DE TELÉFONO MÓBIL SMARTPHONE	336,68 €	1,5
8380/224	IGUALDADE (224)	SOLICITUDE DE TELÉFONO MÓBIL SMARTPHONE	336,68 €	1,5
6900/252	LIMPEZA (252)	SOLICITUDE DE TELÉFONO MÓBIL SMARTPHONE	673,36 €	1,5
153494/301	POLÍTICA SOCIAL - XEFATURA DE ÁREA (301)	SOLICITUDE DE TELÉFONO MÓBIL SMARTPHONE	400,68 €	1,5
8885/307	PATRIMONIO HISTÓRICO (307)	SOLICITUDE DE TELÉFONO MÓBIL SMARTPHONE	336,68 €	1,5
9018/307	PATRIMONIO HISTÓRICO (307)	SOLICITUDE DE TELÉFONO MÓBIL SMARTPHONE	336,68 €	1,5
16125/310	CONCELLO DE VIGO (P3605700H) (SANIDADE)	SOLICITUDE DE TELÉFONO MÓBIL SMARTPHONE	336,68 €	1,5
1829/330	CONCELLERÍA DA ÁREA DE CULTURA (330)	SOLICITUDE DE DOUS TELÉFONOS MÓBILES BÁSICOS	128,00 €	1,5
21845/332	EDUCACION (332)	SOLICITUDE DE DOUS TELÉFONOS MÓBILES SMARTPHONE	673,36 €	1,5
16206/333	CONCELLERIA DE DEPORTES (333)	SOLICITUDE DE TELÉFONO MÓBIL SMARTPHONE	336,68 €	1,5
2388/334	NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA (334)	SOLICITUDE DE TELÉFONO MÓBIL SMARTPHONE	336,68 €	1,5
6072/337	MUSEO MUNICIPAL "QUIÑONES DE LEÓN" (337)	SOLICITUDE DE TELÉFONO MÓBIL SMARTPHONE	336,68 €	1,5
5013/440	FOMENTO (440)	SOLICITUDE DE TELÉFONO MÓBIL SMARTPHONE	336,68 €	1,5
5325/440	FOMENTO (440)	SOLICITUDE DE TELÉFONO MÓBIL SMARTPHONE	336,68 €	1,5
3704/443	OSPÍO CONCELLO DE VIGO (443)	SOLICITUDE DE TELÉFONO MÓBIL SMARTPHONE	336,68 €	1,5
42614/444	ELECTROMECHANICOS (444)	SOLICITUDE DE TELÉFONO MÓBIL SMARTPHONE	336,68 €	1,5
48603/444	ELECTROMECHANICOS (444)	SOLICITUDE TELEFONO MÓBIL BÁSICO	64,00 €	1,5
48604/444	ELECTROMECHANICOS (444)	SOLICITUDE TELEFONO MÓBIL BÁSICO	64,00 €	1,5
12687/445	PARQUE MÓBIL (445)	SOLICITUDE DE TELÉFONO MÓBIL SMARTPHONE	336,68 €	1,5
9837/446	SERVIZO DE XARDINS (446)	SOLICITUDE DE DOUS TELÉFONOS MÓBIL SMARTPHONE	673,36 €	1,5
10310/446	SERVIZO DE MONTES, PARQUES E XARDÍNS (446)	SOLICITUDE DE TELÉFONO MÓBIL SMARTPHONE	336,68 €	1,5
1860/449	AREA TRANSPORTES (449)	SOLICITUD DE TRANSFERENCIA DE LA TITULARIDAD DE LAS LINEAS TELEFONICAS DE LOS PARKINGS JENARO DE LA FUENTE Y CASTELAO AL CONCELLO	1.070,54 €	3,5
2434/500	DIRECCION DE INGRESOS (1)	SOLICITUDE TELEFONO MOBIL BÁSICO	64,00 €	1,5
1630/611	CONCELLERIA DE DEPORTES (611)	TARJETAS SIMT ELEFONIA MOVIL CON DATOS PARA EQUIPOS AUTONOMOS DESFIBRILADORES E EQUIPOS APLICACIÓN DE MANTEMENTO INSTALACIONS DEPORTIVAS	1.519,60 €	1,5
1860/611	CONCELLERIA DE DEPORTES (611)	TARJETAS SIM EQUIPOS TRASDUCTORES DE COMUNICACION PARA EQUIPOS DESFIBRILADORES UBICADOS EN INSTALACIONS DEPORTIVAS	432,00 €	1,5



Concello de Vigo

2/2131	SERVICIO DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS -BOMBEIROS (213)	SOLICITUDE DE TELÉFONO MÓBIL SMARTPHONE	336,68 €	1,5
		TOTAL (SEN IVE)	13.371,9 €	

Por outro lado, a continuación relaciónanse as baixas de servizos durante o terceiro ano do contrato coa estimación dos custos anuais fixos correspondentes:

Concepto	Cantidade	Custos estimados Fixos Anuais sen IVE	Tipoloxía cláusula 32
Liñas RTB	4	564,00	1,5
Liñas RDSI	2	411,16	1,5
ADSL	3	803,52	1,5
Sede VPN/IP	0		
Tarifas planas datos móbiles	1	150,00	1,5
TOTAL		1.928,68 €	

O total estimado anual sen ive dos custes debidos as modificacións para os **custos fixos** é a diferenza entre as altas aprobadas e as baixas, e supón a cantidade de **11.443,22 €**. Esta é unha estimación anualizada, xa que na realidade as altas e baixas se prorratean desde a súa data efectiva, polo que non coincide exactamente coa regularización real.

É necesario destacar que a partires do 1 de xaneiro de 2016 os organismos autónomos Instituto Municipal dos Deportes, Vigozoo e Escola Municipal de Artes e Oficios integráronse no Concello de Vigo. Os citados organismos xa estaban adheridos as mesmas condicións do contrato do servizo integral de comunicacións, e, a partires de eses momento, os seus custos están imputados o Concello de Vigo, polo que é preciso ter en conta as desviacións producidas por tal causa.

As modificacións de servizos así como os cambios dos consumos variables respecto os estimados dos servizos inicialmente contratados, deron lugar as seguintes variacións, recollidas no punto (4) da cláusula 32 do PCAP:

Para tráficos variables de servizos fixos

Tipo de tráfico	Tráfico Estimado Contrato			Tráfico Real 2017-2018		
	Chamadas	Minutos	Custo sen IVE	Chamadas	Minutos	Custo sen IVE
Metropolitana	396.137	718.875	6.038,52	156.416	340.717,90	2.862,03
Metropolitanas internas corporativas	68.708	203.184	0	(*)	(*)	0
Provincial	21.548	50.840	648,24	(**)	(**)	0
Nacional	40.207	78.920	1.022,76	44.923	55.529,85	719,67
Internacional	1.688	6.442	223,68	1.525	7.695,10	267,24
Móbil	165.604	347.214	10.144,92	23.522	43.217,98	1.262,74
Rede Intelixente	52.038	42.611	3.720,48	26.070	27.066,30	4.037,28
Resto	42.070	33342	2.254,92	6.529	13.576,27	946,57
TOTAL (TCF)			24.053,52			10.095,54

(*) chamadas internas sen custo

(**) dende xullo 2017, tráfico provincial incluído no nacional

Para tráfico variables de servizos móbiles

Tipo de tráfico	Tráfico Estimado Contrato			Real		
	Chamadas	Minutos	Custo sen IVE	Chamadas	Minutos	Custo sen IVE
TRAFICO INTERNO Móviles CORPORATIVOS (orixen fixo-Móbil)	77.118	125.451,81	839,06	225.399	371.149,10	3.579,29
TRAFICO NACIONAL A Móviles (orixen fixo-Móbil)	164.112	409.379,72	12.124,79	376.081	611.365,49	24.309,89
TRAFICO INTERNO Móviles CORPORATIVOS	237.992	403.216,67	2.637,60	106.516	159.285,13	1.594,81
TRAFICO NACIONAL A Fijos	68.974	142.541,58	4.234,91	23.281	48.648,78	1.513,65
TRAFICO NACIONAL A Móviles	307.022	699.155,00	20.731,72	538.818	1.236.175,95	42.359,83
RESTO DE TRAFICO NACIONAL	5.659	12.081,44	3.670,23	2.095	4.932,04	938,76
(2) TRAFICO INTERNACIONAL/I TINERANCIA	2.122	5.049,41	2.415,07	1.970	7.490,40	1.495,24
SMS OPERADORES NACIONALES	189.309	0	9.269,88	122.287	0	5.924,79
(2) SMS INTERNACIONAL/I TINERANCIA	1.089	0	282,82	202	0	88,12
			56.206,07			81.804,39



Concello de Vigo

O total anual de variación por mor do aumento do consumo variable respecto o estimado (4) é de

	Importe oferta (sen IVE)	Importe real (sen IVE) 1º ano	Importe real (sen IVE) 2º ano	Importe real (sen IVE) 3º ano	Importe real (sen IVE) 4º ano	Importe real (sen IVE) 5º ano	Diferenza (sen IVE) 5º ano e oferta
Custos variables servizos fixos	24.053,52	23.836,86	18.158,75	11.881,97	11.185,75	10.095,54	-13.957,98
Custos variables servizos móbiles	56.206,07	79.312,22	79.144,38	78.071,49	84.611,87	81.804,39	25.598,32
Total	80.259,59	103.149,08	97.303,13	89.953,46	95.797,62	91.899,93	11.640,34

O total estimado das modificacións aprobadas é a suma das modificacións dos custos fixos aprobados **11.443,22 (€)** e dos custos variables **11.640,34 (€)** resultando unha cantidade de **23.083,56 € sen IVE**, que supón un 7,1147 % da oferta anual (**324.445,07 € sen IVE**) e un **1,7786 % da oferta total de 4 anos**.

As modificacións aprobadas nos anos 2013-2014, 2014-2015, 2015-2016 e 2016-2017 foron do **6,0564%** respecto a oferta TOTAL (4 anos). No conxunto do contrato, o total de modificacións aprobadas acumuladas nos cinco anos do contrato respecto a oferta TOTAL (4 anos) é o **7,835%**, que non supera o límite establecido do 20%

2. Proposta de regularización económica

Segundo a cláusula 5.5.7, no seu apartado 8, do PPT:

“Os licitadores indicarán nas súas propostas o formato, contidos, nivel de detalle, ferramentas de procesamento, data de presentación factura, e outras. Así mesmo, poderán propoñer esquemas tarifarios, baseados en custo/tempo ou custo/información polos diferentes tipos de tráfico ou facturacións fixas. No caso de propoñer un formato de facturación fixa concertada, presentarse como mínimo anualmente una proposta de regularización en base os custos reais para cada entidade municipal facturada. O Concello de Vigo resérvase a opción de efectuar regularizacións cada vez que o proceso de facturación o requira.”

así como a cláusula 32 do PCAP respecto as modificacións, e dado que o adxudicatario propuso un formato de facturación concertada fixa, procede a realización dunha regularización transcorrido o quinto ano de contrato.

O custo anual do contrato ofertado polo adxudicatario, que contén un custo fixo e outro variable, ascendeu a 392.578,53 euros (IVE incluído), polo que ao optarse por unha facturación fixa concertada supuxo unha facturación mensual de 32.714,88 euros/mes para o primeiro ano do contrato e que se mantivo no segundo, terceiro e cuarto ano segundo proposta aprobada pola XGL.

O importe abonado no 5º ano, primeiro da prórroga, corresponde a formalización da prórroga aprobada en XGL en data 04-05-2017 que conforme a cláusula 7 do prego administrativo

“O presente contrato poderá ser obxecto de dúas prórrogas de un ano de duración cada unha delas, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo, e que o contratista non se opoña a mesma cunha antelación de dez meses á data de vencemento do contrato ou de calquera das súas prórrogas.

No suposto de facerse efectiva a/s prórroga/s, do prezo do contrato para cada nova anualidade deberá deducirse o custo da amortización das inversións, por estar totalmente recuperado.”

aproboou unha cantidade anual de 274.907,07 € máis 57.730,48 correspondente o 21% do IVE, facendo un total de 332.637,55 €.

Segundo a proposta de regularización anual de data de novembro de 2018 realizada polo adjudicatario, e unha vez realizados os análises e comprobación da facturación, por parte do servizo de Administración Electrónica, resulta a seguinte regularización para o Concello de Vigo:

Segundo os custos sexan fixos ou variables (importes sen IVE)

	Importe oferta inicial	Importe real 1º ano	Importe real 2º ano	Importe real 3º ano	Importe real 4º ano	Importe abonado 5º ano	Importe real 5º ano	Diferenza 5º ano importe real – importe abonado
Custos Fixos	244.185,48	225.129,40	223.467,49	247.775,13	243.670,34	194.647,48	194.135,84	-511,64
Custos variables (orixe fixo)	24.053,52	23.836,86	18.158,75	11.881,97	11.185,75	24.053,52	10.095,54	-13.957,98
Custos variables (orixe móbil)	56.206,07	79.312,22	79.144,38	78.071,49	84.611,87	56.206,07	81.804,39	25.598,32
Total	324.445,07	328.278,47	320.770,62	337.728,59	339.467,96	274.907,07	286.035,77	11.128,70

En resúmen:

	Custo anual		
Facturación concertada abonada total 2017-18	274.907,07 €		
Custo real 2017-18	286.035,77 €	IVE 21%	Total Regularización
Diferencia	11.128,70 €	2.337,03 €	13.465,73 €

A diferenza das modificacións aprobadas (**23.083,56 €**) e a regularización real (**13.465,73 €**) débese a estimación anualizada das altas e baixas fronte o prorrateo real segundo a data



Concello de Vigo

efectiva das súas realizacións así como as variación de prezos (85% do IPC anual de comunicacións) aplicada durante a vixencia do contrato últimos anos

A empresa adxudicataria, UTE Telefónica de España S.A.U - Telefónica Móviles España S.A.U. (CIF: U86740305) é conforme coa regularización por un importe total de **13.465,73 €** segundo a citada proposta de regularización que se anexa ao expediente.

Por todo o exposto, e no uso da delegacións de competencias recollidas na Resolución de Delegación de Alcaldía de 19 de xuño de 2015, e Acordo da Xunta de Goberno Local do 19 de xuño de 2015, propónse á Xunta de Goberno Local, previo informe de Intervención, a adopción do seguinte:

ACORDO

1. A Xunta de Goberno Local dáse por enterada das modificacións aprobadas polo Concelleiro delegado de Administración Electrónica con relación ao contrato “Servizo integral de comunicacións do Concello de Vigo” entre o 01/07/2017 e o 30/06/2018, segundo o acordos de delegacións acordado en XGL de 18 de xaneiro de 2013 e do 19 de xuño de 2015, por unha cantidade de **23.083,56 € sen IVE**, que supón un 7,1147 % da oferta **anual (324.445,07 € sen IVE) e un acumulado en cinco anos do 7,835%**
2. Aprobar a regularización do custo do contrato do “Servizo integral de comunicacións do concello de Vigo” entre as datas 01/07/2017 e o 30/06/2018, da que deriva un gasto adicional para o Concello por importe de **13.465,73 €**
3. Autorizar o gasto e recoñecer a obriga de pagamento nunha factura única por un total de **13.465,73 €** (base imponible **11.128.70€**, tipo IVE 21%, importe IVE 2.337,03 €) a prol da empresa adxudicataria UTE Telefónica de España SAU – Telefónica Móviles S.A.U. (CIF U86740305) que se imputará á aplicación orzamentaria 9220.2220000 “gastos telefónicos dependencias municipais”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(123).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO PARA O MANTENIMENTO SERVIDOR DOCUMENTAL ALFRESCO. EXPTE. 8691/113.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de data 12/02/19, e o informe de fiscalización de data 14/02/19, dáse conta do informe-proposta de data, asinado polo xefe do Servizo de Administración Electrónica, o concelleiro delegado de Área e o concelleiro delegado de Economía e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

- 1.- En data 07/01/2019 o Xefe de servizo de Administración Electrónica, iniciou o expediente coa finalidade da contratación do servizo para o mantemento servidor documental Alfresco.
- 2.- No expediente tramitado ao efecto consta entre outra a seguinte documentación:

- Informe xustificativo da necesidade e idoneidade asinado polo Xefe de servizo de Administración Electrónica e co conforme do Concelleiro delegado de Xestión Municipal.
- Resolución de inicio de expediente de contratación de data 07/01/2019 do concelleiro delegado Concelleiro Delegado de Xestión Municipal.
- Prego de prescricións técnicas particulares (PPTP) de data 07/01/2019 asinado polo xefe de servizo de Administración Electrónica
- Memoria xustificativa do contrato de data 05/02/2019, asinada polo xefe de servizo de Administración Electrónica e co conforme do Concelleiro delegado de Xestión Municipal
- Informe da xefa do Servizo de Contratación de data 07/02/2019, sobre a comprobación da incorporación ao expediente da documentación necesaria para a tramitación do contrato.
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación da subministración polo procedemento aberto supersimplificado, asinado pola xefa do Servizo de Contratación, é de data 07/02/2019.

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).
- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do Sector Público, no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas aprobado por Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro (no sucesivo, RXLCAP), no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de administración local de Galicia (LALGA).

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- O expediente de contratación, de acordo co disposto no art artigo 116.1 da LCSP iniciárase polo Órgano de Contratación motivando a necesidade do contrato nos termos previstos no artigo 28 da devandita lei. No Concello de Vigo, esta competencia está delegada por acordo da Xunta de goberno Local de 19 de xuño de 2015 nos concelleiros de Área. O concelleiro delegado de Xestión Municipal mediante resolución de data 07/09/2018 autorizou o inicio da tramitación do presente expediente de contratación.

Segundo.- Dado o obxecto do contrato, tal e como se dispón no artigo 17 da LCSP, tramitase como un contrato de servizos.

Terceiro.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e, nel constan tanto o prego de cláusulas administrativas particulares como o de prescricións técnicas que rexeran o contrato tal e como se sinala no artigo 116 apartado 2 e 3 da LCSP.

Cuarto.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato de conformidade cos artigos 28 e 116.1 da LCSP.



Concello de Vigo

Quinto.- Na Memoria xustifícase a non división en lotes (artigo 116.4.g LCSP), o prezo e a súa xustificación (100 e seguintes LCSP), o valor estimado do contrato (116.4.d LCSP), os criterios de adxudicación e fórmulas de valoración (artigo 145 e 146 LCSP), os criterios de solvencia (116.4.c), as condicións especiais de execución (202.1), a clasificación dos licitadores (116 e 77 LCSP), o principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

O procedemento elixido para a contratación é o aberto súper simplificado e a forma de tramitación do expediente a ordinaria, conforme ao disposto no artigo 116 e 159 da LCSP, polo que non é necesaria a súa xustificación.

Sexto.- De conformidade coa disposición adicional terceira, apartados 8 da LCSP e, a disposición adicional oitava, apartado e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), se require o informe preceptivo de Asesoría Xurídica do Concello de Vigo.

Séptimo.- O artigo 116.3 e o apartado 3 da disposición adicional terceira da LCSP, dispoñen que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa. Este documento, xunto co informe da fiscalización previa, incorporárase pola Intervención Xeral ao procedemento con carácter previo a aprobación polo órgano de contratación.

Octavo.- A competencia para a resolución do presente expediente, previa fiscalización da Intervención Xeral, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na disposición adicional segunda apartado 11 da Lei de Contratos do Sector Público. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación, dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación (artigo 117 da LCSP) e implicará a aprobación do gasto.

Á vista do exposto, e previo informe da Asesoría Xurídica do Concello de Vigo e da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, no uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte

ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto coa finalidade de realizar a contratación do servizo para o mantemento servidor documental Alfresco.

SEGUNDO.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá a contratación, redactado pola Xefa do Servizo de Contratación e asinado en data 07/02/2019.

TERCEIRO.- Aprobar o Prego de Cláusulas Técnicas Particulares, de data 07/01/2019 asinado polo xefe de servizo de Administración Electrónica

CUARTO.- Autorizar o gasto de **25.410,00 €**, que inclúe un IVE de **4.410,00 €**, dende o 1 de Abril de 2019, o cal se imputará á partida **9207.2279902 (MANTEMENTO SOFTWARE)**, do exercicio 2019

QUINTO.- Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(124).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE SENTENZAS E OUTRAS RESOLUCIÓNS XUDICIAIS QUE RESOLVEN PROCEDEMENTOS (RELACIÓN 1/2019). EXPTE. 11921/111.

Dáse conta do informe-proposta de data 15/02/19, asinado polo xefe da Área Xudicial-Asesoría Xurídica, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

Tiveron entrada na Asesoría xurídica as seguintes resolucións xudiciais:

XGL relación 1/2019

1.- Contencioso. Expediente nº 10962/111

Sentenza nº 335 do 15 de novembro de 2018

TSX Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 4 de A Coruña

Ordinario: 15557/2017

Obxecto: Resolución da Secretaría Xeral de financiación autonómica e local sobre retención ao Concello de Porriño da cantidade de 2.886.204,42 Euros

Expte(s): 34829-700

Contía: (Indeterminada) 18.000,00 €

Esta sentenza desestima o noso recurso contencioso-administrativo ao entender que non é posible a aplicación da deducción sobre transferencias prevista no artigo 74 da LXT no caso de débedas entre entidades locais.

A Recadación Municipal/Tesourería debe coñecer o resolto.

2.- Contencioso. Expediente nº 11241/111

Sentenza nº 272 do 3 de decembro de 2018

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Abreviado: 42/2018

Obxecto: Contra resolución desestimatoria das alegacións presentadas por sanción de tráfico con retirada de puntos.

Expte(s): 178656796

Contía: 200,00 €

A sentenza firme estima en parte o recurso contencioso administrativo interposto polo particular demandante fronte a resolución do concelleiro da Área de Mobilidade e Seguridade do 20.11.2017, declarando axustada ao ordenamento xurídico a imposición da multa de 200 euros, e anulando e deixando sen efecto a sanción consistente na perda de 4 puntos.

Non efectúa expresa imposición de costas procesuais.

Deben coñecer o resolto á Área de Mobilidade e Seguridade e Recadación Executiva.

3.- Contencioso. Expediente nº 11328/111

Sentenza nº 227 do 26 de xuño de 2018

TSX Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 4 de A Coruña



Concello de Vigo

Recurso de apelación: 15008/2018

Obxecto: Contra resolución do T.E.A. de data 31/07/2017 pola que se desestima reclamación económico-administrativa contra desestimación presunta por embargo de contas

Expte(s): 30143-700 /4206-550

Contía: 266.007,99 €

Esta sentenza desestima o recurso de apelación interposto pola demandante, confirmando o Auto do 22/01/2018 desestimatorio de medida cautelar de suspensión de dilixencia de embargo.

A Recadación Municipal/Tesourería debe coñecer o resolto.

Proc. orixe: P.O. 375/2017, XCA n.º 2 de Vigo. Sentenza n.º 50 do 02/04/2018, estimatoria (Comunicada na XGL do 31/05/2018)

4.- Contencioso. Expediente nº 11442/111

Sentenza nº 370 do 29 de novembro de 2018

TSX Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 4 de A Coruña

Recurso de apelación: 15025/2018

Obxecto: Contra resolución do T.E.A. de data 31/07/201 por desestimación presunta do recurso contra dilixencia de embargo IBI 2012-2014

Expte(s): 4235/550 - 30143/700

Contía: 266.007,99 €

Desestima o noso recurso de apelación, con imposición de custas, confirmando a inembargabilidade dos bens e dereitos que integran o patrimonio da Seguridade Social, coa matización de que os fondos bancarios son bens afectos a un fin e servizo público, polo que adquiren a condición xurídica peculiar de dominio público, polo que son tamén inembargables.

A Recadación Municipal/Tesourería debe coñecer o resolto, tendo en conta que en anteriores sentenzas de instancia indicouse que aínda que existe unha limitación nos medios de execución forzosa, isto non exclúe que a débeda apremiada poida satisfacerse a través doutros mecanismos, como a compensación de débedas.

Proc. orixe: PO 377/2017, XCA nº 2 de Vigo. Sentenza nº 51 do 02-04-2018, estimatoria (comunicada na XGL do 31-05-2018)

5.- Social. Expediente nº 11468/111

Sentenza do 11 de decembro de 2018

TSX Galicia, Sala do Social, de A Coruña

Recurso de suplicación: 1874/2018

Obxecto: Resolución do INSS desestimatoria da petición de declaración de continxencia profesional

Contía: (Indeterminada) 18.000,00 €

Esta sentenza desestima o recurso de suplicación do demandante e confirma a sentenza de instancia.

Proc. orixe: Seguridade Social nº 1070/2016, Xulgado do Social nº 1 de Vigo. Sentenza nº 704 do 13-11-2017, desestimatoria (comunicada na XGL do 17-01-2018)

6.- Contencioso. Expediente nº 11539/111
Sentenza nº 265 do 27 de novembro de 2018
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo
Abreviado: 228/2018
Obxecto: Contra resolución sancionadora de data 18/04/2018.
Expte(s): 178707647
Contía: 300,00 €

A sentenza firme desestima o recurso con custas taxadas.
Considerase que a fotografía na que consta a matrícula do vehículo e o certificado de verificación do cinemómetro proban a comisión da infracción.
Debe coñecer o resolto a Área de Seguridade

7.- Contencioso. Expediente nº 11562/111
Sentenza nº 521 do 5 de decembro de 2018
TSX Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 1 de A CORUÑA
Recurso de apelación: 292/2018
Obxecto: Resolución do 2-3-2017 que desestima reclamación RPA por accidente moto na R/Eduardo Cabello
Expte(s): 4933-243
Contía: 287.033,21 €

Desestima a apelación do demandante e confirma a sentenza de instancia, con custas taxadas.
O departamento de Patrimonio-RPA, o de Vías e Obras e o de Seguridade deben coñecer o resolto.
Proc. orixe: PO 136/2017, XCA nº 2 de Vigo. Sentenza nº 89 do 31-05-2018, desestimatoria (comunicada na XGL do 21-06-2018)

8.- Social. Expediente nº 11593/111
Sentenza do 7 de decembro de 2018
TSX Galicia, Sala do Social, de A Coruña
Recurso de suplicación: 3032/2018
Obxecto: Demanda de despido nulo por vulneración de Dereitos Fundamentais e por non cumprirse os requisitos e condicións para resolver a relación indefinida de traballo.

A sentenza dictada en Suplicación é firme e declara nulo o despedimento (cese) do actor, representante sindical, revogando a sentenza de instancia, e condenando ao Concello ao seu reingreso e ao abono de 6.500 euros en concepto de indemnización por vulneración da garantía sindical.
Esta sentenza considera que a actividade sindical do actor, o enfrontamento do seu sindicato coa empresa e con cargos de alto nivel dentro da mesma, con denuncias á Inspección de Traballo, por un lado, acredita a represión sindical sufrida polo mesmo.
Por outra banda, tamén considera que a praza do actor non é das expresamente creadas nin obxecto de convocatoria, nin tampouco a persoa que superou o proceso selectivo se adscribiu para a realización das funcións do demandante, dependente da Área de Benestar Social.



Concello de Vigo

En canto á contía da indemnización, considera excesiva a solicitada polo demandante, e a rebaixa a 6.500 euros, cantidade coa que se sanciona na LISOS (infracción moi grave ex art. 8.12) decisións discriminatorias.

A Área de Recursos Humanos e a de Benestar Social deben coñecer do resolto e proceder á execución da sentenza.

Proc. orixe: Despedimento/cesamento en xeral nº 279/2017, Xulgado do Social nº 5 (reforzo) de Vigo. Sentenza nº 222 do 27-06-2018, estimatoria parcial (comunicada na XGL do 19-07-2018)

9.- Contencioso. Expediente nº 11594/111

Sentenza nº 282 do 11 de decembro de 2018

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Abreviado: 258/2018

Obxecto: Recoñecemento dereito a percibir os complementos salariais por situación de IT non fixos e periódicos con base no art. 23 do Acordo Regulador das condicións dos traballadores ao servizo do Concello de Vigo

Contía: (Indeterminada) 18.000,00 €

Esta sentenza, firme, estima parcialmente as pretensións do demandante, e considera que o demandante -funcionario público municipal- ten dereito á percepción do cento por cento das súas retribucións fixas e periódicas durante o periodo de incapacidade temporal por continxencias comúns, conforme aos criterios aprobados pola XGL.

A resolución examina cales son os complementos a percibir, e conclúe que o seu alcance se limita só aos fixos e periódicos, non aos restantes, porque non figuran incluídos no art. 23 do Acordo regulador do Concello de Vigo.

A Área de Recursos Humanos debe coñecer do resolto e executar a sentenza no prazo legal da Lei 29/1998.

10.- Contencioso. Expediente nº 11599/111

Sentenza nº 270 do 3 de decembro de 2018

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Abreviado: 241/2018

Obxecto: Contra resolución sancionadora de data 24/02/2018 por infracción cometida co vehículo.

Expte(s): 188629809

Contía: 250,00 €

A sentenza firme estima o recurso contencioso-administrativo formulado pola particular demandante pola imposición dunha sanción en materia de tráfico que anula e deixa sen efecto condenando a Administración demanda e estar e pasar por esta declaración (incluíndo a devolución do importe da multa abonada en período voluntario).

Non establece condena en custas.

Debe coñecer do resolto a Área de Seguridade e o departamento de Tesourería-Recadación.

11.- Social. Expediente nº 11631/111

Sentenza nº 539 do 7 de decembro de 2018

Xulgado do Social nº 4 de Vigo

Despedimento/cesamento en xeral: 664/2018

Obxecto: Contra despido improcedente (prórroga por xubilación forzosa).

Esta sentenza, que non é firme e fronte á que se pode presentar Recurso de Suplicación estima a demanda e condena ao Concello a que, no prazo de 5 días dende a notificación opte por readmitir á traballadora co abono dos salarios de tramitación ou ben lle abone a cantidade de 159.217,94 euros en concepto de indemnización.

Na resolución se expón o réxime legal da xubilación forzosa, para concluír que a pesares de que o convenio colectivo do Concello homoxeneiza a idade de xubilación forzosa para o persoal funcionario e para o laboral, dende a entrada en vigor da Lei 3/2012, calquera cláusula que estableza unha idade de xubilación forzosa (para o persoal municipal en réxime laboral, neste caso) se entende nula, e este é o sentido do resolto. E elo, con independencia da data de entrada en vigor do convenio colectivo en vigor.

A Área de RRHH e a de Benestar Social deben coñecer do resolto e executar a sentenza, así como propoñer fundadamente a interposición do recurso de suplicación, se é o caso.

12.- Contencioso. Expediente nº 11648/111
Sentenza nº 254 do 5 de decembro de 2018
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo
Abreviado: 320/2018

Obxecto: Resolución do 21/05/2018 que confirma integramente a resolución ditada en expedientes sancionadores por infraccións do Regulamento Xeral de Circulación.

Expte(s): 201852200291 e 201852200292
Contía: 400,00 €

Esta sentenza, firme, desestima o recurso, con custas taxadas.

O departamento de Seguridade e a Tesourería-Recadación municipal deben coñecer o resolto.

13.- Social. Expediente nº 11662/111
Decreto nº 477 do 11 de decembro de 2018
Xulgado do Social nº 1 de Vigo
Ordinario: 560/2018

Obxecto: Recoñecemento de dereitos e reclamación de cantidade, contrato de servizo mantemento e conservación de zonas verdes.

Por medio desta resolución remata o proceso, ao desistir o actor da súa acción fronte ao Concello de Vigo, ao chegar a un acordo a empresa e o traballador sobre as cantidades reclamadas en concepto de horas extras.

O Servizo de Montes Parques e Xardins debe coñecer do resolto, ao xestionar o contrato no que prestaba servizos o traballador.

14.- Contencioso. Expediente nº 11672/111
Sentenza nº 259 do 13 de decembro de 2018
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo
Abreviado: 341/2018



Concello de Vigo

Obxecto: Contra resolución do 11/07/2018 que declara que a responsabilidade patrimonial correspóndelle a AQUALIA FCC VIGO UTE como empresa concesionaria do servizo de abastecemento de auga e saneamento de Vigo.

Expte(s): 5274/243

Contía: 26.201,81 €

Esta sentenza, firme, estima parcialmente o recurso en canto ao importe da indemnización que se fixa en 36.462,01 euros (mais xuros legais desde a data da reclamación administrativa) no canto dos 34.962,01 euros fixados na resolución municipal recorrida, mantendo a imputación á contratista.

O departamento de Patrimonio-RPA debe coñecer o resolto e verificar a súa execución pola contratista xestora do servizo.

15.- Social. Expediente nº 11690/111

Decreto do 8 de xaneiro de 2019

Xulgado do Social nº 1 de Vigo

Ordinario: 606/2018

Obxecto: Recoñecemento de dereitos e reclamación de cantidades polos servizos de vixilancia, socorrismo, salvamento e asistencia sanitaria nas praias de Vigo.

Incomparecencia do demandante con arquivo de actuacións.

16.- Contencioso. Expediente nº 11697/111

Sentenza nº 288 do 27 de decembro de 2018

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Abreviado: 357/2018

Obxecto: Contra resolución do Concello de Vigo, Área de Seguridade e Mobilidade de data 18/07/2018 desestimatoria do recurso de reposición formulado contra a imposición de multa.

Expte(s): 178669702

Contía: 200,00 €

Esta sentenza, firme, desestima o recurso, con custas taxadas de oficio.

O departamento de Seguridade-Tesourería municipal deben coñecer o resolto.

17.- Contencioso. Expediente nº 11699/111

Sentenza nº 260 do 13 de decembro de 2018

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Abreviado: 361/2018

Obxecto: Resolución do 30/07/2018 desestimatoria do recurso de reposición formulado contra outra de data 31/10/2017 que declarou a responsabilidade patrimonial da entidade agora demandante, polos danos causados con motivo da renovación das redes de saneamento na rúa Boán.

Expte(s): 4606-243

Contía: 3.615,62 €

Esta sentenza, firme, estima parcialmente o recurso, anula os actos do 30/07/2018 e 31/10/2018 e condena ao Concello a dictar unha nova resolución nos termos derivados do informe técnico (FD 2º, parágrafo derradeiro).

O departamento de Patrimonio-RPA debe executar o resolto.

18.- Contencioso. Expediente nº 11732/111

Auto nº 98 do 3 de decembro de 2018
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo
Abreviado: 375/2018

Obxecto: Contra resolución do 05/07/2018 desestimatoria do recurso de reposición formulado contra outra do 25/09/2017 ditadas en expediente de responsabilidade patrimonial.

Expte(s): 5190/243

Por medio deste Auto se declara o arquivo do procedemento, ao non cumprir cos requisitos formais esixidos pola Letrada da Administración de Xustiza para considerar comparecida á parte demandante.

O departamento de Patrimonio-Responsabilidade patrimonial debe coñecer do resolto.

19.- Contencioso. Expediente nº 11767/111
Decreto do 30 de novembro de 2018
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo
Abreviado: 412/2018

Obxecto: Contra resolución ditada en expediente sancionador, pola que se desestima recurso de reposición por conducir utilizando manualmente o teléfono móbil o calquera outro dispositivo incompatible coa obrigatoria atención permanente á conducción.

Expte(s): 188604537

Por medio desta resolución se arquiva o procedemento ao desistir o demandante das pretensións recollidas no seu escrito de demanda.

O Servizo de Seguridade debe coñecer do resolto.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

I. Considerando a obriga xeral de cumprir as sentencias e demais resolucións firmes dos xuíces e tribunais, así como de prestar a colaboración requirida por estes no curso do proceso e na execución do resolto ex art. 118 da Constitución e o principio constitucional do pleno sometemento á lei e ao dereito da Administración Pública no desenvolvemento da súa actividade do art. 103 do texto constitucional.

II. Considerando o establecido no artigo 18.2 da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial, en canto á obriga de executar as sentenzas en tempo e forma.

III. Considerando que o artigo 17.2 da Lei Orgánica do Poder Xudicial preceptúa que as Administracións Públicas, as autoridades e funcionarios, as Corporacións e todas as Entidades públicas e privadas deben respectar, e, de ser o caso, cumprir as sentenzas e demais resolucións xudiciais que fosen firmes ou executables de conformidade coas leis.

IV. Considerando o disposto na Sección 8ª e 9ª do capítulo I do título IV; e, no capítulo IV do título IV, da Lei 29/1998, do 13 de xullo, para o caso das máis comúns no caso desta administración municipal ditadas pola Xurisdición contencioso-administrativa; e, de ser outro caso, atendendo ás normas reguladoras da xurisdición na que foron ditadas as resolucións xudiciais das que se dá conta, Lei 36/2011, do 10 de outubro, reguladora da xurisdición



Concello de Vigo

social, en especial capítulo IV do título I do Libro IV ou atendendo á Lei 1/2000, de 7 xaneiro, de axuízamento civil, en especial libro III.

V. E atendendo á distribución de competencias na materia que recolle a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local para os diferentes órganos: art. 127.1.j), Xunta do Goberno local; art. 124.4.l) Alcaldía e art. 123.1.m) Pleno en relación co disposto nos Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo, dase conta a ese órgano, das resolucións xudiciais relacionadas nos Antecedentes.

PROPOSTA DE ACORDO

Único.- Tómase coñecemento formal das resolucións xudiciais recollidas nos Antecedentes da parte expositiva do presente acordo.

Segundo.- Remítase aos servizos responsables da tramitación administrativa en cada caso, con expresa indicación para que procedan á debida e puntual execución das resolucións xudiciais nos seus propios termos.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

6(125).- PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DE RECURSOS POTESTATIVOS DE REPOSICIÓN PRESENTADOS POLA DENEGACIÓN DE AXUDAS DO «PROGRAMA MUNICIPAL DE AXUDAS EXTRAORDINARIAS A FAMILIAS PARA GASTOS DE ALOXAMENTO, SUBMINISTROS E ALIMENTACIÓN 2018».EXPTE.148852/301.

Visto o informe de fiscalización do 14/02/19, dáse conta do informe-proposta de data 24/01/19, asinado polo asesor xurídico adxunto á xefatura de Benestar Social, a xefa do Servizo de Benestar Social, o xefe da Área de Benestar Social e a concelleira-delegada da Área de Política Social, que di o seguinte:

I. FEITOS/ANTECEDENTES

I.1. A Xunta de Goberno Local, na súa sesión extraordinaria e urxente do 11.01.2018, acordou aprobar as Bases e a convocatoria do «PROGRAMA MUNICIPAL DE AXUDAS EXTRAORDINARIAS A FAMILIAS PARA GASTOS DE ALOXAMENTO, SUBMINISTROS E ALIMENTACIÓN – 2018», elaboradas polo Departamento de Benestar social do Concello de Vigo (Exp. nº 148852/301).

I.2. O obxectivo destas axudas é o de poñer a disposición das persoas e familias necesitadas uns recursos económicos que lles permitan facer fronte, alomenos parcialmente, ós gastos derivados do uso da súa vivenda habitual, da compra de alimentos e dos subministros básicos do fogar, procurando evitar os desafiuzamentos derivados da falta de pagamento do aluguer ou do crédito hipotecario, as carencias básicas de

alimentación e as situacións de «pobreza enerxética», que mesmo poderían imposibilitar o normal uso e goce da vivenda.

I.3. Para estes efectos, nos orzamentos municipais de 2018 consignouse unha partida por importe de 1.640.000 € destinada, especificamente, para cubrir este tipo de necesidades sociais básicas (aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.02: “Axudas alugueiro vivenda, alimentos e c. Enerxética”).

I.4. As Bases deste Programa foron publicadas no taboleiro oficial de anuncios da Casa do Concello, nas Unidades de Traballo Social (UTS), na web municipal e no BOP de Pontevedra nº 15 do 22 de xaneiro de 2018. Durante o prazo establecido para a presentación de solicitudes, contado desde o día seguinte ó da publicación do extracto da convocatoria no BOP nº 68, do 09.04.2018, tiveron entrada no Rexistro xeral municipal un total de 2.964 solicitudes.

I.5. Polo órgano instrutor (Departamento de Benestar social) foron tramitadas as solicitudes e comprobado o cumprimento dos requisitos esixibles e a correspondente documentación acreditativa. A seguir, procedeu á súa avaliación de acordo cos criterios contidos nas Bases e a determinar os importes das axudas a percibir en cada caso.

I.6. Rematada a instrucción do expediente remitiuse á Comisión de valoración, que elaborou unha proposta coa relación de todas as persoas solicitantes que participaron na convocatoria, facendo constar expresamente as axudas concedidas e as denegadas, indicando neste último suposto a causa da denegación (Acta de data 25.09.2018).

I.7. Conforme co establecido na normativa de réxime local (Art. 127.g] LRBRL), na reguladora das subvencións públicas (Arts. 7.4, 23.3 LSG...) e na Base 13.4 do «PROGRAMA MUNICIPAL DE AXUDAS EXTRAORDINARIAS...», a Xunta de Goberno Local na súa sesión extraordinaria e urxente do 11.10.2018 acordou, por proposta do instrutor do expediente e previo informe da Comisión de valoración, resolver esta convocatoria de axudas nos seguintes termos:

«PRIMEIRO.- Conceder ás 1.937 persoas solicitantes que se relacionan no Anexo I (que comeza co doc. nº 180.052.008 e remata co nº 180.072.255), as axudas económicas que alí se indican, por cumprir cos requisitos establecidos nas Bases do «PROGRAMA MUNICIPAL DE AXUDAS EXTRAORDINARIAS A FAMILIAS PARA GASTOS DE ALOXAMENTO, SUBMINISTROS E ALIMENTACIÓN – 2018». O gasto total (1.619.992,24 €) imputarase á aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.02: “Axudas alugueiro vivenda, alimentos e c. Enerxética”.

SEGUNDO.- Denegar ditas axudas económicas ás 1.027 persoas solicitantes que se relacionan no Anexo II (que comeza co doc. nº 180.051.966 e remata co nº 180.095.038) por incumprir os requisitos das Bases, indicándose en cada caso a causa concreta de denegación.

TERCEIRO.- Publicar este Acordo e os seus Anexos no Taboleiro oficial de anuncios da Casa do Concello e nas Unidades de Traballo Social do Servizo de Benestar Social. Será obxecto de publicación tamén no “Portal da Transparencia e Bo Goberno” do Concello de



Concello de Vigo

Vigo (<http://transparencia.vigo.org>) e remitirase a información precisa á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

CUARTO.- Notificar o acordo a todas as persoas interesadas, con indicación de que pon fin á vía administrativa e de que contra el poderán interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos contados a partir do día seguinte á recepción da súa notificación. De se presentar o recurso de reposición, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou ben se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución (Arts. 123 - 124 da Lei 39/2015 e 8, 25, 46 e ccdtes. da Lei 29/98)».

I.8. Contra este Acordo da Xunta de Goberno local algunhas das persoas interesadas presentaron no Rexistro xeral municipal recursos potestativos de reposición. De todos eles, propónse á XGL estimar un total de 12, por cumprir os requisitos das bases da convocatoria. A estimación destes recursos representaría un gasto de 7.551,66 € que podería financiarse con cargo á aplicación nº 2310.480.00.02 dos Orzamentos de 2019.

II. NORMATIVA EXAMINADA

- CE/1978 (Constitución española, 29 decembro 1978).
- EAG (Estatuto de Autonomía de Galicia; LO.1/1981, do 6 de abril).
- LRBRL (L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local).
- L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Admón. local.
- L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.
- L.19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.
- TRRL (RDLex. 781/1986, do 18 de abril, Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime local).
- LALGA (L.5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia).
- ROF (RD.2586/1986, do 28 de novembro, Regulamento de Organización, funcionamento e Réxime xurídico das Entidades locais).
- LPACAP (L.39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Admóns. Públicas).
- LRXSP (L.40/2015, do 1 de outubro, de Réxime xurídico do Sector público).
- LRXCA (L.29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción contencioso-administrativa).
- L.10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia.
- L.13/2008, do 3 de decembro, Lei de servizos sociais de Galicia.
- LXS (L.38/2003, do 17 de novembro, Lei xeral de subvencións).
- LSG (L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia).
- RD.887/2006, do 21 de xuño, Regulamento da Lei xeral de subvencións.

- Programa municipal de axudas extraordinarias a familias para gastos de aloxamento, subministros e alimentación – 2018 (Concello de Vigo; XGL do 11.01.2018; BOP nº 15, do 22.01.2018 e BOP nº 68, do 09.04.2018).
- Bases de execución do Orzamento xeral – Concello de Vigo.

III. DEREITO/VALORACIÓN XURÍDICA

III.1. En aplicación dos principios antiformalista e pro actione que rexen o procedemento administrativo e de acordo co disposto no Art. 115.2 da LPACAP, resulta indiferente para a tramitación e resolución dos recursos a cualificación concreta que as persoas recorrentes lle asignen ós escritos de impugnación (reclamación, revisión...), sempre que do seu contido poida inferirse o verdadeiro carácter de recurso administrativo.

III.2. Así as cousas, os recursos potestativos de reposición presentados diríxense contra o precitado Acordo da Xunta de Goberno Local do 11.10.2018, desestimatorio das súas solicitudes de concesión dunha axuda económica con cargo ás bases e convocatoria do «PROGRAMA MUNICIPAL DE AXUDAS EXTRAORDINARIAS A FAMILIAS PARA GASTOS DE ALOXAMENTO, SUBMINISTROS E ALIMENTACIÓN – 2018».

III.3. Os escritos de recurso cumpren cos requisitos formais básicos para a súa admisibilidade: interpoñense en prazo e forma polas persoas interesadas e diríxense fronte a un acto administrativo susceptible de impugnación por este medio (Art. 112, 123 e ccdtes. LPACAP), solicitando a estimación do recurso e, en consecuencia, que se deixe sen efecto a resolución impugnada e se estime a concesión da subvención directa solicitada na instancia.

III.4. De acordo co disposto no Art. 124.2 da LPACAP, o prazo máximo para ditar e notificar a resolución do recurso de reposición é dun (1) mes. Transcorrido este sen que se producese a súa resolución expresa, deberíase entender desestimado por silencio administrativo (Art. 24.1 LPACAP) para os efectos de poder deducir o recurso contencioso-administrativo; sen prexuízo da obriga que pesa sobre a Administración de dictar resolución expresa en todos os procedementos e de notificala, calquera que sexa a súa forma de iniciación (Art. 21.1 LPACAP).

III.5. Examinados os respectivos recursos e revisadas e valoradas de novo as súas solicitudes de acordo coas Bases aprobadas, debe recoñecérselle ós solicitantes que a seguir se relacionan o dereito a percibir con cargo ó «PROGRAMA MUNICIPAL DE AXUDAS EXTRAORDINARIAS A FAMILIAS PARA GASTOS DE ALOXAMENTO, SUBMINISTROS E ALIMENTACIÓN – 2018» unha axuda polo importe indicado para cada un de eles. Achégase en cada un dos expedientes, a modo de ficha, unha explicación pormiudada dos feitos e motivos que xustifican a estimación do recurso en cuestión.



RECURSOS ESTIMADOS

Nº	RECORRENTE DNI/NIE/PAS.	EXP. Nº DOC. Nº	MOTIVO ESTIMACIÓN	PUNTOS	IMPORTE AXUDA CONCEDIDA (valor pto.: 96,82€)
1	X6542895Q	154517/301 180062818	Acredita que non está a percibir a pensión de alimentos fixada (achegou reclamación xudicial).	8	774,56 €
2	X9687471D	152989/301 180171833	Recálculo da renda efectiva da unidade familiar aplicando ingresos SEPE e imputación de RISGA de 1 membro (Base sétima, Apdo. 7.1.3º).	+2 (total = 6 ptos)	193,64 € (diferencia entre o importe xa concedido por 4 ptos: 387,28 € e o que realmente lle corresponde por 6 ptos.: 580,92 €).
3	39.456.808-D	155840/301 180171866	Recálculo da renda efectiva da unidade familiar con imputación de RISGA de 1 membro (Base sétima, Apdo. 7.1.3º).	+4 (total = 6 ptos)	387,28 € (diferencia entre o importe xa concedido por 2 ptos: 193,64 € e o que realmente lle corresponde por 6 ptos.: 580,92 €).
4	X4394155M	155656/301 180173497	Acreditouse debidamente a situación de residencia legal en España (Bases sétima, Apdo. 7.1.1º e novena, Apdo. 9.3º a).	6	580,92 €
5	32.670.803-Q	154972/301 180174429	Resulta aplicable a puntuación adicional prevista na Base décimo cuarta (Apdos. 14.6 e 14.7).	+4 (total = 6 ptos)	387,28 € (diferencia entre o importe xa concedido por 2 ptos: 193,64 € e o que realmente lle corresponde por 6 ptos.: 580,92 €).
6	X3100289G	155593/301 180174865	Recálculo da renda efectiva da unidade familiar aplicando os ingresos e membros computables declarados pola solicitante.	4	387,28 €
7	36.136.037-R (M.R.C.C.) 36.117.235-J (J.A.F.F.)	153606/301 180174980	Achegou toda a documentación necesaria para resolver a solicitude de axuda.	18	1.742,46 €
8	36.106.835-D	154883/301 180187812	Recálculo da renda efectiva da unidade familiar (PNC) e aplicación da puntuación adicional prevista na Base décimo cuarta (Apdos. 14.6 e 14.7).	6	580,92 €
9	39.457.109-B	155893/301 180188699	Recálculo da renda efectiva da unidade familiar sen imputación de pensión alimentos non percibida.	4	387,28 €
10	36.111.241-E	153160/301 180190984	Recálculo da renda efectiva da unidade familiar con prorratio dos ingresos correspondentes á parte do mes de febreiro percibida en marzo (Base novena, Apdo. 9.3º).	8	774,56 €

Nº	RECORRENTE DNI/NIE/PAS.	EXP. Nº DOC. Nº	MOTIVO ESTIMACIÓN	PUNTOS	IMPORTE AXUDA CONCEDIDA (valor pto.: 96,82€)
11	X6856641-L	152890/301 180176780	Acreditouse debidamente a situación de residencia legal en España (Bases sétima, Apdo. 7.1.1º e novena, Apdo. 9.3º a).	6	580,92 €
12	36.082.093-S	154578/301 180169194	Comproboouse o cumprimento do requisito de antigüidade acumulada mínima no PMH (nai: Base sétima, Apdo. 7.1.1º; filla: Base décimo cuarta, Apdo. 14.8).	8	774,56 €
					TOTAL: 7.551,66 €

IV. PROPOSTA

En consecuencia, visto o que antecede e a normativa de pertinente aplicación; en especial, os artigos 112-119 e 123-124 da LPACAP, propónse á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte

«ACORDO

PRIMEIRO: Estimar os recursos potestativos de reposición presentados polos solicitantes que a continuación se relacionan contra o Acordo da Xunta de Goberno Local de data 11.10.2018 polo que se denegou a súa solicitude de concesión dunha axuda económica ó abeiro do «PROGRAMA MUNICIPAL DE AXUDAS EXTRAORDINARIAS A FAMILIAS PARA GASTOS DE ALOXAMENTO, SUBMINISTROS E ALIMENTACIÓN – 2018», recoñecéndolle o dereito a percibir unha axuda en tal concepto polo importe indicado, que se imputará á aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.02 dos Orzamentos de 2019.

Nº	RECORRENTE E DNI/NIE/PAS.	EXP. Nº DOC. Nº	MOTIVO ESTIMACIÓN	PUNTOS	IMPORTE AXUDA CONCEDIDA (valor pto.: 96,82€)
1	X6542895Q	154517/301 180062818	Acredita que non está a percibir a pensión de alimentos fixada (achegou reclamación xudicial).	8	774,56 €
2	X9687471D	152989/301 180171833	Recálculo da renda efectiva da unidade familiar aplicando ingresos SEPE e imputación de RISGA de 1 membro (Base sétima, Apdo. 7.1.3º).	+2 (total = 6 ptos)	193,64 € (diferencia entre o importe xa concedido por 4 ptos: 387,28 € e o que realmente lle corresponde por 6 ptos.: 580,92 €).



Concello de Vigo

Nº	RECORRENT E DNI/NIE/PAS.	EXP. Nº DOC. Nº	MOTIVO ESTIMACIÓN	PUNTOS	IMPORTE AXUDA CONCEDIDA (valor pto.: 96,82€)
3	39.456.808-D	155840/301 180171866	Recálculo da renda efectiva da unidade familiar con imputación de RISGA de 1 membro (Base sétima, Apdo. 7.1.3º).	+4 (total = 6 ptos)	387,28 € (diferencia entre o importe xa concedido por 2 ptos: 193,64 € e o que realmente lle corresponde por 6 ptos.: 580,92 €).
4	X4394155M	155656/301 180173497	Acreditouse debidamente a situación de residencia legal en España (Bases sétima, Apdo. 7.1.1º e novena, Apdo. 9.3º a).	6	580,92 €
5	32.670.803-Q	154972/301 180174429	Resulta aplicable a puntuación adicional prevista na Base décimo cuarta (Apdos. 14.6 e 14.7).	+4 (total = 6 ptos)	387,28 € (diferencia entre o importe xa concedido por 2 ptos: 193,64 € e o que realmente lle corresponde por 6 ptos.: 580,92 €).
6	X3100289G	155593/301 180174865	Recálculo da renda efectiva da unidade familiar aplicando os ingresos e membros computables declarados pola solicitante.	4	387,28 €
7	36.136.037-R (M.R.C.C.) 36.117.235-J (J.A.F.F.)	153606/301 180174980	Achegou toda a documentación necesaria para resolver a solicitude de axuda.	18	1.742,46 €
8	36.106.835-D	154883/301 180187812	Recálculo da renda efectiva da unidade familiar (PNC) e aplicación da puntuación adicional prevista na Base décimo cuarta (Apdos. 14.6 e 14.7).	6	580,92 €
9	39.457.109-B	155893/301 180188699	Recálculo da renda efectiva da unidade familiar sen imputación de pensión alimentos non percibida.	4	387,28 €
10	36.111.241-E	153160/301 180190984	Recálculo da renda efectiva da unidade familiar con prorrogação dos ingresos correspondentes á parte do mes de febreiro percibida en marzo (Base novena, Apdo. 9.3º).	8	774,56 €
11	X6856641-L	152890/301 180176780	Acreditouse debidamente a situación de residencia legal en España (Bases sétima, Apdo. 7.1.1º e novena, Apdo. 9.3º a).	6	580,92 €

Nº	RECORRENT E DNI/NIE/PAS.	EXP. Nº DOC. Nº	MOTIVO ESTIMACIÓN	PUNTOS	IMPORTE AXUDA CONCEDIDA (valor pto.: 96,82€)
12	36.082.093-S	154578/301 180169194	Comprobouse o cumprimento do requisito de antigüidade acumulada mínima no PMH (nai: Base sétima, Apdo. 7.1.1º; filla: Base décimo cuarta, Apdo. 14.8).	8	774,56 €
					TOTAL: 7.551,66 €

SEGUNDO: Notificar ás persoas recorrentes, con indicación de que contra a resolución deste recurso non cabe ningún outro recurso administrativo, a non ser o extraordinario de revisión nos casos establecidos no artigo 125.1 da LPACAP, e de que poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo nos Xulgados do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous (2) meses contado desde o día seguinte ó da notificación do Acordo.

TERCEIRO: Publicar este acordo no Taboleiro oficial de anuncios da Casa do Concello e nas Unidades de Traballo Social do Servizo de Benestar Social. Será obxecto de publicación tamén no “Portal da Transparencia e Bo Goberno” do Concello de Vigo (<http://transparencia.vigo.org>) e remitirase a información precisa á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS)».

Non obstante, a Xunta de Goberno Local resolverá o que estime máis oportuno.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(126).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PARA A CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS PARA A FORMACIÓN CIDADÁ EN NOVAS TECNOLOXÍAS E O USO DE INTERNET NOS CENTROS MUNICIPAIS DE DISTRITO. EXPTE. 8235/320.

Dáse conta da proposta da Mesa de Contratación realizada o 12/02/19, que di o seguinte:

9.- Propostas de clasificación/clasificación

b) Procedemento aberto para a contratación de servizos para a formación cidadá en novas tecnoloxías e o uso de Internet nos centros municipais de distrito (8.235-320)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, proponse á Xunta de Goberno



Concello de Vigo

local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público - LCSP), a adopción do seguinte acordo: "Primeiro.- Dar conta da exclusión de ARA NEGOCIOS, S.L. do procedemento aberto para a contratación de servizos para a formación cidadá en novas tecnoloxías e o uso de Internet nos centros municipais de distrito (8.235-320), acordada pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 4 de febreiro de 2019, por ter incluído a súa proposición avaliable a través de fórmula no sobre B, motivo de exclusión previsto na cláusula 14.2B do prego de cláusulas administrativas particulares.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto na seguinte orde descendente:

ORDE	LICITADORES	PUNTUACIÓN TOTAL
1	APLICACIONES DE INFORMÁTICA DE AEVIGO, S.L.	90,40
2	SARARTE, S.L.	74,87
3	MÉTODO DE ESTUDIOS CONSULTORES, S.L.U.	65,65
4	NORFORMACIÓN, S.L.	61,84
5	CENTRO DE INICIATIVAS PROFESIONALES, S.L.	57,35

Terceiro.- Requirit ao licitador clasificado en primeiro lugar, APLICACIONES DE INFORMÁTICA DE AEVIGO, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).

Tendo en conta que o licitador xa presentou determinada documentación no sobre A, non será necesario que acredite a solvencia económica e financeira nin o nomeamento do delegado do contrato. Respecto da solvencia técnica e profesional, se ben constan no referido sobre diversos certificados, non resulta suficientemente acreditado que o licitador teña prestado servizos similares aos do obxecto do contrato por importe dunha anualidade media do prezo do contrato, xa que a maioría dos certificados non indican de que tipo de servizos se trata. Lémbrese que a solvencia técnica deberá acreditarse segundo o esixido na cláusula 8.4.3 do PCAP.

3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares".

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

8(127).- DAR CONTA DA PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DO CONTRATO PARA A XESTIÓN MEDIANTE CONCESIÓN DE SERVIZO PÚBLICO DE APARCADOIROS SUBTERRÁNEOS DE USO MIXTO EN DIFERENTES LUGARES DA CIDADE E REMISIÓN AO CONSELLO CONSULTIVO DE GALICA. EXPTE. 6258/241.

Dáse conta do informe-proposta de data 19/02/19, asinado pola xefa do Servizo de Contratación, o concelleiro-delegado da Área de Contratación e conformado pola titular da Asesoría Xurídica e o interventor xeral, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Real Decreto Legislativo 2/2000, de 16 de xuño, texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas (LCAP).
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real Decreto - Legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Decreto de 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais (RS).
- Prego de cláusulas técnicas e administrativas do concurso para a xestión mediante concesión de servizo público de aparcadoiros subterráneos de uso mixto en diferentes lugares da cidade aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local do Excmo. Concello de Vigo de data 14 de agosto de 2006 (PCAP).
- Prego de prescricións técnicas que rexerá no concurso para a adxudicación por procedemento aberto dun contrato de xestión de servizos públicos con execución de obra para a construción e posterior explotación, en dous lotes de tres, de seis aparcadoiros mixtos (rotatorio e residentes) en diferentes lugares da cidade de Vigo (PPT).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPA).

ANTECEDENTES

Primeiro.- En data 14 de agosto de 2006, a Xunta de Goberno Local (en adiante, XGL) acordou aprobar o expediente de contratación do concurso para a xestión, mediante concesión de servizo público de aparcadoiros subterráneos de uso mixto en diferentes lugares da cidade, os pregos de cláusulas administrativas e prescricións técnicas que rexen ó mesmo, así como o anteproxecto de explotación e das obras e dispuxo a apertura do procedemento de adxudicación.

Segundo.- En data 21 de maio de 2007, a XGL acordou adxudicar o lote 1 do citado procedemento á Unión Temporal de Empresas formada por Eloymar, S.A. e Tranvías



Concello de Vigo

Eléctricos de Vigo, S.A, e o lote 2 a Puentes y Calzadas Grupo de Empresas, S.A. (en adiante PUENTES). Este lote abarca os aparcamentos das rúas Jenaro de la Fuente, Castelao e Rosalía de Castro, así como un aparcadoiro de uso exclusivo de residentes anexo a este último.

Terceiro.- En data 21 de xuño de 2007, D. Luis García Vegazo, actuando en nome e representación de PUENTES Y CALZADAS GRUPO DE EMPRESAS, S.A., presentou escrito no que, tras recordar o seu compromiso de constituír unha sociedade concesionaria unipersonal de resultar adxudicatario, solicita que “se complete el acuerdo de la Junta de Gobierno Local de 21 de mayo de 2007, en el sentido de precisar que si bien la adjudicación del lote 2 del concurso es a PUENTES Y CALZADAS GRUPO DE EMPRESAS, S.A., esta constituirá una sociedad concesionaria, unipersonal, a la que aportará el capital comprometido, y con la que se otorgará el contrato adjudicado. Su denominación será COCHERAS OLÍVICAS DE PUENTES, S.A.”.

Cuarto.- En data 6 de agosto de 2007, a Xunta de Goberno Local, en resposta á solicitude do concesionario mencionada no antecedente anterior, adoptou o seguinte acordo: *“Entender que o acordo adoptado pola Xunta de Goberno local de 21 de maio de 2007 polo que adoptouse a adxudicación da concesión do servizo publico de redacción de proxectos de construción e explotación dos aparcamentos subterráneos do denominado lote 2 a Puentes y Calzadas S.A. é extensivo a Cocheras Olivicas de Puentes S.A. (Unipersonal) por así constar na proposición gañadora do concurso”.*

Quinto.- En data 10 de outubro de 2007 formalizouse o contrato con COCHERAS OLÍVICAS DE PUENTES, S.A.

Sexto.- En data 29 de outubro de 2007, D. Pablo Couto López, en nome e representación de COCHERAS OLÍVICAS DE PUENTES S.A, solicita que se autorice a execución simultánea dos traballos de construción dos aparcadoiros subterráneos das rúas Jenaro de la Fuente e Castelao. A mesma foi autorizada pola XGL en data 18 de febreiro de 2008.

Sétimo.- En data 9 de novembro de 2007, D. Pablo Couto López, en nome e representación de COCHERAS OLÍVICAS DE PUENTES S.A, solicita do órgano de contratación determinadas modificacións das trazas dos aparcadoiros obxecto da concesión da que a súa representada é titular, que foron aprobadas pola XGL en data 18 de febreiro de 2008.

Oitavo.- En data 2 de xuño de 2008, por resolución da XGL se procede á aprobación definitiva dos proxectos construtivos dos aparcadoiros subterráneos das rúas Jenaro de la Fuente, Castelao e Rosalía de Castro, así como do aparcadoiro de uso exclusivo de residentes anexo a este último.

As actas de comprobación de replanteo firmáronse en datas 11 de xuño de 2008 (Jenaro de la Fuente), 18 de xuño de 2008 (Castelao) e 29 de setembro (Rosalía de Castro e Anexo de Residentes).

A construción dos aparcadoiros de Jenaro de la Fuente, Castelao e o anexo a Rosalía de Castro de residentes comezou o día seguinte da firma da acta de comprobación do replanteo.

A construción do aparcadoiro de residentes de Rosalía foi paralizada pola mercantil concesionaria sen solicitar autorización á administración municipal nin dar conta das súas causas.

Noveno.- O aparcadoiro da Rúa Rosalía de Castro se sitúa no contorno do xacemento arqueolóxico Pontevedra-Areal, encadrado na categoría de ben catalogado no planeamento municipal, e que forma parte do inventario xeral do patrimonio cultural de Galicia. En consecuencia, a Consellería de Cultura da Xunta de Galicia ten que autorizar calquera intervención que lle afecte. Así, unha vez aprobado o proxecto polo órgano de contratación, solicitouse autorización á Delegación Provincial de Pontevedra da Consellería de Cultura e Deporte da Xunta de Galicia para a súa execución.

Antes de informar o proxecto do aparcadoiro, a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, en resolución de data 21 de novembro de 2008, ordenou a realización de sondaxes arqueolóxicas, e unha vez rematadas as mesmas, dado que se tiñan encontrado diversos restos arqueolóxicos ordenou unha ampliación das mesmas.

Décimo.- En data 14 de maio de 2009, D. Alejandro Amoedo Martínez, en nome e representación de COCHERAS OLÍVICAS DE PUENTES, S.A., ante estas dificultades e co fin de evitar maiores gastos para a realización dunhas sondaxes sen ter garantida a realización do aparcadoiro coa traza prevista, circunstancia que solo podería ser determinada á vista dos resultados das mesmas, solicita ó órgano de contratación a modificación da traza do aparcadoiro reducíndoa, deixando fora da mesma o tramo da rúa Rosalía de Castro comprendido entre as rúas Oporto e Canceleiro, o que evitaría a realización da escavación en área.

Undécimo.- En data 4 de decembro de 2009, a XGL, á vista de que o cambio de traza solicitado non implicaría custe económico para a facenda municipal por mor da renuncia formulada pola concesionaria, e en aras do seu deber de colaboración coa mesma, acordou a aprobar a modificación e solicitoulle a presentación dun novo proxecto construtivo conforme coa nova traza.

Duodécimo.- En data 15 de decembro de 2009, D. Gonzalo Vázquez Rodríguez, actuando en nome e representación de COCHERAS OLÍVICAS DE PUENTES S.A., presenta no Rexistro xeral deste Concello o proxecto modificado do aparcadoiro de uso mixto da rúa Rosalía de Castro. Detectado un erro no mesmo, en xaneiro de 2010, presenta unha separata ó proxecto modificado.

Décimo terceiro.- En data 4 de novembro de 2010, a Xunta de Goberno Local, tras aprobar as actas de comprobación dos aparcadoiros subterráneos da rúa Jenaro de la Fuente e da Avenida Castelao, acordou autorizar a COCHERAS OLÍVICAS DE PUENTES, S.A., a apertura ó servizo público dos mesmos.

Décimo cuarto.- No mesmo ámbito que os aparcadoiros de Rosalía de Castro, se estaba desenvolvendo a Unidade de Actuación I-06 Rosalía de Castro 2. O PCAP, co obxecto de evitar obras continuas en lugares próximos determina que “os aparcadoiros de (...) Rosalía de Castro e Anexo construíranse ó mesmo tempo que os Proxectos de Urbanización deses ámbitos a executar polas respectivas Xuntas de Compensación” e impón a necesaria coordinación entre ambos. No entanto, debido o retraso que acumulaba o inicio das obras do aparcamento e a paralización do de residentes, a Xunta de Compensación, coa autorización municipal, procedeu a urbanizar o tramo da rúa Rosalía de Castro comprendido entre as rúas Serafín Avendaño e García Barbón.

Á vista desta circunstancia, a concesionaria, pola súa propia iniciativa, sen rematar a tramitación necesaria para a aprobación do proxecto citado no antecedente duodécimo,



Concello de Vigo

presenta un novo proxecto en data 2 de agosto de 2011, que contemplaba unha nova redución de prazas.

Este proxecto proxecto construtivo foi remitido á Consellería de Medio Ambiente, territorio e infraestruturas. O xefe territorial, en resolución de data 13 de febreiro de 2012, determina que *“a actividade de construción de aparcadoiro solicitado por COCHERAS OLÍVICAS DE PUENTES S.A., ten a necesidade de sometemento ao procedemento de avaliación de incidencia ambiental regulado no Decreto 133/2008, de 12 de xuño”*.

Décimo quinto.- En data 20 de abril de 2012, a Xunta de Goberno Local, a solicitude do concesionario a consecuencia da baixa afluencia de público nesas horas, acorda “Autorizar o peche nocturno do aparcadoiro da Avenida de Castelao de 23 a 7 horas”.

Décimo sexto.- En data 8 de marzo de 2013, a Xunta de Goberno Local, acordou someter o proxecto do aparcadoiro de Rosalía de Castro mencionado no antecedente décimo cuarto ó procedemento de avaliación de incidencia ambiental con carácter previo á súa aprobación. Neste mesmo acordo resolve denegar a solicitude de reequilibrio económico financeiro da concesión, formulada por COCHERAS OLÍVICAS DE PUENTES, S.A., e requirirlle a reanudación, no prazo dun mes, da construción do aparcadoiro de residentes anexo ó aparcadoiro de uso mixto da rúa Rosalía de Castro con apercibimento de imposición de penalidades en caso de incumprimento.

Décimo sétimo.- En data 18 de decembro de 2012, D. Constantino Seara Seara, en nome e representación de COCHERAS OLÍVICAS DE PUENTES S.A., solicita que se declare a resolución do contrato de concesión de servizo público de aparcadoiros subterráneos de uso mixto nas rúas Rosalía de Castro, Jenaro de la Fuente e Avenida Castelao, por causas sobrevidas e imprevisibles que fan inviable a súa execución, e se proceda a liquidación do contrato e o posterior pago das inversións realizadas e da indemnización correspondente ó importe da prestación deixada de realizar polo concesionario. Esta resolución é denegada por acordo da XGL de data 19 de abril de 2013.

Contra este acordo COCHERAS interpuxo recurso contencioso-administrativo, que foi desestimado por sentenza nº 58 do 25/03/2014 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo.

Esta sentenza foi apelada (rec. 4292/2014) ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia e a Sala do Contencioso-Administrativo, na súa sentenza nº 757 do 02/10/2014 confirmou a de instancia.

Décimo oitavo.- O xulgado do mercantil número 2 de A Coruña, en auto de data 23 de xaneiro de 2015, declarou en concurso voluntario de acredores á mercantil COCHERAS OLÍVICAS DE PUENTES S.A. Deste auto tomou coñecemento a Xunta de Goberno Local en data 26 de marzo de 2015.

Décimo noveno.- Á vista da situación plantexada polo concurso da sociedade instrumental creada para a xestión dunha concesión de servizo público municipal, o órgano de contratación, entre as medidas adoptadas, en data 17 de abril de 2015, acordou “a realización dun estudo técnico sobre as necesidades que demande o interese público en relación co servizo público de aparcamento para avaliar o obxecto e condicións do contrato”.

En cumprimento deste acordo, solicitouse informe ó Interventor Xeral do Concello e a un terceiro independente alleo á Administración municipal, a empresa consultora SEIXAS CONSULTORA, S.L , que foron emitidos en datas 12 de maio e 19 de xuño de 2015, respectivamente. Dos devanditos informes desprendese a inviabilidade da concesión nos termos nos que foi adxudicada, e a necesidade de acometer unha modificación da mesma que reequilibre a economía do contrato.

Vixésimo.- En data 26 de xuño de 2015, a XGL, acordou iniciar un procedemento para a modificación do contrato. Este acordo someteuse á condición suspensiva de finalización do procedemento concursal sen liquidación de COCHERAS (punto 5º), así como o cumprimento dos seguintes requisitos por PUENTES Y CALZADAS GRUPO DE EMPRESAS, S.A. (punto 2º):

1. Levar ó contrato a unha situación de cumprimento, con relación os seus compromisos de financiamento de conformidade co contido da súa oferta “sobre 2 tomo 0 ; 3.2 Detalle de las fuentes de financiación”, consonte requiríuselle no acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local en data 17 de abril de 2015.
2. Incrementar o capital social de COCHERAS OLÍVICAS ata a cifra prevista no artigo 5 dos seus Estatutos Sociais, o 10% do custo do investimento directo na concesión.
3. Achegar a contía de 1.675.000 euros para solventar a situación de falta de liquidez de tesourería de COCHERAS OLÍVICAS DE PUENTES, S.A, que posibilite a viabilidade financeira da concesión.
4. Renunciar ao lucro cesante que deixará de percibir como consecuencia da modificación do contrato, por mor da non construción do aparcadoiro de Rosalía de Castro I, que se cifra, segundo o exposto no fundamento xurídico VI, en 1.722.000 euros.

Vixésimo primeiro.- En auto de 19 de novembro de 2015, o xulgado do mercantil número 2 de A Coruña decretou a conclusión do concurso “porque ya no existe la situación de insolvencia”, consecuencia do cumprimento por parte do concesionario, PUENTES Y CALZADAS GRUPO DE EMPRESAS, S.A., das súas obrigas contractuais de capitalizar a COCHERAS OLÍVICAS DE PUENTES, S.A.U., e solventar a falta de liquidez da súa tesourería.

Vixésimo segundo.- En data 27 de novembro de 2015, D. Constantino Seara Seara, en nome e representación de PUENTES Y CALZADAS GRUPO DE EMPRESAS, S.A., e COCHERAS OLÍVICAS DE PUENTES, S.A.U., presentou escrito manifestando:

1. A conclusión do concurso de acredores de COCHERAS OLÍVICAS DE PUENTES, S.A.U., decretada en auto do Xulgado do Mercantil 2 de A Coruña, de data 19 de novembro de 2015.
2. O cumprimento dos requisitos previos para a continuación da tramitación da modificación relativos a:



Concello de Vigo

- Capital social. Para dar cumprimento os requisitos 1 e 2 do punto 2º do acordo da XGL de 26.06.2015 aumentouse o capital social de COCHERAS a 4.130.089. Extremo que acredítase con copia da escritura pública de elevación a público do acordo social de ampliación de capital.
- Tesourería. Acredita a achega de 1.675.000 euros á tesourería de COCHERAS axuntando copias compulsadas da escritura da constitución de préstamo participativo por PUENTES e COCHERAS, en data 25 de novembro de 2015, así como do movemento bancario que acredita a transferencia desta cantidade nunha conta corrente de COCHERAS.
- Renuncia ó lucro cesante que deixará de percibir como consecuencia da modificación do contrato e que se cifra, segundo o citado acordo en 1.722.000 euros.

Vixésimo terceiro.- En data 4 de marzo de 2016, a XGL acordou tomar coñecemento da proposta de modificación e, previamente á adopción do acordo de modificación, remitir o expediente ó Consello Consultivo de Galicia para a emisión de ditame preceptivo, de conformidade co previsto no artigo 102.1 da Lei 30/1992 e na Lei 3/2014, de 24 de abril, do Consello Consultivo de Galicia.

En data 11 de maio de 2016, o Consello Consultivo de Galicia, no ditame nº82/2016, informa desfavorablemente a proposta de modificación do contrato. Á vista do mesmo, o Concello de Vigo optou por non continuar coa tramitación da modificación do contrato.

Vixésimo cuarto.- En auto de data 20 de abril de 2017, o xulgado do mercantil número 1 de A Coruña, declarou en concurso voluntario de acredores á mercantil COCHERAS OLÍVICAS DE PUENTES S.A. No mesmo auto nomease administradora concursal á sociedade RIVAS & MONTERO BUFETE DE ABOGADOS, S.L.P. (agora denominada ARISTEIA ABOGADOS, S.L.P., en adiante, ARISTEIA ou a administradora concursal).

En auto de data 7 de xuño de 2017, o citado xulgado acordou, no seo do procedemento concursal, a apertura da fase de liquidación do contrato.

Vixésimo quinto.- En data 20 de xuño de 2017, D. Cristina Pedrosa Leis, en nome e representación de ARISTEIA, insta a este Concello a que proceda á resolución administrativa e liquidación da citada concesión, de conformidade coa lexislación de aplicación. Así mesmo, pon os aparcadoiros a disposición do Concello, requiríndolle para que os reciba canto antes, e en todo caso, no prazo máximo dun mes. Esta solicitude de resolución foi denegada por acordo da XGL de 10 de agosto de 2017. Este acordo foi impugnado pola administradora concursal, que interpuxo recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo, proceso que aínda atópase sub iudice.

Vixésimo sexto.- En auto do Xulgado do Mercantil nº 1 da Coruña de data 16 de Febreiro de 2018, acordase o cese da actividade empresarial da mercantil COCHERAS

OLÍVICAS DE PUENTES, S.A.U., así como a pechadura das oficinas, establecementos ou explotacións de que fose titular. Á vista do mesmo, o órgano de contratación requiriu a PUENTES, en data 1 de marzo de 2018, acordou requirir a PUENTES, para que no prazo dun mes a contar desde a recepción da resolución, continuase coa xestión da citada concesión, apercibíndolle de que en caso contrario, esta Administración procedería a resolución do contrato por incumprimento grave das súas obrigas esenciais ou a declarar a

caducidade da mesma, segundo proceda”. Este acordo foi notificado ao concesionario en data 2 de marzo.

Vixésimo sétimo.- En data 1 de marzo de 2018, a XGL acordou *“Requirir á PUENTES Y CALZADAS GRUPO DE EMPRESAS, S.A., titular da concesión de servizo público para a construción e explotación de aparcadoiros subterráneos de uso mixto nas rúas Rosalía de Castro, Jenaro de la Fuente e Avenida Castela, por acordo da Xunta de Goberno Local (no sucesivo XGL) de data 21 de maio de 2007, para que no prazo dun mes a contar desde a recepción da presente resolución, continúe coa xestión da citada concesión, apercibiéndole de que en caso contrario, esta Administración procederá a resolución do contrato por incumprimento grave das súas obrigas esenciais ou a declarar a caducidade da mesma, segundo proceda”.*

Vixésimo oitavo.- En data 5 marzo de 2018, a XGL acordou aprobar o Plan económico-financieiro da concesión do servizo público dos aparcadoiros situados na rúa Jenaro de la Fuente e Avenida de Castela elaborado por Seixas Invest. S.L., e presentado na data 27 de decembro de 2017, o expediente de contratación relativo á citada concesión e abrir a licitación da mesma. Na actualidade esta licitación non rematou.

O PCAP somete a formalización deste contrato á condición suspensiva na súa cláusula 60.

Vixésimo noveno.- En data 16 de marzo de 2018, a Administradora concursal comunicou por correo electrónico a esta Administración o peche dos aparcadoiros en data 31 de marzo de 2018, en cumprimento do citado auto do xulgado do mercantil número 1 de A Coruña de 16 de febreiro de 2018.

Trixésimo.- En data 27 de marzo de 2018, a XGL acordou:

“1º.- Declarar o incumprimento de PUENTES Y CALZADAS GRUPO DE EMPRESAS, S.A., titular da concesión de servizo para a construción, por acordo da Xunta de Goberno Local (no sucesivo XGL) de data 21 de maio de 2007, da súa obriga de explotación dos aparcadoiros, polos motivos expostos no fundamento xurídico terceiro do presente informe.

2º.-Asumir temporalmente a execución directa do servizo público de explotación dos aparcadoiros subterráneos de uso mixto situados nas rúas Jenaro de la Fuente e Avenida Castela, consonte ao disposto no artigo 127.1.3ª RSCL.

3º.- Continuar, a partir do 1 de abril de 2018, e nas mesmas condicións, cos contratos que actualmente están en vigor celebrados por COCHERAS OLÍVICAS DE PUENTES, S.A., cos seguintes subcontratistas:

- Contrato de data 20 de outubro de 2010, celebrado con Eulen, S.A., para os servizos de xestión de aparcamentos. O importe mensual deste contrato é de 21.221,06 euros.*
- Contratos de datas 18 de novembro de 2010 e de 9 de marzo de 2015 celebrados con Prosegur Transportes de Valores, S.A., que ten por obxecto o servizo de recollida de efectivo nos aparcadoiros de Jenaro e Castela respectivamente. O importe mensual medio neste ano é de 280,50 euros.*
- Contratos de data 1 de abril de 2015 celebrados con Parkare Group, S.L., de*



Concello de Vigo

mantemento de equipos para os aparcadoiros de Jenaro de la Fuente e Castelao. O importe mensual deste contrato é de 1.211,95 euros.

- *Contratos de data 1 de novembro de 2012 celebrados con Indra Sistemas, S.A., de mantemento de instalacións eléctricas, ventilación forzada, protección de incendios e detección de monóxido de carbono. O importe mensual deste contrato é 600 euros.*
- *Contratos de data 10 de marzo de 2010 celebrados con Orona, Sociedad Cooperativa, de mantemento dos aparatos elevadores dos aparcadoiros sitos na avenida de Castelao e na rúa Jenaro de la Fuente. O importe mensual deste contrato é de 323,02 euros.*

4º.- Autorizar o gasto para facer fronte a continuidade dos citados contratos no apartado anterior no mes de abril de 2018 para o cal existe consignación presupostaria na aplicación de nova creación 44122279900 "Financiamento aparcamentos Jenaro de la Fuente e Castelao".

5º.- Continuar cos contratos de subministracións de auga e electricidade aos aparcadoiros celebrados por COCHERAS OLIVICAS DE PUENTES, S.A.

6º.- Incoar expediente para determinar se procede declarar a resolución do contrato por incumprimento grave do concesionario das súas obrigas esenciais, ou, no seu caso, declarar a caducidade da concesión.

7º.- Dar traslado do presente acordo aos interesados con indicación de que o presente acordo é definitivo en vía administrativa".

Contra este acordo, COCHERAS OLIVICAS DE PUENTES, S.A. (recurso contencioso-administrativo nº 328/2017), e PUENTES Y CALZADAS GRUPO DE EMPRESAS, S.A., interpusieron sendos recursos contencioso-administrativos.

Trixésimo primeiro.- En data 23 de marzo de 2018, D. Carlos Paz Costas, en nome e representación de PUENTES Y CALZADAS GRUPO DE EMPRESAS, S.A., presenta escrito de alegacións no Rexistro Xeral da Xunta de Galicia, e que ten entrada no Rexistro do Concello de 2 de abril de 2018.

O mesmo comeza cunha exposición dos antecedentes e continúa formulando alegacións que podemos sintetizar nas dous seguintes:

1. Considera que o concesionario é COCHERAS OLIVICAS DE PUENTES. Para reforzar os seus argumentos relaciona exemplos de supostos similares, a saber, as autopistas radiais e o Pazo de Congressos de Vigo.
2. Que o contrato foi resolto por ministerio da lei coa apertura da fase de liquidación, e en consecuencia non pode ser resolto de novo.

Se contestará a mesmas ao fío da exposición que se realizará nos fundamentos xurídicos. A primeira no fundamento xurídico segundo. E a segunda no fundamento xurídico sétimo.

Trixésimo segundo .- En data 30 de marzo de 2018, D. Cristina Pedrosa Leis, en nome e representación de ARISTEIA, procedeu a entregar os aparcadoiros de Jenaro de la Fuente e

Castelao ao Concello de Vigo, que na actualidade está a xestionar os mesmos. As actas de recepción dos mesmos incorporanse sendos informes do sr. xefe de Vías e Obras e Infraestruturas, sobre o estado dos citados aparcadoiros.

Trixésimo terceiro.- En data 28 de xuño de 2018, a XGL acordou:

“1º.- Incoar expediente para declarar a resolución do lote 2 da concesión de servizo público de aparcadoiros subterráneos de uso mixto en diferentes lugares da cidade, adxudicado por acordo deste órgano a Puentes y Calzadas Grupo de Empresas, S.A., en data 21 de maio de 2007, por incumprimento das súas obrigas esenciais polo concesionario, consonte ao argumentado no corpo deste escrito.

2º.- Notificar este acordo a Puentes y Calzadas Grupo de Empresas, S.A., concedéndolle un prazo de trámite de audiencia de dez días naturais para formular alegacións”.

Trixésimo cuarto.- En data 20 de xullo de 2018, D. Carlos Paz Costas, en nome e representación de PUENTES Y CALZADAS GRUPO DE EMPRESAS, S.A., presenta escrito de alegacións no Rexistro Xeral deste Concello.

Trixésimo quinto.- En data 15 de novembro de 2018, a XGL acordou:

“1º.- Declarar a caducidade do expediente incoado por este órgano de contratación, mediante acordo de 28 de xuño de 2018, para declarar a resolución do lote 2 da concesión de servizo público de aparcadoiros subterráneos de uso mixto en diferentes lugares da cidade, adxudicado por acordo deste órgano a Puentes y Calzadas Grupo de Empresas, S.A., en data 21 de maio de 2007, por incumprimento das súas obrigas esenciais polo concesionario.

2º.- Proceder a o arquivo do expediente, de conformidade co establecido no artigo 95 da LPAC.

3º.- Notificar este acordo ó interesado, con indicación expresa dos recursos procedentes”.

Trixésimo sexto.- En data 7 de decembro de 2018, a XGL acordou:

“1º.- Incoar expediente para declarar a resolución, ou no seu caso a caducidade, do lote 2 da concesión de servizo público de aparcadoiros subterráneos de uso mixto en diferentes lugares da cidade, adxudicado por acordo deste órgano a Puentes y Calzadas Grupo de Empresas, S.A., en data 21 de maio de 2007, por incumprimento das súas obrigas esenciais polo concesionario, consonte ao argumentado no corpo deste escrito.

2º.- Notificar este acordo a Puentes y Calzadas Grupo de Empresas, S.A., concedéndolle un prazo de trámite de audiencia de dez días naturais para formular alegacións”.

Trixésimo sétimo.- En data 26 de decembro de 2018, D. Carlos Paz Costas, en nome e representación de PUENTES Y CALZADAS GRUPO DE EMPRESAS, S.A., presenta escrito de alegacións no Rexistro Xeral deste Concello.

O punto Primeiro do escrito inclúe un resumo dos motivos de oposición á resolución deste contrato, e que sintetiza nos seguintes:

1. PUENTES no é a titular da concesión.



Concello de Vigo

2. A concesionaria é COCHERAS OLÍVICAS DE PUENTES, S.A.U.
3. O contrato de concesión está resolto por ministerio da lei dende que o Auto de 7 de xuño de 2017 acordou a apertura da fase de liquidación do concurso de acredores da concesionaria.
4. Resolto o contrato non pode resolverse de novo nin por incumprimento nin por ningunha outra causa.
5. Non existe ningún incumprimento de condicións esenciais do contrato.

No punto Segundo se fai un resumo de antecedentes, no que se relatan as vicisitudes deste contrato. Con relación aos mesmos é preciso facer unha aclaración. No “apartado 26”, o Sr. Paz manifesta que PUENTES “contestou aos requirimentos contidos nos acordos da XGL de 1 e 21 de marzo de 2018 en escrito presentado no Rexistro electrónico o 23 de marzo de 2018, aínda que este extremo ocultase no informe no que se basa o acordo do que agora evacúase o trámite de audiencia, e no Rexistro Xeral da Xunta de Galicia tamén no mesmo día”. O certo é:

- Que o segundo dos acordos é de data 27 de marzo e non de 21, por tanto o citado escrito non pode responder ó mesmo.
- Que o acordo da XGL de 7 de decembro de 2018 ao que agora formula alegacións si contén referencia a ese escrito, en concreto no punto vixésimo noveno do mesmo, cuxo contido reproducéase integramente no punto trixésimo primeiro deste escrito. E as alegacións foron contestadas nos fundamentos xurídicos do mesmo.

Nos puntos Terceiro a Noveno fundaméntanse os motivos de oposición á resolución da concesión. No entanto, aos motivos de oposición citados no punto primeiro engádesse os seguintes:

- A inaplicación da doutrina do levantamento do velo e a inexistencia de fraude de lei (punto quinto).

Entre os motivos de oposición inclúe exemplos de supostos similares (punto Cuarto) e cita as autopistas radiais de Madrid e o Pazo de Congresos de Vigo.

E finaliza achacando á que subscribe, e por extensión ao órgano de contratación que suscribe á proposta formulada, xuízos de valor e faltas a verdade (punto décimo) e a repobable conduta do Concello de Vigo (punto undécimo).

Trataremos os motivos de oposición nos fundamentos xurídicos que seguen.

Trixésimo oitavo.- En data 6 de febreiro de 2019, o Xulgado do contencioso-administrativo nº 1 ditou sentenza no recurso contencioso-administrativo nº 328/2017, citado no antecedente trixésimo deste escrito, na que se declara que o contrato resolveuse ó iniciarse a fase de liquidación no procedemento concursal. Esta sentenza aínda non é firme e a Asesoría Xurídica municipal manifesta a súa intención de recorrela. En consecuencia, non afecta ós fundamentos xurídicos recollidos no presente informe.

Trixésimo noveno.- En data 15 de febreiro de 2019, D. Carlos Paz Costas, en nome e representación de PUENTES Y CALZADAS GRUPO DE EMPRESAS, S.A., presenta escrito no Rexistro Xeral deste Concello, ó que axunta a sentenza citada no antecedente

anterior, e manifesta que esta confirma os seus motivos de oposición a proposta municipal de resolución da concesión.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

Natureza do contrato e lexislación aplicable

A concesión de servizo público para a construción e explotación de aparcadoiros subterráneos de uso mixto nas rúas Rosalía de Castro, Jenaro de la Fuente e Avenida Castelao, adxudicada por acordo da Xunta de Goberno Local (no sucesivo XGL) de data 21 de maio de 2007 á PUENTES Y CALZADAS GRUPO DE EMPRESAS, S.A., pode cualificarse como contrato de xestión de servizo público.

Resulta preciso determinar en primeiro lugar, a lexislación á aplicar a este contrato. Os contratos se rexen, en canto ós seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no Prego de cláusulas administrativas particulares e pola lexislación vixente no momento en que foron celebrados (disposición transitoria primeira da LCSP e disposición transitoria segunda CC), é dicir:

- Real Decreto Legislativo 2/2000, de 16 de xuño, texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas (LCAP).
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).
- Decreto de 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais (RS).

Este contrato é definido pola lexislación contractual que resúltalle de aplicación como aquel mediante o cal as Administracións Públicas encomendan a unha persoa, natural o xurídica, a xestión dun servizo público (artigo 154.1 LCAP).

A súa regulamentación específica está contida no título II do libro II da LCAP e no Regulamento de servizos das corporacións locais. Tamén lle serán de aplicación os preceptos establecidos na LCAP para o contrato de concesión de obras públicas (título V do libro II), por imperativo do artigo 158.2 LCAP, por comprender tamén a execución de obras.

-II-

Do titular da concesión

No escrito de alegacións citado antecedente trixésimo sétimo, PUENTES nega a súa condición de adxudicatario, se ben para xustificalo se limita:

- A citar o xiro legislativo da normativa de contratación, que dende a lei 30/2007, considera que os contratos se perfeccionan coa formalización.
- Pon en dúbida que a natureza desta concesión sexa de xestión de servizos públicos, pois considera que dadas as súas características é de obra pública. Se ben recoñece que esta cuestión é indiferente por canto a lei admite a posibilidade de constituír unha sociedade instrumental para a xestión das concesións de servizos públicos.



Concello de Vigo

- Manifesta que no contrato non hai alusión algunha a PUENTES, senón a COCHERAS, que foi quen constituíu a garantía definitiva para responder do contrato.
- E remata afirmando que, dado que o PCAP no seu artigo 10 só permite outorgar o contrato a unha soa persoa ou entidade, operada a substitución de PUENTES por COCHERAS, esta deviu titular da concesión e dos dereitos e obrigas que dela se deriven.

Analizaremos a continuación cada unha destas cuestións.

O contrato que nos ocupa foi adxudicado a un grupo empresarial, PUENTES Y CALZADAS GRUPO DE EMPRESAS, S.A. O adxudicatario manifestou na Memoria incluída no sobre 2 (apartado 3), no Plan Económico Financeiro (subapartado 3.2), a súa intención de constituír unha sociedade unipersonal para a xestión da concesión en caso de resultar adxudicatario. Consecuentemente, unha vez adxudicado o contrato, a entidade adxudicatario do contrato constituíu a sociedade anónima unipersonal, COCHERAS OLÍVICAS DE PUENTES, S.A., cun capital social de 61.000 euros e solicitou á Administración a autorización de formalización do contrato con esta sociedade.

A lexislación pola que se rexe este contrato permitía que o adxudicatario dunha concesión de obra pública puidese constituír unha sociedade ad-hoc para a explotación da mesma. Esta posibilidade foi introducida pola Lei 13/2003, de 23 de maio, reguladora do contrato de concesión de obras públicas, nos artigos 230 e 232.3 do TRLCAP.

Pero o contrato que nos ocupa non é unha concesión de obra pública senón de xestión de servizo público con obra. O PCAP que o regula non prevé a posibilidade de constituír unha sociedade concesional para a explotación da concesión, e en consecuencia non a regula, se ben esta figura resulta admisible a teor do disposto nos artigos 156.a e 232.3 do TRLCAP.

Consecuentemente, dado que o adxudicatario da concesión na súa oferta manifestou a súa vontade de constituíla e solicitou a esta Administración a formalización do contrato coa mesma, a XGL tomou razón da constitución deste sociedade instrumental e acordou a extensión dos efectos da adxudicación do contrato á mesma, formalizándose o contrato con ela.

Máis esta extensión de efectos non implica que esta Administración teña atribuído en ningún momento a cualidade de concesionario a esta sociedade instrumental, senón que sempre considerou concesionario a PUENTES Y CALZADAS GRUPO DE EMPRESAS, S.A.

Avalaría esta tese o feito de que, os contratos, de acordo coa lexislación pola que se rexe o presente, se perfeccionan coa súa adxudicación (artigo 53 TRLCAP). En consecuencia, o adxudicatario deste contrato non é COCHERAS OLÍVICAS DE PUENTES, senón, a tenor do acordo de adxudicación, PUENTES Y CALZADAS GRUPO DE EMPRESAS, S.A.

Así o recoñece o propio concesionario en escrito de 21 de xuño de 2007, no que tras recordar o seu compromiso de constituír unha sociedade concesionaria unipersonal de resultar adxudicatario manifesta que “procede se complete el acuerdo de la Junta de Gobierno Local de 21 de mayo de 2007, en el sentido de precisar que **si bien la adjudicación del lote 2 del concurso es a PUENTES Y CALZADAS GRUPO DE EMPRESAS, S.A.**, esta constituirá una sociedad concesionaria, unipersonal, a la que aportará el capital comprometido, y con la que se otorgará el contrato adjudicado. Su

denominación será COCHERAS OLÍVICAS DE PUENTES, S.A.”, solicitándoo así ó órgano de contratación.

Avala tamén esta interpretación a circunstancia de que COCHERAS nunca ten sido unha sociedade diferente de PUENTES. Sempre existiu confusión entre a sociedade matriz e a instrumental, motivada por circunstancias tales como:

- Que PUENTES é socio único de COCHERAS.
- Que PUENTES é o seu administrador único.
- O apoderado de ambas empresas é o mesmo.
- COCHERAS nunca tivo persoal propio.
- O seu domicilio social é o de PUENTES.
- A construción dos aparcadoiros foi realizada polo propio grupo PUENTES, en concreto por PUENTES INFRAESTRUCTURAS.

O problema que representan as sociedades concesionais que se constitúen con forma de sociedade de responsabilidade limitada ou de sociedade anónima, é que posúen un escaso capital social con relación á sociedade matriz, pois a lei non fixa un capital mínimo as mesmas, polo que é frecuente que se lles dote do capital mínimo esixido pola Lei para este tipo de sociedades mercantís.

En virtude do interese público subxacente aos contratos públicos, a nosa lexislación contractual esixe aos licitadores, ademais de posuír personalidade xurídica e plena capacidade de obrar, unhas condicións mínimas de solvencia económica e financeira e profesional ou técnica que garantan a boa execución do contrato (artigo 15 TRLCAP e 62 TRLCSP). Así, o artigo 15 TRLCAP determina que “Poderán contratar coa Administración as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar e acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica ou profesional, requisito este último que será substituído pola correspondente clasificación nos casos en que con arranxo a esta lei sexa esixible. Especificando o artigo 16 (artigo 75 TRLCSP) os medios de acreditar a solvencia económica ou financeira e os artigos 17 a 19 (artigos 76 a 79) os medios de acreditación da solvencia técnica ou profesional en cada tipo de contrato.

Non tería sentido e resultaría contradictorio que a lexislación impoña as Administracións públicas para contratar, a obriga de esixir os licitadores, ademais de capacidade, unha determinada solvencia para ser admitidos nunha licitación, e que unha vez adxudicado o contrato, permita que o adxudicatario constitúa unha sociedade instrumental para xestionar a concesión outorgada, que como novo suxeito de dereito, non é posible que posúa a solvencia técnica esixida para a licitación, e sen esixirille ó menos a mesma solvencia económica que a entidade matriz concesionaria. Admitir o contrario, suporía trasladar a xestión dun servizo público e a responsabilidade inherente á mesma, a outro suxeito con menor capital social, e en consecuencia, menor solvencia económica, e correndo o risco, como no caso que nos ocupa, de que acabe sendo insolvente ante perdas de escasa entidade, circunstancia, por outro lado, que non é infrecuente en contratos de larga duración, que como a concesión de servizo público poden acadar unha duración de 50 anos (artigo 157.1.a TRLCAP). Ao longo deste período os contratos vense afectados polas vicisitudes polas que atravesa a economía, que é ben sabido que é cíclica, alternándose os períodos de bonanza económica cos períodos de crise. E o concesionario dun servizo



Concello de Vigo

público deberá posuír capacidade económica suficiente para afrontar estas épocas de crise, pois non podemos perder de vista o feito de que é consubstancial á concesión pública que o concesionario xestiona o seu risco e ventura. O contrario faría perigar a boa xestión do servizo público e someter a prestación do mesmo aos avatares da economía do concesionario.

Nalgúns casos esta figura da sociedade concesional é só unha farsa por canto as concesións son xestionadas directamente pola sociedade matriz con persoal propio, polo menos a nivel directivo, e como máximo a sociedade concesional ten persoal propio dedicado á xestión cotiá da concesión.

A sociedade matriz pode verse tentada, si a concesión, polas razóns que sexan, non resulta tan rendible como estaba previsto, a deixar que a sociedade concesional acabe nunha situación de insolvencia que derive nun procedemento concursal, ou simplemente abandone a xestión e provoque a resolución do contrato, pois a nosa lexislación impón a Administración a obriga de aboar o prezo das obras construídas, con independencia da existencia, ou non, de culpa ou responsabilidade do concesionario na mesma.

O mesmo ocorrería se o concurso acabase en liquidación, con independencia da culpa ou non da sociedade concesionaria na súa insolvencia.

En ambos casos, a Administración vén obrigada a resolver o contrato e a abonar o prezo das obras e instalacións que, executadas por este, vaian a pasar a propiedade daquela, tendo en conta o seu estado e o tempo que reste para a reversión" (artigo 169 TRLCAP), o que podería producir un grave quebranto nas arcas públicas.

A concesión que nos ocupa foi adxudicada a un grupo de empresas, que no momento de presentarse á licitación acreditou ter solvencia económica presentando a cifra global de negocios dos tres anos anteriores ó da licitación,(116.802.959 euros, no ano 2003; 143.025.684 euros, no ano 2004 e 181.721.191 euros, no ano 2005), e con informes de diferentes entidades financeiras. En concreto, no informe da entidade financeira Sabadell Atlántico se declara que ten capacidade para facer fronte as obrigas derivadas do contrato ata unha contía de 70.000.000 de euros. E acreditou a solvencia técnica xustificando a realización de traballos de natureza análoga e mediante a descrición do equipo técnico á adscribir á execución do contrato. O grupo PUENTES, tal e como se deduce do informe do Administrador concursal obrante no expediente, a día de hoxe non tería problemas para a execución do contrato. Di este informe que "COCHERAS pertence a un grupo de empresas, que encabeza su socio único PUENTES, y creemos que tiene pulmón financiero suficiente para llevar a cabo la construcción de los Aparcamientos Rosalía. Distinto es, que con la situación actual planteada (reducción de plazas en torno a un 40% con el segundo proyecto modificado respecto al proyecto inicial) sea viable económicamente la inversión requerida" (páxina 38). En virtude das obrigas asumidas na súa oferta de capitalizar a súa sociedade instrumental en caso de perdas, debería aportar o capital necesario para subverter a situación de insolvencia puntual que se ten producido na súa sociedade instrumental".

Pois ben, a xuízo da informante, é un fraude de lei que PUENTES se presente á licitación da concesión, constrúa os aparcadoiros que non ofreceron problemas, e tras un breve período de explotación, dado que esta non resulta rendible, tente a resolución do contrato pola vía

de solicitar o concurso voluntario de acredores da sociedade instrumental encargada da xestión do mesmo, incumprindo as súas obrigas de capitalizala.

A xurisprudencia do Tribunal Supremo establece sobre o fraude de lei que “ El art. 6.4 del Código Civil establece que los actos realizados al amparo del texto de una norma que persigan un resultado prohibido por el ordenamiento jurídico, o contrario a él, se considerarán ejecutados en fraude de ley y no impedirán la debida aplicación de la norma que se hubiere tratado de eludir. Como reitera la jurisprudencia, el fraude de ley requiere como elemento esencial, un acto o serie de actos que, pese a su apariencia de legalidad, violen el contenido ético de los preceptos en que se amparan, ya se tenga o no conciencia de burlar la ley (SS, entre otras, 17 abril 1997, 3 febrero 1998, 21 diciembre 2000). Se caracteriza (SS, entre otras, 4 noviembre 1994, 23 enero 1999, 27 mayo 2001, 13 junio 2003) por la presencia de dos normas: la conocida, denominada de «cobertura», que es la que se acoge quien intenta el fraude, y la que a través de ésta se pretende eludir, que es la norma denominada «eludible o soslayable», amén de que ha de perseguir un determinado resultado contrario a lo ordenado o prohibido imperativamente (S 27 marzo 2001 y 30 septiembre 2002). Es claro, que no se requiere la intención, o conciencia, o idea dirigida a burlar la ley (SS 17 abril 1997, 3 febrero 1998 y otras), pero es preciso que la ley en que se ampara el acto presuntamente fraudulento no le proteja suficientemente (S 23 febrero 1993) y, que la actuación se encamine a la producción del resultado contrario o prohibido por una norma tenida como fundamental en la materia, y tal resultado se manifieste de forma notoria e inequívocamente (SS 4 noviembre 1982 y 30 junio 1993)” (STS Sala 1ª, de 28 de xaneiro de 2005, recurso 3579/1998).

E, en opinión da que subscribe, é un fraude de lei acudir a xurisdición mercantil e solicitar un concurso voluntario de acredores, para tentar lograr a resolución do contrato. Concurso evitable so con cumprir o grupo Puentes as obrigas ás que se comprometeu na súa oferta, aportando capital a sociedade instrumental, e ás que lle imponen os estatutos de COCHERAS na súa calidade de socio único da mesma de dotala de capital para afrontar a xestión e remediar os desequilibrios patrimoniais que puidesen producirse durante a vida da concesión.

Supón a aplicación de normas con fins distintos ós previstos polo ordenamento xurídico. Solicita o concurso cunhas pequenas perdas, perfectamente asumibles polo grupo empresarial so coa finalidade de rematar coa liquidación e conseguir así a resolución do contrato sen culpa, evitando así a aplicación da lexislación administrativa, e en concreto, a contractual.

Tal e como se demostrará ao longo deste informe, o único concesionario ten sido PUENTES. COCHERAS nunca tivo persoal propio, nin oficinas, nin ten intervido na xestión da concesión. Subcontratou calquera aspecto da mesma con terceiros. O subcontratistas recibían instrucións directamente de empregados de PUENTES. Non parece lícito que ante as primeiras dificultades e tendo transcorrido so pouco máis dunha quinta parte do período concesional PUENTES non capitalice a súa instrumental, esta sexa liquidada nun procedemento concursal e esta Administración teña que afrontar o custe de desembolsar o prezo de construción dos aparcadoiros. O lóxico é que PUENTES afronte a súa responsabilidade nesta situación e aboe a esta Administración os danos e prexuízos ocasionados, os cales deberán ser determinados no posterior proceso de liquidación do contrato.



Concello de Vigo

-III-

Do principio de risco e ventura na execución do contrato

Para poder apreciar a responsabilidade do concesionario na insolvencia da instrumental creada para a xestión da concesión é preciso por de releve algúns dos principios básicos que rexen a contratación administrativa no noso ordenamento xurídico, así como a interpretación que dos mesmos fan a doutrina legal e a xurisprudencia.

É principio tradicional na nosa lexislación de contratos que a execución do contrato se realizará a risco e ventura do contratista. Este principio se declara de forma explícita no artigo 98 TRLCAP a cuxo tenor “A execución do contrato realizarase a risco e ventura do contratista”. Polo que respecta ás concesións de xestión de servizos públicos, refórzase no artigo 156 que dispón “A contratación da xestión dos servizos públicos poderá adoptar as seguintes modalidades: a) Concesión, pola que o empresario xestionará o servizo ao seu propio risco e ventura”.

Este principio non ten máis excepcións que as que eventualmente estivesen previstas no propio prego ao amparo da liberdade de pactos que establece o artigo 4 da citada lei. Este principio é consecuente coa configuración da obriga do contratista como unha obriga de resultado.

No caso que nos ocupa, o PCAP non establece ningunha excepción ó principio de risco e ventura. Antes ben, determina no seu artigo 33.2 que “A totalidade do contrato, nos seus aspectos de construción, xestión, explotación, conservación e financiación, desenvólvese a risco e ventura do concesionario. En particular, o concesionario asume:

- a) O risco e ventura derivado do custo, vicios e defectos de construción.
- b) O risco e ventura da evolución das condicións financeiras do mercado ó longo do prazo concesional.
- c) O risco e ventura de demanda de uso, sen que poida reclamarse do Concello de Vigo ningunha compensación polo feito de que a evolución real da mesma difira do previsto na súa proposición. O concello non outorga ningunha garantía en relación co contido das previsións de demanda do servizo incluídas no anteproxecto de explotación”.

Segundo a doutrina xurisprudencial o risco e ventura do contratista ofrecen na linguaxe xurídica e gramatical a configuración da expresión "risco", como continxencia ou proximidade dun dano, e "ventura", como palabra que expresa que unha cousa expónse á continxencia de que suceda un mal ou un ben, de todo o cal infírese que é principio xeral na contratación administrativa, que o contratista, ó contratar coa Administración, asume o risco derivado das continxencias que se definen na Lei de Contratos, e baséase na consideración de que a obriga do contratista é unha obriga de resultados, contraposta á configuración da obriga de actividade ou medial (por todas sentenza do TS de 14 de maio de 2001, RJ 20014478).

Aclara a sentenza da Audiencia Nacional, Sala do Contencioso-administrativo, Sección 8ª, de 31 de outubro de 2006 (A LEI 140474/2006) que, do mesmo xeito que cando a concesión é moi rendible o concesionario non comparte os seus beneficios coa administración concedente, esta tampouco ten que asumir as perdas nos anos en que sexa deficitaria. Así, di que “(...) ello implica que si por circunstancias sobrevenidas se incrementan los beneficios

del contratista derivados del contrato de obra sobre aquellos inicialmente calculados, la Administración no podrá reducir el precio, mientras que si las circunstancias sobrevenidas disminuyen el beneficio calculado o incluso producen pérdidas serán de cuenta del contratista sin que éste pueda exigir un incremento del precio o una indemnización. Sin embargo la Ley establece que este principio de riesgo y ventura tiene como excepción los supuestos de fuerza mayor”.

Habendo establecido tamén a xurisprudencia que “a canle indemnizatoria prevista na Lei de Contratos do Estado parte da idea de culpabilidade, negligencia ou incumprimento das súas obrigacións imputable á Administración, rexendo supletoriamente os artigos 1105 e 1124 do Código Civil, polo que si non existe esta culpabilidade da Administración -e salvo os casos de forza maior- toda actuación allea ás partes cae dentro dos riscos imprevisibles que debe asumir o contratista, en virtude do principio de risco e ventura establecido no artigo artigo 99 da Lei de 1995, que debe incluír os actos de terceiro" (SSTS de 31 de outubro de 2000).

Tamén quebraría o principio de risco e ventura, segundo reiterada doutrina consultiva e xurisprudencia, nos supostos de aplicación das doutrinas do risco imprevisible (por todos, Ditame do Consejo Consultivo de Aragón nº 24/2013, de 25 de novembro de 2013) e do factum principis (por todos, Ditamen 31/1992, de 13 de febreiro, do Consejo de Estado e STS de 25 de abril e de 20 de decembro de 1986 e STS 3125/2011). A primeira pensada para situacións económicas de excepción, e a segunda para cambios normativos que poidan afectar aos contratos en execución.

Ningunha das citadas excepcións concorren no presente caso.

No suposto que nos ocupa, tan pronto comezou a explotación dos dous primeiros aparcadoiros construídos (Jenaro e Castela) e constatouse a escaseza da demanda de prazas por canto nese intre o país estaba sumido nunha crise económica, e ante as dificultades achadas para a construción dos aparcadoiros de Rosalía de Castro, o concesionario non dubidou en solicitar primeiro o reequilibrio económico da concesión, logo a súa resolución e por último, tentou o mesmo resultado pola vía de solicitar un concurso de acredores da sociedade instrumental creada para a xestión dos aparcadoiros. Sen plantexarse sequera que este é un contrato de longa duración, 50 anos, e que durante os mesmos este experimentará diversas vicisitudes, uns anos a explotación será rendible e outros ocasionaralle perdas. E que ten a obriga, asumida primeiro na súa oferta, e logo nos estatutos da sociedade instrumental de capitalizar a mesma para mantela saneada. Sen nin sequera tentar unha boa xestión do mesmo que podería resultar rendable e sen rematar a construción dos aparcadoiros incluídos no contrato, obrigación esencial do contrato que nos ocupa.

Sendo ademais un grupo con pulmón financeiro suficiente como para resolver as pequenas situacións de insolvencia da súa instrumental, tal e como no seu día afirmou o administrador concursal no seo do primeiro procedemento concursal.

-IV-

Da nula vontade do concesionario de xestionar a concesión e os constantes incumprimentos contractuais

Analizando os datos relativos ás vicisitudes desta concesión, resumidos nos antecedentes deste informe, podemos extraer a conclusión de que o grupo PUENTES, que é un



Concello de Vigo

conglomerado de empresas adicadas ao sector da construción, presentouse a esta licitación co único obxectivo de construír os aparcadoiros, sen ter nunca a máis mínima intención de xestionar os mesmos.

A informante deduce a nula vontade do grupo PUENTES de xestionar a concesión de datos tales como:

- Non parece adecuado para xestionar un negocio en Vigo non ter, xa non a sede social da empresa instrumental creada ad hoc para estes mesteres, senón tan sequera oficina na cidade. E aínda que nos Estatutos inicialmente fixaron o domicilio social en Vigo, nunha tiveron oficina aberta na cidade. De feito, trasladaron o seu domicilio ao da sede do grupo Puentes en data 24 de abril de 2009.
- COCHERAS nunca tivo empregados propios. Non so os cargos directivos, senón os traballadores que lle prestan servizos son empregados do grupo PUENTES.
- Respecto ó persoal directivo, a sociedade era xestionada por un administrador único, o grupo PUENTES, segundo o acordo da Xunta Xeral de data 14 de abril de 2009, que designou unha persoa física para exercer as funcións propias do cargo, D. Constantino Seara Seara, á sazón conselleiro delegado tamén do grupo Puentes.
- Respecto o resto do persoal, consta na documentación obrante nos procesos concursais que COCHERAS nunca tivo empregados propios.
- Ten subcontratados todos os aspectos da xestión dos aparcadoiros. E os seus subcontratistas reciben instrucións de empregados do grupo PUENTES, que teóricamente non teñen ningunha vinculación con COCHERAS.
- A data de recepción por esta Administración dos aparcadoiros de Jenaro y Castelao, tal e como se fixo constar no informe anexo á acta de recepción de cada un deles polo xefe do servizo de Vías e Obras e Infraestruturas, aprecíase que “Existen múltiples defectos na estrutura e instalacións existentes. Algúns destes defectos detectados non se corresponden co avance do deterioro temporal típico do propio uso das instalacións, se non que máis parecen debidos a vicios ocultos na construción, deseño ou mala xestión da conservación durante o servizo”. Circunstancia que será obxecto de estudo no informe encargado por esta Administración a un perito independente.

Esta actitude de desinterese na xestión do concesionario contrasta coa boa fe desta Administración, que dende o momento do outorgamento da concesión ten velado polos intereses do seu contratista e mantido unha actitude de colaboración permanente, sen perder de vista o interese público que debe protexer, acordando as modificacións solicitadas polo mesmo dentro da legalidade vixente, como se desprende dos antecedentes.

É preciso recordar que a explotación da concesión no seu inicio non resultou moi rendible por mor da escaseza de demanda. Resulta lóxico por canto comezou no ano 2010, en plena crise económica. En consecuencia, o concesionario, dado o seu escaso interese na explotación, centrou os seus esforzos en lograr a resolución do contrato e así cobrar o prezo das obras dos aparcadoiros xa construídos, intentando evitar realizar desembolsos económicos para a súa xestión.

Así, tras solicitar primeiro un reequilibrio económico da concesión, antes de que finalizase o prazo da Administración para resolver sobre o mesmo, solicitou a resolución do contrato, amparada en circunstancias imprevisibles que, o seu entender facían inviable a concesión.

Tras desestimar a Administración a súa solicitude, acudiu aos tribunais, tendo sidas desestimadas as súas pretensións tanto na primeira como na segunda instancia.

E mentres tanto, PUENTES e COCHERAS estaban inmersos nunha situación de incumprimento contractual. Efectivamente, é preciso ter en conta, a obriga de Puentes, adquirida na súa oferta, de capitalizar a sociedade e cubrir as posibles perdas que sufra o capital social. Así, na Memoria do PEF da oferta, no subapartado 3.2.1 Recursos Propios determinase que “Los accionistas aportarán en forma de fondos propios el 20% de la inversión total. Dicha aportación es en forma de Capital Social y se desembolsará de forma proporcionada a los desembolsos de la Deuda Senior y Deuda Residentes. Los accionistas de la Sociedad se comprometen, a cubrir en forma de aportaciones de capital social y/o deuda subordinada cualquier sobrecoste por la construcción y/o por cualquier otro motivo que se produzca hasta que se supere el trámite de Recepción de las Obras y la Puesta en servicio de los aparcamientos”. E engade que “Puentes y Calzadas Grupo de empresas S.A, se compromete en caso de resultar adjudicataria, a aportar a la sociedad 6.535.000,00 euros durante el periodo de construcción como capital social. Las aportaciones de capital social tendrán lugar durante la fase construcción de acuerdo con el siguiente esquema:

Aportaciones de capital	2007	2008	2009	2010
(M€)	4000	3750		

Con este esquema de aportación de capital al finalizar el periodo construcción, la concesionaria contará con un 27% de recursos propios. Adicionalmente, los socios se comprometen a aportar cantidades adicionales como préstamo participativo, deuda subordinada o cualquier otra forma para cubrir posibles desfases de tesorería, si los hubiese”.

Ademais, os Estatutos sociais de COCHERAS OLÍVICAS, establecen no seu artigo 5 que “la sociedad tendrá en todo momento durante el período de duración de la Concesión que constituye su objeto una cifra de capital social de, al menos, el 10% del coste de la inversión directa a efectuar por la Sociedad en dicha concesión. Por este motivo, el capital social se incrementará en la cifra necesaria para que, en caso de producirse una inversión mayor que la total inicialmente prevista, se mantenga el mencionado porcentaje mínimo del 10%”.

Frustradas as expectativas do contratista de resolver o contrato en vía administrativa amparándose en causas obxectivas que o eximisen de responsabilidade na mesma, o tentou solicitando un concurso de acredores da instrumental COCHERAS. Se ben este primeiro concurso rematou ao cumprir o grupo PUENTES coas citadas obrigas de capitalización a que se había comprometido na súa oferta.

Entre tanto, a Administración municipal, vistas as dificultades do concesionario para construír os aparcadoiros de Rosalía de Castro, encargou informes, tanto a técnicos municipais como a expertos externos sobre a viabilidade da concesión se se constrúan estes. Á vista de que a mesma empeoraba, tentou modificar o contrato. Aprobada inicialmente a modificación, solicitouse ditame ao respecto do Consello Consultivo de Galicia, e este foi desfavorable. En consecuencia, decidiu, en aras da seguridade xurídica, non aprobar a modificación do contrato. Ante estas circunstancias, o concesionario solicitou



Concello de Vigo

un novo concurso voluntario de acredores, que rematou coa liquidación da sociedade instrumental COCHERAS.

É importante non perder de vista, na solicitude deste novo concurso, que a insolvencia da instrumental COCHERAS implica a correlativa responsabilidade de PUENTES por incumprimento das súas obrigas, xa citadas no fundamento xurídico anterior, de ***“aportar cantidades adicionales como préstamo participativo, deuda subordinada o cualquier otra forma para cubrir posibles desfases de tesorería, si los hubiese de la sociedad”***, obriga que ***“tendrá en todo momento durante el período de duración de la Concesión”***, así como la de manter ***“una cifra de capital social de, al menos, el 10% del coste de la inversión directa a efectuar por la Sociedad en dicha concesión”***.

Decretado por auto do Xulgado do Mercantil nº 1 da Coruña, de data 16 de Febreiro de 2018 o cese da actividade empresarial da mercantil COCHERAS, o órgano de contratación, acordou requirir a PUENTES, para que continuase coa xestión da citada concesión, apercibíndolle de que en caso contrario, esta Administración procedería a resolución do contrato por incumprimento grave das súas obrigas esenciais ou a declarar a caducidade da mesma.

Este incumprimento é grave e subsumible nunha causa de caducidade da concesión ou ben de resolución do contrato por canto o servizo de aparcadoiro é un servizo público, que se encadra nas competencias municipais en materia de tráfico, estacionamento de vehículos e mobilidade (artigos 25.2.g da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local -en adiante LBRL- e 80.2.b da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia- en adiante LALGA-).

Ao tratarse dun servizo público, o Concello ten a obriga de garantir a continuidade do mesmo, máxime tendo en conta que o concesionario celebrou contratos de cesión de uso de prazas de aparcadoiro e de abonos mensuais cos usuarios do mesmo.

Nesta liña de garantir que a liquidación da sociedade instrumental non afectase ao desenvolvemento do servizo, a XGL acordou asumir temporalmente a execución directa do servizo, en uso das facultades conferidas polo artigo 127.1.3ª RSCL. Simultaneamente aprobou un expediente de licitación para a adxudicación da nova concesión, agora en licitación.

Compre por de manifesto que tanto o incumprimento das obrigas de capitalización como o cese na xestión da explotación da concesión poden considerarse como unha infracción moi grave das obrigas esenciais do concesionario, é tanto unha causa de caducidade da concesión, consonte ó previsto no artigo 136.b RS, como unha causa de resolución, por causa imputable ao mesmo.

-V-

Da resolución

A lexislación de contratos das Administracións públicas recoñece ó órgano de contratación, entre outras prerrogativas, a acordar a resolución dos contratos e determinar os seus efectos (artigos 59.1 TRLCAP e 114.1 TRRL con relación ás entidades locais), prerrogativa tamén recoñecida con respecto a este concreto contrato no artigo 30 PCAP.

A resolución é unha das formas de finalización do contrato administrativo. A lexislación contractual subsume baixo este termo todas as causas de extinción do vínculo contractual

distintas da súa conclusión por cumprimento. Presupón, pois, a aparición dalgunha circunstancia na vida do contrato que impida ou faga inconveniente a súa prosecución ata a súa normal extinción. En definitiva, por resolución entende a lei todas aquelas causas de finalización anticipada do contrato. Neste senso establece o artigo 109 TRLCAP que os contratos se extinguirán por cumprimento ou resolución.

Dunha interpretación conxunta dos artigos 111 e 167 da TRLCAP, que establecen as causas de resolución dos contratos en xeral e as específicas do contrato de xestión de servizos públicos respectivamente, podemos concluír que son causas de resolución deste tipo de contratos as seguintes:

- a) A morte ou incapacidade sobrevida do contratista individual ou a extinción da personalidade xurídica da sociedade contratista.
- b) A declaración de concurso ou a declaración de insolvencia en calquera outro procedemento.
- c) O mutuo acordo entre a Administración e o contratista.
- d) A falta de prestación polo contratista da garantía definitiva ou as especiais ou complementarias daquela en prazo nos casos previstos na Lei e a non formalización do contrato en prazo.
- e) O incumprimento das restantes obrigacións contractuais esenciais.
- f) Aquelas que se establezan expresamente no contrato.
- g) Demora superior a seis meses por parte da Administración na entrega ó contratista da contraprestación ou dos medios auxiliares a que se obrigou segundo o contrato.
- h) O rescate do servizo pola Administración.
- i) A supresión do servizo por razóns de interese público.
- j) A imposibilidade da explotación do servizo como consecuencia de acordos adoptados pola Administración con posterioridade ó contrato.

Tras un exame das mesmas podemos deducir que no caso que nos ocupa concorre o incumprimento polo contratista das súas obrigas contractuais esenciais. O concurso ven propiciado por unha situación de insolvencia evitable se PUENTES tivese asumido as súas obrigas de capitalización da sociedade instrumental asumidas, primeiro na súa oferta, e posteriormente nos estatutos da sociedade instrumental. Así mesmo, tras a liquidación da sociedade instrumental PUENTES ten rehusado continuar coa explotación da concesión, tras ser requirido en dúas ocasións polo órgano de contratación.

No entanto, PUENTES, no citado escrito de alegacións de 26 de decembro manifesta que o contrato foi resolto por ministerio da lei coa apertura da fase de liquidación, e en consecuencia non pode ser resolto de novo. En apoio desta tese cita:

- O artigo 67 da LC que di que “Os efectos da declaración de concurso sobre os contratos de carácter administrativo celebrados polo debedor con Administracións públicas rexeranse polo establecido na súa lexislación especial”.



Concello de Vigo

- O TRLCSP, que tras recoller como causa de resolución no artigo 111.b a declaración de concurso, determina no artigo 112.2 que “en caso de concurso, a apertura da fase de liquidación orixinará sempre a resolución do contrato”.
- A doutrina xurisprudencial establecida polo Tribunal de conflitos de xurisdición, entre outras, nas sentenzas RJ/2017/2357 e RJ/2017/2359, que considera “a resolución se produce por vontade da lei, mediando a previa decisión xudicial de apertura da fase de liquidación do concurso”, carecendo de potestade para declarar a resolución do contrato tanto o xuíz concursal nin o órgano administrativo.

E dado que isto é así, considera que o Concello dispensa un trato desigual a dúas situacións análogas, este concurso e o da sociedade concesionaria da obra pública “para a construción e explotación do Auditorio-Pazo de Congressos con zonas complementarias de explotación comercial na Avda. de Beiramar con ocupación parcial do subsolo da rúa Jacinto Benavente”, PAZO DE CONGRESOS, S.A. Esgrime para xustificar esta grave acusación que neste último caso o Concello non requiriu aos promotores da sociedade que continuasen coa explotación da concesión.

En opinión da que subscribe as situacións non son idénticas. No caso da concesión de obra pública para a construción e explotación do Pazo de Congressos, os promotores constituíron unha sociedade instrumental e esta foi a encargada da xestión da concesión. No entanto, tal e como se expuxo nos fundamentos xurídicos anteriores, no caso que nos ocupa, existe unha confusión total e absoluta entre PUENTES e COCHERAS. De feito, tal e como se puxo de manifesto, a xestión da concesión realizouse por PUENTES co seu propio persoal. COCHERAS ten sido unha ficción, por canto nin siquera tivo en ningún momento persoal. E os empregados das empresas subcontratistas recibían instrucións directamente de persoal propio de PUENTES. Como se concluíu no fundamento xurídico sexto, no presente caso operouse un fraude de lei. Unha empresa solvente do ramo da construción acude a unha licitación so co fin de construír os aparcadoiros, sen ter vontade de xestionar os mesmos, e creando ao efecto unha sociedade instrumental que é so unha pantalla, pois a xestión cotiá está en mans dos empregados da primeira e empresas subcontratadas.

É preciso ademais ter en conta que o auto do Xulgado mercantil nº 3 de Pontevedra que abre a fase de liquidación de PAZO DE CONGRESOS declara a resolución da concesión. No entanto, o auto do Xulgado do Mercantil nº 1 da Coruña de data 16 de Febreiro de 2018, acorda o cese da actividade empresarial da mercantil COCHERAS OLÍVICAS DE PUENTES, S.A.U., pero non declara a resolución da concesión. Nin siquera pronúnciase sobre a posta a disposición do Concello dos aparcadoiros, extremo que xustifica no feito de que existe un recurso contencioso-administrativo en litispendencia ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo.

En relación coa resolución dos contratos administrativos, a xurisprudencia mantén a aplicabilidade dos principios contidos no Código Civil, polo que a facultade de resolver enténdese implícita en favor da parte que cumpre e en contra da que incumpe as súas obrigacións, aínda que para que a acción de resolución proceda é preciso que a parte que a exercite cumpra coas obrigacións que lle incumben (SSTS de 27 de setembro e 25 de novembro de 1985). Neste caso dado que a Administración municipal cumpriu coas súas obrigas correspóndelle iniciar procedemento para a resolución do contrato e a súa posterior liquidación.

É preciso ter en conta que a concesión que nos ocupa é de xestión de servizo público é rexese, ademais de pola lexislación de contratos, polo Regulamento de servizos das corporacións locais, no que non se opoña a aquela. E precisamente, esta norma, prevé unha figura aplicable ó incumprimento polo concesionario das súas obrigas esenciais, cal é a caducidade da concesión. Consonte ó previsto no artigo 136 .1.b procederá a declaración de caducidade da concesión “se o concesionario incorrera en infracción gravísima das súas obrigas esenciais”, como acontece no presente caso, en que o concesionario deixou de xestionar a concesión.

-VI-

Do procedemento de resolución

A resolución do contrato acordarase polo órgano de contratación, de oficio ou a instancia do contratista, no seu caso. O artigo 112 do TRLCAP non regula o procedemento de resolución, remite á súa regulación a un posterior regulamento.

De acordo cos artigo 109 do RLCAP (en relación coa disposición adicional 2ª da LCSP) os requisitos do procedemento de resolución son os seguintes:

- Deberá darse audiencia ó contratista por prazo de dez días naturais.
- Deberá darse audiencia ó avalista ou asegurador se se propón a incautación da garantía, no mesmo prazo anterior.
- Os acordos deberán ser adoptados previo informe da Asesoría Xurídica.
- Será preceptivo o informe do órgano consultivo da Comunidade Autónoma cando se formule oposición á resolución por parte do contratista.
- Os acordos que adopte o órgano de contratación poñerán fin á vía administrativa e serán inmediatamente executivos.

Esta resolución deberá ditarse no prazo fixado para resolver o procedemento de que se trate. No entanto, para o caso que que o procedemento en cuestión non teña fixado expresamente un prazo, como no suposto que nos ocupa, a lei de procedemento fixa un prazo supletorio para a resolución. Dispón o artigo 21.3 que “Cando as normas reguladoras dos procedementos non fixen o prazo máximo, este será de tres meses”.

E a continuación fixa regras para o cómputo do mesmo. Nos procedementos iniciados de oficio, como o presente, o prazo se contará desde a data do acordo de iniciación.

Regulando, así mesmo, a falta de resolución expresa en procedementos iniciados de oficio no artigo 25.1. Nos procedementos en que a Administración exercite potestades sancionadoras ou, en xeral, de intervención, susceptibles de producir efectos desfavorables ou de gravame, como no presente caso, producirase a caducidade. Nestes casos, a resolución que declare a caducidade ordenará o arquivo das actuacións.

Evacuado trámite de audiencia ó contratista, e formulada oposición á resolución polo mesmo, é preciso solicitar informe ó órgano consultivo da Comunidade autónoma galega. En consecuencia, o órgano de contratación non pode acordar a resolución senón tomar razón da proposta e solicitar informe ó Consello Consultivo de Galicia.



Concello de Vigo

-VII-

Competencia

A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, previo informe da Asesoría Xurídica e da intervención xeral (artigo 114.3 TRRL e apartados 3 e 8 da disposición adicional segunda da LCSP).

ACORDO

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:

“1º.- Tomar coñecemento da proposta de resolución do contrato para a xestión mediante concesión de servizo público de aparcadoiros subterráneos de uso mixto en diferentes lugares da cidade por incumprimento do contratista das súas obrigas esenciais polos motivos expostos no corpo deste escrito.

2º.- Previamente á adopción do acordo de resolución, unha vez informado pola Asesoría Xurídica e fiscalizado pola Intervención Xeral deste Concello, remitir o expediente ó Consello Consultivo de Galicia para a emisión de ditame preceptivo, de conformidade co previsto no artigo 102.1 da Lei 30/1992 e na Lei 3/2014, de 24 de abril, do Consello Consultivo de Galicia”.

Acordo

A Xunta de Goberno local presta conformidade á precedente proposta.

9(128).- INFORME SOBRE O RECURSO ESPECIAL EN MATERIA DE CONTRATACIÓN INTERPOSTO POLO COLEGIO LOS MILAGROS S.L., CONTRA O ACORDO DE ADXUDICACIÓN PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO PARA A XESTIÓN DAS ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS (EIMS) DE TOMÁS ALONSO E BOUZAS. EXPTE. 21847/332.

Dáse conta do informe-proposta do 20/02/19, asinado pola xefa do Servizo de Contratación, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Directiva 2014/24/UE del Parlamento Europeo y del Consejo, de 26 de febreiro de 2014, sobre contratación pública.
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP), de aplicación no que non se opoña á LCSP.

S.ord. 21/02/19

- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), de aplicación no que non se opoña á LCSP.
- Real Decreto 814/2015, de 11 de setembro, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos especiais de revisión de decisións en materia contractual e de organización do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais (RD 814/2015).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real Decreto-Legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAP).
- Código Civil, aprobado por Real Decreto de 24 de xullo de 1889 (CC).
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do procedemento aberto do servizo para a xestión das Escolas infantís municipais (EIMs) de Tomás Alonso e Bouzas, de 12 de xullo de 2018 (PCAP).
- Prego de prescricións técnicas particulares para a contratación do procedemento aberto do servizo para a xestión das Escolas infantís municipais (EIMs) de Tomás Alonso e Bouzas, de 12 de xullo de 2018 (PPT).

ANTECEDENTES

Primeiro.- En data 12 de xullo de 2018, a Xunta de Goberno Local (en adiante, XGL), entre outros asuntos, acordou a aprobación do expediente de contratación do servizo para a xestión das Escolas infantís municipais (EIMs) de Tomás Alonso e Bouzas (expediente 21.847-332), autorización do gasto e a apertura do procedemento de licitación. O procedemento foi publicado no Diario Oficial da UE e no perfil de contratante do Concello de Vigo o día 20 de xullo de 2018. O anuncio contiña un erro material e foi obxecto de rectificación en data 2 de agosto, abríndose un novo prazo de presentación de ofertas de 15 días naturais, que rematou o día 21 de agosto do mesmo ano.

Segundo.- En data 22 de agosto de 2018 emítese certificación do Rexistro Xeral, na que consta que durante o prazo de presentación de ofertas as presentaron as seguintes mercantís:

- COLEGIO LOS MILAGROS, S.L.
- PROMOCIÓN DE LA FORMACIÓN LAS PALMAS, S.L. (PROFOLP)
- CLECE, S.A.

Terceiro.- En data 23 de agosto de 2018 a Mesa de contratación do Concello de Vigo procedeu á apertura do sobre A: documentación persoal. Trala cualificación da mesma acordouse admitir a todos os licitadores citados.



Concello de Vigo

A continuación procedeuse a apertura do “sobre B: proposición avaliable mediante xuízo de valor”, e a Mesa acordou solicitar informe sobre o mesmo ao servizo xestor. Este é evacuado polo técnico de Actividades Culturais e Educativas e a Xefa do Servizo de Educación o 12 de setembro de 2018. Este informe entregouse á Mesa na súa sesión de 19 de setembro. Na mesma acordouse solicitar un informe complementario. Este elaborouse polos técnicos citados en data 24 de setembro e foi aceptado pola Mesa na sesión de 27 de setembro de 2018.

Cuarto.- En data 1 de outubro de 2018, a Mesa de contratación, en acto público procedeu á apertura do “sobre C: proposición avaliable mediante fórmula”, e acordou solicitar informe sobre o mesmo ao servizo xestor. O informe foi evacuado polo técnico de Actividades Culturais e Educativas e Xefa do Servizo de Educación, o 2 de outubro de 2018, é aceptado pola mesa, en sesión de 4 de outubro de 2018. Nesta mesma sesión formulouse proposta de clasificación do contrato á XGL.

Quinto.- En data 4 de outubro de 2018 a XGL aprobou a clasificación dos licitadores por orde descendente:

LOTE 1 ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL TOMÁS ALONSO

	Licitador	Puntuación total
1	PROMOCIÓN FORMACIÓN LAS PALMAS, S.L.	90,75
2	COLEGIO LOS MILAGROS, S.L.	87,48
3	CLECE, S.A.	82,25

LOTE 2 ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL BOUZAS

	Licitador	Puntuación total
1	PROMOCIÓN FORMACIÓN LAS PALMAS, S.L.	91,75
2	COLEGIO LOS MILAGROS, S.L.	86,64
3	CLECE, S.A.	85,31

E acordou requirir ao primeiro clasificado a documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos prevista no artigo 140 LCSP, así como a constitución da garantía definitiva.

Sexto.- En data 24 de outubro de 2018, a XGL adoptou acordo de adxudicación do contrato nos seguintes termos:

1. “Adxudicar a PROMOCIÓN FORMACIÓN LAS PALMAS, S.L. o lote 1 “EIM Tomás Alonso” do procedemento aberto para a contratación dos servizos para a xestión das escolas infantís municipais “Tomás Alonso” e “Bouzas” (21.847-332) por un prezo total de 902.675,23 euros (exento de IVE) e coas seguintes condicións:
 - a) Comprométese a realizar 5 saídas e visitas didácticas anuais.
 - b) Comprométese a realizar 10 actividades de escola de pais anuais.

2. Adxudicar a PROMOCIÓN FORMACIÓN LAS PALMAS, S.L. o lote 2 “EIM Bouzas” do procedemento aberto para a contratación dos servizos para a xestión das escolas infantís municipais “Tomás Alonso” e “Bouzas” (21.847-332) por un prezo total de 881.682,78 euros (exento de IVE) e coas seguintes condicións:
- a) Comprométese a realizar 5 saídas e visitas didácticas anuais.
 - b) Comprométese a realizar 10 actividades de escola de pais anuais.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e as ofertas presentadas”.

Este acordo foi publicado no perfil de contratante e notificado electronicamente aos licitadores o mesmo día.

Sétimo.- En data 3 de novembro de 2018, D. José Luis Rey Parente, en nome e representación de COLEGIO LOS MILAGROS, S.L., en escrito presentado no Rexistro Xeral do Concello de Vigo, interpón de recurso especial en materia de contratación contra a adxudicación do citado procedemento, e solicita a súa remisión ao TRIBUNAL ADMINISTRATIVO DE CONTRATACIÓN PÚBLICA DE GALICIA (en diante, TACGAL). O mesmo foi remitido polo Rexistro Municipal ao citado tribunal a través da plataforma ORVE en data 5 de novembro do mesmo ano.

Oitavo.- En data 21 de novembro, o técnico superior de educación do servizo de Educación emite informe a solicitude do Servizo de Contratación.

Noveno.- En data 22 de novembro de 2018 a XGL aprobou o informe emitido pola xefa do Servizo de Contratación sobre o recurso presentado e acordou dar traslado do mesmo o TACGAL.

Décimo.- En data 30 de novembro de 2018, o TACGAL estima o recurso especial na resolución nº 113/2018, recibida no Rexistro Xeral deste Concello o 18 de decembro de 2018, e da que tomou razón a XGL na sesión do 3 de xaneiro de 2019.

Undécimo.- En data do 24 de xaneiro de 2019, a xefa do Servizo de Contratación emitiu informe en relación coa execución da resolución nº 113/2018 do TACGAL, entregado á Mesa de contratación na sesión da mesma data.

Duodécimo.- En data 31 de xaneiro de 2019, a XGL adoptou o seguinte acordo:

“Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación, dos informes de valoración das proposicións presentadas e da resolución 113/2018, do 30 de novembro de 2018, do Tribunal Administrativo de Contratación Pública de Galicia, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público - LCSP), a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Dar conta das exclusións acordadas pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 24 de xaneiro de 2018, de PROMOCIÓN FORMACIÓN LAS PALMAS, S.L. e COLEGIO LOS MILAGROS, S.L. dos lotes 1 e 2 deste procedemento por non axustarse as súas proposicións avaliadas mediante xuízo de valor á cláusula 4.1 do prego de prescricións técnicas particulares (motivo de exclusión previsto na cláusula 14.2B do prego de cláusulas administrativas particulares).



Concello de Vigo

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas nos lotes 1 e 2 do procedemento aberto para a contratación do servizo para a xestión das Escolas infantís municipais (EIMs) de Tomás Alonso e Bouzas (21.847-332) na seguinte orde descendente:

Lote 1 Escola infantil municipal Tomás Alonso:

	Licitador	Puntuación total
1	CLECE, S.A.	98,75 puntos

Lote 1 Escola infantil municipal Bouzas:

	Licitador	Puntuación total
1	CLECE, S.A.	98,75 puntos

Terceiro.- Requiritur ao licitador clasificado en primeiro lugar nos dous lotes, CLECE, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

Décimo terceiro.- En data 13 de febreiro de 2019, D. José Luis Rey Parente, en nome e representación de COLEGIO LOS MILAGROS S.L., mediante escrito presentado no Rexistro Electrónico do Concello de Vigo (documento nº 190021920), interpón recurso especial en materia de contratación contra o acordo da Mesa de Contratación do 24 de xaneiro de 2019 polo que se lle exclúe do procedemento. Este recurso foi remitido o TACGAL en data 15 de febreiro.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

Obxecto deste recurso especial en materia de contratación

É obxecto da presente impugnación do acordo da Mesa de contratación do Concello de Vigo, adoptado na sesión de 24 de xaneiro de 2019, de exclusión do procedemento aberto para a contratación dos servizos para a xestión das escolas infantís municipais “Tomás Alonso” e “Bouzas” do licitador COLEGIO LOS MILAGROS S.L.. Acordo que lle foi notificado ó recurrente o día 1 de febreiro de 2019.

-II-

Lexislación aplicable

É preciso comezar por determinar a lexislación aplicable ao presente contrato. Os contratos se rexen en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no prego de cláusulas administrativas particulares e pola lexislación vixente no momento en que foron celebrados (disposición transitoria primeira da LCSP e disposición transitoria segunda do Código Civil). En consecuencia, o presente contrato se rexe polas seguintes disposicións:

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP), de aplicación no que non se opoña á LCSP.
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), de aplicación no que non se opoña á LCSP.
- Real Decreto 814/2015, de 11 de setembro, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos especiais de revisión de decisións en materia contractual e de organización do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais.

-III-

Competencia do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia para a resolución do recurso

A lexislación de contratos (artigos 44 a 60 LCSP) regula un recurso especial en materia de contratación, que substitúe aos recursos administrativos ordinarios para a impugnación de determinados actos adoptados nos procedementos de adxudicación dos tipos de contratos enumerados no artigo 44.1 LCSP. Estes contratos son:

- Contratos de obras cuxo valor estimado sexa superior a tres millóns de euros, e de subministración e servizos que teñan un valor estimado superior a cen mil euros.
- Acordos marco e sistemas dinámicos de adquisición que teñan por obxecto a subscripción dalgún dos contratos tipificados na letra anterior, así como os contratos baseados en calquera deles.
- Concesións de obras ou de servizos cuxo valor estimado supere os tres millóns de euros.
- Contratos administrativos especiais cando, polas súas características, non sexa posible fixar o seu prezo de licitación ou, noutro caso, cando o seu valor estimado sexa superior ao establecido para os contratos de servizos.
- Contratos subvencionados e as encargas cando, polas súas características, non sexa posible fixar o seu importe ou, noutro caso, cando este, tendo en conta a súa duración total máis as prórrogas, sexa igual ou superior ao establecido para os contratos de servizos.



Concello de Vigo

A interposición previa deste recurso é potestativa (artigo 44.7 LCSP), podendo os interesados interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo.

No ámbito das Corporacións Locais, a competencia para resolver os recursos será establecida polas normas das Comunidades Autónomas cando éstas teñan atribuída competencia normativa e de execución en materia de réxime local e contratación (artigo 46.4 LCSP), como é o caso da Comunidade autónoma galega, á que pertence este Concello.

Creado o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia pola Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, por acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 8 de febreiro de 2018, procedeuse ó nomeamento dos seus membros. Este Tribunal, unha vez constituído, adoptou o acordo de establecer como data de comenzo do exercicio das súas funcións, previstas no artigo 35 bis, o 2 de abril de 2018.

-IV-

Exame da concorrencia dos requisitos esixidos pola lei para a admisión do recurso

Os requisitos necesarios para a admisión do recurso se prevén no artigo 22 do Real Decreto 814/2015. Se ben a tarefa de analizar se concorren os mesmos no presente recurso lle corresponde ao Tribunal, é de interese para o órgano de contratación coñecer esta circunstancia, a efectos de formular alegacións sobre o fondo do mesmo no presente informe en caso de que concorran e, no caso contrario, de solicitar do Tribunal a inadmisión deste.

A) En canto aos **requisitos obxectivos**, son susceptibles deste recurso especial os seguintes actos dictados no curso dos procedementos de contratación citados no fundamento xurídico terceiro deste informe (artigo 44.2 LCSP):

- a) Os anuncios de licitación, os pregos e os documentos contractuais que establezan as condicións que deban rexer a contratación.
- b) Os actos de trámite adoptados no procedemento de adxudicación, sempre que estes decidan directa ou indirectamente sobre a adxudicación, determinen a imposibilidade de continuar o procedemento ou produzan indefensión ou prexuízo irreparable a dereitos ou intereses lexítimos. En todo caso, considerarase que concorren as circunstancias anteriores nos actos da mesa ou do órgano de contratación polos cales se acorde a admisión ou inadmisión de candidatos ou licitadores, ou a admisión ou exclusión de ofertas, incluídas as ofertas que sexan excluídas por resultar anormalmente baixas como consecuencia da aplicación do artigo 149.
- c) Os acordos de adxudicación.
- d) As modificacións baseadas no incumprimento do establecido nos artigos 204 e 205 da presente lei, por entender que a modificación debeu ser obxecto dunha nova adxudicación.
- e) A formalización de encargos a medios propios nos casos en que estes non cumpran os requisitos legais.
- f) Os acordos de rescate de concesións.

Así, o acordo de exclusión do recorrente, é un acto de trámite cualificado, que determina a imposibilidade do mesmo de continuar no procedemento, e consecuentemente, é un acto susceptible deste recurso.

B) En relación cos **requisitos subxectivos**, a lei concede lexitimación activa para interpoñer este recurso (artigo 48 LCSP):

- As persoas físicas e xurídicas cuxos dereitos ou intereses lexítimos, individuais ou colectivos, se visen prexudicados ou poidan resultar afectados, de maneira directa ou indirecta, polas decisións obxecto do recurso.
- As organizacións sindicais cando das actuacións ou decisións impugnables se poida deducir fundadamente que estas implican que no proceso de execución do contrato o empresario incumpre as obrigacións sociais ou laborais respecto dos traballadores que participen na realización da prestación. En todo caso, entenderase lexitimada a organización empresarial sectorial representativa dos intereses afectados.

É dicir, en materia de lexitimación activa non se recoñece unha acción pública, senon que é preciso que exista unha determinada relación coa cuestión debatida, unha lexitimación *ad causam*. Para precisar esta cuestión é preciso acudir á xurisprudencia e á doutrina elaborada polos Tribunais Central e Territoriais de recursos contractuais, segundo a cal os licitadores ostentan lexitimación activa para recurrir. En consecuencia, hai que recoñecer lexitimación activa á mercantil recorrente na súa calidade de licitador.

C) Como **requisitos formais** a lei esixe que o recurso se presente por escrito (artigo 51 LCSP).

O escrito de interposición do recurso deberá especificar (artigo 51.1 LCSP):

- O acto do procedemento obxecto do recurso.
- Os medios de proba de que pretenda valerse o recorrente.
- As medidas cautelares cuxa adopción solicite.

O escrito de recurso deberá acompañarse a seguinte documentación:

- a) O documento que acredite a representación do comparecente, agás se figurase unido ás actuacións doutro recurso pendente perante o mesmo órgano, nese caso poderá solicitarse que se expida certificación para a súa unión ao procedemento.
- b) O documento ou documentos que acrediten a lexitimación do actor cando a ostente por habela transmitido outro por herdanza ou por calquera outro título.
- c) A copia ou traslado do acto expreso que se recurra, ou indicación do expediente en que se ditase ou do boletín oficial ou perfil de contratante no que se publicou.
- d) O documento ou documentos no que funde o seu dereito.



Concello de Vigo

- e) Un enderezo de correo electrónico «habilitado» ó que enviar, de conformidade coa disposición adicional decimoquinta, as comunicacións e notificacións.

O **escrito de interposición do recurso** deberá presentarse nos lugares establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Así mesmo, poderase presentar no rexistro do órgano de contratación ou no do órgano competente para resolver o recurso. Os escritos presentados en rexistros distintos destes dous últimos deberanse comunicar ao Tribunal de maneira inmediata e da forma máis rápida posible.

Circunstancias todas que concorren no escrito de recurso presentado polo recorrente.

D) Por último, respecto aos **requisitos temporais**, a lei fixa un prazo de interposición do recurso especial en materia de contratación de quince días hábiles. E a continuación establece as regras de cómputo do mesmo (artigo 50.1 e 2 LCSP):

- a) Cando se interpoña contra o anuncio de licitación, o prazo comezará a contar a partir do día seguinte ao da súa publicación no perfil de contratante.
- b) Cando o recurso se interpoña contra o contido dos pregos e demais documentos contractuais, o cómputo iníciarase a partir do día seguinte a aquel en que se publicou no perfil de contratante o anuncio de licitación, sempre que neste se indicase a forma en que os interesados poden acceder a eles. Cando non se fixese esta indicación, o prazo comezará a contar a partir do día seguinte a aquel en que se lle entregaron ao interesado ou este puidese acceder ao seu contido a través do perfil de contratante.

O acordo de exclusión do licitador recorrente lle foi notificado o 1 de febreiro. Dado que este presenta o recurso en data 13 de febreiro, foi presentado dentro do prazo conferido ao efecto.

Podemos concluir, a xuízo da informante, e sen prexuízo do seu ulterior exame polo Tribunal, que procede solicitar a admisión do presente recurso especial.

-V-

Motivos de impugnación da resolución recorrida

As alegacións formuladas polo Sr. Rey, en nome e representación da entidade recorrente, condensanse en unha:

1. O exceso de páxinas da súa oferta non incumpre as esixencias dos pregos por canto nin no PPT nin no PCAP hai unha prohibición ou limitación para incluír no sobre B outros documentos que os licitantes decidan presentar.

Na primeira alegación limitase a reproducir fragmentos do informe da que subscribe e do acordo de exclusión da Mesa, ambos de data 24 de xaneiro de 2019, e na terceira conclúe

que o acordo de exclusión non se axusta a dereito, en base as resolucións e sentenzas citadas no escrito de recurso.

No fundamento xurídicos seguinte deste informe, VI, nos referiremos ó motivo esgrimidos polo recorrente para a estimación do recurso nas súas alegacións.

-VI-

O cumprimento da oferta do recorrente das esixencias dos pregos con relación ó número de páxinas (alegación segunda do escrito de recurso)

Alega o recorrente que o exceso de páxinas da súa oferta non incumpre as esixencias dos pregos. Basea esta alegación no feito de que, na súa opinión, nin no PPT nin no PCAP hai unha prohibición ou limitación para incluír no sobre B outros documentos que os licitadores decidan presentar, Anexos no seu caso. En xustificación desta alegación refire distintas resolucións de tribunais administrativos especiais e unha sentenza.

Xustifica que cumpre cos requisitos dos pregos no dato de que tanto no PCAP como no PPT establece a obriga dos licitadores de presentar un Proxecto Educativo de Centro (PEC), co contido especificado, o cal non poderá superar as 100 páxinas. No entanto, na súa opinión, nin no PPT nin no PCAP hai unha prohibición ou limitación para incluír no sobre B outros documentos que os licitantes decidan presentar. E se ben a súa oferta ten 101 páxinas, é preciso ter en conta que a páxina 1 e a portada e a páxina 101 contén un índice. As 590 páxinas de Anexos non son parte do PEC senón arquivos complementarios e diferentes.

Continúa a súa argumentación manifestando que *“donde aparece la huella digital de los archivos presentados electrónicamente y en el que aparecen presentados 5 ficheros distintos, claramente delimitados y señalados cuales son los PEC a los que hace referencia la cláusula 4.1. del PPT:*

Fichero 1.-Proxecto educativo de centro (PEC) Tomás Alonso

Fichero 2.-Proxecto educativo de centro (PEC) Bouzas

Fichero 3.-Proxecto curricular

Fichero 4.-Anexos

Fichero 5.-Índice contenido sobre B

Los ficheros nº 3 y 4 que contienen las 509 páginas que aparecen como Anexos ni son exigidos en las cláusulas ni como dijimos se limita o prohíbe su presentación. Tanto las PPT como las PCAP hablan solamente de presentar al menos obligatoriamente un Proyecto Educativo de Centro (PEC) para cada escuela siguiendo la estructura y apartados señalados; indicándose igualmente en los Pliegos como se procederá a la evaluación y puntuación de dichos Proyectos Educativos de Centro(PEC). Esto es indicativo de que los demás ficheros que aparecen como Anexos ni van a ser valorados ni puntuados y ese es el criterio seguido por el técnico a la hora de su valoración excluyendo de la misma los Anexos como aclara en el “Informe complementario al informe de valoración de las ofertas técnicas de fecha 24/09/2018, aceptado por la Mesa de contratación de fecha 27/09/2018”. E seguindo esta tese considera que, en todo caso, o PEC estaría formado por 99 páxinas e



Concello de Vigo

non por 101, posto que hai que excluír o índice e a carátula. E que, en calquera caso, o exceso dunha folla carece de entidade suficiente para determinar a exclusión da oferta. E en apoio da súa tese cita a resolución 113/2018 do TACGAL recaída neste mesmo procedemento, cando sinala que “aínda que admitimos que o prisma da proporcionalidade pode chegar a ter influencia en circunstancias específicas, non pode ser o camiño para obviar aquí unha determinación dos pregos que é superada de forma tan ostensible na oferta do adxudicatario (sobre un 50% de maior extensión), pois afectaría á igualdade na licitación (fundamento xurídico noveno, páxina 6)”.

Esquece o licitador que recorreu a adxudicación deste procedemento a PROMOCIÓN DE LA FORMACIÓN LAS PALMAS, S.L., por ter a súa oferta unha extensión de follas maior a prevista na cláusula 4.1 do PPT, en aplicación do disposto na cláusula 14.2.b in fine do PCAP, que determina a exclusión das ofertas por non axustarse o prego de prescricións técnicas.

E se o citado licitador excedía en 50 follas o número máximo das previstas no PPT, o recorrente excédeoo en 591. E a estes efectos resulta irrelevante como tiña denominado os arquivos incluídos na súa oferta. O certo é que toda a documentación presentada forma parte da oferta técnica incluída no sobre B. Avala esta tese o feito de que ó longo do proxecto educativo fai numerosas remisións aos Anexos controvertidos. Se non formasen parte do PEC non tería sentido que o mesmo se remita constantemente aos mesmos.

O apartado 6.A da FEC do PCAP, que leva por rúbrica “**CONTIDO SOBRE B**”, determina que “**Incluirá** o Proxecto Educativo do Centro (PEC) individualizado para cada unha das escolas, co contido descrito no apartado 7.A.1 desta FEC. Non poderá exceder de 100 follas, tamaño letra 12”. Como se aprecia desta redacción, o contido citado é obrigatorio e excluínte, como se deduce do emprego da forma verbal imperativa “incluirá”. Non pode deducirse desta redacción, como fai o recorrente, que ademais deste proxecto poderá incluír toda a documentación que desexe. O contrario deixaría sen contido a limitación de páxinas prevista.

E o feito de que subira a documentación do sobre B á plataforma de licitación como arquivos separados non empece esta afirmación. De feito, é usual subir á plataforma de licitación as ofertas fragmentadas en diversos arquivos por canto non poden subirse á mesma arquivos que superen os 8 MB.

Tal e como sinala a que subscribe no citado informe achegado a Mesa de Contratación con ocasión da execución da resolución do TACGAL relativa a este mesmo procedemento “*Será contrario ó principio de no discriminación e igualdade de trato entre os licitadores recollido no artigo 1 da LCSP excluír deste procedemento a PROMOCIÓN DE LA FORMACIÓN LAS PALMAS, S.L., por non axustarse ó PPT, e non facelo con COLEGIO LOS MILAGROS, S.L., cuxa oferta tampouco se axusta ó mesmo, e por ende, ten unha extensión moi superior*”.

Conclúe o recorrente citando unha sentenza, STS 9164/2012, e unha resolución do TACRC, a nº 1060/2015, ambas citadas por esta administración no informe de recurso de 22 de novembro de 2018 (páxina 9). É máis, esta resolución se ben é proclive a admisión das ofertas aínda que superen a extensión máxima permitida, o certo é que matiza que esta regra decae no caso de que o exceso sexa de certa magnitude cuantitativa, e di que “la presentación por una licitadora de su oferta *con el doble de páginas sobre el límite*”.

máximo fijado en los Pliegos resulta de tal magnitud cuantitativa que lo transforma en un incumplimiento cualitativo que puede afectar al principio de igualdad y no discriminación entre los licitadores y al de eficiencia en la contratación pública, lo que justifica la exclusión de la licitadora por incumplimiento de los Pliegos reguladores del concurso convocado”.

Polas razóns expostas, a informante considera que procede propor ó Tribunal o desestimento desta alegación.

-VII-

Conclusiones

Á vista do exposto ó longo deste informe, en opinión da informante, procede solicitar do Tribunal a admisión do recurso.

Con respecto ó fondo do recurso, por se o Tribunal considera que debe admitirse o recurso, unha vez analizados, no fundamento xurídico VI deste informe, os motivos alegados polo recorrente para a impugnación do acordo da Mesa de contratación, de data 24 de xaneiro de 2019, de exclusión do recorrente do procedemento para a contratación por procedemento aberto dos servizos para a xestión das Escolas infantís municipais (EIMs) de Tomás Alonso e Bouzas, procede solicitar do Tribunal, a desestimación das alegacións formuladas polo mesmo, no seu escrito de recurso polos motivos alegados no citado fundamento xurídico.

-VIII-

Medidas cautelares

O recorrente non solicita medidas cautelares. No entanto, a xuízo da informante, sería convinte adoptar a medida cautelar de suspensión do procedemento. Esta medida so é de obrigada adopción polo tribunal en caso de que a impugnación o sexa do acto de adxudicación do procedemento. No entanto, en aras da seguridade xurídica, tendo en conta a natureza das prestacións obxecto deste contrato e os usuarios do servizo, solicítase do Tribunal a adopción da citada medida de suspensión.

-IX-

Acordo

En mérito ao exposto, se propon á Xunta de Goberno Local, en calidade de órgano de contratación do Concello de Vigo (disposición adicional segunda da LCSP) e en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“1º.- Aprobar o presente informe.

2º.- Dar traslado do mesmo ao Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia”.



Concello de Vigo

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

10(129).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DA TRANSFERENCIA DE FINANCIAMENTO DO CONCELLO DE VIGO Á FUNDACIÓN MARCO PARA FUNCIONAMENTO DURANTE O EXERCICIO 2019. EXPTE. 2340/341.

Visto o informe xurídico de data 6/02/19, e o informe de fiscalización do 12/02/19, dáse conta do informe-proposta de data 25/01/19, asinado polo xefe do Servizo de Museos Municipais, o xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural, o concelleiro-delegado da Área de Cultura e o concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data 10 de xaneiro de 2019 o xerente da Fundación Marco solicitara a través do Rexistro Xeral a transferencia de financiamento para 2019 e que se aprobe o calendario de pagamentos e achegan a documentación correspondente.

Con data 23 de xaneiro subcribírase informe-proposta sobre o citado asunto, conformado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural, o concelleiro-delegado da Área de Cultura e o concelleiro de Orzamentos e Facenda e dérase traslado para informe xurídico preceptivo á adopción de acordo por parte da Xunta de Goberno Local.

Con data 24 de xaneiro o xerente da Fundación Marco achega a través do Rexistro Xeral (doc 190011568) os Estatutos consolidados aprobados na reunión do Padroado nº 46, celebrado o 25 de outubro de 2018, elevados a público que inclúen a versión consolidada dos Estatutos; tamén informa que os Estatutos foron presentados no Rexistro de Fundacións de Galicia o 11 de decembro de 2018, sin que aínda se teña producido resolución sobre a súa inscrición.

Debido a que o artigo 27 queda sin contido nos Estatutos consolidados aprobados, compre suprimir a referencia ao mesmo que se facía no informe-proposta de data 23 de xaneiro, en canto ao "... financiamento dos mesmos e as contías que aportan as catro entidades fundadoras. O apartado 4 do citado artigo 27 establece que a partir do ano 2004 reconsideraranse as achegas destas entidades en función do orzamento anual, debendo cubrir como mínimo o 75% dos gastos correntes orixinados polo funcionamento e as actividades do Museo de Arte Contemporánea de Vigo."; tendo en conta, ademais, que hoxendía non é posible referirse ás "catro entidades fundadoras" pois dúas delas (Caixanova ou Deputación Provincial) xa non forman parte do Padroado nin achegan financiamento.

ANTECEDENTES.-

No pasado exercicio económico, a achega económica do Concello de Vigo á Fundación Marco (Museo de Arte Contemporánea de Vigo) xestionouse a través dunha transferencia de

financiamento xeral do seu programa de actividades e funcionamento correspondente a 2018 por importe de 605.000 €, aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión do 9 de marzo de 2018, (expediente 2109-341). Esta fórmula de financiamento substituíu á de subvención nominativa, que viña aplicándose ata o exercicio económico 2015, segundo os diversos informes do Servizo de Fiscalización conformados polo Interventor Xeral, de datas 18 de marzo de 2016, 20 de xaneiro de 2017 e sucesivos.

Dos anteriores informes do Servizo de Fiscalización, fundamentados con amplitude en moi diversas normas legais de aplicación, extráense as seguintes referencias que serían aplicables ao exercicio económico de 2019:

- O obxecto do expediente correspóndese con materia de competencia propia do Concello segundo os artigos 25.2 m da Lei 7/1985, do 2 de abril, promoción da cultura e equipamentos culturais e o 80.2.n), actividades culturais, da Lei 5/1997, da administración local de Galicia.
- A Lei Xeral de Subvencións establece que non están comprendidas no seu ámbito de aplicación as achegas dinerarias entre diferentes Administracións Públicas e entre distintos axentes dunha Administración.
- Forman parte do Sector Público Estatal aos efectos da Lei Xeral Orzamentaria as fundacións do sector Público estatal, definidas na Lei de Fundacións.
- Os axentes da Lei Xeral de Subvencións son os previstos para o ámbito estatal na Lei Xeral Orzamentaria, que deben servir de referencia respecto ao ámbito local.
- A Fundación Marco é unha fundación declarada de interese galego á que lle resulta de aplicación a Lei 16/2010, de 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico.
- A Fundación Marco reúne as circunstancias necesaria para ser considerada fundación do sector público, xa que en 2019 ten previsto financiarse nun 74,23 % polo Concello de Vigo, pola Xunta de Galicia nun 12,27% e polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte nun 4,29% (patrocinios, ingresos propios e outros: 9,2%); ademais que o Concello e as outras administracións posúen a práctica totalidade dos membros dos seus órganos de goberno e representación.

As conclusións principais sobre os informes da Intervención Xeral de 2016 e 2017, 2018 tamén aplicables a 2019, son:

- A achega que realiza o Concello de Vigo á Fundación Marco é unha transferencia de financiamento non suxeita a Lei Xeral de Subvencións, sobre a que se debe concretar a periodicidade dos pagamentos.
- A comprobación, xustificación, fiscalización e control financeiro da achega municipal (excluída totalmente do réxime subvencional) e actividade da Fundación Marco debe realizarse pola Intervención Xeral.
- Debe procederse á publicación da achega municipal no Portal de Transparencia do Concello, de acordo doa Lei 19/2013.



Concello de Vigo

O Secretario da Administración municipal, no seu informe do 29 de febreiro de 2016, sobre a transferencia de financiamento á Fundación Marco daquel exercicio, realiza a seguinte formulación que se considera extrapolable a outros casos de financiamento incluídos no programa presupostario 3330 (Fundación Liste e Fundación Laxeiro): “podería adecuarse en futuros orzamentos a súa consideración como transferencia de financiamento e completarse nas correspondentes bases de execución deses orzamentos coa normativa á que deberá suxeitarse a citada transferencia, con indicación de periodicidade das achegas, e especial consideración á necesidade de ser fiscalizada previamente ao ser outorgadas e a de ser sometidas a control posterior pola Intervención Xeral”.

Con data 28 de novembro de 2016, 15 de xaneiro de 2018 e 16 de xaneiro de 2019 o concelleiro-delegado da Área consulta ao Interventor Xeral do Concello, en relación ás transferencias de financiamento da Fundación MARCO, Fundación Laxeiro e Fundación Liste-Museo Etnográfico de Vigo (doc 190007151), sobre “se a tramitación e/ou resultados do control financeiro ou auditoría estipulados, que se realizarán por parte dese Intervención Xeral, condicionan o inicio da tramitación e/ou a aprobación do expediente de nova transferencia (...), ou ben debemos esperar a que nos comuniquedes os seus resultados”.

Con data 17 de xaneiro de 2019 o Interventor Xeral informa ao concelleiro-delegado da Área de Cultura o seguinte, no mesmo sentido que o fixera para os exercicios anteriores: *“En contestación a súa consulta sobre as transferencias de financiamento a favor da Fundación Marco, Fundación Laxeiro e Fundación Liste, comunícolle que estas poden ser tramitadas e levadas a proposta de aprobación da Xunta de Goberno Local, independentemente e non condicionada polo posible resultado do control financeiro ou auditoría que realizará esta Intervención Xeral, polo que procede a súa tramitación, de ser o caso.”*

As bases de execución do presuposto do exercicio de 2019 non establecen ningunha normativa á que deba suxeitarse as transferencias de financiamento, polo que o Servizo de Museos só pode establecer a periodicidade dos pagamentos da transferencia de financiamento que é a solicitada pola Fundación Marco; xa que a capacidade fiscalizadora do financiamento, previa e posterior, corresponde á Intervención Xeral.

FUNDACIÓN MARCO.-

O Pleno do Concello de Vigo do 29 de xullo de 2002, por unanimidade, acordou a súa participación na Fundación Marco, como entidade fundadora e aprobar os Estatutos da Fundación. Con data 22 de outubro de 2002, constitúese a Fundación Marco, CIF G36909885, na Casa do Concello de Vigo, en escritura pública diante do notario Mariano Vaqueiro Rumbao, protocolo num 2.100. Nos estatutos aprobados polo Pleno do Concello e na acta de constitución da Fundación Marco figuran como entidades fundadoras o Concello de Vigo, Caixanova, a Xunta de Galicia e a Deputación Provincial de Pontevedra.

A Fundación Marco está dedicada á realización de actividades culturais de investigación, educación, formación, conservación, exhibición e difusión da arte e da cultura contemporáneas, con particular atención á produción artística da Comunidade Galega, así como a estatal e internacional, mediante a adquisición, a conservación, o estudo, a exposición e interpretación educativa de obras de arte contemporánea, ao tempo que deberá impulsar a estimulación da sensibilidade da sociedade cara á cultura actual.

Con data 5 de xaneiro de 2006 protocolízase en escritura notarial (Núm. 19; Notario: Mariano Vaqueiro Rumbao) a incorporación ao Padroado da Fundación Marco *“Un vocal (1)”*

designado polo Ministerio de Cultura da Administración Xeral do Estado en atención ao seu compromiso estable coa Fundación e en función da súa achega.”; derivado do acordo do Padroado de data 20 de decembro de 2005.

A Deputación provincial de Pontevedra, entidade cofundadora da Fundación Marco, con data 21 de decembro de 2011 dera por concluídos os compromisos adquiridos con diversas Fundacións e Organismos, entre os que se incluía a Fundación Marco, deixando de pertencer como membro dos mesmos e de participar no seu financiamento cunha achega fixa anual, todo iso, sen prexuízo de que puidera colaborar con eles mediante achegas puntuais, segundo o permitan as necesidades económicas.

Novacaixagalicia (antes Caixanova, entidade cofundadora da Fundación Marco) comunicou á Fundación Marco, en escrito do 31 de xaneiro de 2012 a súa renuncia á posibilidade de seguir colaborando coa Fundación e rescindindo o compromiso asumido, eximindo “á Caixa” da necesidade de realizar unha achega económica correspondente á súa cota patronal.

Declaracións de interese cultural e interese galego.

A Fundación Marco, foi clasificada de interese cultural, por Orde de 13 de decembro de 2002, da Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública (DOG núm 2, do 3 de xaneiro de 2003); e foi declarada de interese galego e inscrita no Rexistro de Fundacións por Orde de 15 de xaneiro de 2003 da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo (DOG núm 24, do 4 de febreiro de 2003).

Composición actual do Padroado da Fundación Marco.-

Segundo acordo do Padroado da Fundación Marco da sesión 25 de outubro de 2018 e resolución de inscrición no Rexistro de Fundacións de Interese Galego do 26 de novembro de 2018, a composición actual do Padroado é a seguinte:

Presidente.- Abel Caballero Álvarez, Alcalde do Concello de Vigo.

Vicepresidente.- Cayetano Rodríguez Escudero, concelleiro-delegado da Área de Cultura do Concello de Vigo.

5 Vogais.- Ángeles Marra Domínguez (Concello de Vigo), Ana Laura Iglesias González (Concello de Vigo), Anxo Manuel Lorenzo Suárez (Xunta de Galicia), M^a del Carmen Martínez Ínsua (Xunta de Galicia) e Begoña Torres González (Ministerio de Cultura).

SOLICITUDE DE TRANSFERENCIA DE FINANCIAMENTO.-

A Fundación Marco ten achegado a seguinte documentación para a transferencia de financiamento para funcionamento do exercicio 2019 do Museo de Arte Contemporánea de Vigo:

- Solicitud de transferencia de financiamento do Concello de Vigo por importe de 605.000,00 € presentada no Rexistro Xeral do 10 de xaneiro de 2019 xunto coa seguinte documentación:
- Copia da certificación do acordo do Padroado, adoptado na sesión do 20 de decembro de 2018, sobre “achegas das entidades patrocinadoras e orzamento do



Concello de Vigo

exercicio 2019” e “aprobación da programación de actividades para o exercicio 2019, conforme ao artigo 17.3 dos estatutos”

- Orzamento de ingresos e gastos do exercicio 2019, co detalle dos gastos dos principais proxectos e partidas.
- Programación completa de exposicións para o exercicio 2019.
- Táboa de visitantes de 2018.
- Copia da comunicación do 28 de decembro de 2018 á Consellería de Cultura, Educación e O.U. (Protectorado de Fundacións) sobre programación e presuposto para 2019 e composición do Padroado.

Certificacións e declaracións.- No expediente inclúense copias vixentes das seguintes:

- Certificación da AEAT, de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias.
- Certificación da Axencia Tributaria de Galicia-Consellería de Facenda de non ter débedas pendentes en período executivo non aprazadas, fraccionadas ou cuxa execución estivese suspendida.
- Certificación da Tesourería Xeral da Seguridade Social de non ter pendente de ingreso ningunha reclamación por débedas xa vencidas coa Seguridade Social.
- Certificación do Concello de Vigo de non ter débedas ou sanción de natureza tributaria co Concello na vía de constrinximento.

ORZAMENTO 2019 DA FUNDACIÓN MARCO.-

Na documentación achegada pola Fundación Marco inclúese a información orzamentaria de previsión de ingresos e gastos para o ano 2019, que ascende a un total de 815.000,00 €. As achegas das entidades fundadoras e integradas no Padroado para o ano 2019 que detallan son as seguintes:

➤ Concello de Vigo	605.000,00 € (74,23%);
➤ Xunta de Galicia	100.000,00 € (12,27%);
➤ Ministerio de Cultura	35.000,00 € (4,29%);
➤ Ingresos Patrocinios	10.000,00€ (1,23%);
➤ Ingresos actividades propias (cursos, alugueres, catálogos,...)	50.000,00 € (6,13%);
➤ Amigos MARCO	15.000,00 € (1,84%).

A previsión da distribución do gasto establécese nos seguintes grupos:

1. Persoal:	305.844,00 € (37,53%);
2. Gastos xerais (e extraordinarios):	299.543,00 € (36,75);

3. Actividades (expos., didac., etc.):	186.602,00€ (22,90%);
4. Gastos financeiros:	1.000,00 € (0,12%);
5. Outros (Amortizacións):	22.012,00 € (2,70%).

A comparación entre a previsión de presuposto de orzamento de 2019 e a estimación do orzamento de 2018 presenta as seguintes variacións:

INGRESOS	ORZAMENTO 2018	ORZAMENTO 2019
Achegas do Padroado:		
Concello de Vigo	605.000	605.000
Xunta de Galicia	100.000	100.000
Ministerio de Cultura	35.000	35.000
	740.000	740.000
Outros ingresos:		
Ingresos Patrocinios	10.000	10.000
Ingresos actividades propias	39.843	50.000
Reservas		
Amigos MARCO	13.278	15.000
	63.121	75.000
TOTAL INGRESOS	803.121	815.000

GASTOS	2018	2019
Persoal	316.235	305.844



Concello de Vigo

Gastos Xerais+Extraordinarios	286.491	299.543
Exposicións	109.261	147.000
Actividades	39.862	39.602
Gastos financeiros	2.000	1.000
Amortizacións	49.272	22.012

TOTAL GASTOS	803.121	815.001
---------------------	----------------	----------------

VARIACIÓN PORCENTAXES 2019-2018.-

Considerando as porcentaxes de participación das entidades e tipos de achegas, entre a previsión do orzamento total de 2019 e a estimación do orzamento total de 2018 (tomando os datos facilitados polo MARCO), presenta as seguintes variacións:

INGRESOS.-

	<u>2018</u>	<u>2019</u>	<u>Dif. 2019-2018</u>
➤ Concello de Vigo	75,33%	74,23%	-1,1%
➤ Xunta de Galicia	12,45%	12,27%	-0,18%
➤ Ministerio de Cultura	4,36%	4,29%	-0,07%
➤ Ingresos patrocinios	1,25%	1,23%	-0,02%
➤ Ingresos activs. Propias	4,96%	6,13%	+1,17%
➤ Amigos MARCO	1,65%	1,84%	+0,19%

GASTOS.-

A previsión da distribución do gasto establécese nos seguintes grupos:

	<u>2018</u>	<u>2019</u>	<u>Dif. 2019-2018</u>
1. Persoal:	36,38%	37,53%	+1,15%
2. Gastos xerais:	35,67%	36,75%	+1,08%
3. Actividades (expos., activi., etc.):	18,57%	22,90%	+4,33%
4. Gastos financeiros:	0,25%	0,12%	-0,13%
5. Amortizacións:	6,14%	2,17%	-3,97%

XESTIÓN DA COLABORACIÓN DO CONCELLO DE VIGO COA FUNDACIÓN MARCO

Ata 2015 o desenvolvemento das subvencións nominativas outorgadas pola Xunta de Goberno Local á Fundación Marco víñanse regulando, de acordo co establecido no art. 26.1 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, establecéndose no propio acordo de concesión a regulación das condicións e obrigas (ao igual que no caso da Fundación Laxeiro; con convenio regulador no caso da Fundación Liste). Nesta situación, de tramitación das achegas municipais como subvencións nominativas, a concellería-delegada da Área de Cultura dispoñía da información detallada sobre o funcionamento e actividade destes centros, a través da documentación xustificativa que se presentaban.

O decreto de delegación de competencias da Alcaldía nos concelleiros-delegados, de data 19 de xuño de 2015, establece no Concelleiro-delegado da Área de Cultura, entre outras, a seguinte: "*b) en materia de museos: (...) 4. Xestionar as colaboracións do Concello de Vigo coa Fundación Marco (Museo de Arte Contemporánea de Vigo), Fundación Laxeiro, Fundación Liste-Museo Etnográfico de Vigo, Fundación Museo do Mar de Galicia e representalo nos seus padroados.*"

Coas conformidades do xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural e do concelleiro-delegado da Área de Cultura, tras o infoeme xurídico e da Intervención Municipal, faise a seguinte

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-

PRIMEIRO.-

1.- Transferir á Fundación Marco, CIF: G36909885, un importe de 605.000,00 € (seiscientos cinco mil euros) en concepto de transferencia de financiamento xeral do seu programa de actividades e funcionamento correspondentes ao ano 2019, de acordo co seguinte calendario:

- ◆ Unha primeira achega tralo acordo Xunta de Goberno Local, por importe de 201.666,66 € (33,33% do importe concedido).
- ◆ Unha segunda achega antes do 25 de maio de 2019, por importe de 201.666,67 € (33,33% do importe concedido).
- ◆ Unha terceira achega, antes do 25 de setembro de 2019, por importe de 201.666,67 € (33,33% do importe concedido).

2.- A transferencia de financiamento pode financiarse con cargo á partida 3330.489.00.03 "Fundación Marco", que figura no orzamento de 2019 do Concello de Vigo.

3.- A fiscalización da transferencia de financiamento realizarase pola Intervención Xeral, directamente cos seus servizos propios ou a través de técnicas de auditoría que puidera contratar.

SEGUNDO.-

O decreto de delegación de competencias da Alcaldía nos concelleiros-delegados, de data 19 de xuño de 2015, establece no Concelleiro-delegado da Área de Cultura, entre outras, a



Concello de Vigo

seguinte: “b) en materia de museos: (...) 4. Xestionar as colaboracións do Concello de Vigo coa Fundación Marco (Museo de Arte Contemporánea de Vigo), Fundación Laxeiro, Fundación Liste-Museo Etnográfico de Vigo, Fundación Museo do Mar de Galicia e representalo nos seus padroados”.

Co obxecto de xestionar a colaboración do Concello de Vigo coa Fundación Marco, complementaria do financiamento municipal, da representación municipal no Padroado e da cesión do uso do edificio, establécense as seguintes normas e compromisos da Fundación Marco:

PRIMEIRA.-

O pleno do Concello de Vigo do 29 de xullo de 2002 acordara participar na Fundación Marco como entidade fundadora e achegarlle determinadas contías para financiamento de gastos derivados do seu funcionamento. Tamén acordou o Pleno aprobar os Estatutos da Fundación Marco que no seu artigo 27 aborda o financiamento dos mesmos e as contías que aportan as catro entidades fundadoras.

SEGUNDA.-

Na documentación achegada pola Fundación Marco inclúese a información orzamentaria de previsión de ingresos e gastos para o ano 2019, que ascende a un total de 815.000,00 €.

A previsión de ingresos quedará do seguinte xeito:

➤ Concello de Vigo	605.000,00 € (74,23%);
➤ Xunta de Galicia	100.000,00 € (12,27%);
➤ Ministerio de Cultura	35.000,00 € (4,29%);
➤ Ingresos Patrocinios	10.000,00€ (1,23%);
➤ Ingresos actividades propias (cursos, alugueres, catálogos,...)	50.000,00 € (6,13%);
➤ Amigos MARCO	15.000,00 € (1,84%).

A previsión da distribución do gasto establécese nos seguintes grupos:

1. Persoal:	305.844,00 € (37,53%);
2. Gastos xerais (e extraordinarios):	299.543,00 € (36,75);
3. Actividades (expos., didac., etc.):	186.602,00€ (22,90%);
4. Gastos financeiros:	1.000,00 € (0,12%);
5. Outros (Amortizacións):	22.012,00 € (2,70%).

TERCEIRA.- OBRIGAS DA FUNDACIÓN MARCO.-

1. Cumprir e organizar o programa aprobado polo seu Padroado, asumindo todos os gastos e pagamentos relativos á totalidade do programa de actividades e funcionamento. O Concello de Vigo non asumirá outros gastos ou xestións derivadas da actividade e funcionamento, diferentes á transferencia de financiamento que aprobe a Xunta de Goberno Local para este exercicio económico.
2. Responsabilizarse da organización integral da programación realizada pola Fundación Marco, como entidade titular e responsable de todas as actividades, servizos e funcionamento subvencionados.
3. Incorporar os anagramas-logotipos do Concello de Vigo e comunicarlle as roldas de prensa, presentación a medios ou todo tipo de comunicacións ao exterior nas que se deberá facer mención expresa ao financiamento municipal.
4. Colaborar co Concello de Vigo, coa participación da Fundación Marco, na Rede Museística e Expositiva promovida pola administración municipal.
5. Comunicar ao Concello de Vigo as modificacións dos programas aprobados ou en fase de realización, en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, servizos e funcionamento.

CUARTA.- OBRIGAS DO CONCELLO DE VIGO.

1. Realizar o seguimento do desenvolvemento das actividades da Fundación Marco e colaborar na súa viabilidade.
2. Tramitar o pagamento do importe das transferencias de financiamento; de acordo co calendario aprobado pola Xunta de Goberno Local.

QUINTA.- MECANISMOS DE SEGUIMENTO DA COLABORACIÓN. UNIDADE XESTORA.

A unidade xestora da colaboración coa Fundación Marco é o servizo de Museos Municipais do Concello de Vigo, ao que a Fundación Marco informará sobre o desenvolvemento das súas actividades e funcionamento.

A unidade xestora ten a encomenda de comprobación da realización das actividades, servizos e funcionamento do proxecto de actividades.

SEXTA.- DIFUSIÓN DO CARÁCTER PÚBLICO DO FINANCIAMENTO E DAS ACTIVIDADES DO PROGRAMA.

A Fundación Marco adoptará as medidas necesarias para publicitar axeitadamente o carácter público do financiamento, por parte do Concello de Vigo, do seu funcionamento xeral; incorporando esta publicidade, de forma particular, nos propios centros, nas publicacións, na páxina web, nas presentacións e difusión das súas actividades, etc., procurando previamente a conformidade da Concellería-delegada da Área de Cultura.

A Fundación Marco asumirá integramente a produción de material gráfico para difusión, tanto o de tipo xeral relativo ao Museo, como o das actividades programadas. O anagrama-logotipo do Concello de Vigo figurará debidamente en todas as publicacións e soportes publicitarios que se produzan, ademais das lendas que se acorden.



Concello de Vigo

Se no financiamento das actividades ou publicacións interveñen outras entidades distintas do Concello de Vigo, na difusión deberá acordarse coa Concellería-delegada da Área a prelación e características para cada caso.

O deseño gráfico de publicacións e materiais de difusión deberá ser enviado ao servizo de Museos Municipais, previamente ás impresións, como mínimo naquelas partes onde figuren as referencias ao Marco (ou á Fundación), aos servizos, actividades, Concello de Vigo e outras entidades que realicen algunha achega ao proxecto anual financiado no seu conxunto polo Concello. O material editado dispoñerá dos depósitos legais correspondentes.

A difusión aos medios de comunicación de informacións sobre as actividades programadas (roldas de prensa, difusión de noticias, informacións, traballos, etc) deberá estar previamente acordada coa Concellería-delegada da Área de Cultura.

A Fundación Marco comprométese á utilización dunha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión da actividade ou evento. Tamén se compromete ao emprego de imaxes non estereotipadas e que visibilicen a achega das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.

LINGUA DE DIFUSIÓN E PUBLICACIÓNS.-

En consecuencia co establecido na vixente Ordenanza da Normalización Lingüística do Concello de Vigo, a lingua galega é a lingua principal de comunicación; polo tanto e con carácter xeral só se considerarán dentro do proxecto e programa financiado as publicacións e elementos de difusión e publicidade editados en galego, teñan ou non carácter periódico. A utilización doutras linguas distintas ao galego nas publicacións e difusión quedan sometidas aos acordos específicos coa concellería de Cultura, para que os elementos sexan financiáveis.

SÉTIMA.- INFORMACIÓN SOBRE ACTIVIDADE E FUNCIONAMENTO DA FUNDACIÓN MARCO.-

A Fundación Marco achegará á concellería-delegada da Área de Cultura do Concello, para o seu coñecemento, información e documentación sobre as súa actividade e funcionamento, sen prexuízo do control e fiscalización das achegas de transferencia de financiamento que corresponderá á Intervención Xeral.

DOCUMENTACIÓN A ACHEGAR POLA FUNDACIÓN MARCO AO CONCELLO.-

- a) Informes trimestrais sobre actividades realizadas, con datos e detalles sobre participantes, e sobre funcionamento da Fundación Marco; que se achegarán nos dez primeiros días naturais do trimestre seguinte ao do período do informe.
- b) Relación de ingresos e gastos do período trimestral correspondente, clasificada por cada unha das actividades, grupos e por funcionamento da Fundación Marco, con indicación de acredores, conceptos, datas de emisión e importes.
- c) Acreditación de ter entregado ao servizo de Museos Municipais do Concello de Vigo dez exemplares de cada publicación ou dos materiais de difusión editados ou producidos. No caso de que non se editara material para algunha actividade deberá

indicarse, expresamente esta circunstancia. Se algunha actividade dispuxera de material gráfico, publicacións ou catálogos editados por entidades distintas á Fundación Marco, o Museo achegará un mínimo de catro exemplares ao servizo de Museos Municipais do Concello.

- d) Copias das convocatorias e actas do Padroado da Fundación Marco.
- e) Documentación sobre os asuntos a tratar nas sesións do Padroado dirixida ao Concelleiro-delegado da Área de Cultura, con antelación á súa realización.
- f) Gastos de persoal, xustificados cos contratos de traballo (copias compulsadas e nas sucesivas memorias trimestrais, senón houbera cambios, unha declaración da dirección ou presidencia neste sentido; de habelos, achegaríanse as novas copias compulsadas dos contratos), as nóminas e os boletíns de cotización á Seguridade Social (TC1 e TC2).
- g) Memoria-avaliación do programa de actividades e funcionamento da Fundación Marco de cada exercicio, nos dez primeiros días naturais despois do remate da anualidade, que deberá incluír como mínimo os seguintes datos e documentos:
 - Datos sobre os participantes nas actividades (número e perfil dos asistentes, presentados por mes e por cada unha das actividades do programa).
 - Memoria de prensa.
 - Memoria económica, con relación de ingresos e gastos, clasificada por cada unha das actividades, grupos e por funcionamento do centro, con indicación de acredores, conceptos, datas de emisión e importes.

A Fundación Marco deberá facilitar toda a información que lle fora requirida pola Concellería-delegada de Cultura, pola Intervención Xeral do Concello de Vigo, o Tribunal e Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

A Fundación Marco deberá comunicar ao Concello de Vigo, a través do servizo de Museos Municipais a tramitación e obtención, no seu caso, doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a súa actividade ou funcionamento. Esta comunicación deberá efectuarse no momento no que se coñeza.

OITAVA.-

Ao tratarse a Fundación Marco de Vigo dun ente financiado maioritariamente polo Concello de Vigo queda suxeita ás obrigas e cumprimentos que establece a LO 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira e o RD 1463/2007, de 2 de novembro polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, de estabilidade orzamentaria; por conseguinte deberán cumplimentar os datos relativos aos seus orzamentos e liquidacións telemáticamente a través da Oficina Virtual para a Coordinación Financeira coas Entidades Locais dependente do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, por conformar un ente da Base de Datos Xeral dos Entes Locais regulados no RD 1463/2007.



Concello de Vigo

Así mesmo con carácter trimestral cumprimentarán na citada Oficina Virtual a información de pagamentos para os efectos do esixido na Lei 3/2004, de 29 de decembro pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade comercial.

Por último, para os efectos de dar cumprimento ao establecido pola Orde HAP /2105/2012, 1 de outubro, modificada pola Orde HAP/2082/2014, de 7 de novembro con carácter trimestral queda obrigada a cumprimentar toda a documentación e información que regula a citada Orde en desenvolvemento do artigo 12 da LO 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira a través da Oficina Virtual para a Coordinación Financeira coas Entidades Locais.

Por último a Fundación ten a obriga da de dar cumprimento mensualmente a publicación dos datos do período medio de pago a provedores en cumprimento do establecido polo Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas e as condicións e o procedemento de retención de recursos dos rexímenes de financiación previstos na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

11(130).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DE PREMIOS EN METÁLICO PARA O CIRCUITO DE CARREIRAS RUNRUNVIGO 2018". EXPTE. 18137/333.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 29/01/19 e o informe de fiscalización de data 12/02/19, dáse conta do informe-proposta de data 7/01/19, asinado polo xefe do Servizo de Deportes-director deportivo, o concelleiro-delegado de Deportes e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

1.- Antecedentes:

A Concellería de deportes dinamiza e coordina o circuíto de carreiras populares da Cidade de Vigo. Este programa, que se impulsa como parte do traballo de fomento e difusión do deporte entre a sociedade viguesa, propón a coordinación, promoción e difusión de diferentes probas pedestres que tradicionalmente teñen lugar na cidade de Vigo, co propósito de estimular e fomentar a práctica do deporte popular.

O programa das carreiras populares, que se desenvolve no ámbito da cidade de Vigo, está configurado por 8 tradicionais probas que se celebraron ó longo do ano 2018 dinamizadas por cada unha das entidades organizadoras tal como se detalla:

PROBA	Distancia
XVIII Medio Maratón Vig Bay	21.097 m.
XI 10 Km. Cidade Universitaria de Vigo	10.000 m.
VI Carreira da Cereixa	10.000 m.

VI Carreira Nocturna Correndo por Vigo	10.000 m.
XXXIV Carreira Nocturna de San Xoán	8.600 m.
VIII 10 Km. Xorn. Marisqueiras do Berbés	10.000 m.
XI Vigo+11	10.000 m.
VI Vigo Contra el Cáncer	10.000 m.

Entre as actuacións vinculadas co desenvolvemento do circuío, a Concellería de deportes realiza dúas actuacións básicas. Por unha banda, coordina os resultados de cada unha das probas integradas no circuío para a definición dunha clasificación xeral de todos os participantes que ven determinada polos resultados obtidos en cada unha das carreiras. Esta clasificación é publicada de maneira regular durante todo o ano, coa finalidade de potenciar a participación nas carreiras o tempo que a mesma servirá para establecer o final de todo o circuío os gañadores e primeiros clasificados no “Circuío de Carreiras RunRunVigo”.

Esta clasificación ten como finalidade tamén que os mellores atletas se sumen á iniciativa e participen no maior número de probas, dando desta forma un impulso á calidade deportiva do “Circuío”, polo cal dende a Concellería de Deportes se propuxo o outorgamento dun premios en metálico que fundamentalmente teñen un carácter de recoñecemento testimonial e promocional para o propio circuío.

Para a clasificación final das carreiras celebradas no ámbito do circuío 2018, cuxa última proba foi celebrada o pasado 11 de novembro de 2018, e unha vez certificados os resultados de todas as probas, propóñense os seguintes premios en metálico, por un importe total de 4.700,00 €, que se distribuirán nas seguintes categorías cos seguintes importes:

Categorías*	1º Clasificado/a	2º Clasificado/a	3º Clasificado/a
F-1 e M-1	300,00 €	200,00 €	100,00 €
F-2 e M-2	300,00 €	200,00 €	100,00 €
F-3 e M-3	300,00 €	200,00 €	100,00 €
F-4 e M-4	300,00 €	200,00 €	100,00 €

*Na categoría M-1, só houbo 2 atletas dos tres primeiros clasificados que cumpriran cos requisitos do regulamento para ter acceso ó premio en metálico.

Tendo en conta que o importe máximo de cada un dos premios non supera en ningún dos casos os 300€, e atendendo ó establecido no Real Decreto-Ley 9/2015, de 10 de xullo, e no Art. 75.3.f. do RD 439/2007, de 30 de marzo polo que se aproba o Regulamento do Imposto sobre a Renda das persoas físicas e se modifica o Regulamento de Plans e Fondos de Pensións aprobado polo RD 304/2004 de 20 de febreiro, que determina que “No existirá obligación de practicar retención o ingreso a cuenta sobre las rentas siguientes:f) Los premios.....cuya base de retención no sea superior a 300€”, non se practicará ningún tipo de retención sobre os importes dos premios.



Concello de Vigo

Para a aplicación deste gasto solicítase a apertura da aplicación orzamentaria 3410.481.00.00 "Premios Circuito de Carreiras RunRunVigo", con saldo cero. Os créditos necesarios para este expediente se aplicarán á bolsa de vinculación con cargo a aplicación 3410.489.00.01 "SUBVENCIONES A EVENTOS DEPORTIVOS", o cal non perturba o normal funcionamento da execución orzamentario do servizo.

2.- Proposta:

Dos resultados parciais de cada unha das probas celebradas foi realizada unha clasificación xeral do "Circuito de Carreiras RunRunVigo" que se anexa ó presente expediente. Comprobouse que os e as atletas propostos cumpren co establecido no regulamento do circuito, do que se desprende que os gañadores da proposta de premios en metálico son os seguintes atletas, ós cales lles corresponde os premios en metálico que se indican:

Categoría Femenina-1 e Masculina-1:

Catg.	Clasf	Nome e apelidos	DNI	premio	Ret IRPF (19%)	Importe líquido
F-1	1ª	ESTER NAVARRETE SANTANA	5****7*2Y	300,00 €	0,00 €	300,00 €
F-1	2ª	VANESA VILLAR DIÉGUEZ	3**7***2T	200,00 €	0,00 €	200,00 €
F-1	3ª	OLALLA SABORIDO GIL	3***447**	100,00 €	0,00 €	100,00 €

Catg.	Clasf	Nome e apelidos	DNI	premio	Ret IRPF (19%)	Importe líquido
M-1	1er	RUBÉN PÉREZ FONTÁN	5**7***0X	300,00 €	0,00 €	300,00 €
M-1	2º	EMILIO PÉREZ GROBA	7****365*	200,00 €	0,00 €	200,00 €

Categoría Femenina-2 e Masculina-2:

Catg.	Clasf	Nome e apelidos	DNI	premio	Retención IRPF (19%)	Importe líquido
F-2	1er	ANA ALONSO GULLÓN	***1**01S	300,00 €	0,00 €	300,00 €
F-2	2º	MACARENA FERREIRA ÁLVAREZ	7****435*	200,00 €	0,00 €	200,00 €
F-2	3º	DOLLY DARLEN GARCÍA TORRICO	5**5**1*W	100,00 €	0,00 €	100,00 €

Catg.	Clasf	Nome e apelidos	DNI	premio	Retención IRPF (19%)	Importe líquido
M-2	1er	DANIEL BARGIELA ARAÚJO	7***53**A	300,00 €	0,00 €	300,00 €
M-2	2º	RUBÉN PEREIRA CARDALDA	3****822*	200,00 €	0,00 €	200,00 €
M-2	3º	JOSÉ ALBERTO BASTOS SILVA	***1441**	100,00 €	0,00 €	100,00 €

Categoría Femenina-3 e Masculina-3:

Catg.	Clasf	Nome e apelidos	DNI	premio	Retención IRPF (19%)	Importe líquido
F-3	1ª	M. JOSÉ VELÁZQUEZ GARCÍA	**095***S	300,00 €	0,00 €	300,00 €

F-3	2ª	M. PAZ RODRÍGUEZ ALONSO	360****0*	200,00 €	0,00 €	200,00 €
F-3	3ª	M. BELÉN LEMAT CABRAL	3**12****S	100,00 €	0,00 €	100,00 €

Catg.	Clasf	Nome e apelidos	DNI	premio	Retención IRPF (19%)	Importe líquido
M-3	1er	JOSÉ CARLOS ADÁN ARIAS	****046*M	300,00 €	0,00 €	300,00 €
M-3	2º	ERNESTO RODRÍGUEZ BOLÍBAR	3**68***E	200,00 €	0,00 €	200,00 €
M-3	3º	SANTIAGO BERNÁRDEZ MACÍA	36***62**	100,00 €	0,00 €	100,00 €

Categoría Femenina-4 e Masculina-4:

Catg.	Clasf	Nome e apelidos	DNI	premio	Retención IRPF (19%)	Importe líquido
F-4	1ª	CARMEN COSTAS RODRÍGUEZ	76***83**	300,00 €	0,00 €	300,00 €
F-4	2ª	GENOVEVA ARENAS	**0***41V	200,00 €	0,00 €	200,00 €
F-4	3ª	JOSEFA FREIRE MOSQUERA	7**851***	100,00 €	0,00 €	100,00 €

Catg.	Clasf	Nome e apelidos	DNI	premio	Retención IRPF (19%)	Importe líquido
M-4	1er	MANUEL SUÁREZ MARTÍNEZ	**021***J	300,00 €	0,00 €	300,00 €
M-4	2º	ANTONIO ALONSO VALVERDE	3****035*	200,00 €	0,00 €	200,00 €
M-4	3º	ALFONSO RODRÍGUEZ MORO	3****8*9F	100,00 €	0,00 €	100,00 €

Tendo en conta os antecedentes descritos, atendendo á importancia que para a cidade de Vigo ten a continuidade de proxectos de promoción do deporte popular, considerando ademais que a Concellería de Deportes ten entre os seus obxectivos potenciar a actividade deportiva en xeral, e atendendo a que o circuíto rematou o pasado día 11 de novembro de 2018 coa celebración da derradeira proba e que a gala de clausura do circuíto está prevista para o vindeiro 22 de xaneiro de 2019, plantéase a presente proposta ao obxecto de aprobar os gastos vinculados ao outorgamento dos premios do “Circuíto de Carreiras RunRunVigo”.

Previamente a efectuar a proposta ao órgano de contratación, debe emitir informe favorable de fiscalización a Intervención Xeral.

Por todo o exposto propónse á Xunta de Goberno Local, que adopte o seguinte acordo:

PROPOSTA

1. Dispoñer e comprometer o gasto polo importe de 4.700,00€ destinados a facer fronte ós premios para os e as gañadoras do “Circuíto de Carreiras RunRunVigo”, a aplicación do crédito realizarase a cargo da aplicación orzamentaria 3410.481.00.00 “Premios Circuíto de Carreiras Populares Cidade de Vigo”, a cal deberá ser aberta con saldo cero, e os créditos necesarios para este expediente se aplicarán a bolsa de vinculación con cargo a aplicación 3410.489.00.01 “SUBVENCIONS A EVENTOS DEPORTIVOS”, o cal non perturba o normal funcionamento da execución orzamentario do servizo.



Concello de Vigo

2. Recoñecer e aboar ós deportistas gañadores do “Circuíto de Carreiras RunRunVigo”, os premios correspondentes a súa categoría, de acordo co seguinte desglose:

Categoría Femenina-1 e Masculina-1:

Catg.	Clasf	Nome e apelidos	DNI	premio	Ret IRPF (19%)	Importe líquido
F-1	1ª	ESTER NAVARRETE SANTANA	5****7*2Y	300,00 €	0,00 €	300,00 €
F-1	2ª	VANESA VILLAR DIÉGUEZ	3**7***2T	200,00 €	0,00 €	200,00 €
F-1	3ª	OLALLA SABORIDO GIL	3***447**	100,00 €	0,00 €	100,00 €

Catg.	Clasf	Nome e apelidos	DNI	premio	Ret IRPF (19%)	Importe líquido
M-1	1er	RUBÉN PÉREZ FONTÁN	5**7***0X	300,00 €	0,00 €	300,00 €
M-1	2º	EMILIO PÉREZ GROBA	7****365*	200,00 €	0,00 €	200,00 €

Categoría Femenina-2 e Masculina-2:

Catg.	Clasf	Nome e apelidos	DNI	premio	Retención IRPF (19%)	Importe líquido
F-2	1er	ANA ALONSO GULLÓN	***1**01S	300,00 €	0,00 €	300,00 €
F-2	2º	MACARENA FERREIRA ÁLVAREZ	7****435*	200,00 €	0,00 €	200,00 €
F-2	3º	DOLLY DARLEN GARCÍA TORRICO	5**5**1*W	100,00 €	0,00 €	100,00 €

Catg.	Clasf	Nome e apelidos	DNI	premio	Retención IRPF (19%)	Importe líquido
M-2	1er	DANIEL BARGIELA ARAÚJO	7***53**A	300,00 €	0,00 €	300,00 €
M-2	2º	RUBÉN PEREIRA CARDALDA	3****822*	200,00 €	0,00 €	200,00 €
M-2	3º	JOSÉ ALBERTO BASTOS SILVA	***1441**	100,00 €	0,00 €	100,00 €

Categoría Femenina-3 e Masculina-3:

Catg.	Clasf	Nome e apelidos	DNI	premio	Retención IRPF (19%)	Importe líquido
F-3	1ª	M. JOSÉ VELÁZQUEZ GARCÍA	**095***S	300,00 €	0,00 €	300,00 €
F-3	2ª	M. PAZ RODRÍGUEZ ALONSO	360****0*	200,00 €	0,00 €	200,00 €
F-3	3ª	M. BELÉN LEMAT CABRAL	3**12***S	100,00 €	0,00 €	100,00 €

Catg.	Clasf	Nome e apelidos	DNI	premio	Retención IRPF (19%)	Importe líquido
M-3	1er	JOSÉ CARLOS ADÁN ARIAS	****046*M	300,00 €	0,00 €	300,00 €
M-3	2º	ERNESTO RODRÍGUEZ BOLÍBAR	3**68***E	200,00 €	0,00 €	200,00 €
M-3	3º	SANTIAGO BERNÁRDEZ MACÍA	36***62**	100,00 €	0,00 €	100,00 €

Categoría Femenina-4 e Masculina-4:

Catg.	Clasf	Nome e apelidos	DNI	premio	Retención IRPF (19%)	Importe líquido
F-4	1ª	CARMEN COSTAS RODRÍGUEZ	76***83**	300,00 €	0,00 €	300,00 €
F-4	2ª	GENOVEVA ARENAS	**0***41V	200,00 €	0,00 €	200,00 €
F-4	3ª	JOSEFA FREIRE MOSQUERA	7**851***	100,00 €	0,00 €	100,00 €

Catg.	Clasf	Nome e apelidos	DNI	premio	Retención IRPF (19%)	Importe líquido
M-4	1er	MANUEL SUÁREZ MARTÍNEZ	**021***J	300,00 €	0,00 €	300,00 €
M-4	2º	ANTONIO ALONSO VALVERDE	3****035*	200,00 €	0,00 €	200,00 €
M-4	3º	ALFONSO RODRÍGUEZ MORO	3****8*9F	100,00 €	0,00 €	100,00 €

3. O pago dos importes correspondentes a cada deportistas serán realizados por transferencia bancaria, para o cal os interesados deberán acreditar a titularidade dunha conta bancaria e aceptar o premio.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

12(131).- PRORROGA PARA A XESTIÓN DO CONTRATO PARA A XESTIÓN DO “PROGRAMA MUNICIPAL DE EDUCACIÓN BÁSICA DE PERSOAS ADULTAS”. EXPTE. 17747/332.

Visto o informe de fiscalización de data 12/02/19, dáse conta do informe-proposta do 11/02/19, asinado polo técnico e a xefa do Servizo de Educación, a concelleira delegad de Área e o concelleiro de Orzamentos e Facenda que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local, na sesión de data 23 de setembro de 2016, na súa calidade de órgano de contratación (apartado 3 da disposición adicional segunda da LCSP), acordou adxudicar definitivamente á Asociación Mulleres Progresistas de Vigo (CIF G-36.657.336) o procedemento aberto para a contratación da xestión do Programa Municipal de Educación Básica de Persoas Adultas (expte. 17747-332) por un prezo total de 68.441,60 euros. Todo o anterior de acordo cos pregos de prescricións técnicas particulares redactado polo Servizo de Educación de data 16/04/2016 e de cláusulas administrativas particulares redactado polo Servizo de Contratación de data 09/05/2016, que foron aprobados por acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión do 27 de maio de 2016 e a oferta presentada.



Concello de Vigo

En data 05/10/2016 asinouse documento contractual entre o Concello de Vigo e a Asociación Mulleres Progresistas de Vigo, recollendo no mesmo como data de iniciación do contrato para a prestación do servizo o día 01 de novembro de 2016. No prego de cláusulas administrativas se fixa unha duración do contrato de dous cursos lectivos, se ben o primeiro deles non abrangue o primeiro mes do curso (outubro 2016) polo que o dito prazo rematará o 31/05/2018, e se establece a posibilidade de prorrogar o mesmo (cláusula 7 en relación cos apartados 4.A) e 4.C) das FEC). Así, prevéase a posibilidade de dúas prórrogas coa duración do curso lectivo (outubro a maio).

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria de data 22 de marzo de 2018, acordou autorizar a 1ª prórroga por un curso lectivo do contrato para a xestión do Programa Municipal de Educación Básica de Persoas Adultas (expte. 17747-332) para o periodo comprendido entre o 01/10/2018 e o 31/05/2019.

Ten entrada a través do Rexistro Xeral do Concello en data 06/02/2019 e co nº de doc 190018905, escrito da Asociación Mulleres Progresistas de Vigo, solicitando valoración da continuidade da prestación do servizo, a través da execución da 2ª prórroga..

Seguindo indicacións da Concelleira de Educación, e tendo en conta a prestación satisfactoria dos servizos contratados por parte da empresa adxudicataria (Asociación de Mulleres Progresistas de Vigo) desenvolvidos de acordo cos pregos que rexen o vixente contrato; manifesta mediante dilixencia adxunta a necesidade de solicitar do órgano de contratación a 2ª prórroga do presente contrato do 01/10/2019 ao 31/05/2020.

Á vista das anteriores consideracións, propónse á Xunta de Goberno Local, previo informe da Intervención Xeral, a adopción do seguinte

Acordo:

1º.- Autorizar a **2ª prórroga por un curso lectivo do contrato** para a xestión do **Programa Municipal de Educación Básica de Persoas Adultas** (expte. 17747-332) para o periodo comprendido entre o **01/10/2019 e o 31/05/2020**.

2º.- Autorizar e comprometer un gasto de **36.502,16.-€**, dos cales:

Para o ano 2019 (01/10/2019 - 31/12/2019): corresponden **13.688,31.-€**, que se imputarán á partida 3260.227.99.16 (Programa Educación Básica Persoas Adultas) do vixente orzamento.

Para o ano 2020 (01/01/2020 - 31/05/2020): corresponden **22.813,85.-€**, que se imputarán á partida 3260.227.99.16 (Programa Educación Básica Persoas Adultas), que se financiarán con cargo aos créditos que se asignen para tal fin no orzamento futuro do 2020.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

13(132).- RECOÑECIMENTO DOS DEREITOS ECONÓMICOS POLA ASISTENCIA A TRIBUNAIS DE SELECCIÓN DE BENEFICIARIOS/AS “VIGO EMPREGA-2018” 2ª QUENDA. EXPTE. 16106/77.

Visto o informe de fiscalización de data 7/02/19, dáse conta do informe-proposta de data 14/02/19, asinado pola técnica de Administración xeral, o xefe do Servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento local, o concelleiro de Emprego e o concelleiro de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Antecedentes:

- A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 14 de decembro de 2017, adoptou o acordo, de aprobar a BASES E CONVOCATORIA DE SELECCIÓN DE PERSOAS CANDIDATAS A BENEFICIARIAS DO PROGRAMA “VIGO EMPREGA” 2018 DENTRO DA ESTRATEXIA “VIGO VERTICAL (COFINANCIADA POLO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL) EXPTE. 14622/77.
- Na base 11 “COMISIÓN DE SELECCIÓN”
 - Tódolos membros da Comisión de Selección serán propostos polo Concelleiro de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación cos Sindicatos cos titulares e suplentes correspondentes, con titulación igual ou superior a do posto ofertado, debendo comparecer todos eles a título individual e cumprindo co estipulado no art. 60 do Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público.
 - O órgano de selección en canto á súa composición e funcionamento, deberá respectar obrigatoriamente o disposto no artigo 60 do Real Decreto legislativo 5/2015 do 30 de outubro Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público, así coma calquera outra normativa legal vixente de aplicación.
 - Da valoración que a Comisión de Selección realice dos/as candidatos/as, emitirase Acta co listado do persoal seleccionado.
 - A Comisión de selección contará co asesoramento técnico do persoal funcionario do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego que estime necesario. Os membros da comisión de selección e os seus asesores especialistas, percibirán como resultado da súa participación na mesma, as dietas que a normativa en vigor establece.
 - A participación neste proceso selectivo implica aceptar a utilización dos datos persoais das persoas candidatas a Concellería de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación cos Sindicatos, exclusivamente para os fins que se definen nestas bases de convocatoria, cumprindo os requisitos establecidos no Real Decreto 1720/2007 do 21 de decembro polo que se aproba o regulamento da Lei 15/1999 do 13 de decembro de protección de datos de carácter persoal.
- A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 18 de outubro de 2018, adoptou o acordo, de aprobar a CONVOCATORIA DE SELECCIÓN DE PERSOAS CANDIDATAS A BENEFICIARIAS DA 2ª QUENDA DE 2018 DO PROGRAMA “VIGO EMPREGA” DENTRO DO PROXECTO “VIGO VERTICAL” ESTRATEXIA DUSI,



Concello de Vigo

COFINANCIADO POLO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL (FEDER).EXPTE. 15650/77.

- No punto 6: Aprobar as seguintes Comisións de Selección de beneficiarios/as do programa "Vigo emprega" 2ª quenda 2018, dentro do plan de implementación da estratexia DUSI "Vigo Vertical", o deseño e posta en marcha de operacións enmarcadas dentro do obxectivo específico "9.8.2 Rexeneración física, económica e social da contorna urbana en áreas urbanas desfavorecidas a través de Estratexias urbanas integradas" en concreto no marco da liña de actuación "Implantación de plans de acción directa para fomentar a inserción laboral":

A) Comisión 1: Selección de Capataces:

Presidente	Francisco J. Gutierrez Orúe	Funcionario	A2	Xefe servizo
Suplente	Alfonso Conde Rodríguez	Funcionario	C1	Capataz
Secretarioa/a	Carla Candia Paz	Funcionario	A1	Tec. Admon. Xeral
Suplente	Purificación Bernardez Martínez	Funcionario	C1	Administrativa
Vogais	Jose Ramón Seijas Álvarez	Laboral	C1	Capataz
	Roberto Mariño Sanromán	Laboral	C1	Capataz
	Francisco Javier Bea Puentes	Funcionario	C1	Capataz
Suplentes	Antonio Barreira Pazos	Funcionario	C1	Inspector sanidade
	Ramón Vázquez Martínez	Laboral	C1	Capataz

B) Comisión 2: Selección de Oficiais de oficios:

Presidente	Francisco J. Gutierrez Orúe	Funcionario	A2	Xefe servizo
Suplente	Alfonso Berros Pérez	Funcionario	A2	Enxeñeiro Técnico
Secretarioa/a	Lucía Trillo Martín-Pinillos	Funcionario	C1	Administrativa
Suplente	Purificación Bernardez Martínez	Funcionario	C1	Administrativa
Vogais	Hector Conde Lorenzo	Laboral	C2	Oficial Oficios
	Guillermo Lorenzo Carrera	Laboral	C2	Oficial Oficios
	Ricardo Soler Vidal	Laboral	C2	Oficial Oficios
Suplentes	Jose Antonio González Seijo	Laboral	C2	Oficial Oficios
	Francisco José García Soto	Laboral	C2	Oficial Oficios
	Juan Carlos Rodríguez Lorenzo	Laboral	C2	Oficial Oficios

C) Comisión 3: Selección de Peóns:

Presidente	Francisco J. Gutierrez Orúe	Funcionario	A2	Xefe servizo
Suplente	Ramón Vázquez Martínez	Laboral	C1	Capataz
Secretarioa/a	Purificación Bernardez Martínez	Funcionario	C1	Administrativa
Suplente	Lucía Trillo Martín-Pinillos	Funcionario	C1	Administrativa
Vogais	Francisco José García Soto	Laboral	C2	Oficial Oficios
	Ramón Italiani Roman	Laboral	C2	Oficial Instalacións

	Ricardo Soler Vidal	Laboral	C2	Oficial Oficios
Suplentes	Hector Conde Lorenzo	Laboral	C2	Oficial Oficios
	Marcos Caabeiro Fernández	Laboral	C2	Oficial Instalacións
	Juan Carlos Rodríguez Lorenzo	Laboral	C2	Oficial Oficios

D) Comisión 4: Selección de persoal técnico administrativo (Aux. Administrativo, Aux. Delineación, Aux. Topógrafo e Técnico FP Prevención de Riscos Laborais):

Presidente	Francisco J. Gutierrez Orúe	Funcionario	A2	Xefe servizo
Suplente	Rosa M ^a Otero Malvárez	Funcionario	C1	Administrativa
Secretario/a	Carla Candia Paz	Funcionario	A1	Tec. Admon. Xeral
Suplente	Lucía Trillo Martín-Pinillos	Funcionario	C1	Administrativa
Vogais	Mercedes Pio López	Funcionario	C2	Auxiliar Administrativa
	Cristina Chao Polo	Funcionario	A1	Arquitecta
	Rosa Nuñez Fernández	Funcionario	C1	Administrativo
Suplentes	Iolanda Alonso Regueiro	Funcionario	C2	Auxiliar Administrativa
	Inés Álvarez Dominguez	Funcionario	A2	Arquitecta técnica
	Jose M ^a Raposo Aguiar	Funcionario	C1	Administrativo

o No punto 7: Os membros das Comisións de selección dos beneficiarios/as do programa "Vigo Emprega" 2ª quenda 2018, percibirán as asistencias na contía establecida no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo, no seu anexo IV *Asistencias por participación en tribunais de oposición ou concurso ou outros órganos encargados de persoal*, cun número máximo de quince (15) sesións - 3 para Capataces, 3 para Peóns, 3 para Persoal técnico-administrativo e 6 para Oficiais – con cargo á aplicación orzamentaria 2410 2330000 de "Dietas de Tribunais".

Tal e como consta en actas de datas 5 e 10 de decembro, respectivamente, da Comisión de Selección de auxiliares técnicos, foi precisa a realización dunha sesión máis por mor da repetición da proba práctica aos aspirantes a postos de auxiliares administrativos, por mor dunha incidencia técnica que impediu a recuperación dos exercicios realizados por dúas das aspirantes e que non foi posible recuperar polo servizo de Administración Electrónica.

Xa que logo, unha vez rematado o proceso selectivo e dacordo coas actas asinadas polas Secretarías e resto dos compoñentes presentes dos Órganos de Selección que foron publicadas na páxina web municipal o no Taboleiro de Edictos da Casa do Concello, determínase a relación de perceptores das devanditas asistencias aos tribunais de selección de CONVOCATORIA DE SELECCIÓN DE PERSOAS CANDIDATAS A BENEFICIARIAS DA 2ª QUENDA DE 2018 DO PROGRAMA "VIGO EMPREGA" DENTRO DO PROXECTO "VIGO VERTICAL" ESTRATEXIA DUSI, COFINANCIADO POLO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL (FEDER).EXPTE. 15650/77, que deseguido se relacionan e, polo concepto que se expresa :



Concello de Vigo

Tribunais:

Membros dos tribunais e asesores técnicos	DNI	Apelidos e Nome	Categoría a 2ª Capataces	Categoría a 3ª Oficiais Auxiliares, Peóns	Importe Categoría a 2ª	Importe Categoría 3ª	TOTAL
Presidente	3287****	Berros Pérez, Alfonso.		4		159,12 €	159,12 €
	****666C	Conde Rodríguez, Alfonso	2		85,66 €		85,66 €
	1389****	Gutierrez Orúe, Francisco J.	1	9	42,83 €	358,02 €	400,85 €
Secretario/a	****878C	Bernárdez Martínez, Purificación.		3		119,34 €	119,34 €
	7759****	Candia Paz, Carla	3	4	128,49 €	159,12 €	287,61 €
	****186J	Trillo Martín-Pinillos, Lucía		6		238,68 €	238,68 €
Vogais	3611****	Bea Puentes, Francisco Javier	3		119,34 €		119,34 €
	****329W	Caabeiro Fernández, Marcos		1		36,72 €	36,72 €
	5316****	Chao Polo, Cristina		4		146,88 €	146,88 €
	****094R	Conde Lorenzo, Héctor		4		146,88 €	146,88 €
	3602****	García Soto, Francisco José		5		183,60 €	183,60 €
	****769S	González Seijo, José Antonio		4		146,88 €	146,88 €
	3603****	Italiani Román, Ramón		1		36,72 €	36,72 €
	****910R	Lorenzo Carrera, Guillermo		3		110,16 €	110,16 €
	3603****	Mariño Sanromán, Roberto	3		119,34 €		119,34 €
	****563C	Núñez Fernández, Rosa		4		146,88 €	146,88 €
	3604****	Otero Fernández, José Ramón					0,00 €
	****026L	Pío López, Mercedes		4		146,88 €	146,88 €
	3608****	Rodríguez Lorenzo, Juan Carlos		7		257,04 €	257,04 €
	****708M	Seijas Álvarez, José Ramón	2		79,56 €		79,56 €
3610****	Soler Vidal, Ricardo		1		36,72 €	36,72 €	
TOTAL COMPOÑENTES TRIBUNAIS					575,22 €	2.429,64 €	3.004,86 €

O importe total dietas tribunais, supón a cantidade de 3.004,86 €

Asesores técnicos:

Membros dos tribunais e asesores técnicos	DNI	Apelidos e Nome	Categoría 2ª Capataces	Categoría 3ª Oficiais Auxiliares, Peóns	Importe Categoría 2ª	Importe Categoría 3ª	TOTAL
Asesores técnicos	****400J	Agulla Amorín, Javier		1		36,72 €	36,72 €
	3614****	Alonso Areses, Manuel		1		36,72 €	36,72 €
	****596V	Alonso Rodríguez, Alfonso		2		73,44 €	73,44 €
	7681****	Carballo Margariños, Jesús		0		0,00 €	0,00 €
	****361H	Castro Regueira, José Carlos		1		36,72 €	36,72 €
	3243****	de la Iglesia Hernández, Roberto		1		36,72 €	36,72 €
	****476G	de Monasterio Roldan, Celia		1		36,72 €	36,72 €
	3615****	Fernández González, Miguel Ángel		1		36,72 €	36,72 €
	****417T	Juncal Gil, Carlos	1	6	39,78 €	220,32 €	260,10 €
	5317****	Martínez Fernández, Jorge		1		36,72 €	36,72 €
	****265F	Molares Bargiela, Oscar		0		0,00 €	0,00 €
	3607****	Muiños Acuña, Xosé Antonio	2	6	79,56 €	220,32 €	299,88 €
	****463E	Pereiras Bermejo, Virginia.		6		220,32 €	220,32 €
	5319****	Rodríguez Boente, Eduardo		1		36,72 €	36,72 €
	****708M	Seijas Álvarez, José Ramón		0		0,00 €	0,00 €
3602****	Vázquez de Francisco, José Luis		1		36,72 €	36,72 €	
TOTAL ASESORES TÉCNICOS					119,34 €	1.064,88 €	1.184,22 €

O importe total dietas dos/as asesores técnicos dos tribunais, supón a cantidade de 1.184,22 €

O gasto por importe de 4.189,08 € (3.004,86 € de compoñentes de tribunais e 1.184,22 € de Asesores Técnicos), abonarase con cargo á aplicación orzamentaria **241.0.233.00.00** de "Dietas tribunais", resultando necesario consumir crédito da bolsa de vinculación, o que non altera o normal funcionamento do servizo.

A vista do exposto, de conformidade con previsto no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo, e das competencias recollidas no artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases de Réxime Local, nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita; previa a conformidade do Sr. Concelleiro-Delegado de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos nos termos das delegacións competenciais efectuadas en data 19/06/2015, sométese á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte,



Concello de Vigo

1. Comprometer o gasto de 4.189,08 €, que se executará con cargo a aplicación orzamentaria 241.0.233.00.00 de "Dietas tribunais".
2. Abonar as cantidades que se indican a continuación aos preceptores que así mesmo se relacionan, polo concepto de asistencias aos tribunais de selección de 94 traballadores do "PROGRAMA DE EMPREGO "VIGO EMPREGA", 2ª quenda do 2018:

Tribunais de selección:

Membros dos tribunais e asesores técnicos	DNI	Apelidos e Nome	Categoría a 2ª Capataces	Categoría 3ª Oficiais Auxiliares, Peóns	Importe Categoría 2ª	Importe Categoría 3ª	TOTAL
Presidente	3287****	Berros Pérez, Alfonso.		4		159,12 €	159,12 €
	****666C	Conde Rodríguez, Alfonso	2		85,66 €		85,66 €
	1389****	Gutierrez Orúe, Francisco J.	1	9	42,83 €	358,02 €	400,85 €
Secretario/a	****878C	Bernárdez Martínez, Purificación.		3		119,34 €	119,34 €
	7759****	Candia Paz, Carla	3	4	128,49 €	159,12 €	287,61 €
	****186J	Trillo Martín-Pinillos, Lucía		6		238,68 €	238,68 €
Vogais	3611****	Bea Puentes, Francisco Javier	3		119,34 €		119,34 €
	****329W	Caabeiro Fernández, Marcos		1		36,72 €	36,72 €
	5316****	Chao Polo, Cristina		4		146,88 €	146,88 €
	****094R	Conde Lorenzo, Héctor		4		146,88 €	146,88 €
	3602****	García Soto, Francisco José		5		183,60 €	183,60 €
	****769S	González Seijo, José Antonio		4		146,88 €	146,88 €
	3603****	Italiani Román, Ramón		1		36,72 €	36,72 €
	****910R	Lorenzo Carrera, Guillermo		3		110,16 €	110,16 €
	3603****	Mariño Sanromán, Roberto	3		119,34 €		119,34 €
	****563C	Núñez Fernández, Rosa		4		146,88 €	146,88 €
	3604****	Otero Fernández, José Ramón					0,00 €
	****026L	Pío López, Mercedes		4		146,88 €	146,88 €
	3608****	Rodríguez Lorenzo, Juan Carlos		7		257,04 €	257,04 €
	****708M	Seijas Álvarez, José Ramón	2		79,56 €		79,56 €
3610****	Soler Vidal, Ricardo		1		36,72 €	36,72 €	

TOTAL COMPONENTES TRIBUNAIS	575,22 €	2.429,64 €	3.004,86 €
------------------------------------	-----------------	-------------------	-------------------

Asesores técnicos:

Membros dos tribunais e asesores técnicos	DNI	Apelidos e Nome	Categoría 2ª Capataces	Categoría 3ª Oficiais Auxiliares, Peóns	Importe Categoría 2ª	Importe Categoría 3ª	TOTAL
Asesores técnicos	****400J	Agulla Amorín, Javier		1		36,72 €	36,72 €
	3614****	Alonso Areses, Manuel		1		36,72 €	36,72 €
	****596V	Alonso Rodríguez, Alfonso		2		73,44 €	73,44 €
	7681****	Carballo Margariños, Jesús		0		0,00 €	0,00 €
	****361H	Castro Regueira, José Carlos		1		36,72 €	36,72 €
	3243****	de la Iglesia Hernández, Roberto		1		36,72 €	36,72 €
	****476G	de Monasterio Roldan, Celia		1		36,72 €	36,72 €
	3615****	Fernández González, Miguel Ángel		1		36,72 €	36,72 €
	****417T	Juncal Gil, Carlos	1	6	39,78 €	220,32 €	260,10 €
	5317****	Martínez Fernández, Jorge		1		36,72 €	36,72 €
	****265F	Molares Bargiela, Oscar		0		0,00 €	0,00 €
	3607****	Muiños Acuña, Xosé Antonio	2	6	79,56 €	220,32 €	299,88 €
	****463E	Pereiras Bermejo, Virginia.		6		220,32 €	220,32 €
	5319****	Rodríguez Boente, Eduardo		1		36,72 €	36,72 €
	****708M	Seijas Álvarez, José Ramón		0		0,00 €	0,00 €
	3602****	Vázquez de Francisco, José Luis		1		36,72 €	36,72 €
TOTAL ASESORES TÉCNICOS					119,34 €	1.064,88 €	1.184,22 €

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

14(133).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DA ACTUACIÓN ARTÍSTICA DE CHENOA NA PORTA DO SOL, O DÍA 1 DE MARZO DE 2019 -PROGRAMA ENTROIDO. EXPTE. 7850/335.

Visto o informe de fiscalización de data 14/02/19, dáse conta do informe-proposta de data 13/02/19, asinado pola xefa do Servizo de Contratación e a xefa do Servizo de Festa, que di o seguinte:



Concello de Vigo

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011.
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento negociado sen publicidade para a contratación da actuación artística de CHENOA (PCAP).

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 7 de febreiro de 2019, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación da prestación do servizo da actuación artística a cargo da cantante nacional “CHENOA” a celebrar o día 1 de marzo de 2019, as 20:30 horas na Porta do Sol, con motivo do Programa “ENTROIDO 2019” (expediente nº 7850-335), que contén o prego de prescricións técnicas particulares de data 24 de xaneiro de 2019 asinado pola Xefa do Servizo de Festas, e o prego de prescricións administrativas particulares de data 25 de xaneiro de 2019, asinado pola Xefa do Servizo de Contratación.

Segundo .- Autorizar un gasto por un importe total de 39.845 €, (correspondendo 6.915,24 € ao ive) podería imputarse con cargo á partida 3380.226.0910 (Actividades de Festas) do orzamento vixente

Terceiro.- Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista”.

Segundo.- O 8 de febreiro de 2019 o Servizo de Contratación cursou unha invitación para participar no citado procedemento a CATEGORICA PRODUCCIONES, S.L., concedéndolle un prazo de 10 días hábiles para a presentación da correspondente oferta.

Terceiro.- Con data do 8 de febreiro de 2019 CATEGORICA PRODUCCIONES, S.L., presentou a súa oferta no Rexistro Xeral deste Concello a través da plataforma de licitación electrónica, dentro do prazo concedido para o efecto.

Cuarto.- O 11 de febreiro de 2019, reúnense a responsable do contrato, a xefa do servizo de Festas, xunto coa xefa do Servizo de Contratación, na oficina de contratación e proceden á apertura da oferta presentada polo licitador invitado a participar.

En primeiro lugar, cualificouse a documentación administrativa. Segundo consta na acta da sesión *“Cualificada a documentación administrativa, e comprobado que esta é conforme co esixido na cláusula 13.7.A) do PCAP, acórdase admitir a neste procedemento a CATEGORICA PRODUCCIONES, S.L.”* A continuación, abriuse o “SOBRE B: PROPOSICIÓN ECONÓMICA”. Ao abeiro do previsto na cláusula 15 do PCAP, ao haber un único licitador, non

se lle outorga puntuación. Para os efectos de proceder á adxudicación do contrato, e de conformidade co previsto na cláusula 18 do PCAP, comprobouse polo Servizo de Contratación que o licitador está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias (fronte ao Estado, Comunidade Autónoma e Tesourería Municipal) e fronte á Tesourería da Seguridade Social e deixouse constancia no expediente.

Quinto.- Segundo o previsto na cláusula 18 do PCAP, se o licitador xa achegara ao sobre A a documentación xustificativa das circunstancias as que se refiren as letras a e c do apartado 1 do artigo 140 da LCSP, a xefa do servizo xestor e a xefa do Servizo de Contratación formularán a proposta de adxudicación á xunta de Goberno local, sen necesidade de clasificar a ofertas. Constando toda a documentación no expediente e sendo correcta, procede adxudicar este procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar CATEGORICA PRODUCCIONES, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á a xefa do servizo xestor e a xefa do Servizo de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

Con relación á motivación desta adxudicación remitímonos á acta do 11 de febreiro de 2019 de apertura dos sobres A e B.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a CATEGORICA PRODUCCIONES, S.L. procedemento negociado sen publicidade para a contratación da actuación artística de CHENOA na Porta do Sol (7850-335) por un prezo total de 39.845 euros, sendo o importe correspondente ao IVE de 6.915,24 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.



Concello de Vigo

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

15(134).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DA ACTUACIÓN ARTÍSTICA DO GRUPO SIDECARS NA PORTA DO SOL, O DÍA 2 DE MARZO DE 2019- PROGRAMA ENTROIDO. EXPTE. 7853/335.

Visto o informe de fiscalización de data 14/02/19, dáse conta do informe-proposta de data 13/02/19, asinado pola xefa do Servizo de Contratación e a xefa do Servizo de Festa, que di o seguinte:

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011.
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento negociado sen publicidade para a contratación da actuación artística de SIDECARS (PCAP).

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 7 de febreiro de 2019, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación da prestación do servizo da actuación artística a cargo do grupo nacional “SIDECARS” a celebrar o día 2 de marzo de 2019, as 22:30 horas na Porta do Sol, con motivo do Programa “Entroido 2019” (expediente nº 7853/335), que contén o Prego de prescricións técnicas particulares de data 25 de xaneiro de 2019, asinado pola xefa do Servizo de Festas, e o Prego de prescricións administrativas particulares de data 25 de xaneiro de 2019, asinado pola xefa do Servizo de Contratación.

Segundo.- Autorizar un gasto por un importe total de 32.670,00 euros (correspondendo 5.670,00 euros ao IVE), con cargo á aplicación orzamentaria 3380.226.0910 (Actividades de Festas) do programa de Festas para o vixente exercicio económico.

Terceiro.- Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista”.

Segundo.- O 8 de febreiro de 2019 o Servizo de Contratación cursou unha invitación para participar no citado procedemento a SWEET NOCTURNA, S.L., concedéndolle un prazo de 10 días hábiles para a presentación da correspondente oferta.

Terceiro.- Con data do 8 de febreiro de 2019 SWEET NOCTURNA, S.L., presentou a súa oferta no Rexistro Xeral deste Concello a través da plataforma de licitación electrónica, dentro do prazo concedido para o efecto.

Cuarto.- O 11 de febreiro de 2019, reúnense a responsable do contrato, a xefa do servizo de Festas, xunto coa xefa do Servizo de Contratación, na oficina de contratación e proceden á apertura da oferta presentada polo licitador invitado a participar.

En primeiro lugar, cualificouse a documentación administrativa e acordouse solicitar subsanación da documentación. Subsanada a documentación o día 12 de febreiro do mesmo ano procedeuse a apertura do sobre B. Segundo consta na acta da sesión desta data *"Cualificada a documentación administrativa, e comprobado que esta é conforme co esixido na cláusula 13.7.A) do PCAP, acórdase admitir a neste procedemento a SWEET NOCTURNA, S.L."* A continuación, abriuse o "SOBRE B: PROPOSICIÓN ECONÓMICA". Ao abeiro do previsto na cláusula 15 do PCAP, ao haber un único licitador, non se lle outorga puntuación. Para os efectos de proceder á adxudicación do contrato, e de conformidade co previsto na cláusula 18 do PCAP, comprobouse polo Servizo de Contratación que o licitador está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias (fronte ao Estado, Comunidade Autónoma e Tesourería Municipal) e fronte á Tesourería da Seguridade Social e deixouse constancia no expediente.

Quinto.- Segundo o previsto na cláusula 18 do PCAP, se o licitador xa achegara ao sobre A a documentación xustificativa das circunstancias as que se refiren as letras a e c do apartado 1 do artigo 140 da LCSP, a xefa do servizo xestor e a xefa do Servizo de Contratación formularán a proposta de adxudicación á xunta de Goberno local, sen necesidade de clasificar a ofertas. Constando toda a documentación no expediente e sendo correcta, procede adxudicar este procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar SWEET NOCTURNA, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á a xefa do servizo xestor e a xefa do Servizo de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

Con relación á motivación desta adxudicación remitímonos á acta do 11 de febreiro de 2019 de apertura dos sobres A e B.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.



Concello de Vigo

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a SWEET NOCTURNA, S.L. procedemento negociado sen publicidade para a contratación da actuación artística de SIDECARS na Porta do Sol (7850-335) por un prezo total de 32.670,00 euros, sendo o importe correspondente ao IVE de 5.670,00 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

16(135).- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN DESTINADA ÁS ENTIDADES LOCAIS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA PARA A PROMOCIÓN DA IGUALDADE, CONVOCADAS POLA SECRETARÍA XERAL DA IGUALDADE DA XUNTA DE GALICIA. EXPTE. 9047/224.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 13/02/19, asinado pola axente de igualdade, a xefa do Servizo de Igualdade, a concelleira de Área e a asesora xurídica de Igualdade, que di o seguinte:

A Secretaría Xeral da Igualdade da Xunta de Galicia, a través da Resolución do 28 de decembro de 2018, establece as bases reguladoras que rexerán as subvencións destinadas ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a promoción da igualdade, cofinanciadas polo Fondo Social Europeo (FSE) con cargo ao programa operativo FSE Galicia 2014-2020, e polo Pacto de Estado contra a violencia de xénero, e procede á súa convocatoria para o ano 2019 (DOG núm. 28 do 8 de febreiro de 2019).

O obxecto da convocatoria é a concesión de subvencións para o desenvolvemento de programas, actividades, actuacións e medidas para facer efectivo o principio de igualdade de oportunidades entre homes e mulleres, o tratamento integral da violencia de xénero, a conciliación da vida persoal, laboral e familiar, a participación das mulleres na vida política, económica, social e cultural; así como para consolidar o funcionamento de servizos de atención integral de información e asesoramento ás mulleres no territorio, co fin de prestarlles unha atención e acompañamento de proximidade, psicolóxico, xurídico e de orientación socio laboral ás mulleres, e en particular, a aquelas que pertencen a colectivos en risco de exclusión ou estean nalgunha situación de vulnerabilidade, de cara a mellorar a súa situación social, laboral e profesional.

Coa dita finalidade a convocatoria establece os seguintes programas:

- a) Programa de fomento da conciliación.
- b) Programa de prevención e tratamento integral da violencia de xénero.
- c) Programa de apoio aos centros de información ás mulleres.

- d) Programa de sensibilización, información e difusión sobre igualdade e prevención da violencia contra as mulleres.

Atendendo ás bases da convocatoria, cada entidade só poderá presentar unha solicitude de axuda para cada un dos programas previstos na resolución.

O Concello de Vigo, a través da Concellería de Igualdade, ten unha ampla traxectoria na finalidade de traballar a prol da igualdade e de combater a violencia contra as mulleres, polo que ao longo dos últimos anos se foron consolidando distintos programas e servizos dirixidos a este fin.

A Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local no seu artigo 25.2.o), na redacción dada polo Real Decreto-lei 9/2018, de 3 de agosto, atribúe aos municipios competencias en: actuacións na promoción da igualdade entre homes e mulleres así como contra a violencia de xénero. Isto concorda coas competencias que en materia de igualdade e promoción das mulleres ten delegadas a Concellería de Igualdade mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 19 de xuño de 2015 e que no relativo a este servizo e á súa finalidade, son:

Dirixir e coordinar os servizos e programas adscritos á Concellería de Igualdade: (...)Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller, Servizo de Atención Domiciliaria á Infancia; Elaboración, execución, coordinación e avaliación das medidas e accións reflectidas no “Plan municipal para a Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes de Vigo” vixente; Promover servizos de información, atención e acollemento ás mulleres vítimas de violencia de xénero e fillos e fillas menores ao seu cargo; Iniciación de expedientes de solicitude de subvencións ou convenios con outras Administracións Públicas ou de iniciativa social para colaborar na realización de programas relacionados coas competencias delegadas en materia de Igualdade.

Actualmente, o Concello de Vigo mantén vixente o “IV plan integral de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes” por acordo da Corporación Municipal da sesión plenaria do 25/01/2013; este documento de traballo permite mellorar as políticas e as intervencións a prol da igualdade entre mulleres e homes no Concello de Vigo. Entre os obxectivos que contempla, os seguintes están directamente relacionados coa finalidade dos programas que establece esta convocatoria: potenciar a creación e ampliación de recursos e servizos que impulsen e faciliten a conciliación da vida familiar, persoal e laboral de mulleres e homes; promover a prevención da violencia de xénero e garantir a atención e apoio a menores vítimas de violencia de xénero; garantir e mellorar a atención integral ás mulleres vítimas da violencia de xénero e promover medidas de concienciación e prevención da violencia de xénero entre a poboación viguesa.

Vistos os requisitos e demais normativa reguladora, este órgano xestor valora conveniente presentar á devandita convocatoria os programas que de seguido se refiren:

- a) Programa de fomento da conciliación da vida persoal, laboral e familiar
.- “*Servizo Municipal de atención domiciliaria á infancia*” . Orzamento máximo segundo as bases da convocatoria: 40.000,00 € . Axuda solicitada: 12.000,00 €
- b) Programa de prevención e tratamento integral da violencia de xénero



Concello de Vigo

- *“Programa de asistencia psicolóxica ás fillas e fillos de mulleres vítimas de violencia de xénero”* Orzamento no período subvencionable segundo as bases da convocatoria: 10.852,93 €. Axuda solicitada: 10.000,00 €
- c) Programa de apoio aos centros de información ás mulleres.
- *“Programa de apoio ao Centro Municipal de información dos dereitos da muller”* . Orzamento no período subvencionable segundo as bases da convocatoria: 48.504,00 €. Axuda solicitada: 45.000,00 €.
- d) Programa de sensibilización, información e difusión sobre igualdade e prevención da violencia contra as mulleres. Artigo 9.1.b) da convocatoria.
- *“Xornadas formativas e de sensibilización en materia de igualdade e prevención da violencia de xénero dirixida cidadanía”*. Orzamento no período subvencionable segundo as bases da convocatoria: 8.000,00 €. Axuda solicitada: 8.000,00 €.

Por todo o exposto, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

“1º.- Aprobar a solicitude de subvención que presenta a concellería de Igualdade por un importe total de 75.000,00 €, en base ao disposto na Resolución do 28 de decembro de 2018, pola que se establecen as bases reguladoras que rexerán as subvencións destinadas ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a promoción da igualdade, cofinanciadas polo Fondo Social Europeo (FSE) con cargo ao programa operativo FSE Galicia 2014-2020, e polo Pacto de Estado contra a violencia de xénero, e se procede á súa convocatoria para o ano 2019 (DOG núm. 28 do 8 de febreiro de 2019), distribuída do seguinte xeito:

- Servizo Municipal de atención domiciliaria á infancia . Orzamento máximo segundo as bases da convocatoria: 40.000,00 € . Axuda solicitada: 12.000,00 €
- Programa de asistencia psicolóxica ás fillas e fillos de mulleres vítimas de violencia de xénero. Orzamento no período subvencionable segundo as bases da convocatoria: 10.852,93 €. Axuda solicitada: 10.000,00 €
- Programa de apoio ao Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller. Orzamento no período subvencionable segundo as bases da convocatoria: 48.504,00€. Axuda solicitada : 45.000,00 €.
- Programa de sensibilización, información e difusión sobre igualdade e prevención da violencia contra as mulleres. Orzamento no período subvencionable segundo as bases da convocatoria: 8.000,00€. Axuda solicitada : 8.000,00 €.

2º.- Comprometer ao Concello de Vigo, a través da Concellería de Igualdade, a financiar o custo das accións obxecto de axuda que non resulte financiado pola Secretaría Xeral da Igualdade para a súa completa realización, aceptando as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na convocatoria.

3º.- Designar á xefa do Servizo Municipal de Igualdade Dña. Cristina Gómez García para levar a cabo as funcións de coordinación e comunicación coa Secretaría Xeral da Igualdade para os aspectos relacionados coa tramitación do expediente”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

17(136).- PRÓRROGA DO CONTRATO SERVIZO MUNICIPAL DE ATENCIÓN DOMICILIARIA Á INFANCIA” (SADI). EXPTE. 6749/224.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 12/02/19 e o informe de fiscalización do 14/02/19, dáse conta do informe-proposta do 12/02/19, asinado pola xefa do Servizo de Igualdade, a concelleira de Área, a asesora xurídica do Servizo e o concelleiro de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día 10 de xuño de 2016, acordou adxudicar á entidade “Mulleres Progresistas de Vigo” a xestión do Servizo de Atención Domiciliaria á Infancia. A retribución segundo recolle o documento do contrato asinado entre as partes o día 30 de xuño de 2016 é de 15,25 €/hora (sen iva) e o prezo anual fixouse en 158.198,43 €.

Segundo establece a cláusula cuarta do contrato este terá unha duración de dous anos e dúas prórrogas de un ano de duración cada unha, contados a partir do 1 de xullo de 2016 (Cláusula cuarta C das FEC do citado contrato).

Durante estes tres anos de execución do contrato a xestión do servizo por parte da empresa concesionaria é correcta e os traballos executáronse eficazmente, polo que se valora procedente continuar coa mesma adxudicataria e proceder á tramitación dunha segunda prórroga do contrato. A teor do exposto, cómpre pois, propoñer a aprobación dunha prórroga do actual contrato que comprenderá o seguinte período: 1 de xullo de 2019 ao 30 de xuño de 2020 (ambos incluídos).

Mediante escrito con entrada no Rexistro Xeral o día 11 de febreiro de 2019 (núm. documento 190020875 de data 11 de febreiro de 2019) a Asociación Mulleres Progresistas de Vigo, presta a súa conformidade á proposta de prórroga.

Para facer fronte aos pagos dos gastos do servizo durante o período da prórroga é necesario comprometer o importe total de 158.198,43 euros. O devandito gasto farase efectivo con cargo á partida “servizo de atención domiciliaria á infancia” 2311 227 06 02 do orzamento vixente e do futuro exercicio 2020 da Concellería de Igualdade, desglosado do seguinte xeito: 79.099,22€ con cargo ao orzamento vixente e 79.099,21€ con cargo á dispoñibilidade de crédito orzamentario para o futuro exercicio 2020 na partida 2311 2270602 da concellería de Igualdade.

Polo devandito, e previo informe xurídico e de Intervención de Xeral , proponse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

1º.- “Aprobar unha prórroga de un ano de duración do contrato do Servizo municipal de Atención Domiciliaria á Infancia (SADI), que abrangue desde o 1 de xullo de 2019 ao 30 de xuño de 2020, ambos incluídos, coa Asociación “Mulleres Progresistas de Vigo”, CIF G-36.657.336, entidade adxudicataria do servizo por acordo da Xunta de Goberno Local celebrada o día 10 de xuño de 2016.



Concello de Vigo

2º.- Aprobar o gasto de 158.198,43 euros para facer fronte ao pago do contrato durante a vixencia da prórroga, desglosado do seguinte xeito: 79.099,22€ con cargo á partida “servizo de atención domiciliaria á infancia” 2311 2270602 do orzamento vixente da Concellería de Igualdade e 79.099,21€ con cargo á dispoñibilidade de crédito orzamentario para o futuro exercicio 2020 na partida “servizo de atención domiciliaria á infancia” 2311 2270602 da Concellería de Igualdade”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

18(137).- BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIONS A ENTIDADES SEN ANIMO DE LUCRO PARA A REALIZACION DE PROGRAMAS E/OU ACTIVIDADES DE PROMOCION DAS MULLERES DURANTE O EXERCICIO 2019. EXPTE. 9022/224.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 14/02/19 e o informe de fiscalización de data 15/02/19, dáse conta do informe-proposta de data 14/02/19, asinado polo axente de Igualdade, a xefa do Servizo, o concelleiro delegado de Igualdade (RA 11/02/19) e o concelleiro-delegado de Economía e Facenda, que di o seguinte:

Este expediente recolle as bases reguladoras e a convocatoria específica para a concesión de subvencións en réxime de concorrencia competitiva a entidades sen ánimo de lucro (asociacións de mulleres, asociacións veciñais, sindicais, etc) constituídas legalmente como tales, para a realización de programas e/ou actividades de promoción das mulleres realizadas desde o 16 de novembro de 2018 ata o 24 de outubro de 2019 (ambos incluídos), e que reúnan os requisitos establecidos nesta convocatoria.

Aínda que as mulleres teñen participado activamente na vida política e social da nosa cidade e país, por diferentes razóns, non están representadas de xeito paritario nin na base nin na dirección das principais organizacións políticas, sindicais, representativas, profesionais, etc.

As demandas específicas das mulleres preséntanse a través do asociacionismo propio. É preciso apoiar este asociacionismo para fomentar a participación feminina en xeral, e especialmente en torno ás propostas de accións positivas que permitirán acadar a igualdade de oportunidades nos diversos ámbitos da sociedade, na prevención e combate da violencia de xénero, a coeducación, a saúde feminina, o empoderamento, a atención á diversidade, a visibilización das achegas das mulleres nos distintos ámbitos, a concienciación e formación en xénero e o fomento da participación social. A presenza social das mulleres e a situación do asociacionismo feminino teñen mellorado na nosa cidade nos últimos anos, mais segue a ser necesario o específico apoio institucional, xa que non se ten acadado a equipotencia social das mulleres.

A esta finalidade da convocatoria refírense os artigos 25 “o” e 72 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases de réxime local, e 80.2. “k” e “o” da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia e a Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, que lle impón aos poderes públicos o establecemento de

medidas explícitas e accións positivas para acadar a igualdade real e efectiva entre mulleres e homes.

Como normativa específica da Comunidade Autónoma cómpre indicar a Lei galega 11/2007, do 27 de xullo, para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero e o Decreto Lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma en materia de igualdade.

En relación á finalidade desta convocatoria, valórase a necesidade de regular o procedemento de subvencións que o Concello de Vigo ten contemplado no vixente orzamento, polo cal esta convocatoria vai instrumentar o programa de subvencións a entidades sen fin de lucro que realicen actividades de promoción das mulleres durante o exercicio 2019. Con tal motivo, e no marco das súas competencias, o Concello de Vigo, a través da Concellería de Igualdade, propón a regulación do acceso ás subvencións a través destas bases, e a tal fin destina un crédito máximo de 46.000,00€ que será efectivo con cargo á partida específica: 2311 4890000 "*Promoción da igualdade e do deporte feminino*" do orzamento vixente da Concellería de Igualdade.

A convocatoria destas subvencións efectuarase baixo os principios de publicidade, concorrencia e obxectividade.

En relación ao cumprimento dos procedementos para a concesión en réxime de concorrencia competitiva establecidos na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o presente expediente considera os principios recollidos no artigo 20 da citada lei e asemade, recolle os mecanismos establecidos na Resolución de 10 de decembro de 2015 da Intervención Xeral da Administración do Estado pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións.

A lexislación aplicable ás bases reguladoras e convocatoria específica destas subvencións será a Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia do réxime local; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as Bases de execución do orzamento do Concello de Vigo para o exercicio 2019; así como as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

En data 13 de febreiro de 2019, procedeuse a modificar as Bases e anexos da convocatoria, seguindo indicacións do departamento de Fiscalización e Intervención, que se incorporaron ao expediente.

Polo exposto, e previo o preceptivo informe xurídico e de Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

"PRIMEIRO: Aprobar as Bases reguladoras da convocatoria de subvencións a entidades sen ánimo de lucro para a realización de programas e/ou actividades de promoción das mulleres durante o exercicio 2019 que se incorporan ao expediente.

SEGUNDO: Aprobar o texto da convocatoria de subvencións a entidades sen ánimo de lucro para a realización de programas e/ou actividades de promoción das mulleres durante o



Concello de Vigo

exercicio 2019, e o extracto da mesma, (incorporados ao expediente) que se remitirán á Base de Datos Nacional de Subvencións, en base ó establecido na Resolución do 10 de decembro de 2015 da Intervención Xeral da Administración do Estado pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións.

TERCEIRO: Aprobar a autorización de gasto, por importe máximo de 46.000,00€ (corenta e seis mil euros), que se imputará con cargo á partida presupostaria 2311 4890000 “Promoción da igualdade e do deporte feminino” do orzamento vixente da Concellería de Igualdade, para atender as solicitudes presentadas ao abeiro desta convocatoria”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

BASES REGULADORAS ESPECÍFICAS DA CONCELLERÍA DE IGUALDADE PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS A ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA A REALIZACIÓN DE PROGRAMAS E/OU ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN DAS MULLERES NO ANO 2019

A Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes imponlles aos poderes públicos que establezan medidas explícitas e accións positivas para acadar a igualdade real e efectiva entre mulleres e homes.

Aínda que as mulleres teñen participado activamente na vida política e social da nosa cidade e país, por diferentes razóns, non están representadas de xeito paritario nin na base nin na dirección das principais organizacións políticas, sindicais, representativas, profesionais, etc.

As demandas específicas das mulleres preséntanse a través do asociacionismo propio. É preciso apoiar este asociacionismo para fomentar a participación feminina en xeral, e especialmente en torno ás propostas de accións positivas que permitan acadar a igualdade de oportunidades nos diversos ámbitos da sociedade, especialmente na prevención e combate da violencia de xénero, a coeducación, a saúde feminina, o empoderamento, a visibilización das achegas das mulleres nos distintos ámbitos, a concienciación e a formación en xénero e o fomento da participación social. A presenza social das mulleres e a situación do asociacionismo feminino teñen mellorado na nosa cidade nos últimos anos; mais segue a ser necesario o específico apoio institucional, xa que non se ten acadado a equipotencia social das mulleres.

En relación cos proxectos encamiñados ao fomento e consolidación do asociacionismo feminino, á promoción das mulleres en todos os ámbitos da vida pública e privada, así como na prevención e combate da violencia de xénero, a Concellería de Igualdade do Concello de Vigo destina a tal fin un crédito máximo de 46.000,00€ que se fará efectivo con cargo á partida específica 2311 4890000 “Promoción da igualdade e do deporte feminino” do orzamento vixente da Concellería de Igualdade.

A concesión destas subvencións efectuarase baixo os principios de publicidade, concorrência e obxectividade.

As bases e a convocatoria que seguen teñen por obxecto regular a concesión destas subvencións e iniciar o procedemento para a dita concesión.

PRIMEIRA.- OBXECTO DA SUBVENCIÓN

I) Finalidade e período de realización:

O obxecto das subvencións ao que se refiren as presentes bases e convocatoria é contribuír a financiar os gastos ocasionados polo desenvolvemento de programas e actividades de promoción das mulleres que leven a cabo as entidades sen ánimo de lucro e que se realicen desde o 16 de novembro de 2018 ata o 24 de outubro de 2019 (ambos incluídos) e que atendan a algunha/s das seguintes finalidades:

1.- Atender as demandas e necesidades das mulleres en función das seguintes áreas de prioridade establecidas pola Concellería de Igualdade: Educación en Igualdade, Conciliación e Corresponsabilidade; Empoderamento e Liderado, Emprego e Formación, Violencia de Xénero, Atención á Diversidade e Promoción da Saúde e o Benestar.

2.- Promover o investimento de recursos sociais en accións positivas para as mulleres, que favorezan o acceso e permanencia das mulleres naqueles ámbitos onde se atopen subrepresentadas. Promovendo por exemplo: accións formativas en áreas e/ou sectores con escasa presenza feminina, acceso e permanencia de mulleres en postos de responsabilidade ou establecemento de medidas, accións e/ou dispositivos que visibilicen e faciliten a participación das mulleres pertencentes a colectivos en risco de exclusión.

3.- Organizar e promover actividades en ámbitos e/ou áreas tradicionalmente feminizadas, dirixidas á poboación masculina.

4.- Potenciar o asociacionismo feminino, a participación activa das mulleres nos órganos de toma de decisións das asociacións, así como a participación das mulleres en todos os ámbitos de actuación das organizacións.

5.- Impulsar a apertura de novas canles de intervención a favor das mulleres no eido socio-laboral, educativo e familiar, evitando perpetuar os roles tradicionalmente sexistas. Desenvolvendo tanto actividades de sensibilización, como proxectos con actuacións innovadoras que propicien a eliminación de roles e estereotipos de xénero.

6.- Favorecer actividades de investigación, educativas e/ou culturais encamiñadas a poñer en valor e visibilizar a contribución das mulleres á sociedade ao longo da historia.

7.- Promover e visibilizar as achegas e o papel que desenvolven as mulleres nos distintos sectores relacionados coa pesca (extracción, acuicultura, venda, investigación, etc) e/ou nos oficios derivados do mar, como redeiras, conserveiras, armadoras, mariscadoras, etc.

8.- Organizar actividades dirixidas a facilitar a adquisición de competencias e habilidades básicas para unha maior autonomía das mulleres: de carácter formativo, ou de carácter cultural, artístico ou de ocio.

9- Concienciar a homes e mulleres a través da impartición de módulos formativos sobre xénero e Igualdade de Oportunidades.

II. Ámbito



Concello de Vigo

O ámbito espacial destas actividades será o termo municipal de Vigo.

III. Destinatarias das accións

Cando se trate de cursos de ocio e tempo libre, formación e/ou similares, as destinatarias últimas deberán ser mulleres. Cando estas xornadas ou cursos teñan como obxectivo: informar, concienciar e formar no eido da perspectiva de xénero e a igualdade de oportunidades poderán incorporarse homes ao alumnado.

Asemade, tal e como recolle o apartado I.3 desta Base, poderanse subvencionar proxectos dirixidos exclusivamente á poboación masculina que promovan actividades en ámbitos e/ou áreas tradicionalmente feminizadas.

SEGUNDA.- GASTOS SUBVENCIONABLES

Serán gastos subvencionables os que de xeito indubidábel corresponden á participación ou organización da actividade obxecto da axuda.

As entidades que presenten a esta convocatoria proxectos para a realización de cursos, xornadas ou similares, terán en conta que serán gastos subvencionables os soldos ou honorarios do persoal docente e os correspondentes gastos de seguros sociais, sempre e cando se contrate especificamente para o desenvolvemento do programa subvencionado.

Asemade, poderanse imputar gastos de actividade de coordinación, que deberá ser realizada por unha persoa física distinta da encargada da impartición do proxecto formativo, sempre e cando se xustifique a súa necesidade e se contrate especificamente para a coordinación do programa subvencionado. Cando a persoa que realiza a coordinación sexa persoal contratado con anterioridade pola entidade solicitante, non se poderá imputar máis do 20% da remuneración líquida mensual do período que abrangue a realización do proxecto.

Os custos indirectos (gastos fixos de estrutura da entidade) formarán parte da xustificación da subvención, sempre que se imputen ao programa subvencionado ata un máximo do 10% dos gastos directos e correspondan ao período no que efectivamente se realiza a actividade. A beneficiaria deberá solicitar tres ofertas cando, tratándose de gastos por subministros ou servizos, excedan estes de 15.000,00 €, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.

Non terán a consideración de gastos subvencionables os relativos a gastos de desprazamento fora do termo municipal, os relativos á administración, xestión, financiamento, primas de seguros, adquisición de patrimonio, investimentos, equipamento, mantemento ou alugueiro do local social.

Tampouco serán gastos subvencionables os relacionados coa adquisición de bebidas alcohólicas de calquera tipo nin os relativos aos gastos en atencións protocolarias (servizos de *catering*, recepcións, espectáculos...), agás que a Concellería de Igualdade, previa xustificación da súa necesidade por parte da entidade solicitante, valore que ese gasto é necesario para a consecución dos obxectivos do programa subvencionado.

A contía de cada subvención poderá chegar ata o 100% do custo da actividade sen superar a contía da axuda máxima establecida en 3.000 € por entidade beneficiaria, tal e como se establece no apartado 2 da Base oitava.

TERCEIRA.- CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO

A cantidade máxima destinada a estas subvencións será a de 46.000,00 euros (corenta e seis mil euros) que se fará efectiva con cargo á partida orzamentaria para o exercicio de 2019: 2311 4890000 “Promoción da igualdade e do deporte feminino” do orzamento vixente da Concellería de Igualdade.

CUARTA.- COMPATIBILIDADE DA SUBVENCIÓN

Estas subvencións serán compatibles con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, estatais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A entidade beneficiaria deberá comunicarlle ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do R. d. 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei xeral de subvencións.

QUINTA. - REQUISITOS DAS BENEFICIARIAS

1. Poderán solicitar e obter estas axudas as entidades xurídicas sen ánimo de lucro que reúnan os seguintes requisitos :

- a) Que teñan a súa sede social ou delegación no termo municipal de Vigo.
- b) Que se atopen debidamente inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións na data de presentación da solicitude.
- c) Que conforme aos seus estatutos ou normas reguladoras, teñan obxectivos e finalidades coincidentes cos establecidos nas presentes bases.
- d) Que dispoñan de estrutura suficiente para garantir o cumprimento dos obxectivos propostos e acreditar a experiencia e capacidade necesaria para o logro de tales obxectivos.
- e) Que se atopen ao corrente das súas obrigas fiscais co Concello de Vigo, coa Facenda Pública estatal e autonómica e coa Seguridade Social.
- f) Que cumpran cos demais requisitos previstos no artigo 9 da Lei de Galicia 9/2007, de subvencións de Galicia, artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e no Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da citada lei.

2. Quedan excluídos expresamente desta convocatoria os seguintes proxectos:

- a) Aqueles que para a mesma finalidade, foron solicitados noutras áreas ou servizos do Concello de Vigo.
- b) Aqueles que a xuízo da Comisión de Valoración teñan unha relación e canle máis específica de subvención con outras áreas do Concello de Vigo, ou que o obxecto da súa petición estea incluído nalgún convenio de colaboración ou contratación co Concello de Vigo.
- c) Aqueles que se realicen nos centros de ensino onde se estean a desenvolver programas municipais de igualdade e prevención da violencia de xénero, e que, a xuízo da Comisión de Avaliación, a súa execución en horario lectivo duplique os contidos e/ou afecte á boa marcha dos programas municipais.
- d) Aqueles que supoñan a edición de documentos internos, así como externos de signo exclusivamente propagandístico.
- e) Aqueles de carácter político e doutrinal de signo partidario e/ou confesional.
- f) Aqueles que inclúan actividades docentes previstas nos planes de ensino vixentes.



Concello de Vigo

- g) Aqueles que inclúan os gastos xerais das entidades solicitantes relativos á administración, xestión, financiamento, adquisición de patrimonio, investimentos e equipamento, mantemento ou alugueiro do local social.
- h) Aqueles que non reúnan as condicións mínimas de interese xeral, indicando unha mala definición do mesmo ou que a materia non se axusta aos obxectivos da convocatoria.
- i) Aqueles que se presenten fóra do prazo estipulado na convocatoria, calquera que sexa a causa do atraso.
- j) Aqueles que teñan previsto a súa realización fora do termo municipal de Vigo.
- k) Aqueles que non acaden unha puntuación mínima de 10 puntos no apartado 1) da base sétima.

3.- As solicitantes deberán reunir os requisitos establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e non estar incursas nas prohibicións para ser beneficiaria da subvención previstas no dito artigo. En consecuencia, as entidades solicitantes entregarán unha declaración de non estar incursas nas prohibicións que recollen os apartados 2 e 3 do citado artigo 10.

4.- As solicitantes deberán atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e para coa Seguridade Social, conforme co establecido no artigo 22 do RD 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei xeral de subvencións. Consonte co parágrafo cuarto do artigo 24 do citado Regulamento, para aquelas subvencións nas que o importe non supere a contía de 3.000 €, esta circunstancia poderá acreditarse simplificadaamente mediante unha declaración responsable. Este é o caso desta convocatoria, tal e como se establece no apartado 2 da Base Oitava desta.

5.- Igualmente as solicitantes das subvencións deberán acreditar que se atopan ao corrente das súas obrigas para co Concello de Vigo, para o cal, entenderase que o/a solicitante, ao presentar a solicitude de subvención, autoriza á comisión avaliadora para solicitar de oficio os datos e a documentación acreditativa de tal extremo ós departamentos administrativos responsables.

SEXTA.- OBRIGAS DAS BENEFICIARIAS

Serán obrigas das beneficiarias das subvencións, ademais das previstas nestas bases e convocatoria e das sinaladas no artigo 11 da Lei de subvencións de Galicia, as que seguen:

- 1.- Levar a cabo a proposta que fundamenta a concesión da axuda na forma, prazo e termos establecidos na solicitude, asumindo as obrigas (impostos, permisos, seguros, responsabilidade civil, dereitos de autoría, etc...) e demais responsabilidades legalmente esixibles en cada caso.
- 2.- Responder da veracidade dos datos da solicitude, baixo a persoal responsabilidade da persoa que subscriba a solicitude.
- 3.- Utilizar unha linguaxe e imaxe non sexista en todo o soporte material e audiovisual que se empregue para o desenvolvemento do proxecto, a organización, difusión e execución das súas actividades.
- 4.- Utilizar imaxes non estereotipadas, que visibilicen a achega das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.
- 5.- Someterse ás actuacións de comprobación, seguimento, control financeiro e inspección que o Concello de Vigo considere necesario.

6.- Responder legalmente da falta de veracidade dos datos expostos e do incumprimento das presentes bases.

7.-Asumir todas as responsabilidades que poidan derivarse da organización e realización dos programas e actividades incluídas no proxecto subvencionado.

8.-Solicitar e dispor dos permisos e autorizacións necesarias para o desenvolvemento de todas as actividades incluídas no proxecto subvencionado así como cumprir os requisitos e demais condicións que a lexislación vixente estableza.

9.-Aboar as taxas, impostos, seguros, dereitos de autoría e todos os demais gastos derivados da realización das actividades para as que se solicita a subvención.

10.-A lingua que se empregará nos distintos soportes de difusión da actividade será o galego dentro do ámbito territorial de Galicia. A Concellería de Igualdade estudará cal sería a lingua para empregar na difusión noutros ámbitos territoriais. En todo caso, actuaríase conforme coa Ordenanza de normalización lingüística do Concello de Vigo.

11.- As demais obrigas establecidas no artigo 11 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 14 da Lei 38/2003, do 17 de decembro, xeral de subvencións e o R. d. 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da citada Lei.

SÉTIMA.- CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN.

A concesión das subvencións atenderá a criterios obxectivos e se tramitarán en réxime de concorrencia competitiva, tendo sempre como límite as dispoñibilidades orzamentarias da Concellería de Igualdade destinadas para tal fin no presente exercicio.

Neste sentido, logo de excluír as solicitudes segundo o estipulado no punto 2 da base quinta, a comisión avaliadora terá en conta os seguintes criterios e baremos de puntuación sobre un máximo de 60 puntos. Os proxectos que non obteñan unha puntuación mínima de 10 puntos no apartado 1) desta base non se considerarán subvencionables, xa que de non chegar a esta puntuación indicaría unha mala definición e calidade do proxecto.

1.- Calidade técnica, coherencia e viabilidade do proxecto. Ata un máximo de 16 puntos (a razón de valorar cun máximo de 4 puntos cada un dos catro seguintes subapartados):

- a) Adecuación e eficacia das actividades do proxecto para acadar a/s súa/s finalidade/s, de entre as recollidas na cláusula Primeira l) destas bases.
- b) A capacidade da entidade de mobilizar á poboación destinataria da acción.
- c) O deseño dos contidos, a metodoloxía, protocolos de traballo, coherencia interna e viabilidade técnica e financeira do proxecto.
- d) Grao en que o sistema de avaliación proposto permitirá efectivamente realizar un seguimento e avaliación axeitados.

2.- Incorporación do enfoque de xénero na implementación do proxecto. Ata un máximo de 15 puntos (a razón de valorar con 3 puntos cada un dos cinco seguintes subapartados):

- a) Que o fomento da igualdade entre mulleres e homes e a perspectiva de xénero constitúa o obxecto do propio proxecto. Que a totalidade das actividades propostas no proxecto teñan a finalidade directa de sensibilizar, previr e eliminar as discriminacións de xénero, e os seus contidos estean directamente relacionados con esa finalidade.



Concello de Vigo

- b) Que o proxecto incorpore a impartición de contidos formativos transversais de igualdade (xornadas, cursos, obradoiros ou similares) no desenvolvemento da acción principal.
- c) Que quede acreditado que o equipo de traballo presentado para o desenvolvemento do proxecto ten formación no eido do xénero e igualdade de oportunidades (IO).
- d) Que o proxecto estea dirixido a mulleres nas que conflúan múltiples discriminacións: vítimas de violencia de xénero, colectivo LGTBQI, mulleres soas con cargas familiares, mulleres prostituídas, mulleres coidadoras, con discapacidade... ou que o proxecto teña por finalidade dar visibilidade e información con perspectiva de xénero sobre estes colectivos.
- e) Que o proxecto teña a finalidade de promover e visibilizar as achegas e o papel que desenvolven as mulleres nos distintos sectores relacionados coa pesca (extracción, acuicultura, venda, investigación, etc) e/ou nos oficios derivados do mar, como redeiras, conserveiras, armadoras, mariscadoras, etc.

3.- Impacto, sostenibilidade, e innovación. Ata un máximo de 10 puntos (a razón de valorar cun máximo de 2,5 puntos cada un dos catro seguintes apartados: a), b), c), d):

- a) Que o proxecto recolla contidos únicos, específicos e diferenciadores non implementados por outro proxecto no contorno, converténdose así para o público destinatario en referente en toda a comunidade autónoma ou cando menos na área sur de Galicia.
- b) Que a acción proposta supoña a continuidade dun proxecto anterior, que polas súas características diferenciadoras, contido e colectivo destinatario, fora avaliado positivamente pola concellería de Igualdade, o que lle outorga un valor engadido ao proxecto.
- c) Grao no que se propón resolver o problema abordado desde formulacións e instrumentos novos no seu ámbito.
- d) Colaboración, coordinación e concertación do proxecto presentado con outras entidades sen ánimo de lucro. Esta colaboración acreditarase documentalmente e os puntos distribuiranse do seguinte xeito, tendo en conta que a máxima puntuación que se pode acadar neste apartado son 2,5 puntos (o apartado d.1 e d.2 son excluíntes):

—

d.1) Se entre as entidades coas que se colabora no desenvolvemento do proxecto se atopan asociacións de mulleres ou secretarías da muller da cidade, obterase a máxima puntuación do apartado d). Máximo de 2,5 puntos.

d.2) Se entre as entidades coas que se colabora no desenvolvemento do proxecto son entidades sen ánimo de lucro que non son asociación de mulleres ou secretarías da muller da cidade, obterase a metade da puntuación do apartado d). Máximo de 1,25 puntos.

4.- Por recoller o proxecto algún dos seguintes obxectivos e accións. Ata un máximo de 10 puntos.

Outorgarase un punto por cada obxectivo de entre os seguintes que recolla o proxecto presentado, ata un máximo de 10.

A) ÁREA DE EDUCACIÓN EN IGUALDADE:

1. Impulsar e fomentar a educación e igualdade, mediante accións de sensibilización e formación en materia de xénero e igualdade, que promovan a eliminación dos estereotipos e o cambio nos modelos de socialización.
2. Visibilizar as achegas realizadas polas mulleres ao longo da historia aos distintos campos da cultura, a arte, a historia, a ciencia a tecnoloxía, etc.

3. Elaborar estudos, investigacións, informes, sobre a situación social e/ou económica das mulleres en distintos ámbitos.
4. Formar e sensibilizar a mulleres e homes en materia de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.

B) ÁREA DE CONCILIACIÓN E CORRESPONSABILIDADE:

1. Facilitar a conciliación da vida laboral, familiar e persoal da cidadanía viguesa
2. Fomento dun reparto equilibrado dos usos do tempo e a corresponsabilidade entre mulleres e homes na asunción dos traballos de coidados e tarefas domésticas.
3. Posta en valor dos traballos de coidados ante a sociedade, como parte fundamental para o sostemento da economía.

C) ÁREA DE LIDERADO E EMPODERAMENTO:

1. Fomentar a participación das mulleres nos procesos de toma de decisións, mediante a promoción das condicións e espazos que a faciliten, ou mediante a dotación de ferramentas e habilidades comunicativas, reflexivas e de liderado.

D) ÁREA DE EMPREGO E FORMACIÓN

1. Mellorar as oportunidades das mulleres para o acceso, mantemento e promoción no mercado de traballo.
2. Favorecer a diminución da segregación horizontal do mercado de traballo, potenciando a diversificación das opcións profesionais das mulleres
3. Difundir, concienciar e informar ás mulleres traballadoras e ás empresas sobre os dereitos relacionados coas súas condicións de traballo, así como normativa en materia de igualdade.
4. Visibilizar as discriminacións existentes no mercado laboral para contribuír á súa eliminación.

E) ÁREA CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO:

1. Promover accións de prevención da violencia de xénero, mellorando a súa detección temperá, promovendo unha educación e unha socialización libre de violencia de xénero.
2. Mellorar a atención e asistencia ás vítimas de violencia de xénero, mediante a creación e potenciación de recursos existentes e mellora da coordinación institucional.
3. Proporcionar ferramentas que doten de maior benestar e independencia económica ás mulleres vítimas das diversas formas da violencia de xénero.
4. Sensibilizar á poboación na repulsa á violencia de xénero, visibilizando as distintas formas de violencia que se exerce sobre as mulleres.

F) ÁREA DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE:

1. Favorecer a visibilización e promoción social das mulleres nas que conflúen distintas discriminacións.
- 2 Contribuír á prevención, corrección e eliminación de toda discriminación por razón de orientación sexual e identidade de xénero.
- 3 Potenciar accións que contribúan á mellora da calidade de vida das persoas e apoio a colectivos de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais, e intersexuais (LGTBI).
- 4 Divulgar a través de estudos, investigacións e traballos técnicos que profunden na realidade que afecta ás persoas LGTBI.

G) ÁREA DE PROMOCIÓN DA SAÚDE E O BENESTAR:



Concello de Vigo

1. Fomentar a promoción da saúde das mulleres a través da concienciación cidadá.
2. Promover e desenvolver actividades que contribúan á mellora da calidade de vida e ao benestar físico e psíquico das mulleres.
3. Fomentar a relación, participación e o tempo libre das mulleres.
4. Proporcionar pautas de autocoidado e/ou promover accións que favorezan o benestar físico e emocional dirixidos a mulleres coidadoras de persoas dependentes.

5.- Participación no Consello Municipal da Muller. Ata un máximo de 5 puntos.

Outorgarase ata un máximo de 5 puntos a aquelas entidades que á data 1/01/2019 formen parte do Consello Municipal da Muller de Vigo, órgano representativo, consultivo e de participación.

- a) Con menos de 4 anos de participación: 1 punto
- b) Con 4 anos e menos de 8 anos de participación: 2 puntos
- c) Con 8 anos e menos de 12 anos de participación: 3 puntos
- d) Con 12 anos e menos de 16 anos de participación: 4 puntos
- e) Con 16 ou máis anos de participación: 5 puntos

6.- O emprego da lingua galega na realización das actividades para as que se solicita subvención, segundo o previsto no artigo 20.2º I) Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia: 4 puntos.

Para ter en consideración este criterio será necesario que a entidade solicitante achega declaración asinada pola/o representante da entidade conforme se compromete á utilización da lingua galega en todo o desenvolvemento da/s actividade/s obxecto da subvención.

A Comisión de Valoración encargada da avaliación dos proxectos terá en consideración os datos achegados pola entidade xunto co seu propio coñecemento a través dos datos existentes no servizo de Igualdade do Concello de Vigo.

OITAVA.- CONTÍA INDIVIDUALIZADA DAS SUBVENCIÓNS.

1. O importe total máximo destinado a estas subvencións distribuirase entre todas as entidades que, por reunir os requisitos esixidos nestas bases para ser beneficiaria, sexan admitidas a participar no procedemento de concesión das subvencións, en función da puntuación acadada no proceso de avaliación que se realizará en función dos criterios previstos na base sétima.

2. Establécese a contía de 3.000 € como contía máxima da axuda a conceder por entidade beneficiaria. Por conseguinte, trala baremación das solicitudes, as entidades que consigan unha axuda superior a 3.000 € quedarán limitadas a esta contía. En caso de quedar crédito libre, repartirase entre as solicitantes, de forma proporcional aos puntos acadados, tendo en conta o límite da contía máxima da axuda.

NOVENA.- PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN DAS SUBVENCIÓNS

O procedemento para a concesión destas subvencións será o de concorrencia competitiva que se iniciará de oficio tras a aprobación das presentes bases e convocatoria pola Xunta de Goberno Local.

DÉCIMA.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas (LPAC), establécese o

emprego, de xeito exclusivo, de medios electrónicos para presentar e tramitar a solicitude desta subvención a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org>.

O prazo de presentación de solicitudes e documentación complementaria correspondente, segundo o disposto na base décimo primeira, será de 10 días hábiles, contados dende o día seguinte ao da publicación do extracto desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, que será comunicado desde a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións, nos termos do art. 30.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro de procedemento administrativo común das administracións públicas, sen prexuízo da súa inserción na web do Concello de Vigo.

DECIMO PRIMEIRA.- SOLICITUDE E DOCUMENTACIÓN

No marco desta convocatoria só se poderá presentar un programa que reúna os requisitos estipulados na base primeira desta convocatoria. Para isto, as entidades que concorren deberán presentar unha única solicitude asinada pola/o representante legal da entidade peticionaria.

A solicitude, segundo modelo normalizado (Anexo I), presentarase exclusivamente por medios electrónicos, en cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas (LPAC), a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/>

A mera presentación da solicitude suporá que as entidades solicitantes coñecen e aceptan as presentes bases da convocatoria.

As solicitudes de subvención achegaranse debidamente cumprimentadas, mediante os modelos oficiais aprobados con estas bases, que estarán dispoñibles na páxina web (www.vigo.org).

No caso de que se achegue a solicitude presencialmente, requirirase a súa subsanación mediante a súa presentación electrónica. A estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela na que tivese realizado a subsanación.

Todas as solicitudes, así como as posibles subsanacións telemáticas contempladas no parágrafo anterior, deberánse achegar antes de que remate o prazo outorgado para a súa presentación, sen que caiba ter por presentadas aquelas achegadas con carácter extemporáneo.

A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente. As persoas solicitantes responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten.

Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o esixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia electrónica, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

Se a documentación complementaria se achegase presencialmente, será requirida para emendala a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación aquela en que fose realizada a emenda.

Para a presentación da solicitude de subvención deberá achegarse a seguinte documentación:

- 1.- Solicitude (Anexo I), asinada pola/o representante da entidade.



Concello de Vigo

2.- Proxecto de actividades a favor das mulleres para o que se solicita a subvención (Anexo II) xunto co informe desagregado de ingresos e gastos da actividade, asinado pola persoa responsable do programa de Muller na entidade, en caso de existir, e da ou do presidente da entidade. No caso de presentar un proxecto que inclúa actividades de formación ou xornadas e charlas deberá achegarse currículo do profesorado ou das relatoras ou relatores segundo o caso. Poderase ampliar o proxecto en documento aparte sempre e cando estean completos os datos solicitados no anexo II.

3.- Memoria de actividades a favor das mulleres que desenvolveu a entidade durante o ano 2018, esta deberá vir asinada polo/a representante da entidade.

4.- Fotocopia do CIF da entidade solicitante.

5.- Certificado da titularidade da conta bancaria a favor da entidade solicitante expedido cunha antigüidade inferior a seis meses.

6.- Declaración da secretaría da entidade na que conste quen ten a condición de representante legal da mesma (apartado 1 do Anexo III).

7.- Declaración das solicitudes de subvención realizadas ou concedidas a outros organismos e institucións públicas ou privadas do proxecto para o que se solicita a subvención (apartado 3 do Anexo III).

8.- Declaración de non estar incursas nas prohibicións que recollen os apartados 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (apartado 4 do Anexo III).

9.- Declaración responsable na que se faga constar que a entidade solicitante está ao día nas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, a Seguridade Social e o Concello de Vigo (apartado 5 do Anexo III).

10.- Documentación opcional, necesaria para valorar as solicitudes conforme os criterios de valoración establecidos:

- Currículum do persoal que impartirá as actividades. No caso de xornadas, charlas ou cursos de formación, a achega dos curriculums das persoas relatoras será obrigatoria.
- Declaración asinada pola/o representante da entidade conforme se compromete á utilización da lingua galega en todo o desenvolvemento da/s actividade/s obxecto de subvención.
- Acreditación da colaboración no desenvolvemento do proxecto con outras entidades sen ánimo de lucro.

Porén, a solicitante poderá acollerse ao establecido no art. 28.2 da LPAC, que indica que as persoas interesadas non estarán obrigadas a achegar documentos que fosen elaborados por calquera Administración. A Administración municipal, salvo oposición expresa da persoa interesada, consultará e obterá electronicamente a través das súas redes corporativas ou consulta mediante a Plataforma de Indeterminación de Datos os documentos que deban

integrar o procedemento, que xa se atopen no seu poder ou que foran elaborados por calquera outra Administración.

En relación co dereito a non presentar documentos que obren en poder da administración convocante, debe facerse constar a data e órgano ou dependencia na que foron presentados, ou, no seu caso, o número de expediente ou procedemento no que se fixeron valer.

A Concellería de Igualdade pode requirir canta outra documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos para participar na convocatoria considere necesaria, así como, complementar a información facilitada pola entidade, para unha mellor avaliación das solicitudes achegadas.

DÉCIMO SEGUNDA.- EMENDA DA SOLICITUDE

Consonte co establecido no artigo 68 da LPACAP, se a documentación achegada fose incompleta ou non reunise os requisitos esixidos na presente convocatoria, a solicitante será requirida para que complete a documentación ou corrixa a deficiencia no prazo de 10 días hábiles, desde o día seguinte á data da notificación, coa advertencia de que, de non facelo así, teráselle por desistido da súa solicitude, logo da resolución ditada nos termos previstos no artigo 21 da LPACAP.

As notificacións electrónicas realizaranse a través da sede electrónica do Concello de Vigo. As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. A notificación entenderase rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Remítanse aos/ás interesados/as os avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

DECIMO TERCEIRA.- PUBLICIDADE

1.- Publicidade da convocatoria e das bases reguladoras da concesión das axudas:

As presentes bases reguladoras e a convocatoria, cuxo contido responde ao disposto no art. 20 da Lei xeral de subvencións, conforme o establecido no artigo 20.8 apartados a) e b) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno publicaranse en:



Concello de Vigo

- As Bases reguladoras, no BOP da provincia, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org)
- A Convocatoria, na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org).
- A BDNS publicará o extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, publicación que determinará o inicio do prazo de 10 días hábiles para a presentación de solicitudes. A presente convocatoria e as súas bases reguladoras, así como o modelo de solicitude e demais modelos normalizados que constitúen os seus anexos, publicaranse na páxina web do Concello de Vigo www.vigo.org e da Concellería de Igualdade www.igualdadevigo.org

2.-Publicidade das subvencións concedidas:

As subvencións concedidas remitiranse ao portal de transparencia do concello e á BDNS para a súa publicación con indicación da convocatoria, programa, e crédito presupostario ao que se imputan, beneficiarias, cantidades concedidas e finalidade da subvencións con expresión dos distintos proxectos subvencionados.

3.-Publicidade do financiamento público:

As entidades beneficiarias das subvencións deben informar e publicitar as actividades e servizos subvencionados, facendo constar nun lugar destacado dos diferentes soportes a lenda “Colabora Concellería de Igualdade-Concello de Vigo”, coa inclusión do logotipo e anagrama do Concello de Vigo que se pode descargar da paxina web da Concellería de Igualdade www.igualdadevigo.org. Se no financiamento interveñen outras entidades, a prelación en orde e tamaños será proporcional á contía achegada por cada unha delas.

DÉCIMO CUARTA.- ÓRGANOS COMPETENTES PARA A INSTRUCCIÓN E RESOLUCIÓN DO PROCEDIMENTO E PRAZO PARA A NOTIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN

A Concellería de Igualdade será a encargada da instrución do procedemento de concesión das subvencións quen realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales debe formularse a proposta de resolución, de conformidade co previsto no art. 24 da Lei xeral de subvencións.

Todos os trámites administrativos que se deban realizar durante a tramitación deste procedemento deberán ser realizados a través da sede electrónica do Concello de Vigo.

De conformidade co disposto na base sétima a Comisión de Valoración avaliará as solicitudes de subvención para cada un dos programas presentados. Esta comisión é o órgano colexiado composto pola concelleira delegada de Igualdade, que actuará como presidenta, e dúas técnicas de Igualdade, actuando ademais, unha delas, como secretaria.

A Concellería de Igualdade, como órgano instructor, formulará a proposta de concesión das subvencións á Xunta de Goberno Local consonte a avaliación realizada.

O expediente de concesión de subvencións conterá o informe do órgano instructor no que conste que da información que ten no seu poder se desprende que as beneficiarias cumpren todos os requisitos necesarios para acceder a elas. (Artigo 21.4 parágrafo 6 da Lei de subvencións de Galicia).

A Xunta de Goberno Local será o órgano competente para conceder ou denegar as axudas. O prazo para a instrución e resolución do expediente será de tres meses, como máximo,

desde o último día de prazo de presentación das solicitudes na sede electrónica do Concello de Vigo, e a súa resolución notificaráselles ás solicitantes no prazo de dez días a partir da súa data, de acordo co previsto no artigo 21 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP). Por tratarse dun acto integrante dun procedemento de concorrencia competitiva, poderá substituírse a dita notificación pola publicación na páxina web (www.vigo.org) e no taboleiro de anuncios do Concello de Vigo, conforme ao art. 45.1.b) da Lei 39/2015 da LPACAP.

O vencemento do prazo máximo sen terse notificada a resolución, lexítima ás interesadas para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión de subvención, sen prexuízo do disposto no art. 24.3.b) da LPACAP.

As notificacións electrónicas realizaranse a través da sede electrónica do Concello de Vigo. Remítiranse aos/ás interesados/as os avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. A notificación entenderase rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

A resolución da Xunta de Goberno Local, sobre concesión das axudas, esgota a vía administrativa e contra a mesma poderá interpoñerse potestativamente, recurso de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes ou, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do contencioso-administrativo de Vigo, no prazo de dous meses.

En todos os casos, os prazos contarase a partir do día seguinte ao da notificación, publicación, ou de desestimación do recurso de reposición.

As entidades beneficiarias das axudas están obrigadas no prazo máximo de 15 días, a contar a partir do día seguinte ao da notificación, a comunicarlle por escrito á Concellería de Igualdade a aceptación ou renuncia das axudas. A falta de manifestación expresa entenderase aceptada. Xunto coa aceptación deberá comunicar os seguintes datos:

- Calendario, horario e local de realización da actividade.
- No caso de que o programa subvencionado inclúa diversas actividades indicárase aquelas que serán obxecto de xustificación por parte da entidade beneficiaria.

A beneficiaria poderá renunciar expresamente á subvención concedida, que será aceptada de plano pola administración concedente, declarando concluso o procedemento correspondente, de conformidade co artigo 94 da LPACAP.



Concello de Vigo

DÉCIMO QUINTA.- SUBCONTRATACIÓN

As beneficiarias non poderán subcontratar con terceiros/as a actividade subvencionada.

DÉCIMO SEXTA.- XUSTIFICACIÓN DAS SUBVENCÍONS

1.-Prazo de xustificación: unha vez executado e avaliado o programa, e como data límite o 25 de outubro de 2019.

No devandito prazo as entidades beneficiarias xustificarán o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos.

No caso de ser incompleta ou defectuosa a documentación achegada, concederase a entidade beneficiaria un prazo improrrogable de dez (10) días hábiles para a súa emenda ou entrega. Transcorrido o prazo sen atender ao requirimento e trala resolución ditada nos termos previstos no artigo 21 da Lei 35/2015 PAC, teranse por desistidas da súa petición.

Conforme establece o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, no seu artigo 70.3, transcorrido o prazo establecido de xustificación sen presentarse esta ante o órgano administrativo competente, este requirirá á entidade beneficiaria para que no prazo improrrogable de quince días sexa presentada aos efectos previstos neste capítulo. A falla de presentación da xustificación no prazo establecido neste apartado levará consigo a esixencia de reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei xeral de subvencións. A presentación da xustificación no prazo adicional establecido neste apartado non eximirá á beneficiaria das sancións que, conforme á Lei xeral de subvencións, correspondan.

De non presentar a xustificación no prazo adicional perderase o dereito a percibir a subvención.

2.- Cántidade a xustificar: a entidade beneficiaria terá que presentar facturas electrónicas ou copias dixitalizadas das facturas orixinais equivalentes ao importe concedido e ademais unha memoria económica xustificativa de gastos ata o 100% do orzamento do proxecto presentado.

3.- Sistema de xustificación: a teor do disposto no art. 81 do regulamento da LXS establececese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007), do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a achega de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas das facturas orixinais en papel.

No caso de que se achegue a documentación presencialmente, requirirase a súa subsanación mediante a súa presentación electrónica. A estes efectos, considerarase como data de presentación da documentación aquela na que tivese realizado a emenda.

A entidade beneficiaria deberá achegar electronicamente a rendición da conta xustificativa que comprende a seguinte documentación:

a) Anexo IV: certificación e solicitude de pago, asinado pola secretaria/o e coa conformidade da persoa que ostenta a representación da entidade:

Coa sinatura deste modelo acredítase entre outros os seguintes extremos:

- Que a documentación dixitalizada que se achega para a xustificación da subvención é fiel reprodución da documentación orixinal e que son certos todos os datos reflectidos na documentación achegada para xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e da aplicación dos fondos recibidos.
- Percepción doutras axudas ou subvencións para o proxecto subvencionado.
- Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.
- Cando se xustifiquen gastos que constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do Imposto sobre a renda das persoas físicas e suxeitos á retención, que foi practicada a pertinente retención, declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal de Administración Tributaria.
- Estar ao corrente das obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, o Concello de Vigo e coa Seguridade Social e declarar se a entidade está exenta ou non do IVE.

b) Anexo V-1: Xustificación do orzamento total do proxecto presentado, asinado pola/o representante da entidade:

Tratase dunha memoria económica xustificativa de gastos e ingresos do importe total do orzamento do proxecto presentado. Este anexo V-1 poderá substuírse pola presentación dalgún dos seguintes documentos:

- Copias de facturas polo gasto do proxecto non subvencionado.
- Certificación na que se acredite que o programa obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de euros. Esta certificación deberá estar asinada pola secretaria/o e coa conformidade da persoa que ostenta a representación da entidade.

No caso de non xustificarse a totalidade do orzamento do proxecto que presentou a entidade beneficiaria na súa solicitude de subvención, a axuda será minorada na mesma proporción.

c) Anexo V-2: Balance económico da totalidade do proxecto, asinado polo/a representante legal da entidade:

Consiste nunha relación detallada de todos os ingresos percibidos ou concedidos para o programa obxecto da subvención.

d) Anexo VI: Xustificación do gasto do proxecto correspondente ao importe da axuda concedida, asinado electronicamente pola/o representante da entidade:

Consiste nunha relación clasificada das facturas que achega a entidade para xustificar o 100% do importe da contía da axuda concedida, con identificación do/a acreedor/a e do documento, o seu importe, e data de emisión.

e) Facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas das facturas orixinais en papel, asinadas electronicamente polo/a representante da entidade:

Deberán estar ordenadas e numeradas seguindo a orde da clasificación do Anexo VI polo importe total da subvención outorgada. As ditas facturas deberán estar asinadas



Concello de Vigo

electronicamente polo/a representante da entidade, e deberán conter os seguintes requisitos esixidos legalmente:

- Número e no seu caso serie.
- Nome e apelidos ou denominación fiscal.
- Número de identificación fiscal (NIF ou CIF)
- Descrición detallada cos prezos unitarios, se é o caso, da operación, adquisición ou contraprestación.
- Lugar e data de emisión.
- Nas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, salvo que se xustifique se está exenta de IVE; as facturas emitidas por profesionais levarán a pertinente retención do IRPF.

f) Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos asinada pola responsable da vogalía da muller da entidade, e na que figurará, cando menos, a seguinte información:

- Denominación do programa, proxecto ou gasto subvencionado.
- Breve resumo do proxecto realizado.
- Datas e lugar de realización.
- Datos sobre as participantes: número, perfil, etc.
- Descrición detallada e ordenada das actividades que se levaron a cabo e dos gastos imputables a cada acción.
- Recursos humanos.
- Valoración do nivel de cumprimento dos obxectivos perseguidos.
- Materiais de difusión empregados.
- Nos cursos e xornadas de formación, engadirase ao anterior, o programa formativo, nº de horas e identificación das mulleres participantes e do/a monitor/a cos seu nome, apelidos e número de teléfono.
- Dous exemplares do material de información, carteis, folletos, circulares, fotografías, boletíns ou libros editados e publicidade relacionada coa actividade subvencionada; en caso de non terse editado ningún material publicitario deberá indicarse este extremo.

h) Calquera outra documentación que lle sexa solicitada polo concello, en relación coa xustificación da subvención.

4.- Información complementaria:

Non se admitirán facturas que non reúnan as condicións previstas no Real Decreto 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación en vigor desde o 1 de xaneiro de 2013.

En relación á xustificación do pagamento de usos das instalacións deportivas municipais do Concello de Vigo será suficiente coa presentación do documento emitido polo Concello de Vigo, acreditativo dos ingresos por eses conceptos.

Nas subvencións concedidas a entidades dependentes ou relacionadas á Universidade a xustificación poderá consistir na certificación da intervención ou órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida.

En xeral, os documentos xustificativos deberán corresponderse con gastos relacionados de forma directa entre o 16 de novembro de 2018 e o 24 de outubro de 2019. Non terá por que constar de forma expresa se foron pagados con anterioridade á finalización do proceso de xustificación determinado nesta convocatoria.

Os custos indirectos (gastos fixos de estrutura da entidade) formarán parte da xustificación da subvención, sempre que se imputen ao programa subvencionado ata un máximo do 10% dos gastos directos e correspondan ao período no que efectivamente se realiza a actividade. Deberase ter en conta o establecido na base segunda desta convocatoria respecto dos gastos que teñen a condición de subvencionables e non subvencionables.

DÉCIMO SÉTIMA.- COMPROBACIÓN DAS SUBVENCÍONS

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión será comprobada polos servizos da Concellería de Igualdade. A xefa do servizo de Igualdade emitirá informe ao respecto no que fará constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes para considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada e a xustificación achegada.

DECIMO OITAVA.- OBRIGA DE INFORMACIÓN

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Igualdade e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

DECIMO NOVENA.- PAGAMENTO

O aboamento das subvencións efectuarase mediante transferencia bancaria, unha vez rematen os programas obxecto da subvención e sexan debidamente xustificadas.

Procederase ao pagamento parcial ou redución proporcional do importe nos seguintes casos:

- Cando o gasto xustificado sexa inferior ao 100 % do importe do orzamento do proxecto presentado pola entidade beneficiaria na súa solicitude de subvención. A axuda será entón minorada na mesma proporción.
- Pola obtención de maior ingresos ou financiamento do previsto no proxecto.
- Polo incumprimento das obrigas da entidade beneficiaria.

As subvencións serán compatibles con calquera tipo de axuda concedida por diferentes administracións ou entes públicos ou privados, excepto con outras axudas concedidas polo Concello de Vigo para o mesmo obxecto e finalidade. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, e en todo caso a obtención, concorrente das subvencións por outras administracións, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión, xa que ao tratarse dunha subvención, os ingresos non poden ser superiores aos gastos.



Concello de Vigo

A resolución-liquidación da axuda, co aboamento do pagamento parcial ou proporcional correspondente, será competencia da concelleira delegada de Igualdade.

Antes de proceder ao pagamento da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ao corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa Seguridade Social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do art.31.7. e da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

VIXÉSIMA.- PERDA DO DEREITO AO COBRO, NULIDADE E REINTEGRO DAS SUBVENCIÓNS. RÉXIME DE INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

1.-Perda do dereito á cobranza

Dará lugar á perda do dereito á cobranza da subvención o incumprimento por parte da beneficiaria da subvención de calquera das obrigas previstas nestas bases reguladoras e convocatoria e especialmente as obrigas ás que se condiciona o pagamento único da subvención; o incumprimento dos requisitos, condicións e demais circunstancias que determinaron o outorgamento da subvención; a variación da finalidade da actuación; a falta de xustificación da subvención ou a insuficiencia desta; a obtención concorrente doutras axudas, que determinarían o reintegro da municipal e a concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 33 da Lei de subvencións de Galicia.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e do seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá a perda do dereito a subvención ou o seu reintegro na mesma proporción. En todo caso procederá a redución da subvención, coa conseguinte perda do dereito á cobranza, ou, no seu caso o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

A comunicación destas circunstancias ao Concello efectuarase no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

2.- Nulidade, reintegro, infraccións e sancións

En canto ás causas de nulidade e anulabilidade do acordo de concesión das axudas e de reintegro das mesmas estarase ao disposto no artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Reintegraranse as cantidades percibidas, coa conseguinte esixencia de xuros de demora desde o aboamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, nos casos do artigo 33 LSG.

En canto ás infraccións e sancións en que poidan incorrer as entidades beneficiarias destas axudas e o procedemento para a súa imposición estarase ao disposto no título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

VIXÉSIMO PRIMEIRA.- TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

Os datos das solicitantes e os das súas representantes serán incorporados aos ficheiros municipais. A finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión das subvencións obxecto das presentes bases reguladoras e convocatoria, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e

comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia co fin de concluír o proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPDP do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo no ámbito do fomento e promoción da igualdade, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas cando sexa necesario para a correcta prestación do servizo ou ben en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es).

Poderán obter máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo dpd.vigo@vigo.org.

VIXÉSIMO SEGUNDA.- NORMATIVA DE APLICACIÓN

A presente convocatoria rexerese pola Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local e de procedemento administrativo común; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real decreto 887/2006; as Bases de execución do orzamento do Concello de Vigo para o ano 2019, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

 	Anexo I	SOLICITUDE (páxina 1 de 2)
	SUBVENCIÓN PARA ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN DAS MULLERES-2019	

Datos da entidade solicitante

Nome:		
CIF:	Núm. Rexistro Municipal de Asociacións:	Ano:
Enderezo:		Código postal:
Tel. 1:	Tel. 2:	Fax:



Concello de Vigo

Nome:				
Enderezo electrónico:				
Número de persoas asociadas	Ano	Núm. Mulleres	Núm. Homes	Total
	2017			
	2018			

Datos da persoa representante da entidade

Nome e apelidos:		NIF:
Cargo que ocupa:		
Tfno.:	Enderezo:	
Enderezo electrónico:		

Datos para efectos de notificación:

Todas as notificacións realizaranse por medios electrónicos. Poderase acceder á notificación co certificado dixital asociado ao NIF da persoa indicada. Enviaanse avisos da posta a disposición da notificación ao correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a continuación. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida:



✉ Correo electrónico:

☎ Teléfono móbil:

ACEPTO o emprego do correo electrónico e/ou teléfono móbil indicado/s para o envío dun aviso de notificación da posta a disposición das notificacións.

Solicita subvención para o seguinte programa:

Título do proxecto para o que solicita subvención:
Orzamento total do proxecto:
Importe solicitado nesta convocatoria: (máximo 3.000 €).....
Áreas prioritarias nas que se enmarca (Base Primeira I.1):

 	Anexo I	SOLICITUDE (páxina 2 de 2)
	SUBVENCIÓN PARA ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN DAS MULLERES-2019	

Documentación que se achega (Base 11ª)

- ANEXO II: Memoria do programa solicitado
- ANEXO III: Declaración responsábel relativa aos datos da solicitante
- CIF da entidade
- Certificación bancaria actualizada onde conste número de conta e titularidade

- Memoria de actividades a favor das mulleres desenvolvidas no ano 2018 asinada pola/o representante da entidade
 - Currículo do profesorado ou das relatoras e relatores (no caso de presentar un proxecto que inclúa actividades formativas).
 - Certificado asinado pola/o representante da entidade, co compromiso da utilización da lingua galega
 - Outros (especificar)
-

Protección de datos:

O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPD do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo no ámbito do fomento e promoción da igualdade, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas cando sexa necesario para a correcta prestación do servizo ou ben en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.


As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es).

Poderán obter máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo dpd.vigo@vigo.org.

Vigo, de de 2019

Sinatura da/o solicitante	Selo da entidade
---------------------------	------------------

EXCMO. SR. ALCALDE DO CONCELLO DE VIGO

	Anexo II MEMORIA DO PROGRAMA (1 de 3)
	SUBVENCIÓN PARA ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN DAS MULLERES-2019

1.- NOME DO PROXECTO (se inclúe actividades formativas (cursos, xornadas,charlas e similares), deberá achegarse currículo do profesorado e/ou relatoras/es)



Concello de Vigo

2. MEMORIA (deberanse cubrir todos os apartados neste modelo)

Descrición do programa:

Indicar a área ou áreas na que se enmarca este proxecto (Base Primeira I. 1):

.....
.....
.....

Indicar a finalidade/s do proxecto de entre as establecidas na Base Primeira I:

.....
.....

Enumerar o/s obxectivo/s ou accións que recolla o proxecto, de entre as enumeradas na Base Sétima.4:

.....
.....
.....

En que consiste o proxecto? Descrición detallada e ordenada das actividades que se levarán a cabo:

Persoas destinatarias do proxecto:

Núm. de persoas beneficiarias:

Colectivo destinatario: - mulleres en xeral ; mulleres vítimas de violencia de xénero ; LGTBI ; mulleres prostituídas - homes ; sociedade en xeral ; outro


.....
.....

Obxectivos específicos do proxecto:

.....
.....
.....
.....
.....

Actividades que se levarán a cabo:

.....
.....
.....
.....
.....
.....
.....

	Anexo II	MEMORIA DO PROGRAMA (2 de 3)
	SUBVENCIÓN PARA ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN DAS MULLERES-2019	

Programación temporal das actividades:

Data prevista de: Inicio: **Finalización:** (antes do 25/10/2019)

Duración prevista: nº horas: nº días: nº meses:

.....

Centro onde se vai desenvolver a/s actividade/s:

.....

Persoal que desenvolverá as actividades: (no caso de cursos, xornadas ou charlas, deberá achegarse o curriculum)

.....

Medios que se utilizarán para a difusión da actividade:

.....

Avaliación da actividade:

.....

No caso de que algunha **outra entidade colabore, coordine e concerte** este proxecto, especificar neste apartado:

Se o proxecto inclúe contidos formativos en materia de igualdade dentro da súa acción principal, especificar:

Tipo de actividade:

.....

Contidos:

.....

Duración:



.....

Persoal que impartirá os módulos: (deberá achegarse o curriculum)

.....



Concello de Vigo

 	Anexo II	MEMORIA DO PROGRAMA (3 de 3)
	SUBVENCIÓN PARA ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN DAS MULLERES-2019	

3.- ORZAMENTO

Ingresos do programa

Concepto		Importe
Recursos propios	<i>Cotas de socio/a, doazóns, colaboracións, inscricións...</i>	
Subvencións solicitadas ou concedidas para o mesmo proxecto	<i>Concello de Vigo. Área de Igualdade</i>	
	<i>Deputación Provincial de Pontevedra</i>	
	<i>Xunta de Galicia</i>	
	<i>Outros organismos (sinalar)</i>	
Outros ingresos (especificar)		
Total de ingresos (A)		

Gastos do programa

Concepto		Importe
Gastos de coordinación do persoal da entidade	<i>Nóminas (Ver límite de imputación na base segunda)</i>	
Servizos exteriores	<i>Contratación externa de relatores/as, profesorado</i>	
	<i>Difusión da actividade</i>	
	<i>Primas de seguros (responsabilidade civil sobre a actividade subvencionable)</i>	
	<i>Alugueres, agás local social (espazos, escenario, maquinaria...)</i>	
	<i>Material funxible necesario para a actividade</i>	
	<i>Outros gastos atendendo ao especificado na base Segunda. Indicar:</i> <i>Gastos indirectos, ata un máximo de 10% de gastos directos que correspondan ao período no que efectivamente se realiza a actividade. Especificar:</i>	
Total de gastos do programa (A)		
Deberá terse en conta que a totalidade deste importe, como orzamento total do proxecto, deberá xustificarse segundo o estipulado na base décimo sexta.		

Vigo, de de 2019

Sinatura da responsable do programa de Muller na entidade

Nome completo:

Sinatura da/o Presidenta/e

Nome completo

 	Anexo III	DECLARACIÓN RESPONSÁBEL
	SUBVENCIÓN PARA ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN DAS MULLERES-2019	

D./Dña.....
 con DNI e en calidade de secretario/a da entidade

DECLARA

1.- Que D/Dña ten a condición de representante legal desta entidade.

2.- Que na reunión do órgano de dirección da entidade, levada a cabo o día/...../....., adoptouse o acordo de solicitar subvención para o programa que se indica na solicitude.

3.- Que a entidade sí solicitou ou se lle concederon outras axudas para o mesmo proxecto

Que a entidade non solicitou ou non se lle concederon outras axudas para o mesmo proxecto

Relación de axudas solicitadas. Indíquese nome do proxecto e do organismo ao que se lle presentou a solicitude	Importe
Relación de axudas concedidas. Indíquese nome do proxecto e do organismo que concedeu a axuda	Importe

4.- Que a entidade solicitante non está incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiaria previstas nos apartados 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e que son certos os datos presentados.

5.- Estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, a Seguridade Social e o Concello de Vigo, autorizando expresamente ao Concello de Vigo ás comprobacións que a tal fin sexan necesarias.

6.- Que se compromete a utilizar unha linguaxe e imaxe non sexista en todo o soporte material e audiovisual que se empregue para o desenvolvemento do proxecto, a organización, difusión e execución das súas actividades.

7.- Que a entidade que representa non ten traballadores/as contratados/as ao seu cargo.

Que a entidade que representa sí ten traballadores/as contratados/as ao seu cargo.

Vigo, dede 2019
 (selo da entidade)

Sinatura do/a secretario/a da entidade



Sinatura da/o representante da entidade

Nome completo:.....

Nome completo:.....



Concello de Vigo

 	Anexo IV	SOLICITUDE DE PAGO
	SUBVENCIÓN PARA ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN DAS MULLERES-2019	

D./Dña.....con DNI.....,
 secretaria/o da entidade.....
 con CIF....., co conforme da/o representante legal da entidade
 D./Dña....., con DNI.....

CERTIFICO

Que o proxecto subvencionado por acordo da Xunta de Goberno local de data realizouse nas condicións previstas, o que se acredita coa presente memoria que se achega e coa documentación complementaria.

Nome do Programa subvencionado:	Importe da Subvención concedida:
---	--

DECLARO

1. Que todos os datos que contén a presente MEMORIA XUSTIFICATIVA se axustan á realidade e cumpren coas bases do programa de subvencións obxecto da solicitude.
2. Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presentan se aplicaron á actividade subvencionada.
3. Que a documentación dixitalizada que se achega para a xustificación da subvención é fiel reprodución da documentación orixinal e que son certos todos os datos reflectidos na documentación achegada para xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e da aplicación dos fondos recibidos
4. Que foron aboados ás persoas expedicionarias, ou no seu caso, aos/ás titulares de dereito que incorporan.
5. Que a entidade non percibiu ningún outro ingreso, axuda nin subvención para o proxecto subvencionado ou no caso contrario que as achegas obtidas non superaron o custe total do programa ou actividade subvencionada.
6. Que foi practicada a pertinente retención do Imposto sobre a renda das persoas físicas sobre os gastos que están suxeitos a retención, así como que esta foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria (no caso de empregar os ditos xustificantes).
7. Que, para os efectos que regula esta convocatoria a entidade está ao corrente das obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, a Seguridade Social e o Concello de Vigo.
8. Que, para os efectos que regula esta convocatoria A entidade está exenta de IVE
A entidade non está exenta de IVE

SOLICITO

O pago da liquidación correspondente da axuda concedida.

Vigo, de de 2019

Sinatura do/a secretario/a da entidade



Sinatura da/o representante da entidade

Nome completo:.....

Nome completo:.....



Concello de Vigo

 	Anexo V-2 MEMORIA ECONÓMICA DO PROXECTO
	SUBVENCIÓN PARA ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN DAS MULLERES-2019

BALANCE ECONÓMICO DO PROXECTO:

Gastos:

Importe:

Total de gastos executados (este importe deberá coincidir co indicado no Anexo V-1 ou certificado que o substitúa)	
--	--



Ingresos procedentes ou axudas concedidas de:

Importe:

Concellería de Igualdade. Concello de Vigo	
Deputación Provincial de Pontevedra	
Xunta de Galicia	
Propios da asociación:cotas de socias/os, cobro matrículas... (especificar).....	
Outros ingresos (especificar).	
Total de ingresos	

Vigo, de de 2019

Sinatura da/o representante da entidade	Selo da entidade
---	------------------

		Anexo VI MEMORIA ECONÓMICA DA AXUDA CONCEDIDA
		SUBVENCIÓN PARA ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN DAS MULLERES-2019

Relación de xustificantes de gastos e pagamentos acreditados con facturas imputábeis á axuda concedida:

Nº de orde	Nº factura	Data da factura	Provedor/a	CIF/NIF provedor/a	Concepto	Indicar se é gasto Directo ou Indirecto (máximo 10% do importe)	Importe facturas
TOTAL							

Vigo, de de 2019

Sinatura electrónica da/o representante da entidade

*As facturas que se relacionan neste anexo, deberán achegarse asinadas electronicamente polo/a representante legal da entidade



Concello de Vigo

CONVOCATORIA ESPECÍFICA PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO DE SUBVENCIÓNS A ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA A REALIZACIÓN DE PROGRAMAS E/OU ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN DAS MULLERES NO ANO 2019.

O obxecto desta convocatoria responde á finalidade de promover a concesión de subvencións entre as entidades sen ánimo de lucro que realicen actividades ou programas encamiñados ao fomento e á consolidación do asociacionismo feminino, á promoción da muller en todos os ámbitos da vida pública e privada, así como na prevención e combate da violencia de xénero. A estas finalidades refírense os artigos 25 “o” e 72 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases de réxime local, e 80.2 “k” e “o” da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, e á Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.

PRIMEIRA.- OBXECTO DA SUBVENCIÓN

O obxecto destas subvención é contribuír a financiar os gastos ocasionados polo desenvolvemento de programas e actividades de promoción das mulleres que leven a cabo as entidades sen ánimo de lucro e que se realicen desde o 16 de novembro de 2018 ata o 24 de outubro de 2019 (ambos incluídos) e que atendan a algunha/s das seguintes finalidades:

- 1- Atender as demandas e necesidades das mulleres en función das seguintes áreas de prioridade establecidas pola Concellería de Igualdade: Educación en Igualdade, Conciliación e Corresponsabilidade; Empoderamento e Liderado, Emprego e Formación, Violencia de Xénero, Atención á Diversidade e Promoción da Saúde e o Benestar.
- 2- Promover o investimento de recursos sociais en accións positivas para as mulleres, que favorezan o acceso e permanencia das mulleres naqueles ámbitos onde se atopan subrepresentadas. Promovendo por exemplo: accións formativas en áreas e/ou sectores con escasa presenza feminina, acceso e permanencia de mulleres en postos de responsabilidade ou establecemento de medidas, accións e/ou dispositivos que visibilicen e faciliten a participación das mulleres pertencentes a colectivos en risco de exclusión.
- 3- Organizar e promover actividades en ámbitos e/ou áreas tradicionalmente feminizadas, dirixidas á poboación masculina.
- 4- Potenciar o asociacionismo feminino, a participación activa das mulleres nos órganos de toma de decisións das asociacións, así como a participación das mulleres en todos os ámbitos de actuación das organizacións.
- 5- Impulsar a apertura de novas canles de intervención a favor das mulleres no eido socio-laboral, educativo e familiar, evitando perpetuar os roles tradicionalmente sexistas. Desenvolvendo tanto actividades de sensibilización, como proxectos con actuacións innovadoras que propicien a eliminación de roles e estereotipos de xénero.
- 6- Favorecer actividades de investigación, educativas e/ou culturais encamiñadas a poñer en valor e visibilizar a contribución das mulleres á sociedade ao longo da historia.
- 7- Promover e visibilizar as achegas e o papel que desenvolven as mulleres nos distintos sectores relacionados coa pesca (extracción, acuicultura, venda, investigación, etc) e/ou nos oficios derivados do mar, como redeiras, conserveiras, armadoras, mariscadoras, etc.
- 8- Organizar actividades dirixidas a facilitar a adquisición de competencias e habilidades básicas para unha maior autonomía das mulleres: de carácter formativo, ou de carácter cultural, artístico ou de ocio.

9- Concienciar a homes e mulleres a través da impartición de módulos formativos sobre xénero e Igualdade de Oportunidades.

SEGUNDA.- GASTOS SUBVENCIONABLES.

Serán gastos subvencionables os que de xeito indubidábel corresponden á participación ou organización da actividade obxecto da axuda.

As entidades que presenten a esta convocatoria proxectos para a realización de cursos, xornadas ou similares, terán en conta que serán gastos subvencionables os soldos ou honorarios do persoal docente e os correspondentes gastos de seguros sociais, sempre e cando se contrate especificamente para o desenvolvemento do programa subvencionado.

Asemade, poderanse imputar gastos de actividade de coordinación, que deberá ser realizada por unha persoa física distinta da encargada da impartición do proxecto formativo, sempre e cando se xustifique a súa necesidade e se contrate especificamente para a coordinación do programa subvencionado. Cando a persoa que realiza a coordinación sexa persoal contratado con anterioridade pola entidade solicitante, non se poderá imputar máis do 20% da remuneración líquida mensual do período que abrangue a realización do proxecto.

Os custos indirectos (gastos fixos de estrutura da entidade) formarán parte da xustificación da subvención, sempre que se imputen ao programa subvencionado ata un máximo do 10% dos gastos directos e correspondan ao período no que efectivamente se realiza a actividade.

A beneficiaria deberá solicitar tres ofertas cando, tratándose de gastos por subministros ou servizos, excedan estes de 15.000,00 €, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.

Non terán a consideración de gastos subvencionables os relativos a gastos de desprazamento fora do termo municipal, os relativos á administración, xestión, financiamento, primas de seguros, adquisición de patrimonio, investimentos, equipamento, mantemento ou alugueiro do local social.

Tampouco serán gastos subvencionables os relacionados coa adquisición de bebidas alcohólicas de calquera tipo nin os relativos aos gastos en atencións protocolarias (servizos de *catering*, recepcións, espectáculos...), agás que a Concellería de Igualdade, previa xustificación da súa necesidade por parte da entidade solicitante, valore que ese gasto é necesario para a consecución dos obxectivos do programa subvencionado.

Establécese a contía de 3.000 € como contía máxima da axuda a conceder por entidade beneficiaria. A contía de cada subvención poderá chegar ata o 100% do custo da actividade sen superar a contía da axuda máxima establecida en 3.000 € por entidade beneficiaria.

TERCEIRA.- CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO

A cantidade máxima destinada a estas subvencións será a de 46.000,00 euros (corenta e seis mil euros) que se fará efectiva con cargo á partida orzamentaria para o exercicio de 2019: 2311 4890000 "*Promoción da igualdade e do deporte feminino*" do orzamento vixente da Concellería de Igualdade.

CUARTA.- REQUISITOS DAS BENEFICIARIAS

1. Poderán solicitar e obter estas axudas as entidades xurídicas sen ánimo de lucro que reúnan os seguintes requisitos :

- a) Que teñan a súa sede social ou delegación no termo municipal de Vigo.
- b) Que se atopen debidamente inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións na data de presentación da solicitude.



Concello de Vigo

- c) Que conforme aos seus estatutos ou normas reguladoras, teñan obxectivos e finalidades coincidentes cos establecidos nas presentes bases.
- d) Que dispoñan de estrutura suficiente para garantir o cumprimento dos obxectivos propostos e acreditar a experiencia e capacidade necesaria para o logro de tales obxectivos.
- e) Que se atopen ao corrente das súas obrigas fiscais co Concello de Vigo, coa Facenda Pública estatal e autonómica e coa Seguridade Social.
- f) Que cumpran cos demais requisitos previstos no artigo 9 da Lei de Galicia 9/2007, de subvencións de Galicia, artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e no Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da citada lei.

2. Quedan excluídos expresamente desta convocatoria os seguintes proxectos:

- a) Aqueles que para a mesma finalidade, foron solicitados noutras áreas ou servizos do Concello de Vigo.
- b) Aqueles que a xuízo da Comisión de Valoración teñan unha relación e canle máis específica de subvención con outras áreas do Concello de Vigo, ou que o obxecto da súa petición estea incluído nalgún convenio de colaboración ou contratación co Concello de Vigo.
- c) Aqueles que se realicen nos centros de ensino onde se estean a desenvolver programas municipais de igualdade e prevención da violencia de xénero, e que, a xuízo da Comisión de Avaliación, a súa execución en horario lectivo duplique os contidos e/ou afecte á boa marcha dos programas municipais.
- d) Aqueles que supoñan a edición de documentos internos, así como externos de signo exclusivamente propagandístico.
- e) Aqueles de carácter político e doutrinal de signo partidario e/ou confesional.
- f) Aqueles que inclúan actividades docentes previstas nos planes de ensino vixentes.
- g) Aqueles que inclúan os gastos xerais das entidades solicitantes relativos á administración, xestión, financiamento, adquisición de patrimonio, investimentos e equipamento, mantemento ou alugueiro do local social.
- h) Aqueles que non reúnan as condicións mínimas de interese xeral, indicando unha mala definición do mesmo ou que a materia non se axusta aos obxectivos da convocatoria.
- i) Aqueles que se presenten fóra do prazo estipulado na convocatoria, calquera que sexa a causa do atraso.
- j) Aqueles que teñan previsto a súa realización fora do termo municipal de Vigo.
- k) Aqueles que non acaden unha puntuación mínima de 10 puntos no apartado 1) da base sétima.

3.- As solicitantes deberán reunir os requisitos establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e non estar incurso nas prohibicións para ser beneficiaria da subvención previstas no dito artigo. En consecuencia, as entidades solicitantes entregarán unha declaración de non estar incurso nas prohibicións que recollen os apartados 2 e 3 do citado artigo 10.

QUINTA.- PROCEDIMENTO DE CONCESIÓN DAS SUBVENCÍONS

O procedemento para a concesión destas subvencións será o de concorrencia competitiva que se iniciará de oficio tras a aprobación das presentes bases e convocatoria pola Xunta de Goberno Local.

SEXTA.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES

O prazo de presentación de solicitudes e documentación complementaria correspondente, será de 10 días hábiles, contados desde o día seguinte ao da publicación do extracto desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), establécese o emprego, de xeito exclusivo, de medios electrónicos para presentar e tramitar a solicitude desta subvención a través da sede electrónica do Concello de Vigo.

As solicitudes de subvención achegaranse debidamente cumprimentadas, mediante os modelos oficiais aprobados con estas bases, que estarán dispoñibles na páxina web (www.vigo.org).

SÉTIMA.- BASES REGULADORAS

As Bases reguladoras publicaranse no Boletín Oficial da Provincia (BOPPO) e con posterioridade remitirase a Convocatoria á Base de datos Nacional de Subvencións, que será quen lle dea traslado ao BOPPO do extracto da mesma, sen prexuízo da súa inserción na web do Concello de Vigo.

OITAVA.- ÓRGANOS COMPETENTES PARA A INSTRUCIÓN E RESOLUCIÓN DO PROCEDIMENTO E PRAZO PARA A NOTIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN

A Concellería de Igualdade será a encargada da instrución do procedemento de concesión das subvencións. A Comisión de Valoración avaliará as solicitudes de subvención para cada un dos programas presentados. Esta comisión é o órgano colexiado composto pola concelleira delegada de Igualdade, que actuará como presidenta, e dúas técnicas de igualdade, actuando ademais, unha delas, como secretaria.

A Concellería de Igualdade, como órgano instructor, formulará a proposta de concesión das subvencións á Xunta de Goberno Local consonte a avaliación realizada.

A Xunta de Goberno Local será o órgano competente para conceder ou denegar as axudas. O prazo para a instrución e resolución do expediente será de tres meses, como máximo, desde o último día de prazo de presentación das solicitudes na Sede Electrónica do Concello, e a súa resolución notificaráselles ós solicitantes no prazo de dez días a partir da súa data, de acordo co previsto no artigo 21 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

NOVENA.- XUSTIFICACIÓN DAS SUBVENCIÓNS

As beneficiarias das subvencións deberán xustificar o cumprimento da finalidade para a que se lle concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos como data límite o 25 de outubro de 2019.

DÉCIMA.- PAGAMENTO

O aboamento das subvencións efectuarase mediante transferencia bancaria, unha vez rematen os programas obxecto da subvención e sexan debidamente xustificadas.

Procederase ao pagamento parcial ou redución proporcional do importe nos seguintes casos:



Concello de Vigo

- Cando o gasto xustificado sexa inferior ao 100 % do importe do orzamento do proxecto presentado pola entidade beneficiaria na súa solicitude de subvención. A axuda será entón minorada na mesma proporción.
- Pola obtención de maior ingresos ou financiamento do previsto no proxecto.
- Polo incumprimento das obrigas da entidade beneficiaria.

EXTRACTO DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA (COMPLETAR UNHA VEZ APROBADO) DE 2019. POLO QUE SE APROBA A CONVOCATORIA ESPECÍFICA DE SUBVENCIÓNS PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO DE SUBVENCIÓNS A ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA A REALIZACIÓN DE PROGRAMAS E/OU ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN DAS MULLERES NO ANO 2019.

“De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo pode consultarse na Base de Datos Nacional de Subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/dbnstrans/index>):”

PRIMEIRA.- OBXECTO DA SUBVENCIÓN

Promover a concesión de subvencións entre as entidades sen ánimo de lucro que realicen actividades ou programas encamiñados ao fomento e á consolidación do asociacionismo feminino, á promoción da muller en todos os ámbitos da vida pública e privada, así como na prevención e combate da violencia de xénero e que se realicen desde o 16 de novembro de 2018 ata o 24 de outubro de 2019 (ambos incluídos).

SEGUNDA.- GASTOS SUBVENCIONABLES.

Serán gastos subvencionables os que de xeito indubidábel corresponden á participación ou organización da actividade obxecto da axuda.

Os custos indirectos formarán parte da xustificación da subvención, sempre que se imputen ao programa subvencionado ata un máximo do 10% dos gastos directos.

Establécese a contía de 3.000 € como contía máxima da axuda a conceder por entidade beneficiaria.

A contía de cada subvención poderá chegar ata o 100% do custo da actividade, sen superar a contía da axuda máxima establecida en 3.000 € por entidade beneficiaria.

TERCEIRA.- CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO

A cantidade máxima destinada a estas subvencións será a de 46.000,00 euros (corenta e seis mil euros) que se fará efectiva con cargo á partida orzamentaria para o exercicio de 2019: 2311 4890000 “*Promoción da igualdade e do deporte feminino*” do orzamento vixente da Concellería de Igualdade.

CUARTA.- BENEFICIARIAS

Entidades xurídicas sen ánimo de lucro que teñan a súa sede social ou delegación no termo municipal de Vigo, se atopen debidamente inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións na data de presentación da solicitude e cumpran os demais requisitos que establecen as bases e convocatoria.

QUINTA.- PROCEDIMIENTO DE CONCESIÓN DAS SUBVENCIONES

O procedemento para a concesión destas subvencións será o de concorrencia competitiva.

SEXTA.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES

O prazo para presentar as solicitudes a esta convocatoria será de 10 días hábiles, contados desde o día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), establécese o emprego, de xeito exclusivo, de medios electrónicos para presentar e tramitar a solicitude desta subvención a través da sede electrónica do Concello de Vigo.

SÉTIMA.- BASES REGULADORAS

As Bases reguladoras serán publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOPPO), remitirase a Convocatoria á Base de datos Nacional de Subvencións, que será quen lle dea traslado ao BOPPO do extracto da mesma, sen prexuízo da súa inserción na web do Concello de Vigo.

OITAVA.- XUSTIFICACIÓN DAS SUBVENCIONES

As beneficiarias das subvencións deberán xustificar como data límite o 25 de outubro de 2019.

19(138).- APROBACIÓN INICIAL DO DOCUMENTO DE REVISIÓN DO PLAN DE ACCIÓN CONTRA O RUÍDO NO CONCELLO DE VIGO, ANO 2018, FASE 3ª. EXPTE. 13971/306.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 18/02//19 asinado polo xefe do Servizo de Medio Ambiente e a concelleira delegada da Área, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES

1.- A Directiva 2002/49/CE e a Lei 37/2003 do 17 de novembro do Ruído establecen a obriga para as aglomeracións urbanas de facer un Mapa de Ruído que permita unha avaliación global da exposición á contaminación acústica dun territorio e poboación, realizar predicións globais, posibilitar a adopción fundada de plans de accións e medidas correctoras axeitadas.

As ditas normas, tamén, establecen a obrigatoriedade de facer os plans de acción nos ámbitos do mapa de ruído, co obxecto de afrontar globalmente as cuestións concernentes á contaminación acústica, determinar accións prioritarias para acadar os obxectivos de calidade acústica e protexer as zonas contra o aumento da contaminación acústica.

2.- A disposición adicional primeira da citada Lei 37/2003, do 17 de novembro, establece a obriga de aprobar os mapas de rúidos, nas aglomeracións con máis de 250.000 habitantes como é o caso de Vigo, antes do 30/06/2007, e os plans de accións antes do 18/07/2008.

Tamén, os artigos 16 e 24 da dita lei establecen a obriga de revisar e, no seu caso, modificar os mapas de ruído e os plans de acción cada cinco anos dende a data da súa aprobación.



Concello de Vigo

3.- A Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo en data do 10/03/2008, aprobou o mapa estratéxico de ruído de Vigo, redactado pola sociedade mercantil Labein, S.L. por encargo da Concellería de medio Ambiente do Concello de Vigo, expte. 5381/306.

A Xunta de Goberno Local en sesión do 08/08/2013, aprobou definitivamente a revisión do mapa estratéxico de ruído de Vigo, expte. 9387/306.

A Xunta de Goberno Local en sesión do 06/09/2018, aprobou definitivamente o documento de Revisión do Mapa Estratéxico de Ruído do Concello de Vigo, ano 2017, fase 3, expte. 13339/306.

4.- A Xunta de Goberno Local en data do 23/11/2009, tomou coñecemento do Plan de Acción contra o Ruído no Concello de Vigo e someteuno a información pública, data na que se debe entender aprobado ao non presentar alegacións no trámite de información pública.

A Xunta de Goberno Local en data do 14/11/2014, aprobou definitivamente a revisión do plan de acción contra o ruído no Concello de Vigo, expte. 10365/306.

5.- De acordo coa disposición adicional oitava da Lei 37/2003, de 17 de novembro, do ruído, os referidos documentos foron remitidos, no seu día, á Xunta de Galicia para o seu traslado á Administración Xeral do Estado.

6.- O Concello de Vigo, no ano 2018, encargou os traballos de revisión do plan de acción do ruído no Concello de Vigo á “Universidade de Vigo: Sonitum” e a entidade “Sonen, Centro de Acústica e Servicos de Telecomunicacións, S.L.”, en cumprimento do establecido no artigo 24 da citada Lei 37/2003, de 17 de novembro, do ruído.

As devanditas entidades presentaron o traballo en decembro de 2018.

7.- A concelleira delegada da Área de Medio Ambiente en data do 18 de xaneiro de 2019, ditou orde de inicio do procedemento administrativo para a aprobación do “Documento de Revisión do Plan de Acción contra o ruído no Concello de Vigo, ano 2018, fase 3,” redactado pola “Universidade de Vigo: Sonitum” e a entidade “Sonen, Centro de Acústica e Servicos de Telecomunicacións, S.L.” con data de novembro de 2018, por encargo da Concellería de Medio Ambiente e Vida Saudable do Concello de Vigo, a teor do mandato contido na Directiva 2002/49/CE, do 25 de xuño de 2002 e na Lei 37/2003, do 17 de novembro, do Ruído.

II- NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Constitución Española de 1978.

- Directiva 2002/49/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 25 de xuño de 2002, sobre avaliación e xestión do ruído ambiental.

- Lei 37/2003, do 17 de novembro, do Ruído (estatal).

- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (L PACAP).

- RD.1513/2005, do 16 de decembro, de desenvolvemento da L.37/2003 (avaliación e xestión do ruído ambiental).

- RD.1367/2007, do 19 de outubro, de desenvolvemento da L.37/2003 (zonificación acústica, obxectivos de calidade e emisións acústicas).

- Decreto 106/2015, do 9 de xullo, sobre contaminación acústica de Galicia.

- Demais normativa de concordante aplicación.

III.- ANÁLISE DO DOCUMENTO

1.- A documentación entregada definitivamente da revisión do plan de acción contra o ruído no Concello de Vigo consiste nun documento no que se tratan sete apartados, co diversos subapartados:

1- Introducción (Obxectivo do Documento).

2.- Descrición do Concello.

2.1. Aglomeracións.

2.2. Principais Eixos Viarios.

2.3. Principais Eixos Ferroviarios.

2.4.- Principais Aeroportos.

2.5.- Actividade industrial.

2.6.- Zonas de Ocio.

3.- Autoridade responsable.

4.- Contexto xurídico .

4.1. Lexislación Europea.

4.2. Lexislación Nacional.

4.3. Lexislación Autonómica.

4.4. Lexislación Local

5.- Resultados do M.E.R. (3ª fase) .

5.1. Indicadores acústicos

5.2. Resultados de superficie exposta

5.3. Resultados de poboación exposta

5.4. Alegacións

5.5. Problemas e contornas de especial consideración

5.5.1.Eixos viarios principais

5.5.2.Outras contornas

6.- Programas de acción

6.1. Programas executados e en proceso

6.1.1. Zonas acusticamente saturadas (zas)

6.1.2. Zonificación acústica

6.1.3. Melloras en infraestruturas e habitabilidade

6.1.4. Outras actuacións

6.1.5. Investimentos realizados

6.2. Estratexia e programas en curso (curto prazo)

6.3. Estratexia a medio e longo prazo

7.- Conclusións

Ditos contidos reflíctense, tamén, a través de 14 táboas, 37 figuras e 6 gráficas.

A documentación foi entregada en soporte papel e en soporte dixital con versións da memoria en lingua galega e en lingua castelá.

2.- Resultados do Mapa Estratéxico do Ruído do Concello de Vigo, datos 2017, 3ª Fase, a considerar no Plan de Acción:

2.1.- Indicadores acústicos:

Os aspectos esenciais da revisión do plan de acción contra o ruído do Concello de Vigo, refírese a avaliación dos resultados no cumprimento dos obxectivos de calidade acústica producidos na cidade dende a data da última revisión (datos do ano 2012) ata a data da actual



Concello de Vigo

revisión (datos do ano 2017 recollidos na revisión do mapa estratéxico de ruídos), co obxecto de establecer liñas de actuación para os vindeiros anos.

Os resultados refírense a solo exposto, poboación exposta ás distintas fontes de ruído: tráfico viario, ferrocarril, actividade industrial e global (todas as anteriores), nos horarios día, tarde, noite e global dita-tarde-noite, aténdonos ós índices de ruído establecidos nas distintas áreas acústicas como obxectos de calidade acústica para ruído aplicables á áreas urbanizadas existentes (Anexo II do Rd 1367/2007, de 19 de outubro).

A análise do impacto acústico das fontes de ruído segundo a normativa vixente: tráfico viario, tráfico ferroviario e as actividades industriais, realizouse tomando como referencia os diferentes períodos do día e os seus respectivos índices de ruído establecidos na lexislación antes citada.

Ld; nivel de avaliación de ruído no período de día, comprendido entre as 7 e as 19 horas.

Le; nivel de avaliación de ruído no período comprendido entre as 19 e as 23 horas.

Ln; nivel de avaliación do ruído no período comprendido entre as 23 e as 7 horas.

Ldem; avaliar a molestia que produce o ruído nas persoas. Representa un valor representativo medio das 24 horas do día.

Os obxectos de calidade acústica establecidos no referido Anexo II do Rd 1367/2007, de 19 de outubro, para os referidos períodos do día son os seguintes:

Táboa 4 - Obxectivos de calidade acústica para ruído aplicables a áreas urbanizadas existentes

Tipo de área acústica		Índices de ruído		
		Ld	Le	Ln
e	Sectores do territorio con predominio de solo de uso sanitario, docente, e cultural que requira unha especial protección contra a contaminación acústica.	60	60	50
a	Sectores do territorio con predominio de solo de uso residencial	65	65	55
d	Sectores do territorio con predominio de solo de uso terciario distinto do contemplado en c)	70	70	65
c	Sectores do territorio con predominio de solo de uso industrial.	73	73	63
b	Sectores do territorio con predominio de solo de uso industrial.	75	75	65
f	Sectores do territorio afectados a sistemas xerais de infraestruturas de transporte, ou outros equipamentos públicos que os reclamen (1)	(2)	(2)	(2)

(1) Nestes sectores do territorio adoptaranse as medidas axeitadas de prevención da contaminación acústica, en particular, mediante a aplicación das tecnoloxías de menor incidencia acústica de entre as mellores técnicas dispoñibles, de acordo co apartado a), do artigo 18.2. da lei 37/2003, de 17 de novembro.

(2) No límite do perímetro destes sectores do territorio non se superarán os obxectivos de calidade acústica para ruído aplicables ao resto de áreas acústicas lindeiras con eles.

Nota. Os obxectivos de calidade aplicables ás áreas acústicas están referenciados a unha altura de 4 m.

A análise relativa á afección acústica do territorio realízase en termos de superficie e poboación exposta:

Para o cálculo da superficie exposta, faise uso do método END (Environmental Noise Directive 2002/49/CE), que computa a cantidade de metros cadrados de terreo que hai entre dúas curvas isófonas consecutivas en cada parte do territorio e obtén así a cantidade total de superficie exposta a cada rango de niveis de ruído en todo o municipio.

Para o cálculo da poboación exposta, pártese da afección sobre cada un dos edificios residenciais incluídos no territorio, e calcúlase a afección sobre os habitantes a partires de dous métodos de cálculo:

a) Mediante o método END (Environmental Noise Directive 2002/49/CE) asúmese que todos os residentes dun edificio son susceptibles de estar expostos ao maior nivel de ruído que alcanza as súas fachadas. Trátase do método máis conservador, mediante o cal a cada un dos habitantes do edificio asócialle o máximo nivel de ruído rexistrado na fachada máis exposta, independentemente dos niveis de ruído que reciban o resto de fachadas, da distribución dos habitantes no edificio, etc.

b) Mediante o método CNOSSOS (Common NOise aSSessment methOdS), descrito no marco CNOSSOS-EU baixo a Directiva 2002/49/CE e que entrou en vigor con carácter vinculante a partires do 31 de decembro de 2018, obtéñense valores de afección da poboación máis representativos do escenario real. Este método propón distribuír a poboación dun edificio ao longo de todas as súas fachadas e estima a cantidade de residentes expostos aos diferentes niveis de ruído que se rexistran en todas elas, non unicamente na fachada máis exposta. Deste xeito, o método CNOSSOS reparte dunha maneira máis proporcional a poboación dun edificio entre as diferentes curvas isófonas que inciden sobre o mesmo.

Na 3ª Fase do M.E.R. empregáronse ámbolos dous métodos para avaliar a poboación exposta da aglomeración. O motivo é, por unha banda, o de poder comparar os resultados obtidos cos da 2ª Fase (onde unicamente empregouse o método END) e, por outro, o de obter resultados máis representativos mediante o uso do método CNOSSOS (vinculante a partires de 2019). Tomando como referencia os criterios de afección $L_{d>65}$ dBA, $L_{e>65}$ dBA, $L_{n>55}$ dBA e $L_{den>65}$ dBA, obtéñense resultados reflectidos en táboas nos que se deduce que, en xeral, a afección de ruído sobre o solo diminuíu entre os anos 2012 e 2017, nas proporcións e cantidades que se indican nos apartados seguintes.

2.2.- Resultados de superficie exposta.- Produciuse un importante descenso de solo exposto no ano 2017:

As actuacións levadas a cabo nos últimos anos en todo o termo municipal contribuíron a conseguir unha importante redución, en termos de superficie exposta a niveis de ruído superiores aos establecidos nos obxectivos de calidade acústica. A diminución máis relevante en 2017 conseguiuase no período nocturno, rebaixando ao redor de 11 puntos a porcentaxe de terreo exposto a niveis $L_n > 55$ dBA con respecto a 2012. Do mesmo xeito, a porcentaxe de superficie exposta a niveis globais $L_{den} > 65$ dBA reduciuse en máis de 7 puntos con respecto aos valores rexistrados en 2012, o que demostra a tendencia xeral do municipio a diminuír a afección acústica sobre o terreo.



Concello de Vigo

2.3.- Resultado de poboación total exposta: Destaca a diminución en 2017 de poboación exposta aos rangos de ruído máis elevados, neste sentido, o período de noite foi no que máis descendeu a poboación exposta ó ruído, e no período de tarde e día o descenso da poboación exposta foi case que coincidente.

En particular, tomando como referencia o criterio de afección $L_{den}>65$ dBA (poboación exposta en período global de 24 horas) obtéñense uns resultados nos que se comproba que a afección de ruído sobre a poboación total diminuíu entre os anos 2012 e 2017, nas seguintes proporcións e cantidades:

a) Co método de avaliación END, a poboación exposta a $L_{den}>65$ dBA diminuíu nun 11,5% con respecto á exposta no 2012 (método END), en porcentaxe de poboación exposta con respecto a total do municipio, o que equivale a case 40.000 persoas menos. Se temos en consideración unicamente a poboación exposta a eses niveis -non respecto da total do municipio- o descenso foi do 21% respecto da exposta no 2012.

b) Co método de avaliación CNOSSOS, a poboación exposta a $L_{den}>65$ dBA diminuíu en case un 43% con respecto da exposta 2012 (método END), en porcentaxe de poboación exposta con respecto a total do municipio, pasando dun 63,3% a só un 20,6%, o que se traduce en aproximadamente 130.000 persoas menos.

2.3.1.- Constátase que a principal fonte de ruído que afecta á poboación exposta segue a ser o tráfico viario, moi por encima do tráfico ferroviario e dos focos industrias.

Tamén se confirma unha importante diminución en 2017 de poboación exposta por tráfico viario a rangos de ruídos máis elevados. Neste sentido, en función do criterio de afección por ruído viario no período global (24 horas) $L_{den} >65$ dBA:

a) Co método de avaliación END, a poboación exposta a $L_{den}>65$ dBA diminuíu en case un 12% con respecto á porcentaxe de poboación total do municipio exposta a 2012 (método END), o que se traduce nunhas 40.000 persoas menos.

b) Co método de avaliación CNOSSOS, a poboación exposta a $L_{den}>65$ dBA diminuíu ao redor dun 43% con respecto á porcentaxe de poboación total do municipio exposta a 2012 (método END), pasando dun 63,3% a un 20,5%, o que supón unhas 130.000 persoas menos.

Respecto ó ruído ferroviario e de actividade industrial non existen variacións significativas. Os resultados obtidos co método CNOSSOS indican que o 20,6% da poboación está exposta a niveis globais $L_{den} >65$ dBA, mentres que un 17,5% estao a niveis nocturnos $L_n >55$ dBA

2.4.- Problemas e contornas de especial consideración:

2.4.1. - Principais eixos viarios da cidade: AP-9, VG-20 (PP Navia), Avda. Madrid e A-55, N-552:

Unha análise específica da afección acústica sobre a poboación de cada un dos eixos viarios indicados, fundamentalmente de titularidade estatal, conclúe a existencia de poboación exposta

a niveis globais de ruído Lden superiores a 65 dBA e niveis nocturnos de ruído Ln superiores a 55 dBA.

En relación con dita situación, descríbense distintas actuacións que reducirían este impacto acústico para trasladar, principalmente, ó Ministerio de Fomento como xa se realizou en diferentes ocasións:

- Redución da velocidade naqueles tramos onde sexa viable facelo. Alí onde non o sexa ou onde o grao de afección sexa tal que se requiran medidas correctoras adicionais, débese optar pola instalación de pantallas acústicas nas proximidades do eixo viario, cunha altura tal que se garanta a protección da contorna e principalmente dos edificios residenciais máis afectados.
- Posible apantallamento tipo tunel na VG-20, no entorno do PP de Navia.

2.4.2.- Avda. Arquitectos Palacios:

Esta vía de titularidade municipal comunica a Avda. de Madrid coa Avda de Castrelos é un dos principais eixos de entrada e saída do termo municipal, cuns 40.000 vehículos diarios. Analizado o impacto acústico do tráfico conclúese que existe poboación exposta a niveis de ruído global Lden >65 dBA e nocturno Ln>55 dBA.

Analízanse distintos escenarios de acción co obxecto de reducir esta pegada acústica:

- Redución da velocidade e control do tráfico.
- Instalación de novas barreiras acústicas e a renovación das xa existentes.
- Renovación do firme actual por un tipo de asfalto con mellores propiedades fonoabsorbentes.

2.4.3.- Hospital Álvaro Cunqueiro:

A entrada en funcionamento do hospital Álvaro Cunqueiro incrementou notablemente o tráfico na rúa Clara Campoamor e repercutiu, tamén, no incremento do tráfico na Avda. Arquitecto Palacios e Avda. de Castrelos.

A área acústica onde se empraza o novo hospital corresponde a un uso sanitario e require unha especial protección contra a contaminación acústica. Por iso, os obxectivos de calidade acústica nela establécense en 60 dBA para os períodos de día e tarde, e en 50 dBA para o período nocturno.

Na actualidade, a Estrada de Clara Campoamor, nas súas proximidades ao hospital Álvaro Cunqueiro, ten limitada a súa velocidade máxima a 30 e 50 km/ h, en función do tramo, de maneira que os niveis de ruído que alcanza a fachada do propio edificio atópanse dentro dos límites establecidos para contornas sanitarias.

2.4.4.- Ocio nocturno.

A actividades de lecer non se contemplan propiamente como focos de ruído a analizar nos Mapas Estratéxicos do Ruído. Con todo cómpre efectuar as seguintes consideracións:

O ocio nocturno concéntrase, fundamentalmente, no centro do municipio. O mantemento de Zonas Acusticamente Saturadas (Z.A.S.) contribúe o control dos ruídos xerados por este uso e as labores de inspección municipal tenden a acadar o obxectivo da Administración local de conseguir unha adecuada convivencia entre os empresarios e persoas que disfrutan do ocio e os residentes, tal que os empresarios da hostalería poidan manter o seu modelo de negocio,



Concello de Vigo

xerar actividade económica e postos de traballo na zona, agregando valor turístico e de ocio a esta sen que os veciños vexan afectados negativamente tanto o seu dereito ao descanso nocturno como, en consecuencia, a súa calidade de vida.

2.4.5.- Porto de Vigo.

O ámbito do porto de Vigo no que se sitúan importes infraestruturas e instalacións portuarias, sector naval e pesqueiro, debe ser obxecto dun MER e Plan de Acción específico do cal é competente a autoridade titular, sen prexuízo da colaboración e coordinación entre as diferentes administracións públicas.

3.- Programas de acción:

- Zonas Acusticamente Saturadas (ZAS), continuar co seguimento destas zonas con máis dunha trintena de rúas catalogadas.

- Zonificación acústica: o Concello conta xa cun proxecto de zonificación acústica. A definitiva zonificación acústica da cidade incorporarse á ordenación urbanística do termo municipal que se encontra en tramitación e proporcionará un instrumento que achega a información necesaria para deseñar, desenvolver e implantar os procedementos óptimos de avaliación e xestión do ruído de Vigo.

- Melloras en infraestruturas e habitabilidade: Durante o período 2007-2012, o Concello de Vigo destinou preto de 75 millóns de euros na execución de máis de 80 actuacións que contribuíron á cumprir cos obxectivos de calidade acústica para o ruído no seu ámbito de influencia. O investimento continuou entre os anos 2013 e 2017, onde se destinaron preto de 65 millóns de euros en máis de 140 actuacións, principalmente en humanizacións e ensanches de rúas e barrios, reasfaltado e arranxo de pavimentos e melloras en infraestruturas (trazados, curvas, etc.), e actuacións de accesibilidade, adaptación, reparación de contornas e medidas sobre o tráfico.

O goberno local, no período 2018-2023, continuará co proceso, deseño e a execución de actuacións que se poden englobar en tres grandes grupos: 1) Humanizacións de rúas e barrios, e control do tráfico; 2) Asfaltado e melloras de infraestruturas; e 3) Obras de accesibilidade e reparación de contornas, co que se acadará unha mellora nos índices de calidade acústica legalmente establecidos. No período 2018-2020, o Concello de Vigo ten planificado para este tipo de actuacións máis de 27 millóns de euros, entre a que se inclúe unha vía verde de case 4 km de lonxitude que transcorrerá sobre as antigas vías do tren, dende Urzaiz ata máis alá do límite municipal de Teis.

- Realización de actuacións en formación e información, estudos de impacto acústico, expedientes sancionadores por contaminación acústica.

- Sinálanse, tamén, unhas estratexias e programas a medio e longo prazo, entre ás que compre destacar: Reducir a velocidade mínima permitida en concretas zonas residenciais, mellorar as semaforizacións en puntos críticos da cidade, continuar coa instalación de paneis informativos sobre o tráfico, monitorizar o ruído en todo o termo municipal co obxectivo de obter información para adoptar aquelas medidas que permitan a convivencia entre as actividades e os residentes, fomentar espazos comúns libres de tráfico priorizando aos peóns sobre os vehículos, analizar o efecto que terá nun futuro a entrada en circulación con carácter

xeneralizado do coche eléctrico sobre a pegada de ruído do municipio, promover o uso da bicicleta, apostar polas campañas de información e sensibilización da poboación acerca da problemática do ruído e dos seus efectos nocivos sobre a saúde.

–

As medidas deseñadas e as actuacións expostas permitirán, polo tanto, mellorar a pegada acústica ao longo do municipio, moi especialmente naquelas parroquias con grande densidade de poboación e nas zonas cun elevado fluxo diario de vehículos e transeúntes, como por exemplo o Centro de Vigo, Coia ou Bouzas.

En xeral, na contorna das actuacións previstas estímase para o ano 2021 unha redución media de entre 1 e 3 dB en afección sobre o terreo. Esta redución pode chegar a supoñer, tamén, a diminución de entre 2.500 e 5.000 persoas expostas a niveis de ruído diúrno, de tarde ou global superiores a 65 dBA e a niveis de ruído nocturno superiores a 55 dBA, chegando ata un 7,5% de redución con respecto aos datos de poboación exposta rexistrados no ano 2017 (3ª Fase do M.E.R.).

IV.- PROCEDEMENTO DE APROBACIÓN

A Directiva 2002/49/CE e a Lei 37/2003 do 17 de novembro do Ruído establecen a obriga para as aglomeracións urbanas de elaborar Plans de accións correspondentes ó ámbito do Mapa Estratéxico de Ruído que permita afrontar globalmente as cuestións concernentes á contaminación acústicas precisando a liña de actuacións a desenvolver..

A disposición adicional primeira Lei 37/2003 do 17 de novembro establece a obriga de aprobar os plans de acción en materia de contaminación acústica, nas aglomeracións con máis de 250.000 habitantes como é o caso de Vigo, antes do 18/07/2008.

Tamén, o artigo 24 da dita lei establece a obriga de revisar e, no seu caso, modificar os plans de acción cada cinco anos dende a data da súa aprobación tralo trámite de información pública polo período mínimo dun mes.

A Xunta de Goberno Local en data do 14/11/2014, aprobou definitiva a revisión do plan de acción contra o ruído no Concello de Vigo, ano 2013, fase 2ª (expte. 10365/306), e á Concellería de Medio Ambiente e Vida Saudable no ano 2018, encargou a revisión do citado plan de acción correspondente ó ano 2018, fase 3ª, cuxo documento final é obxecto do presente informe.

Ao abeiro do artigo 24 en relación co 22 da citada Lei 37/2003, de 17 de novembro, é preciso a aprobación do documento de revisión do ano 2018 (fase 3ª) tralo trámite de información pública por un período de un mes.

Ao abeiro do artigo 83 en relación co 45.3. da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do PACAP, o período de información pública do procedemento anunciarase mediante a inserción de anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, con indicación do lugar de exhibición do expediente, que será accesible a través de medios electrónicos, con indicación do prazo para formular alegacións, neste caso un mes.



Concello de Vigo

Tamén, en cumprimento do artigo 18.2.b) da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, procede publicación o documento no Portal de Transparencia do Concello de Vigo.

A documentación de revisión do Plan de Acción contra o ruído no Concello de Vigo, ano 2017, fase 3ª, contén os contidos mínimos esixidos pola normativa de aplicación, en especial, a Directiva 2002/49/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 25 de xuño de 2002; Lei 37/2003, do 17 de novembro, do Ruído (estatal); RD.1513/2005, do 16 de decembro, de desenvolvemento da L.37/2003 (avaliación e xestión do ruído ambiental); RD 1367/2017, de 19 de outubro, de desenvolvemento da L.37/2003 (zonificación acústica, obxectivos de calidade e emisións acústicas), D. autonómico 106/2015, de 9 de xullo, nos aspectos obxecto da revisión.

A competencia para aprobación da revisión do Plan de Acción corresponde ó alcalde ó abeiro do establecido no artigo 124.4.ñ) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local. Non obstante, a dita competencia foi delegada na Xunta de Goberno Local en virtude da resolución de delegacións de competencias do alcalde no referido órgano de data 19/06/2015 (BOE 14/07/2015).

Por todo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte,

ACORDO

PRIMEIRO: Aprobar inicialmente o Documento de Revisión do Plan de Acción contra o Ruído no Concello de Vigo, ano 2018, fase 3ª, redactado por “Universidade de Vigo: Sonitum” e a entidade “Sonen, Centro de Acústica e Servizos de Telecomunicacións, S.L.”, con data de 30 de novembro de 2018, por encargo da Concellería de Medio Ambiente do Concello de Vigo, a teor do mandato contido na Directiva 2002/49/CE, do 25 de xuño de 2002 e na Lei 37/2003, do 17 de novembro, do Ruído (expte. 13971/306).

SEGUNDO: Someter a documentación da revisión do Plan de Acción contra o Ruído no Concello de Vigo, ano 2018, fase 3ª, ó trámite de información pública polo prazo de un mes, contado desde a publicación do correspondente anuncio no BOP de Pontevedra, a fin de que as persoas que o desexen poidan formular as correspondentes alegacións, observacións e suxestións.

TERCEIRO: A documentación da revisión do Plan de Acción contra o Ruído no Concello de Vigo estará a disposición do público en xeral no Servizo Municipal de Medio Ambiente (Casa do Concello, sita na Praza do Rei, 1, planta segunda, CP 36202, Vigo) como na páxina web do Concello de Vigo, no seguinte enderezo da internet: <http://www.vigo.org> (Servizos Cidade, Medio Ambiente, Situación Medioambiental).

CUARTO: Publicar, tamén, no Portal de Transparencia do Concello de Vigo o acordo de aprobación inicial e a documentación da revisión do Plan de Acción contra o Ruído no Concello de Vigo, ano 2018, fase 3ª, en cumprimento do artigo 18.2.b) da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

QUINTO: Comunicar este acordo aos Servizos Municipais interesados, Área de Seguridade, Área de Fomento, Xerencia de Urbanismo.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

20(139).- PROPOSTA PARA TOMA DE COÑECEMENTO E RATIFICACIÓN DAS SOLICITUDES FORMULADAS POR MEDIAMBIENTE SOBRE CAMPAÑA BANDEIRA AZUL 2019: CANDIDATURAS BANDEIRA AZUL E SENDEIROS AZUIS. EXPTE. 13873/306

Dáse conta do informe-proposta do 14/02/19, asinado polo xefe de Medio Ambiente e a concelleira delegada da Área (RA 24/01/19) que di o seguinte:

Antecedentes

1.- ADEAC “Asociación de Educación Ambiental y del Consumidor”, entidade española sen ánimo de lucro, é cofundadora da FEE “Foundation for Environmental Education”, organización internacional sen ánimo de lucro que agrupa a máis de 74 ONGs; constituíndo a súa rama nacional en España que é responsable do desenvolvemento dos seus programas.

Promove, así, a educación ambiental en España e desenvolve a nivel internacional programas como Bandeira Azul (Blue Flag).

A Bandeira Azul é un galardón anual e un sistema de certificación da calidade ambiental desenvolvido pola FEE desde 1987.

Este galardón promove e premia a participación en iniciativas ambientais voluntarias das autoridades municipais, poboación local, visitantes e os axentes do sector turístico.

Os criterios para obter o galardón de Bandeira Azul agrúpanse en catro áreas:

- Calidade das augas de baño
- Información e educación ambiental
- Xestión ambiental e seguridade, servizos e instalacións.

A Bandeira Azul é concedida por un xurado internacional, presidido pola FEE e con participación, entre outros, dos axentes de NN.UU para o medio ambiente e o turismo, entre as candidaturas seleccionadas polos xurados nacionais.

No xurado nacional para España, presidido por ADEAC, participan as CC.AA. litorais, a FEMP e os Ministerios, Fundacións e Universidades implicadas.

2.- O Concello de Vigo foi galardoado con nove bandeiras azuis no ano 2018, correspondentes os nove areas do termo municipal propostos para o galardón: areas da Punta, Tombo do Gato, Argazada, Fontaiña, Vao, Canido, Fortiñón, Rodas e Figueiras e tres sendas azuis denominadas “Camiño a beiramar”, “Entre Faros” e “Senda do Litoral e Monte de Guía”.



Concello de Vigo

3.- O Concello de Vigo, a través da Concellería de Medio Ambiente, representada pola concelleira delegada de área, instou a ADEAC-FEE os galardóns para o ano 2019:

- Candidatura de dez areais do termo municipal ó galardón de Bandeira Azul 2019: areais de A Punta, Tombo do Gato, Argazada, Samil, Fontaíña, Vao, Canido, Fortiñón, Rodas e Figueiras.

- Renovacións do galardóns de tres Sendeiros Azuis 2019: Sendeiro de ribeira e litoral denominado “Camiño á Beiramar”, “Senda entre Faros nas Illas Cíes” e “Senda Litoral e do Monte da Guía, Teis”,

Os sendeiros azuis configúranse como roteiros que discorren por zonas de interese ambiental do litoral e praias, onde se pode observar a natureza, fauna e flora, e outros elementos de interese, mesmo do patrimonio cultural ao tempo que contribúen o fomento de hábitos de vida saudables.

Fundamentos de dereito

O artigo 25.2., apartados a) b), h), l) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local outorga competencias aos Municipios, nos termos da lexislación do estado e das CC.AA., no “medio ambiente urbano”, “turismo”, “promoción deporte e ocupación do tempo de lecer”, “patrimonio histórico”.

O artigo 115.d) da Lei 22/1988, do 28 de xullo, de costas, sinala como competencias dos concellos, nos termos da lexislación das CC.AA., manter as praias e os lugares públicos de baño nas debidas condicións de limpeza, hixiene e salubridade así como vixiar a observancia das normas e instrucións ditadas pola Administración do Estado sobre salvamento e seguridade das vidas humanas.

A área municipal de Medio Ambiente ten atribuído en virtude da resolución da alcaldía do 19/06/2015 competencias en materia medio ambiental, entre as que destacan, desenvolver programas e campañas de información, educación, sensibilización e concienciación social en relación coa protección do medio ambiente, a xestión dos servizos de tempada que poidan establecer nas praias, o mantemento das praias e lugares públicos de baño en condicións de limpeza hixiene e salubridade, así como, vixiar a observancia das normas sobre salvamento e seguridade das vidas humanas e, asemade, calquera outra competencia que en materia de costas estea atribuída á competencia municipal e non corresponda a ningunha outra área delegada”.

A protección do medio ambiente, especialmente dos areais, exerceuse non so a través dos procedementos de disciplina medioambiental, senón tamén a través de políticas de sensibilización, educación e concienciación da cidadanía en materia medioambiental.

As distintas leis sectoriais, tanto estatais como da C.A. de Galicia, recollen dentro dos seus principios inspiradores a educación ambiental, a sensibilidade e concienciación da cidadanía polo respecto e protección do medio ambiente.

Neste sentido, a Concellería de Medio Ambiente ven desenvolvemento diversos programas de sensibilización e educación ambiental: camiño a camiño, hortas urbanas, sendeiros...

En consideración a estas atribucións, a Concellería de Medio Ambiente ven solicitando todos os anos o galardón de Bandeira Azul para diversas praias da cidade que contan con calidade de auga e de servizos de excelencia segundo criterios esixidos para optar a este galardón, tamén, de Sendeiros Azuis que supón a promoción de sendas vinculadas a praias con bandeiras azul. Ditos galardóns supoñen o compromiso de manter os servizos nas praias e sendas nas condicións esixidas na convocatoria do galardón e continuar co desenvolvemento de programas medioambientais.

Ditos galardóns solicítanse a través de medios telemáticos, cumprimentando os cuestionarios correspondentes e achegando a documentación solicita nos prazos establecidos.

O Concello de Vigo, a través da Concellería de Medio Ambiente, representada pola concelleira delegada de área, instou a ADEAC-FEE os seguintes galardóns para o ano 2019:

- Candidatura de dez areas do termo municipal ó galardón de Bandeira Azul 2019: areas de A Punta, Tombo do Gato, Argazada, Samil, Fontaíña, Vao, Canido, Fortiñón, Rodas e Figueiras.

- Renovación dos galardóns de tres Sendeiros Azuis 2019:

a) Sendeiro de ribeira e litoral denominado "Camiño á Beiramar". Discorre: Inicia o seu percorrido na Avda. de Madrid e segue o curso do río Lagares durante máis de 8,1 Km ata chegar ás proximidades da súa desembocadura onde se bifurca en dous trazos que, bordeando a costa, nos levan cara ao leste ao areal do Adro (4,5 km), e cara ao oeste ao areal de Canido (2,6 Km).

b) "Senda Entre Faros nas Illas Cíes" que discorre entre o faro do Peito situado na Illa norte ou de Monteagudo, pasa pola praia de Rodas, ata chegar o faro do Montefaro situado na illa do mesmo nome ou Media, cunha distancia total de 6 km entre faros (circular 12 km) onde se poden observar os principais valores medioambientais que motivaron a súa declaración como parque nacional.

c) "Senda Litoral e do Monte da Guía, Teis", que transcorre polo monte da Guía e os areas de Ríos de Afora, Etea, Punta, cala do Faro e Lagoa, cun percorrido circular de 5,77 km, onde se poden observar elementos naturais de interese medioambiental e etnográfico.

A documentación presentada telemáticamente incorporouse ó expediente administrativo 13873/306 en formato dixital (CD).

Ao abeiro da delegación de competencias do alcalde na Xunta de Goberno local de data 19/06/2015 (BOP 14/07/2014) esta debe tomar coñecemento das ditas peticións.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO

Tomar coñecemento e ratificar as solicitudes formuladas pola Área de Medio Ambiente deste Concello a ADEAC-FEE, a través da súa plataforma telemática, instando os seguintes galardóns en materia medioambiental:



Concello de Vigo

- Candidatura de dez areais do termo municipal ó galardón de Bandeira Azul 2019: areal de A Punta, Tombo do Gato, A Argazada, Samil, A Fontaiña, O Vao, Canido, Fortiñón, As Rodas e Figueiras.

- Renovación dos galardóns de tres Sendeiro Azuis para o 2019:

a) Sendeiro de ribeira e litoral denominado "Camiño á Beiramar". Discorre: tramo río Lagares, Avda. de Madrid a desembocadura; tramo desembocadura río Lagares á praia do Adro en Bouzas; tramo desembocadura río Lagares ó areal de Canido.

b) Senda Entre Faros nas Illas Cíes que partindo da praia de Rodas, bifurcase e chega ata o faro da illa norte ou de Monteagudo e ata o faro do Montefaro situado na illa do mesmo nome ou Media.

c) Senda Litoral e do Monte da Guía, Teis, que transcorre polo monte da Guía, Praia da Punta e Etea en Teis.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

21(140).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE AMPLIACIÓN E REESTRUTURACIÓN DO PARQUE INFANTIL DA PRAZA MARUJA MALLO. EXPTE. 11685/446.

Dase conta da proposta da Mesa de Contratación realizada o 12/02/19, que di o seguinte:

9.- Propostas de clasificación/clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de ampliación e reestruturación do parque infantil da praza Maruja Mallo (11.685-446)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público - LCSP), a adopción do seguinte acordo:

"Primeiro.- Dar conta da exclusión de ELSAMEX, S.A.U. do procedemento aberto para a contratación das obras de ampliación e reestruturación do parque infantil da praza Maruja Mallo (11.685-446), acordada pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 7 de febreiro de 2019, por non axustarse a súa carta de compromiso ao proxecto (motivo de exclusión previsto no apartado 7.A do Anexo I (FEC) do PCAP).

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto na seguinte orde descendente:

Orde	Licitador	Puntuación total
1	UTE LAPPSET, S.L. e ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN EDIFICACIÓN Y VIALES S.L.	84,86
2	BRICANTEL ESPAÑA, S.L.	83,03

Terceiro.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, UTE LAPPSET, S.L. e ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN EDIFICACIÓN Y VIALES S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

22(141).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DE SERVICIOS PARA O MANTEMENTO E ACTUALIZACIÓN DOS APLICATIVOS DE XESTIÓN DO SERVIZO DE ATENCIÓN CIDADÁ, DO BANCO DE TEMPO, DA INFORMACIÓN DIXITAL E DO CONTROL DE ACCESOS NOS CENTROS MUNICIPAIS DE DISTRITO. EXPTE. 8269/320.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 11/02/19 e o informe de fiscalización do 13/02/19, dáse conta do informe-proposta de data 8/02/19, asinado polo xefe do Servizo de Participación Cidadá, o concelleiro delegado de Área e o concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Ley 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos del Sector Público, por la que se transponen al ordenamiento jurídico español las Directivas del Parlamento Europeo y del Consejo 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febrero de 2014.
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real Decreto - Legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia (LALGA).



Concello de Vigo

ANTECEDENTES

Primeiro.- Mediante resolución de 20 de setembro de 2018, o Concelleiro Delegado de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos, acordou iniciar o expediente de contratación dos SERVIZOS DE MANTEMENTO E ACTUALIZACIÓN DOS APLICATIVOS DE XESTIÓN DO SERVIZO DE ATENCIÓN CIDADÁ, DO BANCO DE TEMPO, DA INFORMACIÓN DIXITAL E DO CONTROL DE ACCESOS NOS CENTROS MUNICIPAIS DE DISTRITO.

Segundo.- No expediente tramitado ao efecto consta a seguinte documentación:

- 1) Informe xustificativo da necesidade e idoneidade do contrato, de 19 de setembro de 2018 asinado polo xefe de Participación Cidadá e Desenvolvemento local e o Concelleiro Delegado de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos.
- 2) Orde de inicio de 20 de setembro de 2018 do Concelleiro Delegado de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos.
- 3) Prego de prescricións técnicas particulares do contrato, con data do 21 de setembro de 2018, asinado polo xefe de servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento local e o concelleiro delegado de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos.
- 4) Memoria xustificativa do contrato, co desglose dos criterios de valoración e resto de características esenciais do contrato, do 21 de setembro de 2018, asinado polo xefe de servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local e o concelleiro delegado de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos.
- 5) Informe do servizo de contratación de data 17 de outubro de 2018, asinado pola xefa do servizo de Contratación.
- 6) Prego de prescricións técnicas particulares do contrato, con data do 19 de novembro de 2018, asinado polo xefe de servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento local e o concelleiro delegado de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos.
- 7) Prego de cláusulas administrativas de data 17 de decembro 2018, asinado pola xefa do servizo de contratación.
- 8) Informe proposta de aprobación do expediente, con data do 18 de decembro de 2018, asinado polo xefe de servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento local, o concelleiro delegado de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos e o concelleiro de Orzamentos e Facenda.
- 9) Informe xurídico de data 21 de decembro de 2018, asinado pola Xefa de Asesoramento e a Titular da Asesoría Xurídica.
- 10) Informe de fiscalización de data 3 de xaneiro de 2019, asinado polo Interventor municipal.
- 11) Informe técnico de data 17 de xaneiro de 2019, asinado polo xefe de servizo de Administración electrónica.
- 12) Dilixencia de data 24 de xaneiro de 2019, asinada pola xefa do servizo de contratación.

- 13) Prego de cláusulas administrativas de data 24 de xaneiro de 2019, asinado pola xefa do servizo de contratación.
- 14) Informe proposta de aprobación de expediente de 25 de xaneiro de 2019 asinado polo asinado polo xefe de servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento local, o concelleiro delegado de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos e o concelleiro de Orzamentos e Facenda.
- 15) Informe xurídico de data 21 de decembro de 2018, asinado pola Xefa de Asesoramento e a Titular da Asesoría Xurídica.
- 16) Memoria xustificativa do contrato, co desglose dos criterios de valoración e resto de características esenciais do contrato, do 6 de febreiro de 2019 asinado polo xefe de servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local e o concelleiro delegado de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos.
- 17) Dilixencia de data 7 de febreiro de 2019, asinada pola xefa do servizo de contratación.
- 18) Prego de cláusulas administrativas de data 7 de febreiro de 2019, asinado pola xefa do servizo de contratación.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- O expediente de contratación, de acordo co disposto no artigo 116.1 da LCSP iniciárase polo Órgano de Contratación. No concello de Vigo esta competencia esta delegada por Decreto Delegación de Alcaldía de 19 de xuño de 2015 e Acordo da Xunta de Goberno Local de 19 de xuño de 2015, nos concelleiros de Area. O Concelleiro Delegado de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos, en resolución de 20 de setembro de 2018, autorizou o inicio deste expediente de contratación.

Segundo.- No expediente consta, tal e como prevé o artigo 116.3 do LCSP, o prego de prescricións técnicas redactado polo Xefe do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, o prego de cláusulas administrativas particulares redactado pola técnica de administración xeral do servizo de contratación.

Terceiro.- O procedemento elixido para a contratación é o procedemento aberto. Xustifícase a elección deste procedemento porque tal e como dispón o artigo 131 da LCSP procede empregar o procedemento aberto.

Cuarto.- No artigo 116.3 do LCSP establécese que ó expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito, documento que incorporará o servizo de Intervención Xeral quen ademais fiscalizará previamente a aprobación do expediente.

Quinto.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ó previsto na Disposición adicional segunda apartado 4º do LCSP. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación e disporá a apertura do procedemento de adxudicación e implicará a aprobación do gasto (artigo 117.1 LCSP).

A vista das anteriores circunstancias, e previo informe xurídico favorable da Asesoría Xurídica municipal e da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local como



Concello de Vigo

órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:

1º Aprobar o expediente de contratación (8269/320) por procedemento aberto do “MANTEMENTO E ACTUALIZACIÓN DOS APLICATIVOS DE XESTIÓN DO SERVIZO DE ATENCIÓN CIDADÁ, DO BANCO DE TEMPO, DA INFORMACIÓN DIXITAL E DO CONTROL DE ACCESOS NOS CENTROS MUNICIPAIS DE DISTRITO”.

2º. Aprobar o o prego de prescricións técnicas particulares de 19 de novembro de 2018 e o prego de cláusulas administrativas de 7 de febreiro de 2019 que rexirán a contratación da “MANTEMENTO E ACTUALIZACIÓN DOS APLICATIVOS DE XESTIÓN DO SERVIZO DE ATENCIÓN CIDADÁ, DO BANCO DE TEMPO, DA INFORMACIÓN DIXITAL E DO CONTROL DE ACCESOS NOS CENTROS MUNICIPAIS DE DISTRITO”.

3º.- Aproba-lo gasto de 84.933,78 €, para a contratación do servizo de “MANTEMENTO E ACTUALIZACIÓN DOS APLICATIVOS DE XESTIÓN DO SERVIZO DE ATENCIÓN CIDADÁ, DO BANCO DE TEMPO, DA INFORMACIÓN DIXITAL E DO CONTROL DE ACCESOS NOS CENTROS MUNICIPAIS DE DISTRITO” con cargo á aplicación orzamentarias 9240 2279908, do presuposto do Concello de Vigo distribuídos do xeito seguinte:

▪	2019	28.311,26 €
•	LOTE I	7.862,48 €
•	LOTE II	10.340,88 €
•	LOTE III	10.107,90 €
▪	2020	42.466,89 €
•	LOTE I	11.793,72 €
•	LOTE II	15.511,32 €
•	LOTE III	15.161,85 €
▪	2021	14.155,63 €
•	LOTE I	3.931,24 €
•	LOTE II	5.170,44 €
•	LOTE III	5.053,95 €

4º Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente establecida.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

23(142).- PROPOSTA DE NOMEAMENTO COMO FUNCIONARIOS EN PRÁCTICAS DE DOUS CONDUTORES BOMBEIROS CON CARGO ÁS PRAZAS VACANTES DA OEP 2014/2015/2016. EXPTE. 33402/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 12/02/19, dáse conta do informe-proposta de data 28/01/19, asinada pola técnica de formación e avaliación de Recursos Humanos, a xefa da Área de Recursos

Humanos e Formación e o concelleiro-delegado de Xestión Municipal e Persoal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES:

O Órgano de Selección encargado de xulgar as probas selectivas para prover en propiedade dúas prazas de Conductor-bombeiro en réxime funcional e incluídas no subgrupo C2 de titulación, pola quenda libre, vacantes no Cadro de Persoal Municipal e incluídas na Oferta de Emprego Público correspondente aos anos 2014-2015-2016, na súa sesión de 17 de xaneiro de 2019, acordou propoñer ao órgano competente o nomeamento dos aspirantes que se relacionan a continuación por ter superados todos os exercicios da oposición coa maior puntuación:

Nº	APELIDOS	NOME	DNI	PUNTUACIÓNS TOTAIS
13	CASTRO GONZÁLEZ	JORGE LUIS	36***1*2*	32,075
42	LAGO BARCIELA	DIEGO	77****77*	30,425

O correspondente anuncio publicouse no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello de Vigo en data 25/01/2019.

Os aspirantes propostos presentaron no prazo establecido nas bases da convocatoria a documentación esixida, que cumpre coa prevista nas devanditas bases.

De conformidade co previsto na Base VII das específicas, en relación coa base décimo cuarta das xerais, os aspirantes aprobados unha vez aportada toda a documentación esixida nestas, serán nomeados funcionarios en prácticas, percibindo as retribucións que legalmente correspondan á dita situación (neste caso unha retribución equivalente ao soldo e pagas extraordinarias correspondentes ao grupo no que estea clasificado o Corpo ou Escala na que aspiren a ingresar-Subgrupo C2 de titulación, e demais previsións contidas no art. 2. do RD. 456/1986, de 10 de febreiro, modificado polo Real Decreto 213/2003, de 21 de febreiro, polo que se fixan as retribucións dos funcionarios en prácticas), debendo superar un curso teórico-práctico de 3 meses de duración, como máximo, antes do seu nomeamento definitivo como funcionarios de carreira.

En consecuencia e, de conformidade coas atribucións que ostenta a Xunta de Goberno Local ex artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, e a proposta do Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, segundo as competencias que ostenta por delegación do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, efectuada en Decretos de data 19/06/2015 e 30/12/2016, e previo o informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita, pola Técnica de Formación e Avaliación de Recursos Humanos que subscribe, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte



Concello de Vigo

PROPOSTA DE ACORDO:

"PRIMEIRO: Nomear **funcionarios en prácticas** con cargo ás prazas convocadas de **Conductor-Bombeiro**, aos seguintes aspirantes propostos polo Órgano de Selección e que se relacionan a continuación, por ter superado todos os exercicios da oposición libre coa maior puntuación:

Nº	APELIDOS	NOME	DNI	PUNTUACIÓNS TOTAIS
13	CASTRO GONZÁLEZ	JORGE LUIS	36***1*2*	32,075
42	LAGO BARCIELA	DIEGO	77****77*	30,425

SEGUNDO: De conformidade co previsto na Base VII das específicas, en relación coa base décimo cuarta das xerais, os aspirantes aprobados unha vez aportada a documentación esixida, serán nomeados funcionarios en practicas, percibindo en tanto realizan o correspondente curso teórico-practico, as retribucións que lles correspondan (neste caso unha retribución equivalente ao soldo e pagas extraordinarias correspondentes ao grupo no que estea clasificado o Corpo ou Escala na que aspiren a ingresar-Subgrupo C2 de titulación) e demais previsións contidas no art. 2. do RD. 456/1986, de 10 de febreiro, modificado polo Real Decreto 213/2003, de 21 de febreiro, polo que se fixan as retribucións dos funcionarios en prácticas.

TERCEIRO.- Os aspirantes nomeados deberán tomar posesión das súas prazas como funcionarios en prácticas no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da recepción do presente acordo, quedando supeditada a súa toma de posesión como funcionarios de carreira a que superen o curso teórico-práctico contemplado nas bases específicas da convocatoria, sen prexuízo de que de conformidade co previsto na Base décimo sexta das Xerais da convocatoria, o nomeamento como funcionarios de carreira, unha vez superado o curso teórico práctico, unicamente terá efectos coa formalización da toma de posesión definitiva, que deberá realizarse no prazo dun mes a contar dende o día seguinte á súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

CUARTO: Notificar o presente acordo aos interesados, á Intervención Xeral, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación, Negociado de Seguridade Social, ao Xefe da Área de Mobilidade e Seguridade e Xefatura do Servizo de Extinción de Incendios e Salvamento, así coma ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

QUINTO: Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa,

sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente consonte ao disposto na Lei 36/2011, de 10 de outubro, Reguladora da Xurisdición Social".

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

24(143).- PROPOSTA DE NOMEAMENTO COMO FUNCIONARIOS EN PRÁCTICAS DE DEZ BOMBEIROS CON CARGO ÁS PRAZAS VACANTES DA OEP 2014/2015/2016. EXPTE. 33403/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 12/02/19, dáse conta do informe-proposta de data 7/02/19, asinada polo técnico de Organización e Planificación de Recursos Humanos, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e o concelleiro-delegado de Xestión Municipal e Persoal, que di o seguinte:

O Órgano de Selección encargado de xulgar as probas selectivas para prover en propiedade dez prazas de Bombeiro en réxime funcionaria e incluídas no subgrupo C2 de titulación, pola quenda libre, vacantes no Cadro de Persoal Municipal que figuran incluídas na Oferta de Emprego Público correspondente aos anos 2014-2015-2016, na súa sesión de 10 de xaneiro de 2019, acordou propoñer ao órgano competente o nomeamento dos aspirantes que se relacionan a continuación por ter superados todos os exercicios da oposición coa maior puntuación:

Nº	APELIDOS	NOME	DNI	TOTAIS
129	GARCÍA ALONSO	ÁLVARO	5***8*67*	26,633
99	ESTÉVEZ ENRÍQUEZ	CRISTIAN	*61*57***	26,004
53	BUJÁN PUENTES	PAULO	4**7*4*2*	25,841
337	ROMERO GARCÍA	CARLOS	3**562***	25,322
138	GOBERNA MARTÍNEZ	ELIO	***58*79*	24,302
187	LAGO BARCIELA	DIEGO	**00*67**	23,910
151	GONZÁLEZ FONTÁN	MAURO	*48*87***	23,747
26	ARNEJO CASANOVA	SANTIAGO RUBÉN	327*9****	23,388
4	ABEIJÓN ARES	JUAN	5**98**9*	21,824
371	VALVERDE RÍOS	CHRISTIAN	**1843***	21,185

Así mesmo, de conformidade coa base 8.4.6 das xerais realízase unha relación complementaria de aspirantes que seguen aos propostos, para o seu posible nomeamento como funcionarios en prácticas cando se produzan renuncias de aspirantes propostas antes do seu nomeamento ou toma de posesión.



Concello de Vigo

Nº	APELIDOS	NOME	DNI	TOTAIS
359	SERRANO LÓPEZ	ANTONIO	**1817***	20,122
34	BARROS ALFONSO	MARCOS	36***1*6*	19,502
356	SEIJO CASTRO	DIEGO	35*78****	19,322
328	RODRÍGUEZ REY	JOSE	4*8*9**3*	17,306

O correspondente anuncio publicouse no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello de Vigo en data 29/01/2019.

Posteriormente, con data 1 de febreiro, detéctase erro aritmético nas puntuacións totais, que unicamente implica a modificación da posición de catro aspirantes, dous deles dos propostos para o nomeamento e dous da relación complementaria, de xeito que procédese á corrección do dito erro, anuncio que se publica con data 01/02/2019. A relación queda como se especifica a continuación:

A lista de aspirantes propostos por acadar a maior puntuación no proceso selectivo é a seguinte:

Nº	APELIDOS	NOME	DNI	TOTAIS
129	GARCÍA ALONSO	ÁLVARO	5***8*67*	26,633
99	ESTÉVEZ ENRÍQUEZ	CRISTIAN	*61*57***	26,004
53	BUJÁN PUENTES	PAULO	4**7*4*2*	25,841
337	ROMERO GARCÍA	CARLOS	3**562***	25,322
138	GOBERNA MARTÍNEZ	ELIO	***58*79*	24,302
187	LAGO BARCIELA	DIEGO	**00*67**	23,910
26	ARNEJO CASANOVA	SANTIAGO RUBÉN	327*9****	23,788
151	GONZÁLEZ FONTÁN	MAURO	*48*87***	23,747
4	ABEIJÓN ARES	JUAN	5**98**9*	21,824
371	VALVERDE RÍOS	CHRISTIAN	**1843***	21,185

A relación complementaria de aspirantes que seguen aos propostos é a seguinte:

Nº	APELIDOS	NOME	DNI	TOTAIS
359	SERRANO LÓPEZ	ANTONIO	**1817***	20,122
356	SEIJO CASTRO	DIEGO	35*78****	19,322
34	BARROS ALFONSO	MARCOS	36***1*6*	19,102
328	RODRÍGUEZ REY	JOSE	4*8*9**3*	17,306

Os aspirantes propostos presentaron no prazo establecido nas bases da convocatoria a documentación esixida, que cumpre coa prevista nas devanditas bases.

Toda vez que con data 31 de xaneiro de 2019, D. Diego Lago Barciela presenta escrito no rexistro xeral (doc. Nº 190015938 anexado no expediente) renunciando ao seu nomeamento como bombeiro en prácticas por ter superado o proceso selectivo de condutor-bombeiro e ter sido proposto para esta praza con ocasión do expediente 33402/220, procédese a realizar a proposta de nomeamento como bombeiro en prácticas do primeiro aspirante da lista complementaria anterior por orde de puntuación, D. Antonio Serrano López, o cal presentou tamén no prazo establecido nas bases da convocatoria a documentación esixida.

De conformidade co previsto na Base VII das específicas, en relación coa base décimo cuarta das xerais, os aspirantes aprobados unha vez aportada toda a documentación esixida nestas, serán nomeados funcionarios en prácticas, percibindo as retribucións que legalmente correspondan á dita situación (neste caso unha retribución equivalente ao soldo e pagas extraordinarias correspondentes ao grupo no que estea clasificado o Corpo ou Escala na que aspiren a ingresar-Subgrupo C2 de titulación, e demais previsións contidas no art. 2. do RD. 456/1986, de 10 de febreiro, modificado polo Real Decreto 213/2003, de 21 de febreiro, polo que se fixan as retribucións dos funcionarios en prácticas), debendo superar un curso teórico-práctico de 3 meses de duración, como máximo, antes do seu nomeamento definitivo como funcionarios de carreira.

En consecuencia e, de conformidade coas atribucións que ostenta a Xunta de Goberno Local ex artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, e a proposta do Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, segundo as competencias que ostenta por delegación do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, efectuada en Decretos de data 19/06/2015 e 30/12/2016, e previo o informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita, polo Técnico de Organización e Planificación de Recursos Humanos que subscribe, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO:

"PRIMEIRO: Nomear **funcionarios en prácticas** con cargo ás prazas convocadas de **Bombeiro**, aos seguintes aspirantes propostos polo Órgano de Selección e que se relacionan a continuación, por ter superado todos os exercicios da oposición libre coa maior puntuación:

Nº	APELIDOS	NOME	DNI	TOTAIS
1	GARCÍA ALONSO	ÁLVARO	5***8*67*	26,633
2	ESTÉVEZ ENRÍQUEZ	CRISTIAN	*61*57***	26,004
3	BUJÁN PUENTES	PAULO	4**7*4*2*	25,841
4	ROMERO GARCÍA	CARLOS	3**562***	25,322
5	GOBERNA MARTÍNEZ	ELIO	***58*79*	24,302
6	ARNEJO CASANOVA	SANTIAGO RUBÉN	327*9****	23,788



Concello de Vigo

Nº	APELIDOS	NOME	DNI	TOTAIS
7	GONZÁLEZ FONTÁN	MAURO	*48*87***	23,747
8	ABEIJÓN ARES	JUAN	5**98**9*	21,824
9	VALVERDE RÍOS	CHRISTIAN	**1843***	21,185
10	SERRANO LÓPEZ	ANTONIO	**1817***	20,122

SEGUNDO.- De conformidade co previsto na Base VII das específicas, en relación coa base décimo cuarta das xerais, os aspirantes aprobados unha vez aportada a documentación esixida, serán nomeados funcionarios en practicas, percibindo en tanto realizan o correspondente curso teórico-practico, as retribucións que lles correspondan (neste caso unha retribución equivalente ao soldo e pagas extraordinarias correspondentes ao grupo no que estea clasificado o Corpo ou Escala na que aspiren a ingresar-Subgrupo C2 de titulación) e demais previsións contidas no art. 2. do RD. 456/1986, de 10 de febreiro, modificado polo Real Decreto 213/2003, de 21 de febreiro, polo que se fixan as retribucións dos funcionarios en prácticas.

TERCEIRO.- Os aspirantes nomeados deberán tomar posesión das súas prazas como funcionarios en prácticas no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da recepción do presente acordo, quedando supeditada a súa toma de posesión como funcionarios de carreira a que superen o curso teórico-práctico contemplado nas bases específicas da convocatoria, sen prexuízo de que de conformidade co previsto na Base décimo sexta das Xerais da convocatoria, o nomeamento como funcionarios de carreira, unha vez superado o curso teórico práctico, unicamente terá efectos coa formalización da toma de posesión definitiva, que deberá realizarse no prazo dun mes a contar dende o día seguinte á súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

CUARTO: Notificar o presente acordo aos interesados, á Intervención Xeral, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación, Negociado de Seguridade Social, ao Xefe da Área de Mobilidade e Seguridade e Xefatura do Servizo de Extinción de Incendios e Salvamento, así coma ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

QUINTO: Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente consonte ao disposto na Lei 36/2011, de 10 de outubro, Reguladora da Xurisdición Social".

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

25(144).- PROPOSTA DE CONTRATACIÓN EN RÉXIME LABORAL FIXO CON CARGO A UNHA PRAZA VACANTE DE OFICIAL ELECTRICISTA CON CARGO Á OEP 2014/2015/2016. EXPTE. 33419/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 4/02/19, dáse conta do informe-proposta de data 2/02/19, asinada pola técnica de Formación e Avaliación de Recursos Humanos, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e o concelleiro-delegado de Xestión Municipal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES:

O Órgano de selección encargado de vulgar as probas selectivas do proceso convocado para a provisión de catro prazas de oficial electricista, pola quenda de promoción interna, incluídas na Oferta de Emprego Público correspondente aos anos 2014, 2015 e 2016 en réxime laboral e equiparadas ao subgrupo C2 de titulación, na súa sesión de data 05/12/2018, acordou propoñer ao órgano competente a contratación como empregado público laboral fixo, con cargo a unha das prazas vacantes de oficial electricista, a D. LUIS MANUEL GONZÁLEZ PORTAL, con DNI 5*1**2*2-*, por ser o único aspirante que superou todos os exercicios do concurso-oposición, pola quenda de promoción interna, e que acadou unha puntuación total de 21,30 puntos.

O correspondente anuncio publicouse no taboleiro de edictos e anuncios e na páxina web do Concello de Vigo en data 10/12/2018.

O aspirante proposto presentou no prazo establecido nas bases da convocatoria a documentación esixida, que cumpre coa prevista nas devanditas bases, segundo informe técnico emitido no expediente.

De conformidade coas atribucións que ostenta a Xunta de Goberno Local ex artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, e a proposta do Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, segundo as competencias que ostenta por delegación do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, efectuada en Decretos de datas 19/06/2015 e 30/12/2016 e, previo o informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita, polo técnico de organización e planificación de RR.HH que subscribe, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO:

"PRIMEIRO: Contratar como empregado público municipal en réxime laboral fixo, con cargo á praza convocada de **oficial electricista**, pola quenda de promoción interna, a **D. LUIS MANUEL GONZÁLEZ PORTAL**, con **DNI 5*1**2*2-***, que foi proposto polo Órgano de Selección, por ser o único aspirante que superou todos os exercicios do concurso-oposición e que acadou unha puntuación total de **21,30 puntos**.

De conformidade co previsto nas Bases Xerais da convocatoria, en particular na Base Décimo terceira do apartado B) *Persoal laboral*, a presente contratación unicamente terá efectos coa formalización do contrato laboral fixo, que deberá asinar o aspirante proposto no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da notificación do presente acordo.

SEGUNDO: Notificar o presente acordo ao interesado, á Intervención Xeral, ao/a Xefe/a do servizo ao que se adscriba o traballador contratado, ao persoal técnico da Área de Recursos



Concello de Vigo

Humanos e Formación, Negociado de Seguridade Social e ao Comité de Persoal, para os efectos oportunos.

TERCEIRO: Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente consonte ao disposto na Lei 36/2011, de 10 de outubro, Reguladora da Xurisdición Social.”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

26(145).- INDEMNIZACIÓN POR RAZÓN DE SERVIZO (GASTOS DE LOCOMOCIÓN) DE DIVERSOS SERVIZOS MUNICIPAIS. EXPTE. 33424/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 11/02/19, dáse conta do informe-proposta de data 6/02/19, asinada pola técnica de Formación e Avaliación de Recursos Humanos, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e o concelleiro-delegado de Xestión Municipal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES:

Na Área de Recursos Humanos e Formación teñen sido recibidos, no mes de decembro do 2018 e xaneiro 2019, diferentes expedientes administrativos referidos a indemnizacións por razón do servizo efectuados por persoal municipal, xuntamente cos informes acreditativos da efectiva realización dos mesmos. Ditos documentos están asinados polos correspondentes xefes/as dos servizos ou Áreas e contan coa conformidade dos Concelleiros/as-delegados/as das Áreas de goberno.

Os expedientes recibidos corresponden aos servizos municipais de Vías e Obras, Desenvolvemento Local e Emprego, Conserxería, Servizos Económicos (Inspección Tributos), Cemiterios, Museos, Benestar Social e Recursos Humanos e Formación (Prevención de Riscos Laborais).

En tódolos expedientes relacionados inclúese orde de servizo a cada empregado municipal para a realización dos desprazamentos en función do desempeño das tarefas do seu posto indicando éstas en cada caso, data, identificación do empregado municipal, percorrido e número de quilómetros correspondentes a cada un deles, así como a matrícula do vehículo utilizado nestes desprazamentos.

A efectiva realización dos desprazamentos, xunto coa veracidade na necesidade e procedencia dos mesmos en relación coa prestación do servizo público presúmese coa correspondente sinatura dos xefes dos servizos e Concelleiros/as-delegados/as dos centros xestores.

Compróbase a concordancia dos datos que figuran no sistema de control de presenza en concepto de saídas por motivos de traballo (código 02) cos datos individuais de cada un dos empregados municipais propostos así como demais ausencias (vacacións, permisos, etc).

No caso do expediente 82975/250, a Comisión de Goberno de data 20/10/2003 acordou recoñecer unha indemnización por importe de 120,20 € mensuais ao funcionario con número de persoal 78966, actualmente Xefe da Unidade de Mantemento dos Vías Municipais. Incorpórase en dito expediente relación dos servizos encomendados consistentes no control das obras de mantemento, medición e toma de datos para a redacción de proxectos, subdirección de obras municipais, supervisión de proxectos, informes de expedientes que afectan á vía pública, etc. , incluíndo relación de expedientes e localización das obras.

Tendo en conta o importe unitario por Km. percorrido establecido no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo e a Orden ministerial 3770/2005, de 1 de decembro, que actualiza o importe da indemnización por uso do vehículo particular, e o núm. de Kilómetros que figuran en cada unha das relacións asinadas polas xefaturas de Servizo e conformadas polos concelleiros/as-delegados correspondentes, o importe dos devanditos expedientes, nos termos dos cálculos efectuados por esta área, supón un importe de **2.509,49 €**.

A relación dos efectivos públicos municipais con dereito á percibir as indemnizacións por razón do servizo correspondentes para os períodos temporais consignados concrétese no listado subseguinte que comeza polo empregado público con número de persoal 13920 e que remata co empregado con número de persoal 80072 :

Núm. Expte.	Servizo	Traballador	Núm. Persoal	Período	Importe
16156/77	DESV. LOCAL EMPREGO E	*****232R	13920	NOV-DEC	59,32 €
16030/77		35****63*	80914	NOV	26,00 €
16031/77		3499*****	79339	NOV	17,76 €
35334-35331/502	SERV.ECONÓM. (TRIBUTOS)	*****018D	15510	NOV-DEC	435,29 €
		*****726R	11529		357,58 €
		*****647F	9550		467,78 €
179884-179362/301	BENESTAR SOCIAL	3615*****	79557	NOV	0,55 €
		3617*****	82992	NOV	15,49 €
545/201	CONSERXERÍA	*****162E	13706	DEC	196,65 €
		*****496H	17822		140,22 €
503/2202	RRHH FORMACIÓN (PRL) E	36**46***	80660	DEC	84,55 €
11716/255	CEMITERIOS	3****284*	76430	DEC	108,68 €
83296-82975/250	VÍAS E OBRAS	36*1*2***	11682	DEC	130,53 €
		3287*****	78966		360,60 €



Concello de Vigo

180197744	MUSEOS		76439	XAN (19)	6,84 €	
			18543		8,17 €	
			80072		29,64 €	
180191906			****376C	18543	DEC	4,56 €
			****837V	80072		9,12 €
180174981			3606****	76439	NOV	2,28 €
			****376C	18543		2,28 €
			****837V	80072		25,08 €
180127583			****376C	18543	AGO 18	4,56 €
			****837V	80072		15,96 €
TOTAL.....					2.509,49 €	

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA:

I.- Lei 6/2018, do 3 de xullo, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2018, vixentes na actualidade.

II.- Artigos 10, 18, 20 e 21 do Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo.

III.- Base 36ª das Bases de Execución do Orzamentos Municipais do Concello de Vigo para o exercicio económico 2018.

IV.- Artigo 219 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais: Imputación do gasto: clasificación económica 2312000 -"Gastos de Locomoción" dos vixentes Orzamentos Municipais e conseguintes Bases de Execución do Orzamentos Municipais do Concello de Vigo para o exercicio económico 2018.

V.- Artigo 127.1, apartados g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, en redacción dada por Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, en canto ao réxime de atribución competencial da Xunta de Goberno Local, modificada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro de Racionalización e Sostenibilidade da Administración Local.

En consecuencia, e previo o preceptivo informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita nos termos do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO :

"Aprobar o gasto por un importe de **2.509,49 €**, correspondente aos desprazamentos efectuados por persoal municipal en concepto de indemnizacións por razón do servizo, acreditada a súa efectiva realización nos expedientes e informes recibidos na Área de Recursos Humanos e Formación, asinados polos correspondentes xefes/as dos servizos ou Áreas e contan coa conformidade dos concelleiros/as-delegados/as das áreas de goberno, segundo a relación contida no cadro subseguinte que comeza polo empregado público con

número de persoal 13920 e que remata co empregado con número de persoal 80072, imputándose o gasto con cargo á clasificación económica dos vixentes Orzamentos municipais 231.2 -Gastos de Locomoción.

As partidas funcionais son as seguintes:

NÚM. PARTIDA	SERVIZO	0,00 €
1532	Vías e Obras - Ospio	491,13 €
2410	Desenvolvemento Local e Emprego	103,08 €
9200	Conserxería	336,87 €
9320	Servizos Económicos (TRIBUTOS)	1.260,65 €
1640	Cemiterios	108,68 €
3371	Museos	108,49 €
2310	Benestar Social	16,04 €
9201	RRHH e Formación (PRL)	84,55 €
TOTAL		2.509,49 €

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

27(146).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DAS AXUDAS ESPECIAIS DO FONDO DE ACCIÓN SOCIAL (FAS). EXPTE. 33474/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 14/02/19, dáse conta do informe-proposta de data 12/02/19, asinado pola xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e o concelleiro-delegado de Xestión Municipal, que di o seguinte:

Pola Comisión Xestora do Fondo de Acción Social, remítese a esta Área de Recursos Humanos e Formación acordo adoptado pola mesma en sesión do 07/01/2019, relativo á concesión de axudas especiais aos seguintes empregados municipais tal como se reflicte en dita acta por un importe de 13.832,00 € :

APELIDOS E NOME	Nº PERSOAL	EUROS
ALVAREZ PRIETO, M.C	18709	500,00
EREOS MOREIRA, E.	78751	133,00
FARO CHAMADOIRA, A.	15071	2.509,00
MARIÑO VILLANUEVA, J.	22361	3.833,00
MARTINEZ PAMPILLON, P.	22266	4.424,00
PEREIRAS BERMEJO,V.	80769	892,00
PEREZ CARRERA, C.	18276	40,00
PORTOMEÑE CARRERA, L.	80395	373,00



Concello de Vigo

RODRIGUEZ REY, E.	8332	1.128,00
	TOTAL	13.832, 00

Así mesmo, denéganse as solicitudes presentadas polos empregados Maceira Acuña, J.C, con nº de persoal 79120, dado que a criterio da comisión non corresponde a axuda e Rivas González, E. nº de persoal 23685, por cubri-lo a seguridade social.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- Ley 6/2018, de 3 de xullo, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2018.

II.- Artigos 29, 30 e 31 do Acordo Regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores/as ao servizo do Concello de Vigo.

III.- Bases de Execución do Orzamento Municipal do Concello de Vigo para o exercicio económico 2019.

IV.- Artigo 219 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais. Imputación do gasto: clasificación económica 22101620400-Fondo Social dos orzamentos municipais para o ano 2018.

V.- O Regulamento rector do Fondo de Acción Social (FAS), que se incorpora ao presente expediente, establece no seu artigo 5 as funcións e competencias da Comisión Xestora do Fondo de Acción Social (CXFAS) preceptuando que corresponde á mesma:

1.- Elaboración e proposta de aprobación ao órgano competente das bases reguladoras das convocatorias ordinarias e extraordinarias do Fondo de Acción Social, achégase certificación da Xunta de Goberno Local de data 16/04/2013, de aprobación de ditas bases rectoras.

2.- Elaboración e proposta de aprobación ao órgano competente das convocatorias concretas, de carácter ordinario ou extraordinario, susceptibles de ser aprobadas dentro de cada exercicio orzamentario.

3.- Recepción, estudo e avaliación das solicitudes de axudas presentadas, con formulación da proposta de outorgamento individualizado ao órgano municipal competente.

4.- Arquivo e custodia da documentación presentada polos solicitantes na sede física correspondente, garantindo a posta a disposición da mesma aos órganos responsables da fiscalización e control orzamentario e contable, así como da Corporación Municipal e do persoal municipal, ostentando a titularidade dos ficheiros de datos sometidos á Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, e normativa de concordante aplicación.

5.- Elaboración de memoria anual relativa á actividade da propia Comisión e á xestión administrativa e orzamentaria do Fondo de Acción Social (FAS) aos efectos de dar conta do mesmo ao órgano municipal competente para a xestión do persoal municipal, garantindo a súa difusión entre o persoal municipal.

6.- Elevación ao órgano municipal competente para a xestión do persoal municipal de propostas de mellora, reordenación ou reorganización dos diferentes programas e actuacións contidos no presente regulamente, dirixidas á mellora das condicións sociais dos efectivos públicos municipais.

7.- Planificación, calendarización e desenvolvemento efectivo das actuacións necesarias para a execución dos programas do FAS, coa obriga de manter permanentemente informados de tal extremo ao órgano municipal competente e ao persoal municipal.

8.- En xeral, calquera outra función que se precise para un mellor cumprimento dos obxectivos relacionados coa xestión do Fondo de Acción Social (FAS) tendentes á mellora das condicións sociais do persoal municipal.

VI.- Artigo 127.1, apartados g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, en redacción dada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, en canto ao réxime de atribución competencial da Xunta de Goberno Local.

En consecuencia, e previo o preceptivo informe de fiscalización que pola Intervención Xeral se emita nos termos do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO:

Primeiro.- Aprobar a axuda especial propostas pola Comisión Xestora do Fondo de Acción Social do Concello de Vigo en acordo de 07/01/2019, por un importe total de **13.832,00 €** (TRECE MIL OITOCENTOS TRINTA E DOUS EUROS), acordando en consecuencia que se proceda ao pagamento con cargo á clasificación orzamentaria 22101620400-Fondo Social aos seguintes empregados municipais:

APELIDOS E NOME	Nº PERSOAL	EUROS
ALVAREZ PRIETO, M.C	18709	500,00
EREOS MOREIRA, E.	78751	133,00
FARO CHAMADOIRA, A.	15071	2.509,00
MARIÑO VILLANUEVA, J.	22361	3.833,00
MARTINEZ PAMPILLON, P.	22266	4.424,00
PEREIRAS BERMEJO, V.	80769	892,00
PEREZ CARRERA, C.	18276	40,00
PORTOMEÑE CARRERA, L.	80395	373,00
RODRIGUEZ REY, E.	8332	1.128,00
	TOTAL	13.832, 00

Segundo.- Denegar as solicitudes presentadas polos empregados Maceira Acuña, J.C, con nº de persoal 79120, dado que a criterio da comisión non corresponde a axuda e Rivas González, E. nº de persoal 23685, por cubri-lo a seguridade social.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso de reposición perante o mesmo órgano que a dictou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao



Concello de Vigo

da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

28(147).- CONVOCATORIA DE AXUDA DE ESTUDOS CORRESPONDENTE AO CURSO 2018/2019 DO FONDO DE ACCIÓN SOCIAL (FAS). EXPTE. 33475/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 14/02/19, dáse conta do informe-proposta de data 12/02/19, asinada pola xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e o concelleiro-delegado de Xestión Municipal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- Pola Comisión Xestora do Fondo de Acción Social (FAS) remite a Área de Recursos Humanos e Formación oficio comunicando que en sesión de data 07/01/2019, a Comisión Xestora acordou a convocatoria de axudas de estudos curso 2018-2019, que ascenden a un importe de 120.000 €, destinados a axudas para estudos das e dos empregados públicos municipais, e descendentes no primeiro grao de consanguineidade, destinados a cubri-los gastos de garderías e á obtención de títulos oficiais, impartidos en centros de ensinanza públicos ou privados debidamente acreditados e homologados.

2.- O contido do texto da convocatoria transcribese literalmente:

CONDICIÓNS XERAIS

1.- **Ámbito persoal e beneficiarios.**

Poderán solicitar axudas o persoal municipal encadrado no cadro de persoal orzamentario e o personal laboral declarado indefinido por resolución xudicial firme. As axudas comprenderán ao traballador/a, e fillos/as menores de 25 anos , que non teñan ingresos e convivan con este/a.

O persoal referido no parágrafo anterior deberá estar en situación de activo ou en excedencia por coidado de fillos/as, no prazo de presentación das solicitudes e reunir os requisitos esixidos polo programa.

No suposto de que dous empregados tivesen a condición de beneficiarios en relación co mesmo causante, só un deles terá dereito á axuda.

2.- **Prazo de presentación de solicitudes.**

O prazo de presentación de solicitudes será de 30 días naturais dende a aprobación desta convocatoria pola Xunta de Goberno Local.

3.- **Solicitudes e documentación complementaria.**

a) As solicitudes efectuaranse no modelo normalizado, achegarase a documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos establecidos nesta convocatoria e entregárase na sede física da Comisión Xestora do FAS(comité de persoal 5º andar). Esta acusará recibo formal da mesma e entregárase a/ao solicitante.

b) Documentación :

- Impreso de solicitude do Fondo Social.
- Matrícula do centro (a partir de 15 anos cumpridos).
- Páxina da declaración da renda onde figuran os datos familiares ou libro de Familia (só menores de 16 anos). No caso de fillos/as que non convivan co/a solicitante, documento que acredite a axuda económica.
- Matrícula gardería.

c) A ocultación de datos, a falsidade na documentación achegada ou a omisión da requerida, darán lugar á denegación da axuda solicitada ou á perda da concedida, coa devolución, neste último caso, das cantidades indevidamente percibidas, con independencia das responsabilidades a que tivese lugar. En calquera dos casos, non se poderá acceder a ningún tipo de axuda durante o tempo que determine a Comisión do FAS, atendendo á gravidade dos feitos, cun mínimo de cinco anos e un máximo de dez.

4.- Procedemento e resolución.

a) Rematado o prazo de presentación de solicitudes, procederá ao seu estudo e cualificación por parte da Comisión do FAS, que, unha vez ultimada a súa xestión, formulará a listaxe de admitidos e excluídos, con indicación neste último caso da/s causa/s de exclusión.

Para comprobar a veracidade dos documentos achegados, a Comisión do FAS poderá requirir a calquera solicitante para que presente a certificación que considere oportunas.

Os requisitos e condicións familiares e persoais entenderanse referidos ao prazo de presentación da solicitude.

A reunión de todos os requisitos exixidos, tanto de carácter persoal, como documental ou formal, permitirá a estimación da solicitude. Pola contra, a falta dalgún dos anteriores requisitos ou documentos que se deben de achegar coa solicitude inicial producirá a desestimación da solicitude.

b) Para a concesión da axuda e atendendo ás retribucións anuais do solicitante, establécense os seguintes tramos:

- TRAMO I - Menos de 27.000 €
- TRAMO II - De 27.001 € a 30.000 €
- TRAMO III - De 30.001 € a 38.000 €
- TRAMO IV - De 38.001 € a 50.000 €
- TRAMO V - Máis de 50.001 €



Concello de Vigo

c) A comisión do FAS publicará nos taboleiros e na intranet do concello a admisión ou exclusión dos solicitantes.

Os interesados poderán formular as reclamacións que sexan procedentes no prazo de 30 días naturais dende a publicación do listado de admitidos e excluídos.

A axuda pagarase na conta consignada para o ingreso da nómina.

d) O prazo máximo para resolver as solicitudes será de 6 meses, a partir do día seguinte ao da finalización do prazo de presentación das instancias.

5.- Contía da axuda.

A estimación aproximada das cuantías máximo a percibir en cada tramo, serán as seguintes:

CLAVES	TRAMO 5	TRAMO 4	TRAMO 3	TRAMO 2	TRAMO 1
CLAVE 1	30€	40€	70€	130€	160€
CLAVE 2	40€	50€	100€	170€	190€
CLAVE 3	80€	90€	180€	250€	300€

CLAVE 1	GARDERIAS E PREESCOLAR
CLAVE 2	PRIMARIA , SECUNDARIA, FP., ETC.
CLAVE 3	UNIVERSIDADE E FP DE GRAO SUPERIOR

A comisión do FAS poderá modificar a anterior repartición cando, polo número de instancias presentadas ou orzamento establecido para esta axuda non fose abondo para a aplicación dos importes sinalados no punto anterior, de xeito que estes sexan minguados proporcionalmente ata que o importe global das solicitudes aprobadas non supere o importe establecido para esta axuda.

Así mesmo, as cantidades asignadas poderanse incrementar proporcionalmente ata o límite da partida orzamentada, se o número de solicitudes aprobadas así o permite.

2.- O Pleno do Concello, en sesión de data 28/01/2013, adoptou acordo de modificación puntual do artigo 30 do Acordo Regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores/as ao servizo do Concello de Vigo e do Regulamento reitor do Fondo de Acción Social (expediente administrativo nº 23.765/220); acordo de aprobación inicial publicado no BOP nº 57, do xoves 21 de marzo do 2013.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- O Regulamento reitor do Fondo de Acción Social (FAS) establece no seu artigo 5 as funcións e competencias da Comisión Xestora do Fondo de Acción Social (CXFAS) preceptuando que corresponde á mesma:

1.- Elaboración e proposta de aprobación ao órgano competente das bases reguladoras das convocatorias ordinarias e extraordinarias do Fondo de Acción Social.

2.- Elaboración e proposta de aprobación ao órgano competente das convocatorias concretas, de carácter ordinario ou extraordinario, susceptibles de ser aprobadas dentro de cada exercicio orzamentario.

3.- Recepción, estudo e avaliación das solicitudes de axudas presentadas, con formulación da proposta de outorgamento individualizado ao órgano municipal competente.

4.- Arquivo e custodia da documentación presentada polos solicitantes na sede física correspondente, garantindo a posta a disposición da mesma aos órganos responsables da fiscalización e control orzamentario e contable, así como da Corporación Municipal e do persoal municipal, ostentando a titularidade dos ficheiros de datos sometidos á Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais, e normativa de concordante aplicación.

5.- Elaboración de memoria anual relativa á actividade da propia Comisión e á xestión administrativa e orzamentaria do Fondo de Acción Social (FAS) aos efectos de dar conta do mesmo ao órgano municipal competente para a xestión do persoal municipal, garantindo a súa difusión entre o persoal municipal.

6.- Elevación ao órgano municipal competente para a xestión do persoal municipal de propostas de mellora, reordenación ou reorganización dos diferentes programas e actuacións contidos no presente regulamente, dirixidas á mellora das condicións sociais dos efectivos públicos municipais.

7.- Planificación, calendarización e desenvolvemento efectivo das actuacións necesarias para a execución dos programas do FAS, coa obriga de manter permanentemente informados de tal extremo ao órgano municipal competente e ao persoal municipal.

8.- En xeral, calquera outra función que se precise para un mellor cumprimento dos obxectivos relacionados coa xestión do Fondo de Acción Social (FAS) tendentes á mellora das condicións sociais do persoal municipal.

II.- No artigo 7 do regulamento contéplase que:

“As convocatorias do Fondo de Acción Social (FAS) poderán ter carácter ordinario ou extraordinario, nos termos e co contido que se determine pola Comisión Xestora a través das correspondentes bases, rexendo para o desenvolvemento das mesmas os principios seguintes:

-Publicidade, garantindo a difusión e coñecemento das mesmas polo persoal municipal.

-Igualdade, nos termos dos requisitos de capacidade económica que se establezan pola Comisión Xestora do FAS a través das correspondentes bases.

-Protección do dereito constitucional á intimidade persoal e familiar contido no artigo 18 da Constitución de 1978 e garantía do cumprimento das previsións da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais, e normativa de concordante aplicación..

-Solidariedade, obxectividade e equidade na xestión dos programas integrantes do Fondo de Acción Social.

-Responsabilidade na xestión económica do Fondo de Acción Social e no exercicio das funcións atribuídas á Comisión, con especial referencia á obriga de verificación e contraste



Concello de Vigo

da veracidade da documentación aportada, debendo velar pola ausencia de falsidade en relación aos documentos aportados polos solicitantes.”

III.- O artigo 8 da mesma norma regulamentaria contempla, en canto aos beneficiarios das axudas, que:

“1.- Poderán solicitar axudas con cargo aos programas contemplados no FAS o persoal municipal encadrado no cadro de persoal orzamentaria e o personal laboral declarado indefinido por resolución xudicial firme.

2.- As solicitudes efectuaranse no modelo normalizado que se aprobará conxuntamente coas bases, adxuntando a documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos establecidos nas mesmas, debendo aportarse na sede física da Comisión Xestora do FAS, que deberá acusar recibo formal das mesmas ao solicitante.

O prazo para a presentación de solicitudes figurará en cada unha das convocatorias concretas, debendo expresamente contemplar a data de finalización do mesmo.

As convocatorias deberán ser difundidas entre o persoal municipal para coñecemento, ben mediante a inserción de anuncios nos taboleiros dispoñibles nas distintas dependencias municipais, ou ben mediante medios electrónicos ou informáticos (intranet, correo electrónico).”

IV.- En canto á resolución da convocatoria, o artigo 9 recolle que:

“Finalizado o prazo de presentación de solicitudes, a Comisión Xestora do Fondo de Acción Social procederá a realización das actuacións previstas no artigo 5 do presente regulamento, formulando en consecuencia proposta de resolución ao órgano municipal competente para a aprobación das retribucións do persoal municipal. En relación coa tramitación administrativa, o Presidente/a da Comisión remitirá a proposta efectuada, debidamente motivada e xustificada a Área de Recursos Humanos e Formación, aos estritos efectos de imputación orzamentaria e contable, previos á preceptiva fiscalización do gasto, necesaria para a aprobación polo órgano municipal competente.”

A este respecto, déixase constancia expresa de que a Área de Recursos Humanos e Formación informa a presente proposta de acordo en cumprimento do establecido no propio Regulamento rector, aos estritos efectos da imputación orzamentaria e contable do importe total das axudas propostas, non correspondendo ao mesmo a verificación documental, o estudo, análise e avaliación de outorgamento das axudas solicitadas, nin a proposta de outorgamento individualizado das mesmas, que resulta ser competencia da Comisión Xestora.

V.- En canto á imputación orzamentaria e contable do gasto, e sempre sen prexuízo do que se estableza no marco da fiscalización preceptiva e previa do gasto nos termos do previsto no Real Decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, que pola Intervención Xeral Municipal se realice, aos efectos do preceptivo control da legalidade orzamentaria do gasto, debe indicarse que no Capítulo I de gastos dos vixentes Orzamentos Municipais para o exercicio económico 2019, existe unha aplicación orzamentaria específica (clasificación orzamentaria 22101620400-Fondo Social) dotada inicialmente cunha contía de 430.000,00 euros e adicada á financiación do Fondo e Acción Social, con cargo á cal enténdese debería procederse á imputación dos gastos que no seu día sexan propostos pola Comisión Xestora do FAS.

VI.- En consecuencia, e sempre nos termos do establecido polo regulamento rector do FAS, elévase a proposta da Comisión Xestora ao órgano municipal competente -Xunta de Goberno Local, ex artigo 127.1, apartados g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, coa conformidade do Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, segundo o indicado na seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

“**Primeiro.-** Prestar conformidade á proposta formulada pola Comisión Xestora do Fondo de Acción Social (FAS), na súa sesión de 07/01/2019, e remitida a esta Área de Recursos Humanos e Formación e, en consecuencia, aprobar a convocatoria de axudas de estudos 2018-2019 segundo o Regulamento rector do mesmo aprobado polo Pleno do Concello en sesión de data 28/01/2013 (expediente administrativo nº 23.765/220- publicado no BOP nº 57, do xoves 21 de marzo do 2013).

Segundo.- Notificar o seguinte acordo á Sr. Presidente da Comisión Xestora do FAS e Comité de Persoal, aos efectos de garantir a debida difusión do texto da convocatoria obxecto de aprobación nos termos do previsto nos artigos 7 e 8 do Regulamento rector do Fondo de Acción Social.”

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes contado dende o seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

29(148).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE "HUMANIZACIÓN DA RÚA GARCÍA BARBÓN DENDE SERAFÍN AVENDAÑO ATA ROSALÍA DE CASTRO – MARXE IMPAR". EXPTE. 141/441.

Visto o informe de fiscalización de data 12/02/19, dáse conta do informe-proposta da Mesa de Contratación realizada coa mesma data, que di o seguinte:

10.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de "Humanización da rúa García Barbón dende Serafín Avendaño ata Rosalía de Castro – marxe impar" (141-441)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)



Concello de Vigo

- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras de "Humanización da rúa García Barbón dende Serafín Avendaño ata Rosalía de Castro – marxe impar" (141-441)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 31 de xaneiro de 2019, adoptou o seguinte acordo:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras de "Humanización da rúa García Barbón dende Serafín Avendaño ata Rosalía de Castro – marxe impar" (141-441) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación
1	CIVIS GLOBAL, S.L.	97,60
2	OBRAS, REFORMAS Y SANEAMIENTOS, S.L.	97,27
3	NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.	94,72
4	CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A.	92,08
5	ORECO, S.A.	89,95
6	HORDESCON, S.L.	76,03
7	COPCISA, S.A.	53,94

Segundo.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, CIVIS GLOBAL, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares".

Segundo.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, CIVIS GLOBAL, S.L., o día 5 de febreiro de 2019, que presenta a documentación requirida o 8 de febreiro, dentro do prazo concedido.

Terceiro.- A Mesa de Contratación na sesión do 12 de febreiro de 2019 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar CIVIS GLOBAL, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A oferta coa mellor relación calidade-prezo para a administración contratante é a formulada por CIVIS GLOBAL, S.L., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliábeis mediante fórmula, de datas 22 e 25 de xaneiro de 2019, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a CIVIS GLOBAL, S.L. o procedemento aberto para a contratación das obras de “Humanización da rúa García Barbón dende Serafín Avendaño ata Rosalía de Castro – marxe impar” (141-441) por un prezo total de 393.737,50 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 68.334,61 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

30(149).- PROXECTO DE CONVENIO COA ASOCIACIÓN VECIÑAL, CULTURAL E DEPORTIVA DE LAVADORES, PARA DESENVOLVER UN PROGRAMA DE DINAMIZACIÓN INFANTIL E XUVENIL. EXPTE. 8760/336.

Visto o informe xurídico de data 31/01/19, e o informe de fiscalización do 15/02/19, dáse conta do informe-proposta de data 16/01/19, asinado pola xefa do Servizo de Xuventude, a concelleira-delegada de Área e o concelleiro de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:



Concello de Vigo

Segundo a lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalidade e sustentabilidade da Administración Local, establece no artigo primeiro apartado oito a redacción que terá o artigo 25, mantendo entre as competencias do municipio: "Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre" .

O presente convenio está relacionado coa ocupación do tempo libre de nenos e nenas do municipio, polo que a Administración Local en base á citada lei, ten competencias propias para tal fin.

Dende a Concellería de Xuventude prantexamos a sinatura dun convenio de colaboración entre o Concello e o Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva de Lavadores, para o desenvolvemento de actividades de dinamización infantil e xuvenil durante o ano 2019.

O Asociación Veciñal,Cultural e Deportiva de Lavadores vén colaborando coa Concellería de Xuventude dende 2001 na realización de actividades.

O obxecto do presente convenio é desenvolver un PROGRAMA DE DINAMIZACIÓN INFANTIL E XUVENIL que cubra as necesidades de ocio e tempo de lecer dos máis novos e cun marcado carácter formativo en valores positivos para o seu desenvolvemento integral e a súa socialización.

Este programa será levado a cabo nas instalacións da asociación, axeitadas para o desenvolvemento do mesmo, por contar cun espazo de zona axardinada ao aire libre que facilita o desenvolvemento de ditas actividades.

Que na devandita actividade a subvencionar e na subvención mesma concorren singulares circunstancias de interese público e social polo que o Concello de Vigo, a través da Concellaría de Xuventude, decide apoiar a realización de actividades lúdicas regulares en espazos de lecer educativo destinados a rapaces e rapazas da cidade de Vigo, e ás súas familias, co obxecto de potenciar o desenvolvemento cognitivo, psicomotor, afectivo e sensorial de nenos e nenas, así como fomentar a participación nos distintos ámbitos da sociedade.

Que o Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva de Lavadores é a única entidade que desenvolveu en Lavadores este programa de dinamización infantil e xuvenil dun xeito continuado dende o ano 2001, contando cun espazo axeitado e con capacidade organizativa para afrontar esta actividade que ten un claro interese público e zonal, figurando no orzamento do presente ano unha partida nominativa específica 3370.489.00.02 cunha dotación de 28.000 €, destinada a tal fin.

Dadas as características desta actividade, así como o lugar no que se desenvolve, o Concello de Vigo entende que a organización da mesma debe recaer na entidade que a ven executando dende fai dezasete anos, cos seguintes horarios:

de luns a venres, en días hábiles, en horario comprendido entre as 16:00 e 20:00 hs. En xuño, a partir das vacacións escolares e en xullo, o horario será de 09:30 a 13:30 h, excepto o mes de agosto que non se prestará o Servizo.

A asociación Veciñal, Cultural e Deportiva de Lavadores destinará á actividade un mínimo de dúas persoas que traballarán en equipo diariamente e de forma conxunta, non podendo por seguridade dos menores asistentes , estar unha sola persoa en ningún momento en que se desenvolva a actividade. Este persoal contará coa titulación de Monitor/a de Tempo Libre e un/ unha deles/as con formación en Grao nalgunha das áreas sociais.

Por todo elo propónse a necesidade da sinatura dun convenio de colaboración para a xestión do programa de dinamización infantil e xuvenil en Lavadores durante o ano 2019. Esta subvención cun importe de 28.000 € establécese a través dun convenio coa Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva de Lavadores.

A normativa aplicable está de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será instrumento adecuado para canalizar as subvencións previstas instintivamente nos orzamentos xerais do estado o das corporacións locais, sen perxurio do que a este respecto estableza a súa normativa reguladora.

Cómpre subliñar que dita entidade é unha das tres coas que a Concellería de Xuventude asinará convenios para o desenvolvemento de actividades de dinamización infantil e xuvenil na cidade de Vigo.

CONVENIO

Na Casa do Concello de Vigo, a

REUNIDOS

Dunha parte, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, en calidade de Alcalde do Concello de Vigo con CIF P3605700-H.

Doutra, D. Eduardo Fernández Pérez, con DNI: 35961107D como presidente da Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva de Lavadores, CIF: G36633618 e enderezo social en Rúa Ramón Nieto nº 302, na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente número 8760/336.

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

I.- Que a entidade Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva de Lavadores ten entre os seus obxectivos a defensa da calidade de vida dos/as veciños e veciñas en todos os seus eidos, a consecución dos medios materiais, sociais, culturais e deportivos que fagan da parroquia de Lavadores un lugar digno onde vivir e convivir. Estes obxectivos concordan co desenvolvemento do programa de dinamización infantil e

xuvenil que propoñen e coinciden cos da Concellaría de Xuventude no que se refire ao desenvolvemento de actividades lúdicas regulares en espazos de lecer educativo destinados a rapaces e rapazas da cidade de Vigo e ás súas familias, co obxecto de potenciar o desenvolvemento cognitivo, psicomotor, afectivo e sensorial de nenos e nenas, así como fomentar a participación nos distintos ámbitos da sociedade.

II.- Que o Concello de Vigo a traveso Concellería de Xuventude ten entre os seus obxectivos a dinamización xuvenil, así como o potenciar a participación, apoiando iniciativas xuvenís das entidades prestadoras de servizos á xuventude.



Concello de Vigo

Que unha das liñas de acción empregadas para cumprir os obxectivos citados é a potenciación de espazos lúdicos para nenas e nenos onde se poida combinar tempo de lecer, diversión e desenvolvemento persoal integral a traveso do xogo, a cal ven a coincidir coa proposta que realiza a Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva de Lavadores, referida ao desenvolvemento da actividade de dinamización infantil e xuvenil, polo que considerase conveniente a concesión da subvención solicitada, tendo en conta que a actividade proposta na solicitude de subvención é, como sinala García de Enterría, “a actividade xurídica da Administración pública que comporta o outorgamento de auxilios directos ou indirectos para servizos ou actividades que complementan ou suplen os atribuídos ó ente público”.

III.- Por todo elo, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na aplicación orzamentaria 3370.489.00.02, prevé instintivamente a concesión dunha subvención por importe de 28.000 euros, a favor da ASOCIACIÓN VECIÑAL, CULTURAL E DEPORTIVA DE LAVADORES.

IV.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas instintivamente nos orzamentos da Administración concedinte. Os intervenientes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é a realización de actividades lúdicas regulares en espazos de lecer educativo destinados a rapaces e rapazas da cidade de Vigo e ás súas familias, co obxecto de potenciar o desenvolvemento cognitivo, psicomotor, afectivo e sensorial de nenos e nenas, así como fomentar a participación nos distintos ámbitos da sociedade.

V.- Que a entidade Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva de Lavadores non está incursoa en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente número 8760/336.

Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social, que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva de Lavadores o Concello de Vigo e a Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva de Lavadores, conveñen a súa colaboración no ámbito de desenvolvemento da actividade de dinamización infantil e xuvenil para nenas e nenos de educación primaria (6 a 12 anos) proposta e a concesión da referida subvención en base aos seguintes:

PACTOS

Primeiro.- A entidade Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva de Lavadores comprométese a desenvolver a actividade de dinamización infantil e xuvenil en Lavadores e, concretamente, a:

1º.- Ofrecer un espazo de lecer educativo estable e gratuíto, para rapaces e rapazas de educación primaria, con idades comprendidas entre os 6 e 12 anos, no inmovible denominado Villa Galicia, na rúa Ramón Nieto núm. 302, de acordo co programa presentado, de luns a venres en horario 16:00 e 20:00 horas agás nas vacacións de verán que será de 9:30 a 13:30 horas

2º.- Destinar á actividade un mínimo de dúas persoas, que traballarán en equipo diariamente e de forma conxunta, non podendo por seguridade dos menores asistentes, estar unha sola

persoa en ningún momento en que se desenvolva a actividade. Este persoal contará coa titulación de Monitor/a de Tempo Libre e un/ unha deles/as con formación en Grao nalgunha das áreas sociais.

3º.- Promover o desenvolvemento cognitivo, psicomotor, afectivo e social das nenas e nenos destinatarios a través do xogo e de actividades lúdicas.

4º.- Favorecer a participación e a integración social das persoas destinatarias, así coma das súas familias.

5º.- Facilitar a adquisición de normas e hábitos saudables e de convivencia entre os persoas destinatarias, así como o desenvolvemento máximo de habilidades e capacidades persoais e grupais.

6º.- Posibilitar o coñecemento da cultura e da lingua galega, a historia da cidade e os recursos dos que dispón.

7º.- Procurar a conciliación da vida laboral e familiar axustando os horarios das actividades ás necesidades e características específicas das familias do contorno.

8º.- Fomentar a educación en igualdade de oportunidades entre nenas e nenos así como promover a coeducación para previr a violencia de xénero.

En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Garantir a prestación adecuada das actividades de dinamización infantil a traveso da supervisión das mesmas polo persoal técnico da Concellería de Xuventude, que será o encargado do seguimento da execución do convenio, así como certificar o seu cumprimento unha vez rematadas as actividades obxecto do mesmo.

2º.- Conceder directamente á Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva de Lavadores unha subvención por importe de 28.000 €, con cargo á aplicación orzamentaria 3370.489.00.02 do orzamento en vigor, co obxecto de coadxuvar á financiación da actividade de dinamización infantil no ano 2019.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes

públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A entidade Asociación Cultural, Veciñal e Deportiva de Lavadores deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos

que financien a actividade subvencionada.

Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD



Concello de Vigo

887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Co obxecto de facilitar á entidade o pago de salarios de persoal e seguros sociais do mesmo, e tendo en conta que trátase dunha entidade sen ánimo de lucro e cunha economía limitada, posibilitase o pagamento da subvención en dous prazos; o primeiro deles anticipado, á sinatura do presente convenio do 50% do importe total (14.000 €) e outro do 50% restante (14.000 €) á finalización do mesmo, previa certificación de cumprimento. Debido ás razóns anteriormente descritas, non se establecen réxime de garantías dos fondos entregados.

A xustificación do importe total recibido presentarase coa certificación dun técnico do servizo de Xuventude xunto coas facturas orixinais correspondentes aos gastos totais, unha vez rematada a actividade, que abraccarán dende o 17 de novembro do ano 2018 ata o 16 de novembro do presente ano.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), a Asociación Veciñal Cultural e Deportiva de Lavadores está obrigada a relacionarse electrónicamente coas Administracións Públicas.

Para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da LXS establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a achega de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel.

Quinto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran, na execución da actividade subvencionada, as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción .

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Sexto.- A entidade beneficiaria poderá subcontratar con terceiros ata un 75% do importe da actividade subvencionada.

Non poderán ser subcontratista as persoas ou entidades a que se refire o apartado 7 do artigo 27 da Lei de subvenciones de Galicia.

Sétimo.- A entidade Asociación Cultural, Veciñal e Deportiva de Lavadores debe dar a adecuada publicidade á financiación municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión do logotipo da Concellaría de Xuventude do Concello de Vigo.

Oitavo.- A presente subvención terá a publicidade prevista no artigo 15 da Lei de subvencións de Galicia.

Segundo a Lei Xeral de Subvencións, rexistrarase na Base de Datos Nacional de Subvencións e darase publicidade.

Asimesmo por imperativo da Lei Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno tamén se publicará no Portal de Transparencia.

(Cando a publicación dos datos do beneficiario poida ser contraria ao respecto e salvagarda do honor e a intimidade persoal e familiar das persoas físicas, da Asociación Cultural, Veciñal e Deportiva de Lavadores, estas poderán exercitar o seu dereito a que tales datos non se fagan públicos).

Noveno.- A Asociación Asociación Cultural, Veciñal e Deportiva de Lavadores deberá **xustificar** o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, dentro do ano natural na que se concedeu **a subvención e antes do 16 de novembro do presente ano.**

A tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar:

- a) Que os xustificantes de gasto incluídos na conta xustificativa foron aplicados ás actividades subvencionadas.
- b) Cando se xustifiquen gastos que constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e suxeito a retención, que foi practicada a pertinente retención, así como que foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.
- c) Manifestación doutros ingresos ou subvencións que financien o proxecto subvencionado con indicación do seu importe e procedencia.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos.

A entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a achega de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel.



Concello de Vigo

As facturas, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1619/2012/2003, de 30 de novembro polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo

que se xustifique a exención do dito imposto. Non será preciso que nos documentos xustificativos de pago conste de forma expresa que os pagos aos que os mesmos se refiren foron satisfeitos con anterioridade ao proceso de xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de euros; segundo establece a Base 38.4 de Execución, referente á forma de xustificación.

Se a Asociación Cultural, Veciñal e Deportiva de Lavadores solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e se o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

Décimo.- Antes de proceder ao pago da subvención a Asociación Cultural, Veciñal e Deportiva de Lavadores deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa Seguridade Social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

Décimo primeiro.- Serán gastos subvencionar os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen no prazo comprendido entre 17 de novembro de 2018 e 16 de novembro de 2019.

A Asociación Cultural, Veciñal e Deportiva de Lavadores deberá solicitar 3 ofertas nos contratos de subministro e servizos cando o gasto exceda de 15.000€, por aplicación do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, salvo que non exista mercado para ditas contratacións.

Décimo segundo.- A realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención, así como a axeitada xustificación da mesma, será comprobada polos servizos da Concellería de Xuventude. A xefa do Servizo de Xuventude emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou

defectuosamente cumprida a actividade subvencionada, que será incorporado á conta xustificativa para a súa tramitación.

Décimo terceiro.- A Asociación Cultural, Veciñal e Deportiva de Lavadores deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Xuventude e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo cuarto.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función

do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

O incumprimento da obriga de destinar á actividade un mínimo de dúas persoas, que traballarán en equipo diariamente e de forma conxunta, sen que en ningún caso a vixianza e atención dos menores poida, por seguridade destes, ser prestada por unha soa persoa, configúrase como unha obriga esencial na actividade obxecto da subvención, cuxo incumprimento dará lugar á perda do dereito ao cobro da subvención e o reintegro das cantidades percibidas.

Décimo quinto.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a asociación cultural, veciñal e Deportiva de Lavadores da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no título IV da lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

Décimo sexto.- A Asociación Cultural, Veciñal e Deportiva de Lavadores está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e o IVE, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Públicas e na Lei 15/1999, do 13



Concello de Vigo

de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Xuventude.

A Asociación Cultural, Veciñal e Deportiva de Lavadores poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Xuventude do Concello de Vigo.

Décimo sétimo.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD

887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, asinan o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, a

O Alcalde

Presidente da AVCD de Lavadores

Asdo: Abel Caballero Álvarez

D. Eduardo Fernández Pérez

Por todo o exposto **proponse a Xunta de Goberno Local** a Adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO:”Aprobación do texto do convenio para desenvolver un Programa de Dinamización Infantil e Xuvenil entre o Concello de Vigo e o Asociación Veciñal,Cultural e Deportiva de Lavadores, que se adxunta o presente expediente.

SEGUNDO: Aprobar o gasto de 28.000 EUROS a favor da entidade Asociación Veciñal de Lavadores CIF: G36633618 con cargo á aplicación orzamentaria 3370.489.00.02 do vixente orzamento.

TERCEIRO: Que se libre a cantidade de 14.000 EUROS correspondentes ao 50% do total á sinatura deste convenio, e o 50% restante (14.000 EUROS) á finalización do mesmo, ao tratarse dunha entidade sen ánimo de lucro e cunha economía limitada, con fins estritamente de carácter social non se esixen garantías.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

31(150).- PRÓRROGA DO PROGRAMA DE DINAMIZACIÓN INFANTIL DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 8772/336.

Visto o informe xurídico de data 4/02/19, e o informe de fiscalización do 7/02/19, dáse conta do informe-proposta de data 25/01/19, asinado pola xefa do Servizo de Xuventude e a concelleira delegada de Área, que di o seguinte:

ANTECEDENTES.

1.- A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do **23 de marzo de 2015**, adoptou o seguinte acordo:

Adxudicar á CLECE, S.A., o procedemento aberto para a contratación dos Servizos de Dinamización Infantil (expediente 4156-336), por un prezo de 495.384,60 euros (IVE engadido) e coas seguintes prestacións adicionais:

Se compromete a realización de 50 obradoiros nos que se empregaran materiais tipo Pasta Jumping Clay, Hamabeads ,Goma Eva, Washi Tape, Scrapbooking, Papel filigrana ou similares para o desenvolvemento de obradoiros.

Se compromete a realización de 10 actividades de excursión ou saídas didácticas de 80 participantes.

Se compromete a realización de 50 actividades de animación ou festas nos dos espazos.

Propón unha bolsa de horas de prestación do servizo sen custe para o Concello de 100 horas/anuais.Incrementa o prazo de garantía en 4 anos.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.

2.- Con data quince de abril de dous mil quince foi asinado o contrato entre a mercantil CLECE, S.A cun prazo de execución de catro anos, e dúas prórrogas dun ano cada una, sendo a data de inicio o día 16 de abril de 2015 (segundo a cláusula 4 de dito contrato).

3.- Esta Xefatura como responsable do citado contrato, fai constar que a empresa CLECE, S.A. , cumpriu satisfactoriamente co establecido no mesmo desenvolvendo todas as obrigas e compromisos acordados e sen ningún tipo de incumprimento.

Á vista do exposto e ante a necesidade de continuar coas prestacións ás que se refire o presente expediente, previo informe da Intervención Xeral, PROPONSE á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

“PRIMEIRO.- Prorrogar por un ano o contrato de xestión **SERVIZOS DE DINAMIZACIÓN INFANTIL** da Concellería de Xuventude, a partires do 16 de abril de 2019 e ata o 15 de abril do 2020, por un importe total de cento vinteseite mil douscentos vinte con dezanove euros (IVE engadido) 127.220,19 €/ano ive incluído /ano, cantidade aprobada por acordo da Xunta de Goberno Local do 5 de xullo do 2018, correspondente á 3ª revisión de prezos do contrato, dos cales 86.741,02€ corresponden ao exercicio 2019 e 40.479,17 € ao exercicio 2020.



Concello de Vigo

SEGUNDO.- Aprobar o gasto de cento vinteseite mil douscentos vinte con dezanove euros (IVE engadido) 127.220,19 €/ano ive engadido /ano, cantidade aprobada por acordo da Xunta de Goberno Local do 5 de xullo do 2018, correspondente á 3ª revisión de prezos do contrato, dos cales 86.741,02€ corresponden ao exercicio 2019 e 40.479,17 € ao exercicio 2020. , a favor de CLECE, S.A, con cargo á partida 3370.2279900.

TERCEIRO.- Notificar o presente acordo ao adxudicatario e publicar o mesmo no perfil do contratante do Concello de Vigo”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

32(151).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e quince minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Nuria Rodríguez Rodríguez.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez